



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 144

IX lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 15 de marzo de 2016

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Angel Santalices Vieira

ORDE DO DÍA

Punto 1. Textos lexislativos

1.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. dos Socialistas de Galicia, para presentar perante o Congreso dos Deputados, de responsabilidade civil e ambiental e Ministerio Fiscal (doc. núm. 43622, 09/PPLC-000016)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 570, do 11.12.2015

1.2 Debate e votación do Ditame elaborado pola comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia; (doc. 31372, 09/PPLC-000014) e, se é o caso, fixación do número de membros da Cámara encargados da súa defensa e posterior designación.

Publicación do ditame, BOPG nº 612, do 08.03.2016

1.3 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. Popular de Galicia, de modificación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (doc. núm. 47574, PPL-000042)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 606, do 24.02.2016

Punto 2. Comparecencias en pleno

47737 (09/PPP-000411)

Da Sra. conselleira do Medio Rural, a petición propia, para informar do Plan de fortalecemento do sector lácteo.

Publicación da iniciativa, BOPG nº 609, do 02.03.2016

Punto 3. Mocións

3.1 47833 (09/MOC-000166)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Docasar Docasar, Ricardo Vicente

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a mellora na aprendizaxe das linguas estranxeiras no Sistema educativo de Galicia. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 38833, publicada no BOPG nº 510, do 28.08.2015, e debatida na sesión plenaria do 23.02.2016)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 609, do 02.03.2016

3.2 47836 (09/MOC-000167)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quintas Álvarez, María Remedios

Sobre a política que debe levar a cabo o Goberno galego para reactivar o mercado laboral. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 45474, publicada no BOPG nº 585, do 20.01.2016, e debatida na sesión plenaria do 23.02.2016)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 609, do 02.03.2016

3.3 47846 (09/MOC-000168)

Grupo Parlamentario Mixto

Martínez García, María Consuelo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa práctica da prostitución en Galicia, e as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 37524, publicada no BOPG nº 477, do 10.06.2015, e debatida na sesión plenaria do 23.02.2016)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 609, do 02.03.2016

Punto 4. Proposicións non de lei en Pleno

4.1 46932 (09/PNP-003403)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en relación co proceso de regularización catastral que está a desenvolver en Galicia, así como as actuacións que debe levar a cabo ao respecto.

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 602, do 17.02.2016

4.2 46969 (09/PNP-003407)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e tres deputados/as máis

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun plan galego de emprego feminino e dun plan de corresponsabilidade, así como as medidas que debe demandar ao Goberno central para favorecer a integración da muller no mercado laboral en condicións de igualdade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 602, do 17.02.2016

4.3 47261 (09/PNP-003431)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Beiras Torrado, Xosé Manuel, e Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa concesión do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo, así como a asistencia financeira prestada á empresa concesionaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 606, do 24.02.2016

4.4 47381 (09/PNP-003442)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa consideración de Álvaro Cunqueiro como escritor franquista reflectida no informe solicitado polo Concello de Madrid a un grupo de expertos da Universidade Complutense para a eventual retirada do seu nome do rueiro municipal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 606, do 24.02.2016

4.5 47539 (09/PNP-003454)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Fajardo Recousó, Juan Manuel, e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa protección das persoas desempregadas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 606, do 24.02.2016

4.6 47584 (09/PNP-003456)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela, e dous deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co recurso de casación presentado ante o Tribunal Supremo respecto do complemento específico, ou concepto equivalente para o persoal laboral, das dúas pagas extras do ano 2013 de todo o persoal funcionario dos servizos centrais da Administración autonómica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 609, do 02.03.2016

4.7 47696 (09/PNP-003465)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel

Sobre o cambio de destino por parte da Xunta de Galicia dos recursos consignados para a acuicultura intensiva nos orzamentos do ano 2016 a axudas para o sector do marisqueo, a miticultura ou a pesca artesanal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 609, do 02.03.2016

4.8 47768 (09/PNP-003472)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso, e sete deputados/as máis
Sobre a presentación por parte do Goberno galego, no Parlamento de Galicia, dos datos correspondentes ao Rexistro galego do infarto agudo de miocardio

Publicación da iniciativa, BOPG nº 609, do 02.03.2016

Punto 5. Interpelacións

5.1 46769 (09/INT-001784)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, María Carmen, e tres deputados/as máis
Sobre o impacto da entrada en vigor do Real decreto de prescrición de enfermaría

Publicación da iniciativa, BOPG nº 603, do 18.02.2016

5.2 47102 (09/INT-001798)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat
Sobre a derivación de doentes da sanidade pública de Galicia a centros privados

Publicación da iniciativa, BOPG nº 603, do 18.02.2016

5.3 47451 (09/INT-001822)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Solla Fernández, Eva, e catro deputados/as máis
Sobre a atención sanitaria que se está a prestar no Sergas nos casos de aborto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 606, do 24.02.2016

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.1 48099 (09/POPX-000173)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez Romeu, José Luis
Sobre a valoración das políticas de igualdade do Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 613, do 09.03.2016

6.2 48112 (09/POPX-000174)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre o sector eólico galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 613, do 09.03.2016

6.3 48123 (09/POPX-000175)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón

Sobre o balance do actual proxecto de goberno

Publicación da iniciativa, BOPG nº 613, do 09.03.2016

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 48113 (09/PUP-000256)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme, e Paz Franco, María Tereixa
Sobre a redución de orzamento destinado á xestión de servizos de internamento de menores

Publicación da iniciativa, BOPG nº 613, do 09.03.2016

7.2 48120 (09/PUP-000257)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Tellado Filgueira, Miguel Angel, e sete deputados/as máis
Sobre a valoración do proceso de fusión iniciado polos concellos de Cotobade e Cerdedo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 613, do 09.03.2016

7.3 46947 (09/POP-004434)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
González Santín, Juan Carlos, e tres deputados/as máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da habilitación dalgunha medida para a devolución das cantidades debidas aos contribuíntes polo cobramento indebido do imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 603, do 18.02.2016

7.4 48098 (09/PUP-000255)

Grupo Parlamentario Mixto
Iglesias Sueiro, Carmen
Sobre a demora na aprobación dun protocolo de actuación fronte ao acoso laboral na Administración autonómica galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 613, do 09.03.2016

7.5 48006 (09/PUP-000254)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Sánchez Bugallo, José Antonio, e dous deputados/as máis
Sobre a incidencia que vai ter a disposición derogatoria única da Lei 2/2016, do solo de Galicia, nos concellos que se rexen polas súas normas subsidiarias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 613, do 09.03.2016

7.6 47351 (09/POP-004509)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón, e cinco deputados/as máis

Sobre a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en relación coa valoración das ofertas presentadas no concurso eólico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 606, do 24.02.2016

7.7 47364 (09/POP-004516)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e dous deputados/as máis

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para o cumprimento da Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 606, do 24.02.2016

7.8 47552 (09/POP-004541)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Arias, Marta, e seis deputados/as máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da posta en marcha da tarxeta *Benvida*, de achega de cen euros ao mes para os nenos que nazan a partir do 1 de xaneiro de 2016

Publicación da iniciativa, BOPG nº 609, do 02.03.2016

7.9 46604 (09/POP-004397)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Lomba, José Manuel, e catro deputados/as máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da caída dos tráxicos de mercadorías nos portos galegos e, en concreto, nos da Coruña e Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 599, do 11.02.2016

Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

Alteración da orde do día

O señor presidente comunícalle á Cámara que se debaterá en primeiro lugar o punto 1.3 da orde do día. (Páx. 10.)

Debate de toma en consideración da Proposición de lei do G.P. Popular de Galicia, de modificación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia. (Punto primeiro da orde do día)

Presentación da proposición de lei: *Sra. Rodríguez Arias (P).* (Páx. 10.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 12.), *Sra. Solla Fernández (AGE)* (Páx.14.), *Sra. Adán Villamarín (BNG)* (Páx. 16.) e *Sra. Gallego Calvar (S).* (Páx. 17.)

Rolda de réplica: *Sra. Rodríguez Arias (P).* (Páx. 19.)

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. dos Socialistas de Galicia, para presentar perante o Congreso dos Deputados, de responsabilidade civil e ambiental e Ministerio Fiscal. (Punto primeiro da orde do día)

Presentación da proposición de lei: *Sra. Vilán Lorenzo (S).* (Páx. 20.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 22.), *Sr. Sánchez García (AGE)* (Páx. 24.), *Sra. Paz Franco (BNG)* (Páx. 25.) e *Sr. Tellado Filgueira (P).* (Páx. 27.)

Rolda de réplica: *Sra. Vilán Lorenzo (S).* (Páx. 30.)

Debate e votación do Ditame elaborado pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre a Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia. (Punto primeiro da orde do día)

Presentación do ditame: *Sr. presidente da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos (Nóvoa López).* (Páx. 31.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame: *Sra. Fernández Rodríguez (M)* (Páx. 32.), *Sr. Fajardo Recouso (AGE)* (Páx. 34.), *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 36.), *Sr. Fernández Fernández (S)* (Páx. 38.) e *Sr. Goldar Güimil (P)*. (Páx. 39.)

Votación dos textos legislativos

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, para presentar perante o Congreso dos Deputados, de responsabilidade civil e ambiental e Ministerio Fiscal: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 42.)

Votación do Ditame elaborado pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre a Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica, de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia: *aprobada por 72 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 42.)

O señor presidente comunica que, unha vez aprobado o ditame por unanimidade e segundo o artigo 163.3 do Regulamento, a Cámara, co acordo da maioría absoluta, debe fixar o número de deputados ou deputadas que procederán á súa defensa no Congreso dos Deputados. (Páx. 42.) *Así mesmo, que a Mesa, logo de escoitar a Xunta de Portavoces, acordou propoñer que fosen tres os deputados ou deputadas autonómicos encargados da súa defensa. A Cámara aproba por asentimento esta proposta.* (Páx. 42.)

A seguir, procédese á designación dos deputados ou deputadas para a dita defensa no Congreso e apróbase por asentimento que sexan D. José Antonio Goldar Güimil, polo G.P. Popular de Galicia; D. Raúl Fernández Fernández, polo G.P. dos Socialistas de Galicia; e Dª Ana Belén Pontón Mondelo, polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 42.)

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. Popular de Galicia, de modificación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia: *aprobada por 56 votos a favor, 2 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 43.)

Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Ricardo Vicente Docasar Docasar, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a mellora na aprendizaxe das linguas estranxeiras no Sistema educativo de Galicia. (Punto terceiro da orde do día)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Docasar Docasar (S).* (Páx. 43.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Fernández Rodríguez (M)* (Páx. 46.), *Sr. Vázquez Díaz (AGE)* (Páx. 47.), *Sr. Pombo Rodríguez (BNG)* (Páx. 49.) e *Sr. Fariñas Sobrino (P)*. (Páx. 52.)

Nova intervención do señor Docasar Docasar (S). (Páx. 52.)

Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Remedios Quintas Álvarez, sobre a política que debe levar a cabo o Goberno galego para reactivar o mercado laboral. (Punto terceiro da orde do día)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Quintas Álvarez (S)*. (Páx. 52.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 54.), *Sr. Fajardo Recouso (AGE)* (Páx. 55.), *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 56.) e *Sra. Romero Fernández (P)*. (Páx. 58.)

Nova intervención da señora Quintas Álvarez (S). (Páx. 59.)

Moción do G.P. Mixto, por iniciativa de D^a María Consuelo Martínez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa práctica da prostitución en Galicia e as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto. (Punto terceiro da orde do día)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta moción. (Páx. 60.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 61.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Solla Fernández (AGE)* (Páx. 63.) e *Sra. Adán Villamarín (BNG)*. (Páx. 64.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Acuña do Campo (S)* (Páx. 66.) e *Sra. Oubiña Solla (P)*. (Páx. 67.)

A señora Martínez García (M) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 68.)

Votación das mocións

Votación da Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Ricardo Vicente Docasar Docasar, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a mellora na aprendizaxe das linguas estranxeiras no Sistema educativo de Galicia: *rexeitada por 33 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 69.)

Votación da Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Remedios Quintas Álvarez, sobre a política que debe levar a cabo o Goberno galego para reactivar o mercado laboral: *rexeitada por 33 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 69.)

O señor presidente anuncia que na seguinte moción, do G.P. Mixto, o G.P. da Alternativa Galega de Esquerda solicitou que se votase por puntos. (Páx. 69.)

Votación do número 5 do punto 1 do texto transaccionado da Moción do G.P. Mixto, por iniciativa de D^a María Consuelo Martínez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa práctica da prostitución en Galicia e as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto: *aprobado por 47 votos a favor, ningún en contra e 23 abstencións.* (Páx. 70.)

Votación dos números 7, 8, 9 e 12 do punto 1 do texto transaccionado da Moción do G.P. Mixto, por iniciativa de D^a María Consuelo Martínez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa práctica da prostitución en

Galicia e as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto: *rexeitados por 10 votos a favor, 61 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 70.)

Votación do número 7 do punto 2 do texto transaccionado da Moción do G.P. Mixto, por iniciativa de D^a María Consuelo Martínez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa práctica da prostitución en Galicia e as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto: *aprobado por 48 votos a favor, ningún en contra e 22 abstencións.* (Páx. 70.)

Votación dos números 4, 11 e 12 do punto 2 do texto transaccionado da Moción do G.P. Mixto, por iniciativa de D^a María Consuelo Martínez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa práctica da prostitución en Galicia e as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto: *rexeitados por 10 votos a favor, 61 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 71.)

Votación do resto dos puntos do texto transaccionado da Moción do G.P. Mixto, por iniciativa de D^a María Consuelo Martínez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa práctica da prostitución en Galicia e as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto: *rexeitados por 33 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 71.)

Declaración institucional

O señor presidente le unha declaración institucional relativa ao asasinato en Honduras da líder indíxena Berta Cáceres, representante no Consello Cívico de Organizacións Populares e Indíxenas, que é aprobada por asentimento. (Páx. 71.)

Comparecencia da Sra. conselleira do Medio Rural, por petición propia, para informar do Plan de fortalecemento do sector lácteo. (Punto segundo da orde do día)

Intervención do Goberno: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto).* (Páx. 71.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 74.), *Sr. Sánchez García (AGE)* (Páx. 76.), *Sra. Paz Franco (BNG)* (Páx. 78.), *Sr. García García (S)* (Páx. 81.) e *Sra. García Pacín (P)* (Páx. 83.)

Réplica do Goberno: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto).* (Páx. 86.)

A señora presidenta (Rodríguez Arias) abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 89.) *Nesta rolda interveñen a Sra. Martínez García (M)* (Páx. 89.), *o Sr. Sánchez García (AGE)* (Páx. 90.), *a Sra. Paz Franco (BNG)* (Páx. 92.), *o Sr. García García (S)* (Páx. 93.), *a Sra. García Pacín (P)* (Páx. 95.) e *a Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto).* (Páx. 96.)

Alteración da orde do día

O señor presidente comunícalle á Cámara que logo do debate da proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia se debaterán dúas preguntas: unha do G.P. Popular, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira (48120), e outra do G.P. Mixto, por iniciativa de D^a Carmen Iglesias Sueiro (48098), ás que dará resposta o señor vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. (Páx. 98.)

Proposición non de lei, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en relación co proceso de regularización catastral que está a desenvolver en Galicia, así como as actuacións que debe levar a cabo ao respecto. (Punto cuarto da orde do día)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 99.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. García García (S).* (Páx. 99.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. García Pacín (P)* (Páx. 101.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 103.), *Sr. Sánchez García (AGE)* (Páx. 104.) e *Sra. Paz Franco (BNG).* (Páx. 105.)

O señor García García (S) intervéñ para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 106.)

Pregunta de D. Miguel Ángel Tellado Figueira e sete deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre a valoración do proceso de fusión iniciado polos concellos de Cotobade e Cerdedo. (Punto sétimo da orde do día)

Intervención do autor: *Sr. Tellado Figueira (P).* (Páx. 107.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx. 107.)

Réplica do autor: *Sr. Tellado Figueira (P).* (Páx. 108.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx. 108.)

Pregunta de D^a Carmen Iglesias Sueiro, do G.P. Mixto, sobre a demora na aprobación dun protocolo de actuación fronte ao acoso laboral na Administración autonómica galega. (Punto sétimo da orde do día)

Intervención da autora: *Sra. Iglesias Sueiro (M).* (Páx. 109.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx. 110.)

Réplica da autora: *Sra. Iglesias Sueiro (M).* (Páx. 110.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx. 111.)

Suspéndese a sesión ás oito e trinta minutos do serán.

Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Señorías, imos comezar a sesión.

Grazas. Bos días.

Comezamos a sesión co punto primeiro da orde do día, que se corresponde co de textos lexislativos.

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Comunico a todos vostedes que hai unha alteración na orde do día e, en concreto, consiste en que se debaterá en primeiro lugar o texto lexislativo que figura no punto 1.3, e logo retomariamos a orde normal. Polo tanto, comezamos polo debate do punto 1.3.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei do G.P. Popular de Galicia, de modificación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia

(Murmurios.)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. Silencio, porque imos debater este texto e é conveniente que teñamos silencio.

Para a presentación do proxecto de lei ten a palabra o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través da súa deputada dona Marta Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas, señor presidente.

Bo día a todos e a todas.

A proposición de lei que presenta hoxe o Grupo Parlamentario Popular ten por obxecto acometer unha modificación da Lei de servizos sociais de Galicia, para introducir novos modelos de xestión; novos modelos de xestión como o concerto social, como un sistema diferenciado da modalidade de concerto xeral que regula a normativa de contratación do sector público e os acordos marco coas entidades sociais para a xestión dos servizos; para reforzar o papel das entidades de iniciativa social e para garantir novos dereitos ás persoas usuarias dos servizos sociais.

Con esta reforma o que buscamos é solucionar problemas aos que o sistema actual non pode dar resposta. Recoñécense, por primeira vez, ademais, unha serie de dereitos ás persoas usuarias, dereitos como o dereito á libre elección, dereito ao arraigo da persoa á súa contorna social, a continuidade na atención e o dereito á atención personalizada e integral.

A actual lei, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, estrutura e regula como servizos públicos os servizos sociais de Galicia para a construción do Sistema galego de benestar. No seu artigo 29 regula as distintas formas de prestación dos servizos sociais en Galicia..., *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. Hai moito ruído. Silencio, por favor, se é posible. Grazas.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: ...establecendo que os servizos sociais os prestarán as administracións públicas directamente ou de maneira indirecta, a través das diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos establecidas na normativa reguladora dos contratos do sector público.

As limitacións da normativa actual coñecémolas todos os deputados e deputadas. Debates sobre esas limitacións durante moito tempo neste Parlamento: a remisión dos servizos sociais á Lei de contratos do sector público á hora de regular a colaboración da iniciativa privada na prestación dos servizos sociais.

Na actualidade hai outras alternativas que nós consideramos máis xustas, máis xustas para a realidade social das entidades sociais sen ánimo de lucro e tamén para as persoas usuarias. Alternativas que xa teñen recollidas as leis de servizos sociais doutras comunidades autónomas, seguindo as tendencias ditadas por Europa. Porque a Directiva europea 2014/24 da Unión Europea, sobre a contratación pública, estableceu que os estados membros e os poderes públicos teñen liberdade para organizar os servizos sociais, de maneira que non sexa necesario celebrar contratos públicos sempre que o dito sistema garanta a publicidade suficiente e se axuste aos principios de transparencia e non discriminación.

En consecuencia, señorías, ábrese a posibilidade de que as administracións públicas adopten fórmulas de organización

da xestión dos servizos públicos no ámbito dos servizos sociais distintos dos contidos na lexislación contractual. Á espera de que o Estado traslade ao dereito español as directivas europeas do ano 2014 sobre a contratación pública, que deberán traducirse nunha nova lei de contratos do sector público, é necesario establecer mediante a modificación da Lei de servizos sociais de Galicia o concerto social.

O País Vasco, Baleares, Asturias ou Murcia son comunidades autónomas que xa estableceron legalmente o concerto social como nova modalidade para a mellora da xestión dos servizos sociais de proximidade por parte das entidades non lucrativas de acción social. O concerto social previsto nesta proposición de lei establécese como modalidade contractual diferenciada, dado o concerto xeral recollido na norma xeral de contratos do sector público. No establecemento dos concertos sociais atenderanse os principios de atención personalizada integral, o arraigo da persoa na contorna de atención social e a libre elección da persoa usuaria.

As administracións públicas darán prioridade ás entidades sen ánimo de lucro sempre que se garanta a libre concorrencia e os principios de igualdade de trato, de non discriminación e de transparencia.

Os concertos sociais, ademais, teranse que establecer sobre unha base plurianual, co fin de garantir a estabilidade na súa provisión, e poderán ser renovados. Os concertos sociais establecerán fórmulas que garantan a continuidade na prestación dos servizos sociais por parte das entidades que os viñan prestando.

Ademais, a disposición transitoria recolle que os concertos poderán establecer fórmulas para garantir o mantemento na prestación dos servizos sociais por parte das entidades que xa os viñan prestando, cuestión que favorece a continuidade dos colectivos que traballan neste sector con acreditada experiencia.

En relación cos acordos marco, ademais dos concertos sociais, os órganos de contratación do sector público autónomo poderán asinar acordos marco con entidades sociais para a prestación de determinados servizos sociais durante un período concreto de tempo. O acordo marco é unha figura contractual prevista xa na normativa de contratos do sector público, e, en particular, o sector público promoverá a

celebración dos acordos marco coa finalidade de atender de forma prioritaria a libre elección da persoa destinataria do servizo do que se trate.

Durante a vixencia do acordo marco a contratación dos servizos sociais que forman parte do mesmo só se poderán contratar coas entidades que formen parte do mesmo. Son os potenciais usuarios destes servizos os que coa súa elección determinan con quen debe contratar a Administración esas prazas, sempre no marco dos centros xestionados polas entidades participantes, e os cambios de centro determinados pola vontade das persoas usuarias servirán para alterar o número de prazas contratadas con cada entidade de forma anual, coincidindo coa prórroga do contrato.

O pasado 15 de setembro de 2015 presentaba o Grupo Parlamentario dos Socialistas tamén unha proposición de lei para modificar a Lei de servizos sociais de Galicia. Nese momento o Grupo Parlamentario Popular consideraba que modificar unha lei tan importante como a Lei de servizos sociais en Galicia necesitaba abrir un proceso de diálogo co sector, e o Grupo Popular comprometeuse a redactar unha nova proposta coas máximas garantías xurídicas despois de sentarnos coas entidades.

E iso fixemos, a modificación desta lei como a Lei de servizos sociais; necesitaba abrir un proceso de diálogo co sector, un marco consensuado coas entidades con todas as garantías, e sentámonos cos representantes do CERMI e froito desas aportacións realizadas polas entidades representativas do CERMI- Galicia nace este documento, esta proposición de lei que hoxe presentamos.

O CERMI leva tempo instando as comunidades autónomas a regular o concerto social como nova modalidade de contratación pública, e consideramos que é o momento de que todos os grupos parlamentarios nos sentemos e intentemos chegar a un acordo. Dende logo, este é un documento aberto que necesita ser consensuado con todos e cada un dos grupos parlamentarios, porque ten que saír adiante co maior respaldo posible e, dende logo, esa é a nosa proposta: un documento aberto, un documento negociado co CERMI, un documento elaborado coas aportacións que fixeron do CERMI e, dende logo, un documento que vai ser aberto ás propostas de todos e cada un dos grupos parlamentarios.

Dende logo, nós iso é o que esperamos, esperamos que os grupos parlamentarios acepten esta proposición e, dende logo, que nos sentemos e poidamos elaborar un documento para reformar a Lei de servizos sociais, que sexa consensuada por todos os grupos parlamentarios.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Arias.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Quero empezar por sinalar que hoxe a oposición reclama a apertura das fronteiras para as persoas refuxiadas, e iso tamén é solidariedade e iso tamén é protección dos dereitos humanos, e iso tamén é democracia. E hoxe estamos falando precisamente da asistencia ás persoas que necesitan a solidariedade de toda a sociedade. Pois a solidariedade debe ser internacional e non ter este comportamento inhumano, e despois vender que estamos por que as persoas non sufran e pola igualdade social.

En relación con este Proxecto de lei de servizos sociais temos que dicir que nos parece escaso e que, dende logo, non é consecuente co que leva feito o Goberno tanto da Comunidade Autónoma como do Estado ata este momento.

Case 11 millóns de euros menos leva gastado a Administración estatal, autonómica e municipal en servizos sociais na pasada lexislatura do Estado, o que supón un 13 % do total, segundo a Asociación Estatal de Directoras Xerentes de Servizos Sociais. Os maiores descensos en dereitos, economía e cobertura corresponden por esta orde a Galiza, Murcia e Aragón. É dicir, somos a comunidade que máis recortou en servizos sociais.

A drástica redución do gasto social, engadida ao envellecemento da poboación, á modificación das estruturas familiares, ao aumento do rol sociofamiliar das mulleres, á emigración da mocidade e a outros factores sociais urxen dispositivos de intervención e deseño, e estruturas funcionais,

materiais e organizativas que contribúan á igualdade no acceso e uso dos servizos sociais.

As situacións de dependencia que viven moitas persoas e a complexidade que comporta o seu tratamento para as familias demandan da Administración que dea resposta ás necesidades de atención e coidado deste colectivo.

Estes servizos son instrumentos claves para o interese xeral da cidadanía e para a salvagarda dos dereitos humanos fundamentais e da dignidade humana, e contribúen a asegurar a igualdade de oportunidades para todas as persoas, aumentando a capacidade da cidadanía para participar plenamente na sociedade.

Os servizos sociais son esenciais tamén para o logro da cohesión social, económica e territorial, e para conseguir un alto nivel de emprego e crecemento económico.

Dado o desexo da maioría das persoas maiores de permanecer no seu contorno habitual de vida, debe ampliarse o servizo de axuda a domicilio, que integra no seu programa servizos de carácter doméstico, de atención persoal e de relación co contorno. Mais o seu deseño debe incluír outra serie de servizos complementarios adaptados ás características e necesidades do medio rural e do conxunto da poboación. É dicir, ampliar os servizos sociosanitarios, que contén –tamén– coa participación de axentes de desenvolvemento rural, de igualdade, de asociacións, centros escolares, casas de cultura e de toda a poboación en xeral, concentrados en centros polivalentes que integren e optimicen os escasos recursos dispoñibles.

É imprescindible, tamén, ampliar o Servizo de ADO, garantindo a súa implantación en todas as comarcas galegas para facer un seguimento poshospitalario, poscúrxico, a prevención e o tratamento de úlceras por presión e os tratamentos de rehabilitación.

Desta maneira, procuraríase unha atención integral. Por un lado, a atención persoal, e, por outro, a renovación da estrutura social e económica que asuma estes novos retos e contribúa á creación de postos de traballo, á incorporación e fixación de poboación moza no mundo rural e á igualdade de xénero.

Os servizos sociais no medio rural deben ser integrais, flexibles e próximos á poboación, e desenvolveranse na medi-

da do posible na súa propia casa. E cando isto non sexa posible, estas persoas deben dispoñer dun transporte público adaptado que as achegue a onde poidan recibir a atención que necesitan.

Por iso, non podemos esquecer outras cuestións paralelas e relacionadas co acceso aos servizos básicos e aos equipamentos. As infraestruturas viarias e os transportes non facilitan a cohesión social e territorial. O mal estado das estradas, principalmente provinciais e municipais, complica a circulación nos meses fríos e é frecuente o illamento xeográfico, coas consecuentes complicacións para as persoas enfermas ou, simplemente, para a mobilidade da poboación.

E aínda cando as condicións son favorables, a mobilidade segue sendo moi reducida pola falta dun sistema de transporte público adaptado que dea resposta ás necesidades da poboación.

Pero esta proposición de lei que presenta o Partido Popular non pretende garantir un mellor servizo á poboación, só pretende consolidar un sistema de prestación de servizos externalizado. O que interesa a esta proposición de lei é establecer que os servizos sociais serán prestados, preferentemente, polo sistema de concertos sociais, é dicir, por empresas que prestan estes servizos no ámbito privado.

A fórmula de concerto social que pretende esta proposición de lei rematará cos servizos sociais en mans, fundamentalmente, de empresas privadas con ánimo de lucro, xa que as entidades sociais deben competir con estas para optar ao servizo.

Con esta proposición de lei só se beneficiarán empresas como Geriatros, Euxa ou Eulen –moi relacionada co presidente–, entre outras, así como os centros dependentes da Igrexa católica. É dicir, estamos ante unha proposición de lei que renuncia á prestación de servizos en centros e con medios públicos e aposta polo concerto social con entidades privadas, ¡o gran negocio para as empresas do sector!

E todo parte do concepto de responsabilidade da Administración na atención ás persoas. Algunhas persoas entendemos que a Administración debe atender directamente das necesidades das persoas máis vulnerables da sociedade para garantir así os seus dereitos fundamentais e a calidade

na prestación dos servizos. As entidades sociais deben colaborar neste labor coa Administración, pero nunca substituíla. As empresas con ánimo de lucro non deberían existir neste sector, xa que resulta obsceno lucrarse da miseria, a dor, a dependencia e a ancianidade. Pero o Partido Popular entende esta responsabilidade como obriga de pagar para que alguén se faga cargo da atención ás persoas máis vulnerables.

A partir de aí a Xunta considera que xa cumpriu a súa responsabilidade e que todo o que suceda é un problema da empresa privada concesionaria. Un bo exemplo do que poderá ocorrer con este sistema de concerto social témolo a nivel sanitario no concerto de Povisa, xa que non hai ningunha outra entidade –nin privada nin social– que vaia construír un hospital que poida competir con Povisa.

Pero, ademais, estamos a falar de pór os servizos sociais, en xeral, en mans privadas: violencia de xénero, Risga, atención á infancia, dependencia; é dicir, a parte máis vulnerable da sociedade convertida nun lucrativo negocio. Polo tanto, votaremos en contra da toma en consideración desta proposición de lei, porque non pretende mellorar a atención ás persoas usuarias dos servizos sociais, senón dar o paso definitivo para a privatización da prestación dos servizos sociais, deixando, ademais, para o seu desenvolvemento posterior case toda a normativa que introduce.

Entendemos que é necesario establecer medidas que garantan o acceso á calidade e á oportunidade dos servizos sociais, pero cunha lexislación clara que regule que servizos sociais poden ser concertados e cales deben ser atendidos directamente pola Administración. Entendemos que non todos os servizos sociais poden ser outorgados a empresas privadas.

En realidade, consideramos que ningún debe ser outorgado a empresas privadas, pero consideramos que hai algúns que son extremadamente delicados no seu tratamento como para poñelos en mans privadas.

Tamén é necesario que priorice a atención directa sobre calquera outra fórmula, que estableza unha discriminación positiva real entre as entidades sociais e as entidades con ánimo de lucro, porque neste momento non existe, xa que a competencia é directa, e é esta discriminación positiva a que se dá unicamente cando igualan a oferta.

A lexislatura está rematando, quédanlle seis meses. Polo tanto, entendemos que non debe ser este Goberno quen decida o futuro dos servizos sociais en Galiza. Pronto teremos un novo goberno, pronto teremos unha nova Cámara. Seguramente, o máis probable é que a proporción da representación varie e, polo tanto, será e deberá ser ese novo Parlamento o que trate e o que esboce cales van ser as liñas que van dirixir os servizos sociais nos próximos anos.

Por iso, votaremos en contra da toma en consideración desta proposición de lei, non porque consideremos que os servizos sociais non necesitan, dende logo, unha renovación, que é necesaria, é imprescindible garantir esa continuidade no tratamento; polo tanto, é necesario e imprescindible que se garanta a subrogación do persoal que presta os seus servizos, pero –dende logo– o que non é admisible é que este proxecto de lei sexa utilizado para que a Administración se declare exenta desa prestación directa e a contrate e a privatice directamente.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamento da Alternativa Galega de Esquerda, señora Solla.

A señora Solla Fernández: Grazas, presidente.

Bo día.

Estamos rematando unha vil lexislatura na que foron abordadas numerosas leis e aprobadas dispares, e que en moitos casos, en moitas ocasións, nin sequera se están a cumprir. Por exemplo, temos a Lei de garantías de prestacións sanitarias e a Lei de non discriminación, LGTBI, que sendo de distintas propostas pois nin sequera se cumpren a día de hoxe. Pero, ademais, podemos destacar deste período unha notable falla de planificación nas consellerías e na Xunta, no seu conxunto, relativa á aplicación e á planificación de cando e como se debaten as leis.

Resulta unha “chapuza lexislativa” –entre comiñas– que o Partido Popular utilízase o Proxecto de lei de economía social, que botou onte a andar a primeira xuntanza da Ponencia para modificar nas disposicións derradeiras a lei, precisa-

mente a mesma lei que hoxe pretende modificar nesta proposición de lei, a Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia.

É dicir, empréganse dous textos legais para modificar unha soa lei, nun proxecto mudan uns artigos e noutro, un é un proxecto e outro é unha proposición; pretenden mudar outros artigos, o que en linguaxe mundana, pois, se podería entender como unha chapuza –xa o dixen antes– ou unha trapallada. Non é unha maneira normal e non aporta seguridade xurídica, nin aporta un debate completo sobre o conxunto dos servizos sociais modificar a través dun proxecto de lei uns artigos dunha lei e utilizar outro para modificar outros artigos da mesma lei.

E indo ao contido da lei, o Partido Popular –que votou recentemente en contra dunha proposta, neste caso do PSdeG que, no mesmo sentido, pretendía primar as entidades de economía social na xestión dos servizos sociais– hoxe pois trae esta iniciativa que, tendo aparentemente a mesma finalidade, deixa bastantes claroscuras difíciles de comprender e que agora mesmo vou explicar.

Este grupo parlamentario, como defendeu no pasado Pleno esta deputada, aposta pola economía social como axente transformador como contrapunto á propia economía de mercado, á propia economía especulativa.

E, sen embargo, non queda claro neste texto que a economía social vaia ter ese papel, que non sexa en detrimento dos servizos públicos.

Noutras palabras, é unha lei que a priori parece beneficiar as entidades de economía social, pero que pode servir para privatizar os servizos públicos, os servizos sociais. Porque este texto, tal e como está, non blindo os actuais servizos públicos nos servizos sociais, e non impide que esa nova modalidade de concerto sexa empregada tamén para a empresa privada con ánimo de lucro.

Así, no artigo 29 o redactado empeora o da lei actual, igualando aos servizos públicos ou xestión directa os concertos e as privatizacións; é dicir, agora mesmo a lei necesitaría melloras, pero tal como está redactado incluso empeora.

Deixa claro que deixa aberta a competencia ou a competitividade entre o público e o privado, sexa ou non unha enti-

dade con ánimo de lucro ou unha entidade sen ánimo de lucro, cando o que debería estar a facer é blindar os servizos públicos, unha preferencia pola xestión pública e, en segundo lugar, das entidades sen ánimo de lucro sobre a empresa privada.

No artigo 33 *bis* establece o réxime de concerto social, que abre aínda máis a porta á privatización dos servizos públicos e iguala as entidades sen ánimo de lucro coas empresas privadas ao acceso a ese tipo de concerto social, algo que parece estar feito en teoría para primar esas entidades sociais, pero que finalmente o que vai facer é que as entidades privadas con ánimo de lucro poidan acceder a ese tipo de concertos.

E temos xa para mostra o botón que supoñen os concertos e os concertos singulares na sanidade pública, o dano que fixeron á propia sanidade pública, polo tanto, non queremos volver repetilos.

Por outra banda, esta proposición de lei di que o concerto social non está suxeito á normativa reguladora do réxime de contratación pública. Entendemos, pois, que as condicións se estipularán *ad hoc*, non comprendendo por que nesta proposición de lei se deixa este limbo de inseguridade xurídica. É dicir, temos que votar ou apoiar algo que non sabemos que condicións vai ter cando se concerte con esas empresas.

No artigo 33 *ter* volve deixar claro que todos os servizos públicos son susceptibles de xestión privada.

No artigo 33 *septies* deixa claro que a formula administrativa queda aberta, ¿que tipo de seguridade xurídica ofrece?

E, sobre todo, preocupa a discrecionalidade á hora de decidir as condicións dun contrato blindado durante anos, porque establece que ten que ser un período plurianual e non queremos unha nova Povisa nos servizos sociais, cun concerto singular que non se poida modificar.

Por outra banda, a libre elección que introduce o artigo 33 *octies*, pois a verdade é que tamén nos preocupa —e sinto comparar de novo coa sanidade—, pero en sanidade xa sabemos cales son as consecuencias desa libre elección, na competencia entre o público e o privado sempre perde o público, porque cun goberno liberal o que sucede é que se inviste

menos nos servizos públicos e á hora de escoller as persoas van escoller ou van tender a escoller o servizo privado, como xa estivemos vendo no caso da sanidade en Vigo, o que sucedeu relativo a esa libre elección con Povisa e á falta de investimento ou á mala xestión que se fixo relativa ao hospital público.

Por outra banda, eu entendo que habería que matizalo; se é tal e como está recollido aquí non o imos apoiar.

Por outra banda, unha vez máis, este texto carece de memoria económica, como xa vén sendo habitual. Non nos explica o custo aproximado, se é que o ten, da aplicación dos novos concertos e este principio de libre elección, e tampouco nos di canto vai investir a Xunta nos servizos sociais.

A proposición de lei, sen embargo, perde a oportunidade, primeiro, de blindar os servizos públicos e de implantar a universalidade, eliminando repagos ou, cando menos, limitándoos de maneira real, e tampouco aborda os incumprimentos de moitas empresas privadas que non cumpren cos mínimos de persoal que deben ter, pois, con diversidade funcional ou con diversidade cognitiva.

En resumo, entendemos que algúns colectivos ou entidades sociais avoguen por unha lexislación que facilite certa estabilidade cando estas xestionan un servizo social. Entendemos que se pida, ademais, que a Administración valore a súa experiencia e que os prime por riba da empresa privada. E de feito nós estamos de acordo con iso.

O problema é que este texto non deixa iso claro. Este texto, primeiro, non blindo os servizos públicos, facilita a privatización, e iguálos á iniciativa privada, e tal e como está tampouco prima a iniciativa económico-social sobre a iniciativa con ánimo de lucro; ao contrario, establece unha preocupante igualdade entre todas as opcións, entre as empresas de xestión pública, entre as empresas de economía social sen ánimo de lucro e entre as empresas privadas con ánimo de lucro, permitindo a súa competencia e permitindo uns concertos sociais que son blindados durante anos.

Polo tanto, unha vez que estean asinadas esas privatizacións vai resultar bastante difícil para o Goberno que sexa poder modificalas ou poder rescindilas, cando saben que incluso con xestión privada hai maneiras de estabilizar os servizos.

Xa se dixo aquí, hai posibilidade de subrogar traballadores e traballadoras, sucede noutros ámbitos da Administración.

Eu son partidaria dos servizos públicos, pero incluso coa xestión privada non hai necesidade de blindar os contratos privados, senón de blindar os servizos para darlles estabilidade aos traballadores e traballadoras e, ao mesmo tempo, darlles estabilidade ás persoas usuarias, que non teñan que moverse –como din as recomendacións– a outro centro diferente para atender as súas necesidades e as prestacións.

Ímonos abster na votación por respecto ás consideracións feitas polos diversos organismos de discapacidade do noso país, pero trasladámoslles que non compartimos o texto, nin o espírito do texto –acabo de explicalo perfectamente–. Ademais, sabemos que o Partido Popular o vai sacar adiante coa súa maioría. Pero advertimos que no debate, de ser así tal e como está, se finalmente non se modifican estas condicións que non blindan o público e que facilitan a competencia entre a empresa privada e a de economía social, non imos apoiar obviamente no debate posterior esta iniciativa.

Polo tanto, entendemos que, salvo que se modifique, a intención da iniciativa está bastante lonxe de axudar as empresas de economía social e máis de liberalizar e de facilitar a privatización nos servizos sociais do noso país.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, presidente.

Bo día, señoras deputadas, señores deputados.

Como xa fixo referencia a deputada que me precedeu, é unha incorrección normativa ou unha técnica normativa estraña a que nos supón que estabamos hai escasamente un mes debattendo sobre a Lei da economía social, comezamos o seu trámite de ponencia, e agora unha lei promovida polo Partido Popular tamén vén modificar os servizos sociais no ámbito xustamente da economía social.

Realmente, é case como paradoxal esa situación na que estamos: a Lei da economía social modifica aspectos básicos do ámbito da Lei de servizos sociais, no referido fundamentalmente na súa disposición derradeira terceira, para adaptala a unha Lei de garantía de unidade do mercado, e tamén a respecto da necesidade ou non de ter comunicación previa para a apertura dos servizos sociais. E esta modificación da Lei dos servizos sociais trae a debate xustamente o ámbito da economía social a través do concerto social, que, como xa fixo referencia tamén a ponente, efectivamente, o 15 de setembro, a través dunha proposta de lei do Partido Socialista, debatemos sobre este aspecto, sobre o concerto social, para modificar a Lei de servizos sociais do ano 2008. Lei que, dende logo, no seu espírito, na súa exposición de motivos e despois no seu articulado, seguramente con eivas, o que pretendía e o que pretende, dado que está vixente, é dar preeminencia aos servizos públicos no ámbito dos servizos sociais, recollendo efectivamente que existe unha historia nos servizos sociais e que o terceiro sector e as entidades sen ánimo de lucro que durante décadas estiveron dando servizo ás persoas e ás familias existen e necesitan esa –imos denominala– “discriminación positiva” por parte da administración.

Pero aquí o problema que existe neste texto que hoxe traemos a debate para a súa toma en consideración é: ¿imos modificar a través deste texto a lóxica da propia Lei de servizos sociais para que non teñan prioridade os servizos públicos?, ¿é iso o que se agocha ou o que está detrás? ¿E imos poñer ao mesmo nivel a través desta figura de concerto social esas entidades sen ánimo de lucro que veñen traballando con moi bo facer durante décadas no ámbito dos servizos sociais que outras entidades que, sendo empresas, utilizan –e permítaseme dicir– como camuflaxe, como disfrace ou como forma de presentarse diante da administración a formulación de entidades sen ánimo de lucro? É dicir, empresas camufladas, empresas que están buscando... Non me refiro aos grandes grupos, que dende que Feijóo é presidente si que teñen un trato importante dentro dos servizos sociais, incluso hai escolas infantís que non son escolas públicas, senón que foron sacadas a concurso privado; o cal é un erro absolutamente, marcando diferenzas na propia Rede de servizos sociais no ámbito da atención dos nenos de 0 a 3 anos.

Pero aquí ese é un dos problemas que nós vemos nesta lei, que efectivamente, se imos á súa literalidade, tanto no artigo

33 *bis* como nos seguintes, non queda claro cando se refiren ás entidades de iniciativa social ou privada. É dicir, hai un marco no propio texto, onde para nós non se aquilatan perfectamente dúas cuestións: primeiro, a preeminencia do público na disposición dos servizos públicos de Galicia e, segundo, que este concerto social non signifique dar entrada a toda unha serie de empresas e a unha maior privatización dos servizos públicos de Galiza.

Nós entendemos dende o Bloque Nacionalista Galego que en todo caso o concerto social debe marcar ese carácter de complementariedade e cooperación. Dende este principio de complementariedade e cooperación é de onde se debe establecer o concerto social. Non unha fórmula ou non unha forma de ir quitando espazos ao ámbito público nos servizos sociais, máxime cando todas e todos coñecemos a febleza que teñen os servizos sociais no ámbito público, por ter chegado tarde a esta denominada “sociedade do benestar”, por ser un piar que no seu momento cando estaba a desenvolverse a crise económica rachou con el e, ademais, por ser uns servizos que teñen as súas competencias moi entrelazadas entre o ámbito local e o ámbito autonómico.

Por iso para nós en ningunha forma o concerto social debe ser substitutivo dos servizos públicos. É algo que no trámite de ponencia, porque entendemos que este texto vai seguir adiante... Nós non nos imos opoñer dende logo a que siga a súa tramitación; o voto do Bloque Nacionalista Galego será a abstención, para permitir o debate entre todos os grupos parlamentarios, incluír emendas con esta lóxica, que a modificación da Lei de servizos sociais siga mantendo o carácter de preeminencia do público nos servizos sociais, que o concerto social se manteña como unha figura dentro da complementariedade e cooperación e que se exclúa a iniciativa privada, as empresas con ánimo de beneficio, deste ámbito do concerto social, que non queda así recollido.

É certo que ten problemas esta lei. Ademais, suscítanoslo cando non se toma en consideración unha lei do Partido Socialista en setembro, espéranse varios meses, cando xa podíamos ter traballado no ámbito da ponencia sobre ese texto, porque se podía ter modificado ese texto coas características que consideraba o grupo maioritario, cos informes xurídicos pertinentes ou co que fixera falta. Sorprende que

se esperara estes meses para que agora teñamos unha ponencia máis expés –supoño–, dado que estamos no final da lexislatura.

Pero eu reitero que a nosa posición é clara, e non imos obstaculizar cun voto en contra que este texto siga o seu curso, pero si que no ámbito da ponencia hai aspectos que non compartimos, que entendemos a necesidade por parte do terceiro sector e das entidades de iniciativa social, ás que en reiteradas ocasións temos parabenizado polo seu traballo a necesidade dese concerto social. Pero nese concerto social dentro do texto que se aprobe nesta Cámara, para recibir o voto afirmativo do Bloque Nacionalista Galego, ten que quedar nidiamente marcado que non é unha porta para privatizar, que simplemente se refire á complementariedade e cooperación dos servizos sociais.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Adán.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Gallego.

A señora GALLEGO CALVAR: Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señoras deputadas e señores deputados e señor conselleiro de Política Social.

O Grupo Parlamentario Socialista vai votar a favor da toma en consideración desta proposición de lei que nos presenta o Grupo Parlamentario Popular para modificar a Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, e introducir o concerto social, por coherencia política, por convicción ideolóxica e por recoñecer o papel das entidades do terceiro sector, das entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro.

A coherencia política, a que nos leva a dicir que si hoxe á toma en consideración desta proposición de lei, ten que ver con que foi o Grupo Parlamentario Socialista o que someteu o pasado ano 2015 a debate nesta cámara unha proposición de lei que modificaba esa Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, precisamente para que o concerto social se introduxira nesa lei como de carácter preeminente respecto da xestión dos servizos sociais, da xestión externalizada dos servizos sociais, e que ademais ese carácter preeminente do concerto social tivera que ver coas entidades de iniciativa social,

co terceiro sector, é dicir, coas entidades sen ánimo de lucro, fronte ás entidades de iniciativa mercantil.

Polo tanto, se en setembro do 2015 debatemos no Pleno deste Parlamento aquela proposición de lei do Grupo Socialista, que foi rexeitada polos votos da maioría do Grupo Popular, é lóxico pensar que o Grupo Socialista non cambiou o seu posicionamento desde setembro ata o de hoxe e que, polo tanto, vai votar a favor da toma en consideración.

A convicción ideolóxica é a que nos leva a dicir cada vez que subimos a esta tribuna que nós entendemos que os servizos sociais deben de ser considerados como unha parte fundamental dos dereitos da cidadanía, deben de ser considerados igual que o dereito á saúde ou o dereito á educación. Polo tanto, deben de ser servizos prestados desde as administracións públicas e xestionados polas administracións públicas. Agora ben, recoñecemos que en determinados momentos da historia dun país non sempre temos todas as infraestruturas sociais necesarias ou todas as prazas públicas necesarias para cubrir a demanda da cidadanía, e nese caso, e só nese caso, é necesario concertar eses servizos con entidades.

E aí é onde entra para nós a xogar o concerto social, porque é aí onde hai que darlles prevalencia ás entidades de iniciativa social, ás entidades do terceiro sector, ás entidades sen ánimo de lucro, fronte ás entidades de carácter mercantil. Só así entendemos a prestación destes concertos sociais. Por iso dicía que temos esta convicción ideolóxica.

E é certo que o Goberno actual de Galicia podía ter feito isto coa actual Lei de servizos sociais do ano 2008, porque nos artigos 29 e seguintes esa lei establecía cordóns, establecía barreiras para favorecer que as entidades sen ánimo de lucro tiveran preeminencia sobre as outras entidades, pero é certo que o Goberno do señor Núñez Feijóo optou por facer xusto o contrario: bordeando a lei, tratar de externalizar todo o máis que puido os servizos sociais e facer a contratación case en exclusiva con entidades de carácter mercantil.

Teño que lembrarlle, señor conselleiro de Política Social, que de todos os concursos e contratos que saíron á concorrência competitiva desde que goberna o señor Feijóo tan só tres centros foron para xestión directa da propia administración, todos os demais foron externalizados, e a maioría dos

que se externalizaron foron para a mans de entidades de carácter mercantil e iniciativa privada con ánimo de lucro.

E lembro cinco nomes de cinco empresas que están levando o groso de todos os concursos públicos que fai a Administración galega en materia de servizos sociais: Fesan, Troncoso, Doral Residencial, Geriatros e Eulen. Estas son as cinco empresas ás que o Goberno do señor Feijóo lles deu o negocio, e neste caso si o “negocio”, dos servizos sociais de Galicia.

Por iso hoxe nós votamos a favor por convicción ideolóxica da toma en consideración desta proposición de lei, pero, efectivamente, receamos das verdadeiras intencións do Partido Popular. Porque se o Partido Popular quería legislar sobre o concerto social e quería que as entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro tiveran prevalencia sobre as entidades de carácter mercantil ou de iniciativa privada, podía ter votado a favor en setembro do 2015 da toma en consideración da proposición de lei do Grupo Parlamentario Socialista, e hoxe teríamos xa aprobada, vixente e en funcionamento unha lei que, efectivamente, faría esa prevalencia.

Pero o Partido Popular en setembro do 2015 non quixo votar a favor. ¿E cales foron as dúas razóns que aludiu naquel momento no debate o Partido Popular? A primeira, que esa lei tiña defectos xurídicos e, a segunda, que non estaba consensuada coas entidades do terceiro sector. As dúas razóns eran dúas mentiras:

Primeiro, porque se aquela lei tiña problemas xurídicos, ¿como é posible que pasara o filtro dos Servizos Xurídicos do Parlamento de Galicia para poder ser tomada en consideración? ¿Ou como é posible que esa lei tivera defectos xurídicos en Galicia e exacta e literalmente o mesmo texto fora aprobado por unanimidade na Cámara do Principado de Asturias, incluído o voto favorable do Grupo Popular?

A segunda, o diálogo. ¿Como pensa o Grupo Popular que fixo esa proposición de lei o Grupo Socialista? Pois, evidentemente, dialogando coas entidades do terceiro sector, como, por certo, faremos agora para presentar as emendas para mellorar este texto que se nos trae hoxe a debate, porque xa temos convocado ademais as entidades do terceiro sector para esta mesma semana para poder facer esas emendas parciais que melloren o texto.

Porque, como dixeron as deputadas e os deputados que me precederon no uso da palabra, efectivamente, hai lagoas, hai claroscuros na redacción dada polo Grupo Popular a este texto legal. E nós o que queremos é asegurar –porque hoxe a normativa comunitaria nolo permite– que a prioridade sexa o concerto social e que no concerto social a prioridade sexan as entidades sen ánimo de lucro, do terceiro sector, que non son só as entidades que están agrupadas no Cerme, que son tamén as entidades que están agrupadas na Rede galega contra a pobreza ou as entidades que están agrupadas nas asociacións galegas de atención ao maltrato a menores. É dicir, todas as asociacións do terceiro sector, todas as entidades da sociedade civil sen ánimo de lucro que traballan nestas cuestións, incluídas tamén as organizacións que traballan coa cooperación. Polo tanto, hai que asegurar moi ben nesta lei que no concerto social queden incluídas todas elas e que o concerto social claramente diante da externalización dun servizo público sexa prioritario para as entidades sen ánimo de lucro.

E dicía unha terceira razón pola cal apoiabamos a toma en consideración desta proposición de lei: a convicción ideolóxica, a coherencia política e o recoñecemento. O recoñecemento precisamente do papel que fixeron ao longo de toda a democracia as entidades do terceiro sector con respecto aos servizos sociais. Porque foron elas, en moitos casos formadas polas familias das persoas que tiñan algún tipo de problema, as que sustentaron desde o seu traballo colectivo moitos servizos que non se estaban a dar por parte das administracións.

Pero, ollo, insisto: desde o Grupo Parlamentario Socialista non queremos que esas entidades de iniciativa social, que tanto fixeron pola visibilización, polo recoñecemento dos problemas das persoas con diversidade funcional e polo seu tratamento, sexan as que teñan que soportar unha carga que teñen que soportar as administracións públicas. Porque os servizos públicos e os servizos sociais son servizos públicos, e hai que prestalos prioritariamente desde as administracións públicas. E nós os socialistas queremos que os servizos sociais sexan un dereito, un dereito como é o dereito á saúde ou como é o dereito á educación.

Por iso insisto: votaremos a favor, pero será un si crítico, esperando que nesa ponencia que se conforme poidamos mellorar ese texto. Porque non imos permitir que o Partido

Popular por un problema de conciencia e por querer lavar a súa imaxe por ter votado en setembro de 2015 en contra dunha proposición de lei que trouxo aquí o Grupo Parlamentario Socialista veña intentar lavar a súa imaxe agora con esta proposición de lei para quedar ben diante dos colectivos en vésperas das eleccións autonómicas. Votaremos si finalmente ao texto que saia do debate da ponencia se compromete de verdade ao Goberno. Se o que se fai é unicamente para lavar a imaxe do Partido Popular, porque cometeu o sacrilexio de votar en contra dunha iniciativa do Grupo Socialista, desde logo, terannos enfronte. Porque nós imos apoiar en calquera caso as entidades do terceiro sector, como o fixemos cando trouxemos aquí a proposición de lei en setembro do 2015.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Gallego.

Réplica do grupo autor da proposición de lei. *(Pausa.)*

Grupo Parlamentario Popular, señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas, señor presidente.

Aquí o Grupo Parlamentario Popular, señora Gallego, non vén lavar a imaxe diante de ninguén. Aquí o grupo parlamentario o que vén facer é presentar unha modificación da Lei de servizos sociais que vostedes redactaron e aprobaron para mellorar a calidade dos servizos sociais, para mellorar a atención ás persoas usuarias e, dende logo, para blindar a xestión das entidades de iniciativa social, e non lle caiba a menor dúbida. Non sei con que intención vostede e o Grupo Socialista presentaron a súa proposta; dende logo, a nosa é esa: mellorar os servizos sociais, mellorar a atención e a calidade da atención ás persoas que están a percibir eses servizos e mellorar a xestión dos servizos sociais, incluíndo unha nova fórmula de xestión, que é o concerto social. Pero, claro, como a presenta o Partido Popular...

Nós imos apartar deste debate todas as cuestións que vostedes acaban de plantexar relativas a que é un documento escaso, que o que pretende é privatizar os servizos sociais. En primeiro lugar, porque se é un documento escaso –e vostedes saben que poden mellorar ese documento– teñen un trámite de ponencia onde o Grupo Parlamentario Popular vai

estar aberto a todas as propostas dos grupos parlamentarios da oposición. Polo tanto, se é escaso, e vostedes consideran que pode ser mellorado, ese é o seu traballo. E o noso traballo é falar con vostedes a ver cales son as súas propostas para chegar a un acordo o máis amplo posible.

Pero, claro, cando me din que o que intenta esta iniciativa é privatizar os servizos sociais é que eu dende o meu sitio non daba crédito. Porque, miren, non estamos inventando unha lei nova, estamos modificando unha lei que está en vigor en Galicia dende o ano 2008, estamos falando da Lei de servizos sociais, que vostedes seguramente repasaron antes de vir a este debate. Unha lei que di que os servizos sociais os prestarán as administracións galegas de forma directa ou, de maneira indirecta, “a través das diversas modalidades de contratación da xestión dos servizos públicos establecidas na normativa reguladora dos contratos do sector público”.

A min que me expliquen onde esta lei dicía que só se podía priorizar a xestión dos servizos sociais de forma directa e residualmente de maneira indirecta. E que me expliquen tamén onde priorizaban a xestión das entidades sen ánimo de lucro cando dicían que as persoas físicas e xurídicas privadas de iniciativa social ou de carácter mercantil poderán actuar como entidades prestadoras de servizos sociais e, en consecuencia, crear centros de servizos sociais, así como xestionar programas e prestacións desta natureza. E iso foi o que fixeron as administracións públicas dende que se aprobou esta Lei de servizos sociais en Galicia: xestionar os servizos e prestar os servizos sociais de forma directa ou de forma indirecta. E fixérono vostedes na Xunta de Galicia, fíxoo o Goberno actual, porque hai que facer as cousas dentro da lei e dentro da Lei de contratos da Administración pública tamén, fixérono os concellos e fixérono outras administracións.

Entón, abandonemos ese discurso de que é o Partido Popular o que quere privatizar os servizos sociais, porque o que quere facer esta proposta é todo o contrario. O que quere facer é que, á parte da xestión directa e da xestión indirecta no marco da normativa reguladora dos contratos do sector público, se poidan prestar os servizos sociais mediante a modalidade de concerto social previsto nesta lei, modalidade que se utilizará de modo preferente a outras formas de prestación dos servizos sociais, e convenios con entidades sen ánimo de lucro. Por favor, seriedade. ¿A isto chámanlles

vostedes privatizar os servizos sociais? De verdade, é que están completamente errados.

Por iso estou segura de que nese trámite de ponencia vostedes falarán coas entidades sociais, falarán co Cermi e falarán co resto das organizacións que vostedes estimen oportuno, e convenceranse de que o concerto social e esta modificación que se propón neste momento é o mellor para os servizos sociais da nosa comunidade. E, dende logo, hai un documento do Grupo Parlamentario Socialista –non o esquecemos, dixémolo na nosa primeira intervención– e espero, señora Gallego, que vostede tamén sexa coherente e fiel con ese documento que presentou o Partido Socialista.

Mire, nós o único que queremos é iniciar o proceso de ponencia, falar coas entidades sociais, falar co Cermi, falar con todos os grupos parlamentarios e chegar a un acordo. E non polo ben do Partido Popular nin da Xunta de Galicia, polo ben das persoas que en Galicia reciben neste momento algún tipo de servizos sociais.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Arias.

Pasamos a debater agora o punto que figuraba en primeiro lugar.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. dos Socialistas de Galicia, para presentar perante o Congreso dos Deputados, de responsabilidade civil e ambiental e Ministerio Fiscal

O señor PRESIDENTE: Para a presentación da proposición de lei ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Bo día.

Hoxe vimos falar de xustiza, vimos falar de calidade democrática e de medio ambiente. Porque unha xustiza eficaz e, sobre todo, áxil, rápida, é fundamental para satisfacer os dereitos e as necesidades que non se alcanzan por outras vías. ¿De que nos serve ter recoñecidos pola Constitución dereitos

se logo as administracións non son capaces de darlles unha resposta axeitada e sen dilacións cando son violados?

E os socialistas entendemos que un dos piares deste Estado social e democrático de dereito no que supostamente vivimos é o servizo público da xustiza. E nese Estado social e democrático de dereito, que foi recoñecido pola Constitución do ano 1978, no seu artigo 45, de forma moi avanzada para o ano 1978 –témolo que dicir así–, regulouse o dereito dos cidadáns a “disfrutar dun medio ambiente adecuado como condición indispensable para o desenvolvemento da persoa”, ao tempo que di a Constitución que quen incumpra a obriga de utilizar de maneira racional os recursos naturais e conservar a natureza deberá reparar os danos, con independencia das sancións administrativas ou penais que lle correspondan.

O medio ambiente é de todos, pero temos que ter en conta que no día de hoxe, coa situación de crise económica na que vivimos, ninguén vai poñer o seu tempo e, sobre todo, os seus cartos para defender o medio ambiente, que é de todos. En asuntos de medio ambiente e de protección da biodiversidade, de existencia da responsabilidade civil ambiental, hai poucas persoas que de maneira individual inicien un proceso xudicial. Iso normalmente só o fan os colectivos ecoloxistas, as asociacións ou as plataformas que se encargan de protexer o medio ambiente. E esta responsabilidade despois da lei do ano 2007, Lei de responsabilidade civil ambiental, é ademais unha responsabilidade ilimitada de carácter obxectivo. É curioso que neste século XXI en España non teñamos ningunha norma que permita que haxa un órgano que defenda os intereses de todos a través dunha indemnización, sobre todo cando xa temos ese órgano, e é o Ministerio Fiscal.

Como voceira desta proposición de lei teño que dicir que non sería posible a súa presentación sen a axuda inestimable do anterior fiscal do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, don Carlos Varela, que foi quen na Memoria da Fiscalía do ano 2013 recollía esta idea como posible reforma lexislativa. E recollendo o seu testigo aquí estamos os socialistas porque cremos na protección do medio ambiente e cremos na xustiza e na defensa dos dereitos dos cidadáns.

Esta proposición de lei mira cara a unha reforma procesual, cara a unha reforma substantiva ambiental que arbitre

novos sistemas de responsabilidade que preveñan os danos ambientais e, sobre todo, nos casos de que se produzan, aseguren unha axeitada e rápida solución e reparación –repito: axeitada e rápida– para estes danos, porque a Constitución recoñece tamén o dereito a un proceso sen dilacións indebidas.

É por iso que entendemos que sería necesario permitir ao Ministerio Fiscal facer efectiva a existencia de responsabilidade civil por danos ao medio ambiente. Porque estes danos son importantes para o noso colectivo e para toda a sociedade necesitamos facer efectiva a defensa en xuízo deses intereses que xuridicamente se chaman “difusos”, que nos afectan a todos. E, sobre todo, porque nos afectaron a todos no ano 2002 cando foi a catástrofe do *Prestige* e porque, ano a ano, aféctannos a todos cando Galicia arde sen poder especificar quen é o autor deses incendios. E este é o sentido precisamente da presente proposición de lei.

Como dicía, temos precedentes de sinistros con graves afeccións ao medio ambiente no noso mar e na nosa terra. Quizais foi o desenvolvemento do proceso xudicial do *Prestige*, despois da súa catástrofe e todo o que veu despois, o que permitiu a constatación das nosas insuficiencias no ordenamento xurídico español para dispoñer dunha tutela de verdade áxil e eficaz do noso medio ambiente.

Non obstante, somos conscientes de que non é posible que o Ministerio Público se encargue desta función con esta organización raquílica que ten e cos poucos efectivos que existen. É necesario un aumento considerable da súa plantilla, que depende ou dependería do Goberno estatal, e incluso a posibilidade de que se constituán fiscalías especiais. E así o veñen dicindo os fiscais encargados de medio ambiente en cada comunidade autónoma.

O Goberno estatal está na obriga de facelo, e o Goberno da Xunta de Galicia está na obriga de llo exixir, porque cremos, de verdade, que despois da catástrofe do *Prestige* Galicia merece que o Ministerio Fiscal poida defender o noso territorio. E para iso temos articulada esta proposición de lei, que consta de tres artigos –é moi curta–, unha disposición derogatoria e unha disposición derradeira.

No artigo 1 pedimos que se modifique a Lei de axuízamento civil do ano 2000, para que teña o Ministerio Fiscal lexi-

timación para pedir, exercitar, calquera pretensión pública ambiental, defendendo os intereses –eses intereses de todos– que están relacionados coas catástrofes ambientais.

No artigo 2 solicitamos a modificación da Lei de responsabilidade ambiental do ano 2007 –no seu artigo 41 en concreto– para que cando se inicien os procedementos de existencia de responsabilidade ambiental sexa o Ministerio Fiscal, calquera operador ou outra persoa interesada –pero tamén o Ministerio Fiscal– quen o poidan facer

No artigo 3 solicitamos a engádegas dunha disposición adicional oitava bis a esta mesma Lei de responsabilidade ambiental do ano 2007, para que estea lexitimado nestes procesos e para que calquera autoridade competente e calquera administración lle axuden obrigatoriamente, poñan en coñecemento deste órgano os asuntos, os supostos de responsabilidade medioambiental, e que as autoridades públicas adopten todas as medidas oportunas para que as súas autoridades e o seu persoal presten auxilio técnico, material ou de calquera outro tipo ao propio Ministerio Fiscal, sempre seguindo o que din as liñas básicas do seu estatuto orgánico.

Hai unha única disposición derogatoria, desas que se denominan xenéricas, que simplemente derroga todas as normas anteriores que se opoñan á presente lei.

E, por último, a única disposición derradeira establece unha entrada en vigor non inmediata cun período de seis meses, porque entendemos que serviría para garantir a plena aplicabilidade da proposición de lei que traemos hoxe á consideración desta Cámara.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que o Ministerio Fiscal debería estar lexitimado para iniciar o proceso civil por danos ao medio ambiente –porque xa o temos comprobado precisamente no asunto do *Prestige*– antes de chegar ao Tribunal Supremo. Se se vai pola vía penal e a sentenza é absolutoria, ou non son capaces, porque os feitos non son constitutivos de delito, de acadar unha condena, non sería posible exixir esta responsabilidade civil, porque a visión sobre a responsabilidade ambiental ilimitada e obxectiva neste casos de grandes danos ten que ser social, eminentemente social, ¿e quen mellor que o Ministerio Fiscal se pode encargar da defensa da sociedade?

A súa lexitimación é importante, non só porque se podería obter así esta necesaria indemnización por danos que moi dificilmente vai recadar un particular e tampouco un colectivo de afectados, senón tamén porque en moitos destes casos o mesmo suposto constitúe un delito; e se o Ministerio Fiscal xa se encarga da súa persecución, ¿que mellor que o propio Ministerio Fiscal para tamén poder iniciar o proceso civil?

A xustificación desta lexitimación para nós radica na importancia do protexido, que é o medio ambiente, o noso territorio, e nas alarmantes dimensións que nos últimos tempos tiveron os danos ambientais no noso país; aos que, por certo, seguimos expostos. Isto suporía –sabémolo– unha interesante incursión do dereito privado no coidado do medio ambiente, exactamente igual que ocorre noutros países da nosa contorna, noutros países do dereito comparado.

En resumo, a lexitimación do ministerio público para esta pretensión suporía un salto cualitativo na evolución histórica do propio Ministerio Fiscal. A través dunha pretensión de protección pública ambiental poderíamos acadar a protección, a tutela, de algo tan esencial para a especie humana como é o medio ambiente. Por suposto, somos conscientes de que esta solución é polémica, de que xera un intervencionismo dun órgano que é público, da cousa pública, en asuntos privados que pode ser que moitos rexeiten, pero despois da catástrofe do *Prestige*, das catástrofes dos incendios, do resultado xudicial que tivemos no *Prestige* catorce anos despois e dos incendios todos os anos sen saber quen os provoca e sen obter ningún tipo de indemnización, entendemos que é unha proposición de lei máis que necesaria. Para nós é vital, e incluso podería ser que esta Cámara iniciase unha pequena revolución.

Agardamos que voten a favor.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Grazas.

Bo día, señorías.

Grazas, presidente.

Quero adiantar o voto afirmativo á toma en consideración da Proposición de lei do Partido Socialista relativa á responsabilidade civil, medioambiental e Ministerio Fiscal. Como ben se fixo constar na proposición de lei para a que vimos prestar o noso voto afirmativo, o medio ambiente é de todas. Así se recolle no artigo 45 da Constitución, baixo o que subxace o dereito das cidadás a gozar dunha calidade de vida coherente coa dignidade da persoa, recoñecida no artigo 10 da Constitución.

Ambos valores, a dignidade da persoa e a calidade de vida, foron vinculados pola Sentenza do Tribunal Constitucional 102/1995, pois cada cal ten o dereito inalienable a habitar no seu entorno de acordo coas súas características culturais.

Por outra banda, a localización sistemática do artigo na nosa Carta Magna non deixa dúbidas con respecto a que nos atopamos perante un dos principios reitores da política social e económica. Isto significa que a conservación do medio ambiente se converte nun verdadeiro fin transversal que inspira a actuación de todas as autoridades; o seu recoñecemento respecto da protección deberá, pois, informar a lexislación positiva, a práctica xudicial e a actuación dos poderes públicos consonte o artigo 53 da Constitución.

O noso texto resultou pioneiro neste senso, porque soubo captar, nun momento no que non existían moitos precedentes nas constitucións do entorno, a importancia radical que pode ter a protección do medio ambiente na vida e nos dereitos das persoas. Só neste contexto que acabamos de mencionar pode entenderse a verdadeira dimensión do artigo 45 da Constitución. Non obstante, estas previsións corren o risco de quedar en papel mollado se os poderes públicos non responden ou non teñen mecanismos para responder de xeito eficaz ante as situacións nas que o noso patrimonio natural poida verse comprometido.

Neste senso esta deputada atopa positiva a proposición de lei do Partido dos Socialistas, sen embargo, non quere deixar pasar a necesidade de matizar o seu contido. Compartimos a análise feita de necesidade de defensa do noso medio ambiente e da biodiversidade, máxime cando Galiza sofre as consecuencias nefastas de décadas de xestión forestal insustentable e cando a lexislación en materia de seguridade mari-

tima e loita contra a contaminación foi desenvolvida a golpe de traxedia, entre outras, e polo que nos afecta, o accidente do *Prestige*, que marcou un punto de partida, pero grazas á grandísima mobilización social, que de novo aireou as miserias legais que amparaban e seguen a amparar unha industria, que é petroleira, con fortes intereses económicos.

Froito, entre outras, da citada catástrofe, xurdiu o texto de lei que tratan de modificar coa proposición que se está a tomar en consideración; isto é, a Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade medioambiental, que traspón a Directiva 2004/35/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 21 de abril de 2004. Cando menos, curioso lle parece a esta deputada, a este grupo parlamentario, que se cite a título ilustrativo na exposición de motivos que aquí se presenta a catástrofe do *Prestige* como exemplo de falla de efectividade na defensa dos intereses difusos relacionados coas catástrofes ambientais, cando precisamente no ano 2007, baixo o mandato do Goberno socialista, se redacta o texto mencionado e actualmente en vigor, do cal quedan excluídos os hidrocarburos e os accidentes no mar. É dicir, que se mañá ocorrese un novo *Prestige*, volveríamos atoparnos cunha lexislación ineficiente, que faría moi difícil que quen fose responsable do dano o reparase.

Preguntámonos cales son as razóns da exclusión, e só se nos ocorre: os intereses económicos en xogo; ante os cales os grandes partidos que gobernaron historicamente este Estado sempre se dobregaron. Dito isto, e a pesar da crítica vertida que non queremos nin debemos deixar de salienta, entendemos como beneficiosa a inclusión da figura do Ministerio Fiscal no artigo 11 da Lei de axuízamento civil 1/200, do 7 de xaneiro. Parécenos axeitada a lexitimación outorgada no ámbito xurisdiccional civil para a defensa dos intereses difusos relacionados coas catástrofes medioambientais, ampliando así a protección para aqueles casos nos que determinados feitos non chegan a constituír delito, pero si un menoscabo evidente no dereito da cidadanía a gozar dun medio ambiente adecuado; reparable, polo tanto, mediante a xurisdición civil. Incluso a reforma debería ser de maior calado, lexitimando tamén as asociacións ecoloxistas e de defensa da natureza para defender os intereses colectivos e difusos no eido medioambiental na xurisdición civil. E isto de xeito análogo ás previsións que xa veñen recollidas no artigo 11 da Lei de axuízamento civil con respecto á lexitimación para a defensa dos intereses de consumidoras e usuarias, un

mecanismo garantista que consideramos debería terse en conta como un bo referente.

Máis discusión suscita a inclusión da figura do Ministerio Fiscal no ámbito do artigo 41 da Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade medioambiental. Do propio texto da exposición de motivos dedúcese que se trata dunha normativa operable dentro do ámbito administrativo. É dicir, trátase dunha norma de dereito substantivo e non procedemental, como acontece no caso da anteriormente mencionada Lei de axuízamento civil. Os operadores xurídicos que interveñen no procedemento sancionador regulado neste texto son de carácter administrativo, dependentes, polo tanto, directa ou indirectamente do poder executivo. Non podemos esquecer que o Ministerio Fiscal é un órgano con responsabilidade xurídica propia, integrado con autonomía funcional dentro do poder xudicial, tal e como define o artigo segundo da Lei 50/1981, do 30 de decembro, pola que se regula o Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal.

A lexitimación para iniciar o procedemento que se trata de atribuír ao Ministerio Fiscal faise, polo tanto, no contexto dun procedemento administrativo. Trátase dunha competencia novidosa e con respecto á que non atopamos impedimento xurídico ningún que poidamos salientar.

Dende logo, non imos ser nós as que poñamos as trabas para que o Ministerio público poida iniciar o procedemento, artellando así unha nova posibilidade na defensa do medio ambiente; iso si, sempre que esta medida leve aparelado un conseguinte e coherente aumento na dotación de prazas públicas para fiscais, posto que de nada serviría sobrecargar de traballo aínda máis este colectivo sen valorar a súa posibilidade real de asumir esta nova competencia que se lle quere atribuír.

Queremos evitar con isto que ninguén apele despois á lentitude do sistema xudicial para explicar moitos dos nosos males como sociedade, cando moitas veces non deixa de ser unha cuestión de vontade política e de inversión pública en recursos humanos e medios materiais o facer que o sistema funcione axeitadamente.

Por todo o exposto, reiteramos o noso voto afirmativo con respecto á proposición de lei que nos ocupa.

Máis nada, moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Iglesias.

Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda.
Señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días a todos e a todas.

Como todo o mundo sabe, eu son un experto en procedementos xudiciais, é a miña especialidade dende moi pequeno. Pero, sen selo, que algún dos expertos me explique por que o accidente da plataforma petroleira de British Petroleum no golfo de México tivo sentenza en cinco anos, cun montante entre indemnizacións, multas e danos causados por 48.000 millóns de euros, e aquí, despois de catorce anos, no último minuto, debido á condena do Tribunal Supremo e á revelación da sentenza da Audiencia Provincial, poidamos aspirar, despois de catorce anos e con sorte, a unhas indemnizacións de ata 1.000 millóns de euros, e despois dun proceso longo e moi duro que se abre para a execución da dita sentenza. Os expertos teñen que explicar estas dúas cuestións, a diferenza entre un contexto e o outro, porque a verdade é que a realidade cambia, e moito, ¿non?

Nós imos apoiar esta iniciativa, que nos parece moi oportuna. Do que se trata é de outorgarlle a lexitimación á Fiscalía para a defensa dos intereses dos afectados, ao igual que no 2014 se modificou a Lei de axuízamento civil para incluír a defensa dos consumidores e usuarios despois da estafa-escándalo das preferentes. Tamén estende a lexitimación da Fiscalía aos expedientes de responsabilidade patrimonial, outorgándolles lexitimación para presentar a solicitude de incoación. E, de feito, a Fiscalía xa está lexitimada, segundo a disposición oitava da Lei 26/2007, nos procesos contencioso-administrativos derivados dos procedementos de responsabilidade medioambiental. E se a Fiscalía está lexitimada para a vía xudicial, tamén debe de estalo para a vía administrativa.

Ben, e non se nos escapa, como xa dixo a autora da proposición, que disto unha das motivacións fundamentais foi o accidente, o desastre do *Prestige*. Unha vez máis, demostrou a capacidade de xestión e de boa xestión do Partido Popular á fronte das administracións. Demostrou tamén a existencia do principio de Peter no Estado español e, nomeadamente, no Partido Popular; aquel principio que di que en determinadas organización xerárquicas os responsables ascenden ata o grao máximo de incompetencia.

E, para a nosa sorpresa, o señor Arsenio Fernández de Mesa e o señor Rajoy aínda non acadaran despois da xestión do *Prestige* o seu máximo nivel de incompetencia. Aínda foron ascendidos nas súas carreiras políticas e premiados pola brillante xestión que fixeron naqueles días da catástrofe do *Prestige*. O señor Rajoy era ministro e chegou a presidente do Goberno, e parece ser, como se demostrou co tempo, que si alcanzou o seu máximo nivel de incompetencia na Presidencia do Goberno. Xa nos pareceu bastante incompetencia a mostrada naqueles días polo señor Rajoy. Tamén demostrou non só unha mala xestión daqueles momentos da catástrofe, senón tamén unha nefasta xestión procesual posteriormente, nos anos posteriores.

O fracaso na iniciativa procesual nos Estados Unidos contra a clasificadora, fracaso que tamén influíu despois no proceso aberto no Estado español, no Xulgado de Corcubión e na Audiencia Provincial, que limitou a información que podía haber e que se situou en Estados Unidos e non se situou no proceso do Estado español. E tamén o fracaso no proceso de arbitraje en Londres, iniciado pola aseguradora, e no que o Estado español nin sequera se personou.

Finalmente, soubemos tamén que a negra historia do *Prestige* é a blindaxe de responsabilidades. O que se buscou é a blindaxe de responsabilidades dos responsables políticos do Goberno do Estado, da Xunta de Galicia, das partes contratantes, da armadora, da fretadora, da aseguradora, da inspeccionadora e do propio Estado como responsable civil. Todos e cada un deles pretenderon –e conquistaron polo de agora– a blindaxe legal das súas responsabilidades: das políticas, das administrativas, das penais, das civís e das económicas. A condena social do conxunto da cidadanía galega dos responsables da traxedia quedou impune nos procesos xudiciais, tanto civís como penais, desenvolto ata o momento; impiedade á que, como xa dixen, axudou moito a actuación procesual do Estado, da Fiscalía, da Audiencia Provincial da Coruña. A condena a Mangouras por delito ambiental abre a porta a conseguir indemnizacións no último minuto.

Por todo o exposto, calquera modificación que vaia no sentido da que propón o Partido Socialista parécenos imprescindible, e máis que haberá que facer para acadar os niveis de eficacia e de protección do medio ambiente e do interese xeral necesarios e que non foron quen de acadarse no proceso do *Prestige*.

Esperemos que non se vete a admisión a trámite desta iniciativa, porque sería impedir camiñar cara a un futuro no que, se volve acontecer e nos están dicindo todos os expertos que debido ás condicións xeográficas de Galicia e polo tránsito densísimo de petroleiros polas nosas costas poida volver acontecer –esperemos que non–, pois que teñamos unhas condicións que nos permitan resarcir, dentro do posible, catástrofes como a que aconteceu no do *Prestige* e que poden ser ampliables, como aquí se dixo tamén, a determinadas catástrofes que poidan acontecer no eido dos incendios.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señor presidente.

Bos días, señoras e señores deputados.

Como xa se manifestou en intervencións anteriores, na Memoria da Fiscalía Superior de Galiza do ano 2013 o señor Carlos Varela transmitíanos ao Parlamento unha proposta acerca da necesidade dunha acción civil pública para a protección do medio ambiente e doutros intereses difusos. Partía da constatación naquel momento de que a insuficiente ou o insatisfactorio pronunciamiento na vía penal a respecto do problema ocasionado, da catástrofe ocasionada no noso país polo buque *Prestige*. E el, a aquela altura, xa consideraba que todos os feitos que foron ocorrendo en relación con este asunto constataban a insuficiencia do ordenamento xurídico no Estado español para dispoñer dunha tutela xurídica integral do medio ambiente, que, como xa se dixo tamén en intervencións anteriores, é un ben protexido pola propia Constitución española.

O señor Varela dicía que isto contribuíra a crear un sentimento de indefensión socialmente percibido polos galegos e as galegas, onde a aquela altura dicía que once anos despois pois non había ningún tipo de resarcimento dos intereses sociais e colectivos en relación con este asunto.

Por iso nós cremos que é moi oportuna esta iniciativa, que ten como finalidade intentar subsanar esas deficiencias do

sistema xurídico procesual no Estado español a que fai referencia o señor Carlos Varela.

Hai que pór de manifesto que a vía civil ou o dereito privado ten un papel secundario, ou tiña ata agora un papel secundario, na protección do medio ambiente, por diferentes razóns. Primeiro, polas dificultades que supón a tutela ou protección dun ben colectivo como é o medio ambiente a través de figuras de carácter marcadamente individualista como é o dereito civil. Normalmente, a través do dereito civil obtéñense unicamente subvencións individualistas que non serven na actualidade para dirimir conflitos que non sexan estritamente entre particulares. Concretamente, a respecto do medio ambiente na vía civil existen dúas vías –valla a redundancia– polas que os particulares poden solicitar a responsabilidade sobre este asunto, que é a responsabilidade civil por danos no medio ambiente e a acción negatoria.

Porén, isto mellorou dalgunha maneira coa transposición, como xa se dixo aquí, da Directiva 2004/35, a través da Lei 26 do ano 2007. Pero aínda así, desde o punto de vista da tutela ou do resarcimento dos intereses colectivos e difusos, actualmente a posibilidade de que poida haber unha actuación desde o ámbito público redúcese a que exista unha investigación penal ou que afecte bens públicos, como poden ser efectivamente vertidos, como os producidos polo *Prestige*, ou de fábricas en río, como foi o asunto de Brenntag, ou outras cuestións deste tipo, onde, se non existe un procedemento penal, actúan os servizos xurídicos das distintas administracións, ben sexa través da Avogacía do Estado ou a través da Asesoría Xurídica da Xunta. Isto no ámbito penal.

Pero no ámbito civil habería que acreditar a lexitimación, a relación con intereses concretos, que se defenden en moitos casos, poden limitar as reclamacións desde o ámbito público cando hai un interese xeral ou colectivo, pero non está estritamente relacionado co patrimonio ou coa actuación da Administración.

Precisamente esta é unha das razóns polas que consideramos que, ao dar unha lexitimación para a reclamación civil, non tería por que haber un proceso penal previo –que agora si que é necesario que exista este proceso penal previo–, non tería que demostrarse que existe unha culpa imprudente ou

dolosa por parte de quen provoca eses danos ambientais para que poida existir unha intervención pública en reclamación dos danos e intereses; simplemente coa existencia dunha valoración da afectación dos intereses colectivos xerais para que se puidese actuar en reclamación dos danos causados por accidentes ou catástrofes.

Por iso cremos que é importante que se tome en consideración esta iniciativa, se ben tamén somos conscientes –pero iso sería perfectamente subsanable pola vía da presentación de emendas e no trámite de ponencia– de que ten varios problemas en relación con cuestións das que se falou aquí.

O primeiro problema é que talvez –e precisamente para non provocar un sobredimensionamento da actuación da Fiscalía polos recursos limitados– igual habería que establecer algún tipo de acoutamento ou “limitación” –entre comiñas– á súa lexitimación; é dicir, establecer ou delimitar ben o ámbito obxectivo de actuación da Administración en función do tipo ou da calidade do interese social público ou mesmo do seu impacto que debe preservar a través da súa actuación.

Pero hai outra cuestión que para nós é moi importante. Aquí falouse en moitas ocasións do *Prestige*, porque é de onde parte esta iniciativa do ex fiscal superior de Galiza. Pero eu teño que dicir –e creo que non me equivoco– que, aínda que se aprobase –non aquí neste Parlamento, senón no Congreso dos Deputados– esta iniciativa nos termos nos que está agora mesmo, en relación co tema do *Prestige*, non se tería resolto nada, nin sequera se se volve producir un asunto desas características no futuro, porque nesta iniciativa se propón, ademais da modificación do Código civil, a dun artigo e a dunha disposición concreta da Lei 26/2007, pero habería que promover a modificación doutras disposicións e artigos da Lei 26/2007, porque hai que recordar que durante o ano 2013 o Partido Popular no Congreso dos Deputados promoveu a modificación desta lei, da Lei de responsabilidade ambiental, que entrou en vigor no ano 2014, e coa que entre outras cousas quedaron excluídos do ámbito de aplicación da lei de responsabilidade civil medioambiental os riscos mariños por hidrocarburos; é dicir, que se non volvemos modificar esa lei para incluír os riscos mariños por hidrocarburos, o tema do *Prestige* seguiría sen estar resolto.

E aínda que non se fala na iniciativa, pero si que se falou moito nas intervencións anteriores, eu tampouco tería dema-

siadas expectativas a respecto do impacto que esta lei podería ter –esta modificación– no resarcimento dos danos provocados polos incendios forestais. Aínda que iso sería obxecto doutro debate, en todo caso, teño que dicir que o principal problema que hai nos incendios forestais en relación cos danos é que nunha porcentaxe enormísima non hai autor ou responsables coñecidos nin desde o punto de vista penal nin desde o punto de vista civil, a non ser que considerásemos que a responsabilidade civil debe recaer na administración que promove, permite ou ampara un determinado modelo forestal que provoca a proliferación dos incendios forestais. Igual é unha vía a explorar, en calquera caso, pero eu simplemente quería facer esa mención.

Tamén teño que dicir que, se se toma en consideración esta iniciativa, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, continuando co anterior, tamén considera que se deberían incluír outras modificacións da Lei 26/2007, de responsabilidade ambiental, que se modificaron no ano 2013 e 2014, como é, por exemplo, a modificación do artigo 24, onde se cambiaron as garantías financeiras que se deben constituír para actividades potencialmente perigosas para o medio ambiente; o artigo 28, onde se estableceron unhas exencións de constitución desa garantía financeira obrigatoria, o que provocou unha desgaleguización de determinadas actividades exentas e que, polo tanto, deixa en mans do Goberno a posibilidade de eximir aínda máis actividades; o artigo 30, no que se establecen os límites cuantitativos desa garantía; e algunha outra cuestión que, como dicimos, se modificou no ano 2013 e que o que fixo foi rebaixar substancialmente a responsabilidade medioambiental de determinadas actividades e, polo tanto, dalgunha maneira, alixeirou as obrigas das actividades...

O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora PAZ FRANCO: ...ou dos axentes potencialmente contaminantes ou perigosos para o medio ambiente, que nós cremos que habería, cando menos, que restituír.

Dito isto, quero insistir en que votamos favorablemente esta iniciativa, que a consideramos moi adecuada e que consideramos que a obriga e a efectividade no resarcimento dos danos daquelas persoas que contaminan, que deterioran o medio ambiente, tería tamén un valor preventivo, porque, desde logo, todos e todas sabemos que cando se obriga a res-

ponder pecuniariamente dalgún tipo de actividade irregular iso tamén actúa como un incentivador á hora de establecer mecanismos de prevención.

Polo tanto, cremos que sería moi útil para mellorar a calidade do noso medio ambiente e para protexer o dereito das persoas a gozar dun medio ambiente sustentábel.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Paz.

Grupo Parlamentario Popular, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Moi bo día a todos.

Piden a través da súa iniciativa, dende o Grupo Parlamentario Socialista, que nos dirixamos á Mesa do Congreso dos Deputados para tramitar esta proposición de lei.

A verdade é que entenderíamos que fose o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ou o Grupo Parlamentario Mixto quen presentase esta proposición de lei, pero o certo é que non entendemos en ningún caso que sexa o Grupo Socialista, porque vostedes teñen representación no Congreso dos Deputados e, polo tanto, non precisan facer uso deste tipo de ferramentas. Vostedes teñen representación no Congreso dos Deputados. É verdade que teñen a menor da historia do Partido Socialista, pero teñen representación, e, polo tanto, non terían que facer uso desta ferramenta parlamentaria que, dende logo, non está concibida para que o Parlamento de Galicia pretenda legislar sobre lexislación procesual, como a Lei de axuízamento civil, que é competencia exclusiva do Estado.

Polo tanto, señora Vilán, temos que dicirlle que non entendemos esta iniciativa, nin na forma nin no fondo. Como anécdota, eu si quixera dicirlle sobre esta iniciativa que, bueno, demostra que lles traizoou o subconsciente porque propón modificar a disposición derradeira da Lei de axuízamento civil, na que propoñen que figure que esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no DOG, no *Diario Oficial de Galicia*. Eu supoño que á señora Susana

Díaz non lle parecerá nada ben, será no *Boletín Oficial do Estado*.

Dende o Grupo Parlamentario Popular cremos que a iniciativa adolece de rigor. O mínimo que cabería agardar dunha proposición de lei como a presentada sería respectar o máis elemental rigor terminolóxico na esfera técnico-xurídica, e cremos que esta proposición non o fai. Salvo que se tente introducir unha nova categoría no ordenamento xurídico, nin existe a responsabilidade civil ambiental nin a Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade medioambiental, inclúe o termo “civil”, como vostedes sinalan, na súa denominación.

No noso ordenamento xurídico a figura da responsabilidade civil reconece o dereito das persoas a ser compensadas polos danos e prexuízos irrogados aos seus dereitos subxectivos ou intereses lexítimos de raigame exclusivamente privada ou mesmo á saúde e á integridade corporal como consecuencia ben do incumprimento de obrigas contractuais ou ben de accións ou omisións nas que concorra culpa ou neglixencia.

A Lei de responsabilidade ambiental traspón, como xa se dixo, a Directiva 2004/35 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de abril de 2004, sobre responsabilidade ambiental, en relación coa prevención e reparación de danos ambientais, incorporando ao noso ordenamento xurídico un réxime administrativo de responsabilidade ambiental de carácter obxectivo e ilimitado baseado nese principio que todos compartimos, que é: “quen contamina paga”. Trátase, polo tanto, dun réxime administrativo na medida na que institúe todo un conxunto de potestades administrativas para que, no exercicio das súas competencias, a Administración pública poida garantir o cumprimento da lei e a aplicación do réxime de responsabilidade que incorpora. Sepárase, pois, polo tanto, da responsabilidade civil por danos. Esta nítida distinción entre responsabilidade ambiental e responsabilidade civil queda claramente recollida no artigo 5.1 da propia lei.

Polo tanto, con respecto á súa iniciativa, eu o que teño que indicar é que existe unha lei, a 26/2007, de responsabilidade medioambiental, que atribúe aos operadores económicos o deber de adoptar medidas preventivas de evitación e de reparación do dano ambiental e que confire á Administración potestades específicas para controlar que así se faga, ou,

noutro caso, intervir directamente no seu caso a custa do responsable.

Temos que indicar que o Ministerio Fiscal pode e debe actuar cando a acción ou omisión que provoca o dano ambiental reúne os elementos necesarios para resultar punible na esfera penal en defensa dos intereses públicos na persecución e na represión dos delitos perseguibles de oficio e dos bens xurídicos específicos protexidos polos dereitos contra o medio ambiente. Non obstante, o labor do Ministerio Fiscal nesta esfera penal céntrase fundamentalmente na investigación da existencia de tales delitos perseguibles de oficio, co obxecto de formalizar ou non a correspondente acusación penal en defensa do interese público. O Ministerio Fiscal tamén goza de lexitimación ante a xurisdición contencioso-administrativa en procesos relativos á aplicación da Lei 26/2007.

E os danos e prexuízos irrogados á integridade física ou ao patrimonio das persoas privadas quedan expresamente á marxe da Lei de responsabilidade medioambiental e teñen as súas propias canles de sensibilidade a través dos procesos xudiciais non administrativos; polo tanto, civil ou, no seu caso, penal no que o Ministerio Fiscal xa está facultado para reclamar de oficio o resarcimento dos eventuais danos e prexuízos causados en beneficio das persoas prexudicadas con base na responsabilidade civil derivada de delito.

Eu si teño que referirme á cuestión da que vostede falaba, da catástrofe do *Prestige*, e é que a prevención da contaminación mariña por buques reparación de eventuais danos con base na responsabilidade civil xa dispón dunha normativa propia a través dos diversos convenios internacionais e, como xa ben se ten sinalado, por este motivo a propia Lei 26/2007 exclúe do seu ámbito os danos ambientais e as ameazas inminentes de que tales danos se produzan cando teñan a súa orixe nun suceso cuxas consecuencias, en canto á responsabilidade ou á indemnización, estean establecidas por algúns dos convenios internacionais enumerados no anexo 4, onde figura textualmente o Convenio internacional de 1992 sobre a responsabilidade civil; nada de danos causados no medio ambiente debido á contaminación por hidrocarburos.

Señora Vilán, sorprende que vostedes dende o Partido Socialista se refiran á responsabilidade medioambiental e falen do

Prestige cando, dende que foi ditada a sentenza definitiva, dende o Partido Popular agardamos as súas desculpas pola utilización política que vostedes fixeron daquela cuestión. E aí está a vergoñenta... (*Murmurios.*) –si, si– moción de censura impulsada polo Partido Socialista, vergoñenta utilización daquela catástrofe para danar un goberno. (*Aplausos.*) Eu lamento que vostedes non aproveitaran a última sentenza para pedir desculpas daquela actuación tan vergoñenta.

Tamén dende o Bloque Nacionalista Galego, señor Beiras; tamén dende o Bloque Nacionalista Galego.

Hoxe a última sentenza do *Prestige* abre a vía para reclamar as responsabilidades civís das aseguradoras do buque e demostra que a actuación de ambos os dous gobernos, do Goberno autonómico e do Goberno do Estado, non só foron correctas senón que foron especialmente dilixentes, e proba diso foi a rápida recuperación do medio ambiente e a forma na que os afectados da Costa da Morte estaban cobrando as axudas no prazo dun mes. Foi menos dun mes o que vostedes tardaron en presentar unha moción de censura para atacar un goberno.

Hoxe hai unha sentenza firme que o que di é que a responsabilidade foi do capitán...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...e vostedes buscaron sacar tallada política.

¿Vostedes estiveron do lado do goberno que defendía o interese xeral?, ¿do lado do goberno que defendía o medio ambiente? ¡Nooon!, estiveron do lado do oportunismo político. (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Esa é a realidade.

E lástima que vostedes non aproveitaran o seu tempo nesta iniciativa para pedir desculpas polo papel que naquela crise xogaron os seus partidos; papel lamentable que a historia xulgará. A sentenza queda clara, e onde estivo a responsabilidade, e o condenado é o señor Mangouras, aquel home que vostedes tanto defendían porque a culpa, claro está, era do

Goberno, do Goberno do Estado e do Goberno da Xunta. Hoxe temos unha sentenza firme que di que a culpa foi do capitán e que vostedes fixeron demagogia lamentable para atacar un goberno. Lamento que non aproveiten hoxe para pedir desculpas...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. ¡Silencio!

(*Unha señora deputada:* No tenéis sentimientos.) (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*)

O señor TELLADO FILGUEIRA: ¿No tenéis sentimientos?...

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! (*O señor Beiras Torrado pronuncia palabras que non se perciben.*) Señor Beiras, silencio. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Prosiga...

O señor TELLADO FILGUEIRA: Señor Beiras, podo falar o que queira porque estou no uso do meu turno. Vostede, que acaba de chegar ao hemiciclo, non está no uso da palabra.

O señor PRESIDENTE: Silencio.

Non dialogue, señor Tellado, déixeme que dialogue eu co señor Beiras.

Señor Beiras, silencio, por favor.

Prosiga, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Remato xa –non imos entrar no articulado concreto da proposición de lei– indicándolles que dende o Grupo Parlamentario Popular entendemos que a súa iniciativa introduce, dende logo, moitísimas dúbidas dende o punto de vista técnico-xurídico e entendendo que o seu grupo, de consideralo conveniente, pode levar esta iniciativa ao Congreso dos Deputados. Imos estar atentos a ver se o Grupo Socialista no Congreso dos Deputados o tramita; dende hoxe imos estar atentos.

Dende logo, nós cremos que non lle corresponde a esta Cámara presentar esta iniciativa á Mesa do Congreso dos Deputados, xa que se trata dunha materia legislativa que é competencia exclusiva do Estado, e entendemos que, polo

tanto, non lle corresponde ao Parlamento de Galicia tomar en consideración esta proposición de lei proposta.

Nada máis e moitas grazas. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

Réplica.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, autor da proposición de lei, a señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

En primeiro lugar, quero dar as grazas aos grupos parlamentarios que dixeron que ían votar a favor.

En segundo lugar, quero dicir varias cousas, por estas perlas estupendas e hiperintelixentes que nos acaba de ofrecer aquí o señor voceiro do Partido Popular.

En primeiro lugar, vostede di que Galicia non ten competencia para poder exixir do Estado a modificación dunha lei estatal que nos afecta.

Primeiro, está vostede chamando incompetentes os servizos desta Cámara, que admitiron a trámite a posibilidade desta iniciativa. (*Aplausos.*) Iso, o primeiro. E merecen un respecto, e, pola súa banda, merecen desculpas.

En segundo lugar, está dicindo vostede que Galicia non ten competencia para exixir do Estado español a modificación dunha lei estatal que nos afecta. Polo tanto, esa é a súa visión, a visión do Partido Popular, de cal é a posición da nosa Comunidade Autónoma no mundo e no país.

En terceiro lugar, señor Tellado, o seu rigor xurídico é máis que coñecido, o seu persoalmente.

E o rigor que tivo o Goberno estatal ao dicir –o que hoxe é presidente do Goberno en funcións– que só eran “hilillos de plastilina” non é necesario que eu o diga aquí. (*Aplausos.*) Iso si que é rigor: só son “hilillos”. Vouno dicir incluso de maneira graciosa e entrecomiñada: só eran “hilillos de plastilina”.

E, en terceiro lugar, vostede sabe ben que o problema do *Prestige* se orixinou porque ás remolcadoras lles consentiron –vostedes, por certo–, por unha cuestión de cartos, que paseasen o barco dun lado a outro durante quince días. Esa foi a orixe do problema. (*Murmurios.*)

E, en cuarto lugar, vostede está chamando incompetente ao antigo fiscal do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e está chamando incompetente ao fiscal especialista en Medio Ambiente, que levou... (*Murmurios.*)

Presidente, eu, cando el interveu, non o interrompín.

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora VILÁN LORENZO: Pido por favor o amparo da Presidencia... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Eu non o interrompín.

O señor PRESIDENTE: Vostede, efectivamente, non, pero houbo certas interrupcións.

Iso é bo; é bo que no debate non haxa interrupcións.

A señora VILÁN LORENZO: Pero pídlle que, como eu non o interrompín, el no me interrompa a min.

O señor PRESIDENTE: Ten razón vostede; polo tanto, prego que non interrompamos nin uns aos outros nin os outros aos uns, para que isto vaia ben.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

E está chamando tamén vostede incompetente ao fiscal especialista en medio ambiente, que levou o asunto do *Prestige* na Audiencia Provincial da Coruña e que fixo unhas declaracións que lle vou ler e que logo lle vou prestar. Podería ir falar con el e preguntarlle. Chámase Álvaro García Ortiz. E Álvaro García Ortiz dixo o seguinte –vouno ler en castelán, porque está escrito en castelán–: “*Hay perjudicados que han cobrado a través de los decretos de indemnización del Estado y se sienten satisfechos; otros, que cobraron una parte a través del Fidac; algunos, que no han sido reconocidos como ellos querían; y otros que están en la causa como puros perjudicados. Y después están las administraciones. El camino para fijar las compensaciones va a*

ser largo; es difícil fijar un plazo después de los trece años anteriores. Básicamente el grueso de estas indemnizaciones será para las administraciones, pero también hay perjudicados privados que reclaman cantidades importantes. La Fiscalía ha establecido la cantidad cuantificada en 4.400 millones de euros. Agotar la póliza es viable, aunque superar un daño, una catástrofe medioambiental como la del Prestige, nunca será posible. Un sistema procesal que permite que un caso se demore trece años y que todavía haya juzgados especializados es un mal remedio para catástrofes de esta naturaleza”.

Logo doulla e, de paso, pódolle dar tamén o seu teléfono. Chame vostede á Fiscalía, aquí, en Santiago, e fale con el, porque para o seu rigor xurídico é imprescindible que empece a aprender un pouco de rigor xurídico. Por certo, hai indemnizacións posibles, que se elevarían a 1.468,70 millóns de euros, que se poden reclamar da aseguradora P&I, tamén do armador, tamén do Fidac e tamén moi por baixo deses catro mil e pico millóns de euros que a Fiscalía estimou que debería de ser a indemnización do *Prestige*.

Vostedes, coa súa posición, o único que nos están a dicir aquí –ademais de todas as lindezas que vostede dixo antes– é que son uns incompetentes para xestionar hoxe o país e naquel momento a catástrofe do *Prestige*, e vostedes, ademais –vostede persoalmente–, acaban de faltar ao respecto aos miles de voluntarios que viñeron limpar as nosas costas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: ...e as miles de persoas que saíron á rúa (*Aplausos*.) reclamando unha xustiza e unha indemnización xusta.

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Pasamos a debater o seguinte texto lexislativo.

Debate e votación do Ditame elaborado pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre a Proposición de lei, para presentar

perante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para a presentación do Ditame da comisión ten a palabra o presidente da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.

O señor PRESIDENTE DA COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS (Nóvoa López): Bo día.

Esta proposición de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica da transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia, presentouse polo Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego no Rexistro do Parlamento con data 15 de decembro de 2014, co asento rexistral número 31372.

A Mesa do Parlamento o 16 de decembro de 2014, logo da súa admisión a trámite, dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

O Pleno do Parlamento, na sesión do 29 de setembro de 2015, tomou en consideración a precitada proposición por unanimidade.

Así mesmo, a Mesa do Parlamento, na reunión do 6 de outubro de 2015, acordou a apertura do prazo de presentación de emendas ao articulado, que rematou o 26 de outubro de 2015 coa formulación dunha emenda da autoría do Grupo Parlamentar Popular de Galicia. E, logo da audiencia da Xunta de Portavoces, asignou a súa tramitación á Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, comisión que procedeu na sesión do 3 de decembro de 2015 á designación dos seguintes ponentes:

Polo Grupo Parlamentar Popular de Galicia: don Alejandro Gómez Alonso, titular, e don Jesús Goldar, suplente.

Polo Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia: don Raul Fernández Fernández, titular, e dona Patricia Vilán Lorenzo, suplente.

Polo Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego: dona Ana Belén Pontón Mondelo, titular, e don Francisco Xesús Jorquera Caselas, suplente.

Polo Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda: don Antón Sánchez García, titular, e don Manuel Fajardo Recouso, suplente.

E polo Grupo Parlamentar Mixto: dona Consuelo Martínez García, titular, e dona Carmen Iglesias Sueiro, suplente.

Logo da sesión consultiva da Ponencia o 25 de xaneiro de 2016, na seguinte reunión, o 1 de febreiro, emitiu o informe correspondente.

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na sesión do pasado 4 de marzo, aprobou por unanimidade o ditame que estou a presentar.

Esta proposición de lei, precedida da correspondente exposición de motivos, consta, ademais, de 2 artigos, así como de 4 disposicións adicionais e unha derradeira.

Cómpre, pois, rematar a tramitación deste procedemento lexislativo, en especial coa aprobación, se é o caso, da proposición de lei deste Parlamento para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia.

Nada máis.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Nóvoa.

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a posición sobre o ditame.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, señora Fernández Rodríguez.

A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

En primeiro lugar, vou comentar que si que imos votar a favor deste ditame elaborado pola Comisión 2ª sobre a Pro-

posición de lei, para presentar perante o Congreso, en Madrid, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia. Mais si quero comentar tamén que na propia comisión non estive-mos de acordo coa emenda que presentou o Grupo Popular, coa eliminación do primeiro parágrafo do proxecto da exposición de motivos, que dicía: “A xestión desta autoestrada por parte do Estado é motivo de controversia, non só polas abusivas peaxes, senón tamén pola deterioración e polo servizo deficiente que presta a concesionaria, coa complicidade do Goberno central”.

Agardamos dende o Grupo Mixto que, despois de varios rexeitamentos e escusas do Goberno central, este traspaso se faga realidade, e así poder sumarnos ao que aconteceu coa concesión da A-8 en Euskadi no ano 1999, e que poidamos así subsanar todas as eivas e os males que acarrea esta autopista.

Entendemos que a autopista, que é a vía principal practicamente da xeografía galega, que vertebra o territorio, sobre todo o que son as provincias atlánticas da Coruña e de Pontevedra, e que pasa por 5 das 7 cidades galegas, é importantísima; de feito, é onde se desenvolve todo o tema económico e tamén social, sobre todo por este desaxuste que temos dentro do territorio galego.

Entendemos que é unha vía insustituíbel, porque de momento non hai alternativa; aínda nos falta bastante para chegar á vertebración do territorio.

Esta vía, que entrou en funcionamento nos anos setenta, segue a ser a principal infraestrutura, e parécenos inconcibible que aínda teñamos un período de concesión de 75 anos.

Tamén é certo que, desgraciadamente, en Galicia tamén temos outra autopista, que é a A-53, que vai de Santiago ao alto de Santo Domingo, en Dozón, que tamén ten unha concesión de réxime de pago por 75 anos.

Hai que dicir que outras autopistas da xeración da galega, que entraron en funcionamento nos anos setenta, a finais desta década, van deixar de ser de pago, como é a autopista de Andalucía, a de Burgos e a do Mediterráneo. Mais aquí aínda nos vai quedar bastante, ata o ano 2048, e cremos que xa está ben disto, que hai que subsanaló.

Unha das causas desta longa duración da concesión é que é unha das autopistas máis rentables do Estado. Aproveítanse bastante da falta de infraestruturas que temos e padecemos todas as galegas e os galegos. Temos un matrimonio forzoso –porque non nos preguntaron– entre a sociedade galega e a propia Audasa.

No ano 2003, co Goberno de Aznar, esta concesión prorrogouse. Hai que dicir que esta empresa, que fora rescatada nos anos setenta pola crise do petróleo, se vendeu a un dos seus “amiguetes” naquel momento, que era Sacyr-Vallehermoso, aínda que hoxe está en mans do grupo Itinere.

Entendemos que o servizo que presta esta autopista é moi deficitario, con prezos prohibitivos que son un atraco en toda regra e que provocaron unha gran baixada de usuarias e usuarios.

Entendemos que tamén hai unha falta importantísima de supervisión e mantemento. Hai unha redución demasiado polémica da plantilla dos propios traballadores, que se ve reducida a un número de hai case vinte anos, cando a propia autopista incrementou o seu beneficio case nun 170 %.

E hai un gran, non sei se dicir esquecemento, case intencionado: que non se teñan en conta as características climatolóxicas da propia terra. Creo que o Goberno central como que pasa de todo, non ten en conta que aquí chove, que aquí hai xeo, que aquí hai sarabia, que aquí hai neve. Incluso falta mantemento, e incluso o que é o propio pavimento se está a substituír por asfalto non drenante.

Incluso hai unha gran inconsciencia na que tamén entra o tema de medio ambiente, que son case culpables da implantación da famosa herba da Pampa.

Entendemos que hai unha falta de adecuación ás circunstancias, sobre todo no que son as saídas e entradas que dan servizo ás grandes cidades. Non se teñen en conta moitas veces datas importantes ou épocas puntuais neste tipo de atascos. Entendemos que debería estar dentro do contrato da propia concesión –que non figura actualmente– a obriga de erguer barreiras en caso de atasco de ringleiras de quilómetros, cousa que aquí non acontece. Sempre se lles deron varios toques de atención e nunca foi sancionada, ¡aquí non pasa nada!

Tamén é gravísimo que moitos profesionais do transporte se vexan obrigados a usar outras alternativas polos prezos prohibitivos, sobre todo desta liña que vertebra o norte e o sur do territorio e que incluso forma enlace con Portugal.

A redución da velocidade, que é outra das características que acontece en moitos tramos de entrada a algunhas cidades, como Vigo, por exemplo. Unha vía de alta prestación cunhas características que non ten unha vía como unha estrada.

E tamén quedou obsoleta dende os anos setenta –o que falaba antes– nas entradas e saídas; practicamente non dá servizo á maioría das vilas polas que pasa.

As áreas de descanso é outro conto, porque non ten nada que ver... Se un viaxe por Europa, isto é terceiromundista.

Entón, por todas estas características, pérceme increíble que a día de hoxe só houbera palabras e non feitos de apercibimento sobre esta empresa.

Dende o 2011, que se subiron as tarifas da peaxe, houbo unha redución de tráfico rodado. Os últimos anos si que é certo que as tarifas non subiron, porque tampouco houbo un incremento de usuarios e usuarias. Pero si houbo un incremento nas estradas que foron un pouco a alternativa, tanto a N-550 –que vai da Coruña a Tui–, que ten picos importantes de tráfico sobre todo en relación cos puntos de peaxe, como son Sigüeiro e Caldas de Reis; incluso a alternativa que hai de Ferrol á Coruña, que é a N-651, sobre todo ao seu paso por Cabanas.

E tamén vemos que segue sendo unha das máis caras –como dixen antes– do Estado, por detrás de dúas catalás. Entendemos que hai un gran desleixo, e unha das últimas medidas que tomou o Ministerio de Fomento foi obrigar o sector do transporte a circular polas autoestradas para recuperar un pouco o que son os ingresos pola peaxe.

Tamén dicir que houbo como certos pactos un pouco ás costas doutras administracións locais, como a chantaxe da ampliación do que era a saída da Coruña, coa que se quería compensar un incremento desa taxa coa condición de facer a ampliación; era un incremento do 1,5 sobre os vindeiros vinte anos. Entendemos que isto realmente non é un problema legal, senón un problema de vontade política. Si enten-

demos que é factible, porque xa temos algún caso, algún precedente, e entendemos que o Estado ten que asumir as obrigas económicas. E si entendo que temos que acordar o rescate e a concesión da autoestrada para revertela ao ámbito público. Entón, imos votar que si.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.
Señor Fajardo.

O señor FAJARDO RECOUSO: Bo día a todos e a todas.

O vindeiro mes vai facer 37 anos da entrada en funcionamento do primeiro tramo da AP-9, entre Santiago norte e A Barcala. Son 37 anos dunha historia que ten que ver coa aldraxe a un pobo, co roubo continuado aos traballadores e traballadoras e tamén ás arcas públicas. Con como gobernos continuos foron utilizando a AP-9 como un mecanismo para dotar de financiamento e de capacidade económica empresas privadas que hoxe continúan a sangrar non só a Administración pública a través das peaxes na sombra, senón tamén o conxunto de traballadores e profesionais que a diario se ven obrigados a utilizar unha das autoestradas máis caras non só do conxunto do Estado, senón tamén incluso de Europa.

É tanto así que, se somos capaces de ver a titularidade desta estrada, vemos como unha estrada que xa pagamos os galegos máis dunha vez, a día de hoxe no seu 45 % é propiedade dun fondo buitre americano que é capaz, ademais, de ser o mesmo fondo buitre que comprou as hipotecas de decenas de miles de cidadáns deste país e tamén do conxunto do Estado a través de Bankia. Polo tanto, a día de hoxe a nosa autoestrada pertence maioritariamente a un fondo buitre americano que está botando das súas casas a xente que non pode pagar as súas hipotecas. Polo tanto, estamos ante unha das aldraxes máis absolutas da historia deste país; pois un elemento que é fundamental non só para a mobilidade das persoas, das mercadorías, senón para a nosa economía, que significa que é a única vía de enlace entre o norte e o sur con criterios de seguridade, de capacidade e de tempo, resulta que está sendo utilizada por un fondo buitre.

Un goberno que entrega unha infraestrutura fundamental a un fondo buitre ¿como se pode entender? Pois como un goberno que dá de comer aos buitres. Un goberno que converte a cada unha das persoas que utiliza esta autoestrada en comida para ese fondo buitre, en elementos de extorsión económica para ese fondo buitre.

Polo tanto, o primeiro que temos que dicir é que hai que apoiar esta iniciativa pero hai que apoiála co obxectivo de ser capaces de recuperar para o público unha infraestrutura que nunca debeu deixar de ser pública.

Por se isto non fora suficiente aldraxe, o que é máis aldraxe é que o conxunto do Itínere teña valorada esta autovía en 2.000 millóns de euros, e que o 25 % desta autovía pertenza a Abanca. ¡Que casualidade!, 2.000 millóns de euros de valoración, 9.000 millóns de euros entregados do conxunto de todos os galegos e as galegas a Abanca para que, a cambio, sexa capaz de seguir explotando esta autovía e, como digo, roubándonos directamente a cada un de nós.

Polo tanto, en termos económicos non hai xustificación posible para que a autovía non sexa galega e dos galegos. Non se pode explicar dende a ética política que esta autovía continúe formando parte dos que roubaron a este país. Por unha parte, daqueles que provocaron a crise financeira, e, por outra, deses fondos buitres que continúan sangrando a cada unha das persoas do conxunto do Estado a través das autovías, a través das hipotecas e de todos os mecanismos posibles que fixeron que esta crise signifique o maior atentado ás condicións económicas e sociais da maioría social.

Pero, logo de toda esta aldraxe, ¿temos unha autovía que reúne as condicións necesarias?, ¿que pode ser utilizada? Despois de toda esta aldraxe, temos as peaxes máis caras do conxunto do Estado. Hoxe ir dende Tui ata A Coruña custa 17,85 euros, ¡unha absoluta barbaridade! É dicir, hoxe é máis barato coller un avión en Lavacolla e ir a Frankfurt, que vale 14,99, que trasladarse dende Tui á Coruña. En termos económicos non se pode entender esta situación, salvo que a acción política estea dedicada a drenar diñeiro de todos a aqueles que nos fan máis difícil o día a día.

Pero non só iso, é unha aldraxe para os traballadores que a teñen que utilizar como única alternativa diaria para ir aos seus postos de traballo. Decenas, miles de traballadores

teñen que utilizar esa autoestrada para ir todos os días ao seu posto de traballo. Eu poño un exemplo: Caldas de Reis-Santiago de Compostela, un tramo utilizado por profesionais públicos, por traballadores que teñen o seu posto de traballo en Santiago, 7,10 euros ida e volta cada traxecto. É dicir, en moitos casos chega a supoñer o 20 % dos ingresos mensuais dunha familia o custo desta autoestrada. Polo tanto, todo ese proceso de ser capaces de drenar diñeiro público ás empresas privadas significa pobreza, significa espolio do conxunto dos nosos cidadáns.

Pero é que ademais se lle permiten auténticas aberracións: retencións continuas sen que ninguén faga nada. ¿É que non saben xestionar e non saben detectar aqueles momentos de picos de utilización da autoestrada para que sexa capaz de absorber esta situación de picos de incremento de utilización? Pois, ano tras ano, estas colas prodúcense de forma continua sen que ninguén faga nada. Iso si, Feijóo, ese Feijóo que agora di que se vai ir para a empresa privada –ao mellor vaise para a empresa privada porque xa sabe que cando un perde o Goberno autonómico sae toda a merda a reflotar, ao mellor ese é o seu obxectivo de irse para a empresa privada–, di que si, que vai tomar medidas. Pero veremos de novo cando chegue Semana Santa, cando chegue o verán, como se volverán dar estas colas.

Pero non só iso, é que nin sequera somos capaces de xerar emprego nunha infraestrutura que sería capaz de dar moito emprego a este país. Un 2,5 % de emprego pérdese cada ano nesta infraestrutura. Porque son capaces de eliminar postos de traballo para introducir maquinitas de cobro que o único que significan é deixar familias sen o seu posto de traballo. E ¿que fai o Goberno para eliminar todo isto, para traballar contra isto? Declaracións, declaracións tras declaracións. No 2007, Feijóo nesta mesma tribuna exixía á Xunta contundencia para recuperar a autoestrada para Galicia; tamén no 2007 se dirixían ao Goberno do Estado para que isto fose unha realidade. É máis, no 2009 poñían no seu programa que era un obxectivo prioritario recuperar esta autoestrada para Galicia. E ¿que fixeron desde o 2009 ata hoxe? Absolutamente nada. Declaración institucional tras declaración institucional.

Polo tanto, nós esperamos que o que hoxe se aprobe neste Parlamento sirva para algo, que non sexa máis que o que habitualmente fai o Goberno do Partido Popular ou o bipar-

tidismo deste país, que son accións políticas hipócritas. Aprobar iniciativas que saben que non van saír de ningún caixón, que non van ter ningunha practicidade para o conxunto dos cidadáns deste país. Polo tanto, hoxe, dende esta tribuna, reclamamos que non nos quedemos só na aprobación desta iniciativa tan necesaria, senón que se dean os pasos suficientes para que sexa unha realidade. Non valen escusas, ¡non valen escusas! Non vale o que dicían os ministros do Partido Socialista como o señor Pepe Blanco, ou os ministros do Partido Popular, que é unha autoestrada de interese público porque é de carácter internacional, e, polo tanto, non se pode facer.

Incumpren vostedes o Estatuto de autonomía deste país, que di que debe de ser carácter galego esta autoestrada. É mentira que sexa internacional porque non chega a Portugal, porque en Portugal xa é a A-55, non é a AP-9. Polo tanto, nin sequera niso son vostedes honestos coa súa realidade. Dálles igual incumprir as leis, é evidente. Hoxe tivemos a desgraza de perdernos a comparecencia de Rita Barberá mentres estábamos neste Parlamento, e aí demostrábase como o Partido Popular entende o que é a lei e como entende que a lei está por encima de todo. Por iso obrigan a cidadanía a cumprir a lei, pero o Partido Popular onde goberna, e tamén no seu ámbito privado, incúmprea de forma continua. Polo tanto, hoxe non vimos aquí máis que a pedirilles que cumpran o Estatuto de autonomía. Somos tan radicais dende AGE que o noso obxectivo é que cumpran o Estatuto de autonomía e que recuperen unha infraestrutura que nunca debeu ser do Estado e, dende logo, que nunca debeu ser privada.

Pero ademais é que neste momento hai auténticos problemas gravísimos aos que se lle ten que dar solución. Acumúlanse decenas de sentenzas contra a AP-9 pola falla de seguridade, pola falta de control de accesos á AP-9, pola utilización de obstáculos na vía, pola utilización de asfalto pouco drenante que provoca saídas de vía continuas e, polo tanto, tamén mortos. Hai sentenzas xa nos xulgados de Caldas, de Vilagarcía, de Vigo, que condenan a AP-9 pola falla de seguridade. Teremos que dicir algo, a ver se dunha vez por todas sabemos que vai pasar coa ponte de Rande, porque levan máis dun ano sen saber que facer coa ponte de Rande. Ao mellor o problema é moito máis grave do que nos están contando. Ou que está pasando con eses centenares de veciños que se teñen que concentrar case todos os días en Chapela para defender os seus dereitos. Para que se atendan as súas

reivindicacións en canto a expropiacións ou en canto a, por exemplo, que unha autoestrada non acabe coa vida dos escolares dun país, que están sendo atacados no seu día a día porque conviven cun tráfico que fai imposible que teñan as súas clases en condicións de dignidade.

Polo tanto, é o momento de dar un paso adiante. Recuperemos para o país a autoestrada e deamos o paso de que se nos devolva o que é noso: non podemos continuar pagando algo que non ten ningún sentido. Fíxense vostedes, as propias multinacionais recoñecen que o valor desta infraestrutura que se vai regalar ata o 2048 é de 2.000 millóns, pero a renglón seguido recoñecen que van ingresar 9.500 millóns. É un desfalco, é un timo, é unha auténtica barbaridade que soamente se pode consentir se os que nos gobernan non gobernan para a maioría social, senón para esas empresas privadas ás que acabará chegando o presidente do Goberno, por certo, no seu último mandato.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fajardo.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente. Moi bo día.

Para o Bloque Nacionalista Galego a AP-9 é todo un símbolo de agravio para os galegos e as galegas e tamén de até que punto as privatizacións foron unha estafa.

É un agravio porque non entendemos por que os galegos e galegas temos que pagar durante 75 anos as peaxes da AP-9; unha decisión política adoptada polos gobernos do Partido Popular. Entendemos que isto é un saqueo do peto dos galegos e das galegas, que temos as peaxes máis altas a pesar de que temos os salarios máis baixos. Esta é a xustiza coa que nos gobernan desde Madrid.

Saudamos que por primeira vez neste Parlamento abordemos a cuestión da transferencia da AP-9 solicitando formalmente, a través dunha proposición de lei, que esta sexa de titularidade galega, e vai ser a primeira vez na historia deste Parlamento que, como institución, deamos ese paso adiante;

algo que, por certo, non preocupou durante estes anos os gobernos do Partido Popular, porque nós entendemos que é básico para o futuro de Galiza romper o centralismo, e tamén agradecemos hoxe que todos os grupos vaian apoiar esta iniciativa que propuxo e formulou o Bloque Nacionalista Galego. Cremos que é un paso importante para incrementar o poder político que temos que ter en Galiza e para decidirmos sobre aqueles asuntos que son fundamentais para o noso futuro e que condicionan, neste caso, a mobilidade dunha parte moi importante no noso territorio.

Digo isto ao mesmo tempo que tamén quero que quede constancia do malestar do Bloque Nacionalista Galego pola tramitación desta lei. Fíxense, iniciamos o debate desta iniciativa nun pleno o 29 de setembro do ano pasado. Tardaron seis meses en que se puidera tramitar esta lei no Parlamento de Galiza, a pesar de que só tivo unha emenda por parte do Grupo Popular. Creo que é todo un récord e toda unha mostra de como para o Partido Popular esta non era unha prioridade. E vese forzado, pola iniciativa do BNG, a ter que apoiar esta iniciativa, pero para nada forma parte das súas prioridades políticas. Parécenos que é, desde logo, unha mostra moi clara de como consideran vostedes aqueles asuntos que son fundamentais para o país.

Tamén agradecemos que hoxe se vote aquí, pero facendo memoria, e a memoria o que nos di é que o Partido Popular hai moi poucos meses tivo a oportunidade no Congreso dos Deputados e Deputadas de dar un paso para que a transferencia fora unha realidade, porque no Congreso, no mes de maio, a finais do mes de maio, se debatía esta mesma iniciativa que hoxe estamos tramitando no Parlamento galego e, lamentablemente, onde se tiña que tomar a decisión, o Partido Popular votou en contra.

Cremos que hai que acabar dunha vez con este dobre xogo e con esta dobre moral cos intereses do noso país. Non é lícito que se diga aquí unha cousa e que se faga en Madrid a contraria, porque iso o único que nos di é que o Partido Popular traizoa a Galiza cando ten a posibilidade de poder defender os nosos intereses e, neste caso, de incrementar o noso autogoberno.

Con todo, nós agradecemos que hoxe este Parlamento vaia apoiar a iniciativa que formulou o Bloque Nacionalista Galego, porque, como dicimos, é un paso adiante importan-

te para acabar co agravio e co saqueo que supón a AP-9. Nós defendemos ter capacidade para decidir sobre aqueles asuntos que son fundamentais na articulación do país; pois, neste caso, entendemos que, para poder facer unha política de comunicación do propio país, non ter a titularidade da AP-9 supón un problema importante.

Creemos tamén que hai que rematar cunha xestión que fixo o Goberno do Estado, que foi claramente sempre contraria aos intereses dos galegos e das galegas, sobre todo o que significou a privatización e tamén as peaxes. Sorpréndenos que a única emenda que presentara o Grupo Parlamentario Popular a esta iniciativa fora para eliminar na exposición de motivos a referencia a que as peaxes eran un abuso e a que había unha mala xestión por parte do Goberno do Estado. Estaría ben que hoxe o portavoz do Grupo Popular nos dixera se lle parecen ben as peaxes da AP-9 e se considera que o Estado está xestionando ben esta infraestrutura. Nós dicimos que as peaxes son un auténtico abuso, que non é de recibo que dende o ano 2003 mentres os galegos e galegas cada vez tiñan menos poder adquisitivo as peaxes se incrementaran nun 50 % e que agora veñan aquí eliminar esa parte que, xa digo, non é valorativa, é simplemente descritiva de cal é a realidade e a xestión que fixo o Goberno do Estado en relación con isto.

Entendemos que as peaxes que pagamos pola AP-9 na práctica supoñen un imposto á circulación para este país, un imposto á circulación que pagamos todos os galegos e as galegas e que repercute en que unha parte moi importante de traballadores e traballadoras deste país non poden afrontar o pago das peaxes, teñen que circular por vías que son máis inseguras, máis lentas e, polo tanto, están incrementando tamén a inseguridade no ámbito viario. Entendemos que este é un imposto que, ademais, só beneficia unha concesionaria privada; unha concesionaria que está facendo negocio cunha autoestrada que atravesa a zona máis poboada do noso país e que atravesa a zona con maior actividade económica; un imposto, polo tanto, inxusto, regresivo e que constitúe un lastre para o desenvolvemento do noso país.

É, sen dúbida, a AP-9 un paradigma dun modelo centralista e da estafa das privatizacións. Vimos como hai un modelo que claramente, na articulación das comunicacións no noso país, non pensa en cales son as necesidades internas dos galegos e das galegas, senón en como chegar antes a Madrid.

Vímolo nas autoestradas, e repítese no sistema de ferrocarril. A nós parécenos que é fundamental rachar con ese esquema centralista e radial das comunicacións en Galiza, parécenos un disparate que sexa máis barato ir a Madrid que poder viaxar pola zona máis poboada do noso país. Fíxense que hoxe, para ir desde Ferrol a Madrid, páganse de peaxes 16 euros. Para ir desde Ferrol a Tui pagamos 20 euros. ¡É unha auténtica barbaridade!, e é unha demostración de cal é a concepción que ten o Estado das necesidades de Galiza. O grave é que todo isto se ten feito coa conivencia do Goberno da Xunta de Galiza. Parécenos, nese sentido, que temos moito que avanzar e que hai que dar un cambio importante na xestión da AP-9.

Para o Bloque Nacionalista Galego a solicitude da transferencia significa ter poder político para cambiar unha situación que claramente é un agravio comparativo e un lastre para o desenvolvemento do noso país. Pensamos que temos que camiñar cara a unha AP-9 libre de peaxes, porque esta autoestrada está máis que pagada e requetepagada polas galegas e os galegos. É un insulto á intelixencia do noso pobo que se nos diga que aínda non amortizou a concesionaria os gastos feitos nesta autoestrada. Fíxense, desde o ano 1979, a concesionaria leva recadado 2.441 millóns de euros, que saen do peto dos galegos e das galegas. Son uns recursos importantísimos. Todos os anos, mesmo os anos da crise económica, a concesionaria tivo beneficios mentres os galegos e as galegas tiñan perdas de salario, e non se lles facía nin se lles aplicaba unha política de bonificacións que fora, como mínimo, igual que a que teñen outras partes do Estado. Fíxose unha rebaixa á última hora que só afecta a un tramo e que é claramente inferior á que outras autoestradas teñen no conxunto do Estado español.

¿Por que os galegos e as galegas estamos discriminados e discriminadas tamén neste ámbito? ¿Por que o Partido Popular mantén e apoia unha política que claramente vai en contra dos nosos intereses como pobo? Pois ben, nós dicimos que non queremos unha concesionaria nin que os galegos e galegas teñan unha penalización e teñamos que seguir pagando esas peaxes até o 18 de agosto de 2043 —¡18 de agosto de 2043!—. ¿Queren vostedes que Galiza, que os galegos e galegas, sigamos pagando unha das peaxes máis elevadas do Estado? ¿É xusto que vaiamos a pagar 4 ou 5 veces o custo desta infraestrutura a custa dos petos dos galegos e das galegas?

A nós parécenos que isto é un abuso. Por iso hoxe dicimos: damos un primeiro paso coa solicitude da transferencia, mais con este primeiro paso cremos que todos os grupos políticos se deberían comprometer a que, efectivamente, en Madrid, que é onde teñen que tomar esta decisión, se vaia ter o mesmo voto que se ten aquí, porque, se non, estaremos cunha segunda aldraxe, a aldraxe da mentira á que xa nos teñen acostumados.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señoras deputadas, señores deputados, bos días a todas e a todos.

Señorías, o Grupo Socialista é consciente do debate que se suscita neste punto da orde do día. Estamos a debater o Dita-me elaborado pola Comisión 2ª sobre a Proposición de lei, a iniciativa do Bloque Nacionalista Galego, para presentar perante o Congreso dos Deputados, que ten como finalidade que se produza a transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Xunta de Galicia.

Esta infraestrutura viaria foi obxecto de múltiples iniciativas e dos correspondentes debates nesta lexislatura e tamén nas anteriores; iniciativas que atinxiron ás tarifas das peaxes, ás retencións nas cabinas de peaxe, ás ampliacións en diferentes puntos da rede, ao seu mantemento e conservación e aos beneficios, e tamén aos beneficiarios, da súa explotación. A acumulación de iniciativas e debates sobre a AP-9 pon de manifesto a súa importancia para Galicia e para os galegos e as galegas. Efectivamente, a autopista de peaxe AP-9 resulta ser a principal estrada de comunicación de Galicia e o principal eixo de comunicación viario que relaciona o norte co sur e o sur co norte. Por si soa ponnos ás portas da Cornixa cantábrica –Asturias, Cantabria, País Vasco, Francia, Europa– e ás portas de Portugal pola costa. Está implantada no ámbito de residencia de arredor do 60 % da poboación galega e tamén –arredor do 70 %– da actividade económica de Galicia. É capaz de relacionar directamente as 5 das 7 principais cidades de Galicia: Ferrol, A Coruña, Santiago, Ponteve-

dra e Vigo. No seu longo percorrido canaliza e dá soporte ao intenso tráfico viario de cidades, vilas e pobos da franxa atlántica, mesmo resulta ser a liña de confluencia de movementos sociais, comerciais, económicos, industriais, etc.

A AP-9, polo tanto, vertebra a comunicación entre as principais cidades occidentais galegas e ten un papel decisivo na integración e articulación do sistema urbano galego, impulsando a mobilidade e ordenando e xerarquizando os sistemas de comunicación viarios.

A AP-9 resulta ser unha arteria imprescindible de conexión e articulación do noso territorio; unha infraestrutura estratéxica, vital para Galicia, así como un instrumento fundamental de vertebración social e económica. A Autopista do Atlántico debe exercer plenamente este rol para poñelo ao servizo dos galegos e das galegas, e non ao servizo doutros intereses á custa dos galegos e das galegas. A AP-9 naceu coa vocación de ser unha permanente oportunidade de crecemento para Galicia. Hoxe segue a ser imprescindible, mais non cumpre ese papel. Ese papel de xerar un valor engadido cuxos beneficiarios eran os usuarios mudou de receptores por decisións políticas dos gobernos do Partido Popular. A percepción social é que esa oportunidade para Galicia que representa a AP-9 mudou por decisións políticas nunha oportunidade exclusivamente económica para a concesionaria.

A AP-9 está a perder ese atractivo e o seu papel como palanca de crecemento. Cada ano que pasa deixa de ser un valor engadido para a sociedade e para a economía dos galegos e das galegas e estase a converter nunha carga inasumible para familias e empresas: cargas que impón a xestión actual da AP-9 para engordar os seus beneficios; permanentes subas das peaxes, mesmo do IVE; diferentes prezos nos distintos tramos con afán claramente recadatorio; e ningún tipo de bonificación tarifaria en función de horarios ou de épocas do ano. O propio Ministerio sitúa a AP-9 como unha das autoestradas máis caras de España para as diferentes categorías de vehículos. Así, para os vehículos de categoría 3, ten os prezos de utilización máis elevados de España; para os vehículos de categoría 2, ten os terceiros prezos máis caros de España e para os vehículos de categoría 1, ten os segundos prezos máis caros de España.

O resultado final deste modelo de xestión da AP-9 é concluínte. Soamente dous datos. Na rede estatal, por termo medio

o custo é de 0,035 euros por quilómetro, é dicir, 3,5 céntimos por quilómetro. Na AP-9, o custo é de 0,062 euros/quilómetro; é dicir, 6,2 céntimos por quilómetro. Isto significa que a AP-9 é 4,6 veces máis cara que as demais autopistas do Estado. O percorrido completo da AP-9, dende Ferrol ata Tui, ten un prezo para os vehículos lixeiros de preto de 20 euros, e de máis de 44 euros para os vehículos pesados.

Señorías, a AP-9 é unha infraestrutura viaria imprescindible para o crecemento de Galiza que perdeu o seu papel dinamizador ao aplicar un modelo de xestión que reduce os beneficios dos usuarios en favor da concesionaria. Con este modelo, as galegas e os galegos sempre perden, perdemos competitividade, e a concesionaria sempre gaña.

O Grupo Socialista ten manifestado reiteradamente e tense posicionado claramente a favor da transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Xunta de Galicia. Cremos que esta autoestrada de titularidade estatal, cuxo percorrido está acoutado integramente no territorio da Comunidade Autónoma, debería ser asumido pola Xunta de Galicia para explotar todo o seu potencial en beneficio do noso país. Cremos que é posible a transferencia da AP-9, permíteo a Constitución española e permíteo o Estatuto de Galicia. Cremos que é necesaria esa transferencia, en base aos múltiples argumentos que vimos aportando os diferentes voceiros desde o inicio da tramitación desta proposición de lei, para xogar un papel central como panca de crecemento de Galicia. E cremos que a transferencia da AP-9 é oportuna, aínda máis no momento actual e incluso futuro, para situar o valor engadido ao servizo das galegas e os galegos.

O Grupo Socialista, dende logo, vai apoiar este ditame da Comisión 2ª.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Fernández.

Grupo Parlamentario Popular. Señor Goldar.

O señor GOLDAR GÜMIL: Moitas grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, señora conselleira de Infraestruturas e Vivenda, moi bo día a todos.

Permítame, señora Pontón, desde a consideración que lle teño, que faga un pequeno inciso antes de comezar; un breve, moi breve inciso.

Teña vostede a seguridade de que, se esta transferencia da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia non fose dun interese especial para este grupo parlamentario, este debate non estaría tendo lugar neste momento. Non se tería tomado en consideración, non se tería conformado a ponencia e debatido na ponencia, non se elaboraría o ditame na Comisión 2ª do pasado día 4 e non viría ao debate de totalidade hoxe aquí. Penso que é boa proba de que a este grupo parlamentario, igual que ao Goberno de Galicia, lle interesa, e moito, que a transferencia da AP-9 á nosa comunidade se produza canto antes.

Indo xa ao fondo do asunto, dicir que me corresponde no nome do Grupo Parlamentario Popular defender a posición política da nosa formación no debate que hoxe vén ao pleno desta Cámara de representación tras o seu preceptivo paso pola Comisión 2ª o pasado día 4, na que foi finalmente aprobado o ditame do que este asunto trae causa.

Como saben as súas señorías, durante o transcurso dos traballos da ponencia o Grupo Parlamentario Popular presentara unha emenda de modificación a unha parte do contido da exposición de motivos que, aínda co voto en contra dos grupos da oposición, foi finalmente aprobada. Esta emenda, para aquelas das súas señorías que non o saiban, pretendeu e conseguiu eliminar do texto da exposición de motivos –que como saben carece de valor normativo e, por tanto, de forza de lei– unha evidente cualificación política ou xuízo de valor pexorativo e improcedente dende o punto de vista da técnica lexislativa, que non resultaba nin acaído nin apropiado, nin moito menos xusto, na nosa opinión.

Non é imaxinable que nunha democracia parlamentaria consolidada, nun país que se chame moderno, quedase ao albur das cambiantes maiorías a introdución ou non na exposición de motivos das leis que promulgan da crítica política á xestión dun goberno anterior ou presente, aínda que esa crítica fose lexítima no debate oral e mesmo no escrito. Dito doutro xeito, señorías, se empregásemos as exposicións de motivos das leis para cargar contra o adversario político en función de quen ostente en cada momento a maioría parlamentaria que a aprobe, converteríamos unha das máis

importantes funcións dunha cámara lexislativa nun mal exemplo de convivencia democrática e de respecto ao que disinte. Salvo, claro está, que queiramos emular a alcaldes e a grupos municipais que, lonxe de practicar a mesura e a responsabilidade na súa xestión, adican o seu tempo a declarar persoas non gratas a presidentes de gobernos. *(Aplausos.)* Se iso é o que queren, nós... este grupo parlamentario, non o desexa, desde logo.

Señorías, tivemos ocasión de dicir, na pasada sesión da comisión que aprobou o ditame desta proposición de lei, que a este grupo parlamentario lle resultaba sumamente curiosa, cando menos, a forma de actuar dalgún grupo político que non hai moito tempo, cando dende Galicia se lle reclamaba a Madrid a transferencia desta vía, de todo o que se di agora nesta Cámara, daquela non se escoitaba nin o máis mínimo, nin a uns nin aos outros. Non poña esa cara de sorpresa, señora Pontón, porque é a realidade; a hemeroteca está aí, os diarios de sesión desta Cámara están aí e todo se pode comprobar perfectamente.

Todos lembramos, todas as súas señorías lembran, sen dúbida ningunha, a señora Magdalena Álvarez e o contenta que se poñía cada vez que alguén lle falaba de Galicia, ou o feliz que estaba cando algún grupo que podía reprobarlle o seu innombrable comportamento coa nosa terra, ela pasaba palabra, eles pasaban palabra. Refírome agora a determinados deputados nacionalistas no Congreso dos Deputados. E así nos foi, señorías, ata entón.

Señoras voceiras e señores voceiros, indo xa ao fondo do asunto, que é o que verdadeiramente importa hoxe... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Eu non sei se o señor Fajardo quere usar o meu turno. Eu cédollo, pero creo que non está previsto, me parece, no Regulamento que vostede, en fin... Eu tratei de escoitalo, como sempre o fago, respectuosamente, e xa vexo que con vostede ese tipo de formas e de respecto non vai. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, a verdade é que non, pero bueno... O señor Fajardo é así e ímosllo perdoar.

Á cuestión. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, non, perdoar eu, para nada. Sabe que... en fin.

Se me deixa, señor presidente, eu vou seguindo.

Indo ao fondo do asunto, debemos dicir que os galegos saben perfectamente que a autoestrada AP-9 é, dende a súa construción, unha estrada de titularidade estatal. E así como sabemos iso, tamén coñecemos que o Goberno de Galicia ten unha política activa en relación coa mesma –diga o que diga a señora Pontón– que se traduce na demanda continua ao Ministerio de Fomento dun mellor servizo nesta vía, así como na intención de asumir a explotación da AP-9. Proba fehaciente diso, que vostede obviou na súa comparecencia e na súa exposición, é a Comisión bilateral do 2 de febreiro de 2010, na que a Xunta de Galicia propuxera xa o cambio de titularidade da AP-9, en virtude do acordo entre ambas administracións, e a materialización do traspaso, mediante un real decreto de traspaso de funcións e servizos e outro real decreto de baixa na Rede de autoestradas do Estado.

O Goberno de España de entón, como xa tivemos ocasión de lembrar e hoxe reiteramos, respondera que non era a fórmula prevista pola entón vixente Lei 25/1998, do 29 de xullo, de estradas, e, polo tanto, non era competencia da Comisión Mixta de Transferencias. O Ministerio de Fomento informara de igual xeito que a AP-9 é un itinerario de tráfico internacional e vía de acceso a portos e aeroportos de interese xeral, polo que sería unha autoestrada de interese xeral para o Estado e debía estar integrada dentro da rede de estradas deste.

A Xunta de Galicia discrepou firmemente das afirmacións anteditas porque entendía que a AP-9 non é un acceso a portos ou aeroportos de interese xeral, porque non serve de acceso a pasos fronteirizos, posto que a concesión da AP-9 conclúe no enlace coa A-55 antes da fronteira de Portugal, sendo esta vía precisamente, a A-55, a que chega a dita fronteira, e tamén porque non enlaza comunidades autónomas, xa que o seu percorrido se desenvolve na súa totalidade polo territorio de Galicia, sen ter continuidade cara a outros territorios.

Do mesmo xeito, deben coñecer tamén que en xaneiro de 2012 o Goberno galego formulou novamente a demanda de traspaso e continúa a traballar nesta liña. Tal é así, que o 18 de xaneiro de 2014 se publicou no Boletín Oficial do Estado... *(Murmurios.)* ...o anuncio –grazas, señor presidente– da Secretaría de Estado de Infraestructuras, Transporte y Vivienda polo que se iniciaba o proceso de información pública da versión preliminar do Plan de infraestructuras,

transporte y vivienda 2012-2014, coñecido polo seu acrónimo Pitvi, e do seu informe de sostibilidade ambiental. A entón Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas presentou o 12 de marzo de 2014 alegacións en materia de vivenda, de infraestruturas ferroviarias, de transporte intermodal e tamén, por suposto, de estradas.

No que atinxe á política de peaxes, señorías, xa lles manifestamos, ao longo dos debates habidos na tramitación desta proposición de lei, que o Goberno de Galicia indicou que faltaban mecanismos para que a cidadanía se puidese beneficiar das infraestruturas amortizadas prematuramente, situación que xera ademais importantes agravios comparativos dende o momento en que nunca existiu un verdadeiro modelo do que debería ser a rede de autoestradas de peaxe.

Polo tanto, señorías, polo tanto, señora Pontón, lle aclaro tamén a pregunta que vostede me facía directamente se estamos ou non de acordo coas peaxes da AP-9 –se me escoita, agradézollo, senón dígollo igual... En fin, non me escoita. Moito respecto o que logo reclaman do Grupo Parlamentario Popular e o que vostedes practican con nós cando falamos, en fin. *(Aplausos.)*

Eu dígolle, señora Pontón, que este grupo parlamentario non está de acordo coas peaxes da AP-9, motivo entre os cales figura e é obxecto de que este grupo político pretenda que se consiga a transferencia desta vía ou autoestrada. *(O señor Beiras Torrado pronuncia palabras que non se perciben.)*

Se quere o señor Beiras tamén pode falar, non teño inconveniente. Eu son novato aquí e vostede é veterano, leva moitos anos. Se quere falar, eu cédolle gustosamente... se lle deixa o presidente, claro está.

Polo tanto, siga. A Xunta de Galicia, señorías, está a formular a demanda de traspaso da titularidade desta autoestrada e continuará facéndoo ata acadalo, xa que ao igual que este grupo parlamentario entende que é conforme coa lexislación vixente e entende que é beneficioso para a súa xestión, como varias veces lle temos dito xa. De feito, o pasado 25 de xaneiro foi publicada no *Boletín Oficial do Estado* a resolución do Ministerio de Hacienda y Administraciones públicas co acordo da Comisión Bilateral de Cooperación e Administración xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia para o inicio das negociacións, co fin de resolver as discre-

pancias en relación con varios artigos, en concreto o 4, o 5 e o 18, coa disposición adicional primeira, co anexo II e coa disposición final quinta da Lei 37/2015, do 29 de setembro, de carreteras, designando para tal efecto un grupo de traballo que propondrá a solución que proceda. Pódolle, se quere, dicir en que consistiron esas alegacións feitas pola Axencia de Infraestruturas. Basicamente, esas alegacións centrábanse na colisión coas competencias autonómicas...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor GOLDAR GÜMIL: ...en relación con dous aspectos. Considerábanse excesivas as posibilidades que establece a lei para aprobar mediante real decreto cambios de titularidade de estradas, entre diferentes administracións sen acordo previo, etc.

En todo caso, señora Pontón, señoras e señores voceiros, o primordial para o Goberno galego, que actúa sempre, sempre actúa en beneficio do interese supremo dos galegos e das galegas, é que o servizo desta autoestrada se preste nas condicións óptimas.

Remato xa, señorías, manifestando que este grupo parlamentario agarda que a aprobación unánime desta proposición de lei hoxe aquí, no Parlamento de Galicia, poida continuar o seu curso no Congreso dos Deputados e remate axiña coa materialización do traspaso da autoestrada AP-9 á nosa comunidade no menor prazo de tempo que tecnicamente resulte posible.

Diciamos hai once días, no pasado debate da Comisión 2ª, e hoxe reafirmámonos novamente, que ogallá, governe quen governe nesta nova lexislatura en España, o que manifestamos solemnemente coa aprobación desta proposición de lei neste Parlamento conclúa coa definitiva transferencia da autoestrada na nosa comunidade, dando cumprimento así a un importante obxectivo para todos os galegos e para todas as galegas.

Aproveitemos pois, señorías

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Goldar.

O señor GOLDAR GÜMIL: ...–remato xa, señor presidente–, que todos os grupos parlamentarios nos temos posto de acor-

do, aínda con diferenzas, nun tema tan transcendente para o futuro das infraestruturas viarias da nosa terra e transformemos en normal, xa que logo, o que adoita ser extraordinario no debate político, reclamando xuntos ao Estado o que todos cremos que é xusto para os galegos e para Galicia.

Máis nada e moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Goldar.

Pasamos, polo tanto...

(O señor Jorquera Caselas pide a palabra.)

Sí, señor Jorquera, ¿para que quere a palabra?

O señor JORQUERA CASELAS: Señor presidente, para reclamar a observancia do Regulamento, e en particular apelando ao artigo 78, que di textualmente que en todo o debate, o que fose contradito nas súas argumentacións por outro ou outros dos intervinientes, terá dereito a replicar ou rectificar por unha soa vez e por tempo máximo de cinco minutos. Cremos que é evidente que...

O señor PRESIDENTE: Señor Jorquera, non, non hai tal... Señor Jorquera, perdón, non hai tal contradición porque... Está ben, pero vostede sabe que non hai tal contradición porque xa expresou claramente o deputado do Partido Popular cal vai ser o seu voto. E sabe tamén vostede que existe o artigo 120, que di que cando non hai emendas nin hai votos particulares non hai dereito ao turno de réplica.

Polo tanto, pechamos aquí este debate e votamos.

A explicación da votación, como houbo unha alteración da orde do día, vouna ler.

Votación dos textos legislativos

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, para presentar ante o Congreso dos Deputados, de responsabilidade civil e ambiental e Ministerio Fiscal.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta toma en consideración.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o Ditame elaborado pola Comisión 2ª, Ordenación do Territorio, Obras Públicas Medio Ambiente e Servizos, sobre a Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica, de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia.

Lémbrolles a todas as súas señorías que, segundo o artigo 163 do Regulamento, se require para este tema maioría absoluta. Polo tanto, someto a votación esta cuestión.

É un tema serio. Por favor, silencio.

Votación do Ditame elaborado pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre a Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica, de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: queda aprobado por unanimidade, con 72 votos a favor.

O señor PRESIDENTE: Unha vez aprobado por unanimidade, e segundo o artigo 163.3 do Regulamento, cómpre que a Cámara, co acordo da maioría absoluta que exige o Regulamento no seu artigo 163, fixe o número de deputadas ou deputados que procederán á súa defensa no Congreso, nun máximo de 3.

A Mesa, logo de escoitada a Xunta de Portavoces na sesión do día 8 de marzo de 2016, acordou propor que sexa tres o número de deputadas ou deputados autonómicos encargados da súa defensa.

Polo tanto, sométese ao asentimento da Cámara esta proposta. *(Asentimento.)*

Por asentimento, dámola por aprobada. Fíxase por asentimento en tres, polo tanto, o número de deputados.

Procederemos agora á designación das deputadas ou deputados para a defensa da proposición de lei, e isto require maioría simple segundo o artigo 163 do Regulamento.

Rematado o prazo fixado para o efecto para designar os deputados e deputadas propostos polos grupos, resultou que foi proposto polo Grupo Parlamentario Popular don José Antonio Goldar Güimil, polo Grupo Parlamentario Socialista don Raúl Fernández Fernández e polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego dona Ana Belén Pontón Mondelo.

Sométese ao asentimento da Cámara. (*Asentimento.*)

Por asentimento, xa que logo, enténdense designada e designados para defender a proposición de lei perante o Congreso dos Deputados a parlamentaria e os parlamentarios antes relacionados, en concreto don José Antonio Goldar Güimil, don Raúl Fernández Fernández e dona Ana Belén Pontón Mondelo.

Quedan designados. Non hai ningunha obxección e, polo tanto, queda aprobado este tema.

Pasamos a votar agora a toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, de modificación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Votamos.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. Popular de Galicia, de modificación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 56; votos en contra, 2; abstencións, 14.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a toma en consideración desta proposición de lei.

Rematamos aquí o punto de votacións. Tal e como xa foi comunicado aos portavoces, pasamos a debater agora o punto que se corresponde coas mocións.

Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Ricardo Vicente Docasar Docasar, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a mellora na aprendizaxe das linguas estranxeiras no Sistema educativo de Galicia

O señor PRESIDENTE: A esta moción non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra o señor Docasar.

O señor DOCASAR DOCASAR: Grazas, presidente.

Señor presidente, señorías, bos días a todos e a todas.

O pasado día 24 de febreiro, o Partido Socialista interpelou ao conselleiro de Educación sobre esta cuestión, polo tanto, comprenderán todos vostedes que os argumentos que imos utilizar no día de hoxe van ser exactamente iguais.

Quero empezar dicíndolles que estou absolutamente convencido de que nin os galegos nin o conxunto dos españois somos máis torpes que o resto de cidadáns e cidadás da Unión Europea. E se isto que afirmo é así, e creo firmemente que é así, ¿como explicar entón os problemas que temos os galegos e o conxunto dos españois para aprender idiomas estranxeiros?

Eu dicíalle hai uns días ao señor conselleiro, no último pleno, que os socialistas traían a debate esta cuestión con afán totalmente construtivo, e hoxe dígolles exactamente o mesmo a todos vostedes, señorías. Intentarei, pois, desde a miña humilde experiencia persoal como docente, poñer enriba da mesa as cousas que entendemos estanse facendo mal, pero tamén como pensamos nós que poderían facerse as cousas mellor.

Quero dicirlles que nas últimas semanas falei deste asunto con diferentes profesionais que imparten as clases de linguas estranxeiras nos nosos colexios, institutos e escolas oficiais de idiomas, coa finalidade de poder compartilas hoxe aquí con todos vostedes.

Creo estar no certo se afirmo que ninguén dubida que a aprendizaxe de linguas estranxeiras se ten convertido nos últimos tempos nunha cuestión fundamental tanto para mozos como para adultos, como creo tamén que ninguén dubida que esta aprendizaxe abre ou pecha portas para o acceso ao exixente mercado laboral nos tempos que nos toca vivir. De aí naceu xustamente esta iniciativa que hoxe trae aquí o Grupo Socialista, que busca ante todo, señorías, reflexionar con tranquilidade sobre esta cuestión, pero facelo sen

trampas, sen demagogia e con ánimo de corrixir as eivas existentes, que creo honestamente existen.

Nun contexto global no que a mobilidade da poboación é cada vez maior, parece razoable pensar que unha das prioridades educativas deba ser que a xuventude española e galega domine unha primeira lingua estranxeira e polo menos acadade un bo nivel tamén nunha segunda, como pasa, por certo, na meirande parte de países da Unión Europea, países aos que dicimos que queremos imitar.

Non serei eu quen afirme en sede parlamentaria que a competencia lingüística do alumnado non foi mellorando lentamente nos últimos tempos, pero tamén sería bo, señorías, recoñecer que queda moito camiño por percorrer.

Entendemos no Grupo Socialista que os currículos do noso sistema educativo deben ser actualizados, para evitar a reiteración de contidos e para evitar que os alumnos teñan a estraña sensación de que sempre están a estudar o mesmo.

Entendemos tamén que debería priorizarse a expresión e a comprensión oral, e as linguas española ou galega só deberían utilizarse como apoio no proceso de aprendizaxe das linguas estranxeiras en momentos moi puntuais das clases.

Entendemos tamén que sería bo que houbera un maior número de horas lectivas adicadas ao estudo das mesmas, e sería tamén moi conveniente que unha parte dese horario fose adicado a clases de conversa ou audicións en pequenos grupos.

Cómpre, pois, abordar, señorías, un profundo cambio metodolóxico e de actitudes, máis centrado en todas as destrezas comunicativas e acompañado da incorporación das TIC e das diferentes ferramentas punto cero. Neste senso, quero lembrarlles que cando se lle pide á xente que utilice unha serie de recursos tecnolóxicos como internet, habería que darlles a posibilidade de ter realmente eses medios, e cunha calidade de servizo que neste momento non teñen. E aproveito para lembrar, por enésima vez nesta Cámara, a enorme fenda dixital que existe entre os centros das cidades e os centros do noso rural.

Creo honestamente, señorías, que unha das eivas do noso sistema educativo é corrixir ese certo fracaso do noso alum-

nado á hora de aprender idiomas estranxeiros. Sabemos que os nosos alumnos comezan a idades temperás a estudar inglés, pero non é comprensible nin razoable que, despois de pasar tantas horas ao longo de súa vida académica estudando un idioma estranxeiro, sexan incapaces de comunicarse con fluidez nos idiomas que estudan ao final da súa etapa educativa.

Debemos analizar, pois, con sentidíño crítico e construtivo as causas deste certo fracaso lingüístico, así como plantexar alternativas claras para que a aprendizaxe de idiomas no sistema educativo español e galego estea ao mesmo nivel que o resto de sistemas educativos europeos, aos que dicimos que queremos asimilarnos.

Todos sabemos que as linguas estranxeiras son usadas de maneira habitual nos negocios, nas viaxes de lecer, na política, na investigación e, como non, tamén no ámbito laboral. E ¡que triste resulta ver en moitas ocasións os nosos dirixentes políticos viaxar polo mundo adiante e non seren capaces de comunicarse cos seus interlocutores sen a presenza de intérpretes!

Din os máis prestixiosos investigadores que é conveniente empezar co estudo da primeira lingua estranxeira a idades moi temperás, fundamentalmente en educación infantil, cando os nenos e nenas se comportan como auténticas esponxas receptoras de saber. E niso non estamos fallando, señorías. Creo que o que falla é a potenciación dunha inmersión lingüística real, para que o estudo dos idiomas sexa exitoso neste país.

Debemos procurar, pois, que nas clases de idiomas a única lingua vehicular sexa a lingua estranxeira, e para iso o profesorado debe ter o nivel de formación axeitado, unha formación que debe estar actualizándose constantemente. E velaí outra das obrigas que debe cumprir a propia Administración: garantir a necesaria reciclaxe permanente do profesorado que imparte docencia nas linguas estranxeiras.

Outro detalle que merece a nosa atención, señorías, ten a ver coa propia actitude do alumando e das súas familias ante esta cuestión, pois teñen que asumir que nas clases de idiomas estranxeiros a lingua a utilizar debe ser fundamentalmente a propia lingua estranxeira e non criticar o profesorado cando iso se fai.

Do mesmo xeito, é absolutamente clave, señorías, facerlle entender ao alumnado e ás súas familias a importancia que ten hoxe para a promoción na vida laboral o coñecemento de idiomas estranxeiros. E aquí aparece unha nova tarefa que debe asumir a Administración... –señor Tellado, grazas–, e aquí aparece –insisto– unha nova tarefa que debe de asumir a propia Administración. Non é posible, señorías, ensinar un idioma estranxeiro con garantías en clases que rondan ou sobrepasan os trinta alumnos por aula.

Do mesmo xeito que tampouco é posible unha correcta aprendizaxe de idiomas concedendo tanto peso á gramática e deixando completamente de lado as destrezas orais. E un claro erro disto que acabo de dicir, señorías, é o propio exame de acceso á universidade que temos dende hai un montón de anos, pois para superar ese exame basta con ter coñecementos de gramática, léxico e facer unha pequena redacción, e por tanto o profesorado prepara xustamente para iso o seu alumando.

Outro aspecto a subliñar sería o aproveitamento axeitado das propias televisións públicas. Trataríase neste caso de potenciar a emisión dunha porcentaxe de contidos programáticos noutros idiomas, para que a sociedade, e fundamentalmente os máis cativos, foran collendo o hábito de ver algúns programas televisivos en versións orixinais.

No resto de Europa –e poñamos como exemplo os veciños portugueses e franceses–, é bastante habitual ver películas, series de televisión ou debuxos animados en versión orixinal. Estou convencido, señorías, de que iso axudaría sen dúbida os máis pequenos, xa que a esas idades é cando máis doado resulta aprender unha lingua estranxeira.

E se queremos compararnos realmente con algúns países de Europa como Francia, Holanda, Bélxica, Suíza ou Alemaña, darémonos conta de que nos queda un grande camiño por percorrer.

Señorías, se queremos cambiar a situación do ensino das linguas estranxeiras no noso país, todos debemos de facer un importante esforzo e de cambio de actitudes: a Administración, profesorado, alumnado e familias.

Imos, pois, agora con esa batería de propostas en positivo que hoxe trae aquí o Grupo Parlamentario Socialista.

Empecemos por garantir ao profesorado que imparte linguas estranxeiras a necesaria formación continua para actualizar os seus coñecementos, e nada mellor para iso que potenciar e financiar estadias no estranxeiro e programas de intercambios, e cando iso non sexa posible, buscar outras maneiras de formalos.

Facilitemos ao alumnado que non teña recursos económicos becas para estadias de inmersión lingüística en países estranxeiros en períodos vacacionais.

Incrementemos as horas lectivas de linguas estranxeiras e propiciemos que unha parte dese horario sexa dedicado a clases de conversa e auditivos nas aulas multimedia.

Facilitemos os desdobramentos en pequenos grupos nas clases de linguas estranxeiras e non permitamos as clases masificadas.

Actualicemos currículos e potenciemos neles os contidos orais.

Dotemos os centros educativos das ferramentas tecnolóxicas necesarias para poder impartir con garantías as clases de linguas estranxeiras.

Potenciemos o estudo de dúas linguas estranxeiras, como se fai, por certo, na meirande parte de países europeos.

Sigamos incrementando a presenza de auxiliares de conversa nos centros educativos, e fagámolo controlando o seu traballo con rigor, e intentando tamén chegar ás primeiras etapas, pois é xustamente aí onde o alumnado ten máis facilidade para aprender unha lingua estranxeira.

Sigamos incrementando seccións bilingües, pero fagámolo potenciando a calidade e non a cantidade.

Non permitamos que impartan idiomas estranxeiros, co abuso da impartición de afíns, profesores non especialistas, nin en clases de máis de trinta alumnos.

Dotemos os centros de aulas multimedia e permitamos que os que as teñan as poidan utilizar.

Ampliemos o número de centros que imparten en Galicia o bacharelato internacional e as becas Erasmus.

Señorías, a ensinanza e aprendizaxe das linguas en Galicia e en España ten eivas que deben ser solucionadas, para quitarnos dunha vez por todas ese sambenito que arrastramos dende hai moito tempo de que un español ou un galego son aqueles que pasan toda a vida intentando aprender inglés sen logralo.

E xustamente por iso e para iso, pido hoxe o seu apoio a esta moción do Grupo Parlamentario Socialista.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Docasar.

Intervención dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario Mixto ten a palabra a señora Fernández Rodríguez.

A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: Grazas, señora presidenta.

A Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura sitúa o ensino das linguas nun lugar central do seu mandato en materia de educación.

Na Resolución 30C/12, aprobada pola Conferencia Xeral do ano 1999, consideraba a educación plurilingüe a única maneira de responder ás exixencias de participación no plano mundial e nacional e recomendaba crear as condicións que propicie un contorno social, intelectual e de comunicación de carácter internacional que favoreza o plurilingüismo e promover, por medio da educación plurilingüe, un acceso democrático ao saber para todas as persoas.

A Declaración universal sobre a diversidade cultural, aprobada no 2001, no artigo número 6 do plan de acción para a súa aplicación, define os criterios polos que se debería rexer o uso dos idiomas na esfera da educación. En primeiro lugar, o respecto á lingua materna, a diversidade lingüística en todos os niveis do ensino e o fomento da aprendizaxe de varios idiomas dende idade temperá.

A reforma educativa que adiantou a aprendizaxe das linguas estranxeiras foi a LOE no 2006, que veu despois no 2013

pola LOMCE, na que tamén inclúe nos seus principios impulsar o plurilingüismo.

A realidade é que nunha nova edición do eurobarómetro posiciona España como o segundo país co nivel máis baixo de Europa, detrás de Hungría. De acordo co estudo, só un 22 % das españolas e españois maiores de 18 anos domina a lingua e un 7 % asegura ter un nivel avanzado.

Un alumno medio remata o bacharelato cun nivel máis ou menos aceptable, faise entender, mais ese nivel non é o máis axeitado para poder desenvolverse a nivel laboral. Madrid e Cataluña son as comunidades onde se fala mellor o inglés, e en Galiza dis que andamos un pouco por riba da media española, mais hai que comentar a gran eiva que existe coa aprendizaxe de idiomas.

Hai que resolver unhas eivas nunha ensinanza que comeza no segundo ciclo de educación infantil. En Galiza no ano 2014 había 85.000 alumnas e alumnos aprendendo idiomas en 220 centros plurilingües, co plan de potenciación de linguas estranxeiras impulsado polo Goberno.

A calidade do estudo do inglés como primeira lingua estranxeira reséntese por falta de práctica.

É fundamental a ensinanza da lingua por unha persoa especialista, que teña unha formación continua, cun ratio de alumnas e alumnos reducido, para unha mellor atención, e para desenvolver nunha condicións óptimas a práctica, que é a carencia máis grande.

Internet revolucionou o mundo. Moitos contidos danse dende ese soporte dixital, polo inmediato e pola posibilidade de poder escoller os contidos variados. Mais isto non chega a todo o mundo no ámbito privado, pois Internet segue a ser un luxo para moita xente.

Hoxe a tecnoloxía e as linguas van da man. Falamos de calidade e non de cantidade no número de centros que ofertan plurilingüismo, homoxeneizando todo o territorio, sen crear eivas dependendo de onde se viva.

En Galiza do modelo que se parte é un pouco pola lei marcada do Ministerio, aínda que despois, dentro do conxunto

do Estado, as diferentes comunidades autónomas os van adaptando segundo consideran o máis axeitado.

Aquí, bueno, de repositorio Abalar pasouse a centros de seccións bilingües, rede de centros plurilingües, cursos de actualización lingüística comunicativa, programas de auxiliares de conversa, profesores visitantes, e tamén o que son as chamadas inmersións.

Dentro das propostas relacionadas co ensino da lingua, dentro das medidas organizativas, recoméndase así auxiliar de conversación, extensión desta figura a todos os centros educativos, pero si se precisa unha maior dotación, pois moitas veces non se ten en conta a que centro se asigna, e soe ser unha participación, redúcese a algo moi significativo e ás veces incluso ridículo, porque non se ten en conta o número de alumnos nin de cursos nin de grupos.

Flexibilización dos grupos de clase. Tómase en consideración incluso organizar grupos homoxéneos para favorecer unha progresión real dende o nivel inicial de cada alumno.

Aumento da interacción oral na aula, e favorecer os desdobres semanais, e aumentar o tempo de dedicación á comunicación real por parte do alumnado. Aumentar os modelos de oralidade e calidade, contrastada en todos os centros.

E é importantísima a coordinación do equipo do profesorado, sobre todo profesorado que imparte en inglés, e os que imparten noutras linguas estranxeiras, non só en inglés, e tamén os da propia lingua estranxeira, e sobre todo a coordinación nos mesmos cursos, nos mesmos niveis dun centro.

Unha maior autonomía e flexibilidade e para optimizar os recursos e para empregar as medidas á súa disposición. Entendemos que faltan moitísimos máis recursos, ¿non?, sobre todo no relacionado coas TIC.

E tamén consideramos importante unha avaliación dos centros, ¿non?, se está a funcionar ben, tanto interna, externa e autoavaliación, como unha mellora.

Entendemos tamén que dentro dos requisitos lingüísticos, no acceso á función docente, non equivale igual en todas as comunidades autónomas. En Galiza pódese dar clase cunha competencia lingüística dun B2, aínda que o óptimo sería un C1.

Enténdese que no programa integral de aprendizaxe das linguas que o Ministerio de Educación plantea cara ao 2020 o nivel do profesorado que vai impartir unha materia en lingua estranxeira sexa dun C1.

Entendemos que é importantísima a internacionalización dos centros, aumentar os intercambios entre países dun xeito máis xeneralizado.

O aumento da presenza de lingua estranxeira en actividades incluso extraescolares e complementarias dos centros, así como nas bibliotecas escolares, e unha educación integral e dimensión afectiva.

Imos apoiar a moción presentada polo PSOE, porque consideramos importantísimo que a aprendizaxe de idiomas é fundamental, e un eixo vertebrador, sobre todo no desenvolvemento...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: ...da persoa a nivel educativo, cultura e laboral.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Moitas grazas, señora Fernández.

Polo Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda ten a palabra o señor Vázquez Díaz.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Bo día a todos e a todas.

Eu creo que os argumentos do Grupo Socialista quedaron suficientemente claros, tanto no pasado pleno como neste, e pola miña banda gustárame aproveitar esta oportunidade desde esta Cámara pois para desfacer algúns mitos e algúns tópicos en torno á aprendizaxe das linguas estranxeiras.

Con esa intención, e se mo permiten as súas señorías, quixera facer algunhas preguntas, tanto ás persoas que están neste hemiciclo como a calquera que nos puidera estar escoitando desde o seu fogar.

A primeira pregunta é: ¿cal pensan vostedes que é a lingua estranxeira obrigatoria para un alumno escolarizado nunha escola dos Estados Unidos? A resposta é ningunha. Non teñen lingua estranxeira obrigatoria de estudo na etapa obrigatoria.

A segunda pregunta é: ¿cal pensan as súas señorías que é o país de Europea no que antes se comeza a aprendizaxe dunha lingua estranxeira? A resposta é España, aos 3 anos.

A terceira pregunta é: ¿que país da Unión Europea comeza máis tarde o estudo dunha lingua estranxeira? A resposta é o Reino Unido, 11 anos; aos 11 anos comezan a estudar unha lingua estranxeira. O segundo que empeza unha lingua estranxeira máis tarde é Alemaña, aos 8 anos. E o terceiro que máis tarda en empezar o estudo dunha lingua estranxeira é Francia, aos 7 anos.

Cabería, entón, preguntarnos: se para a primeira potencia do mundo non é unha prioridade estudar unha lingua estranxeira, se non o é tampouco inicialo de xeito tan temperán para a segunda potencia de Europa, ¿por que o é para España? ¿Por que a aprendizaxe da lingua estranxeira inglesa é unha prioridade nacional? A resposta é moi sinxela: a aprendizaxe dunha lingua estranxeira, centrada case ao 100 % dos casos na lingua inglesa, ten unhas razóns fundamentalmente económicas e non pedagóxicas. Isto é evidente, isto é evidente.

Admitámolo entón, e eu non discuto que as razóns económicas non teñan que ter peso no desenvolvemento dunha lei educativa, pero pensemos en que etapa, en que momento e de que modo se ten que asumir esa importancia económica.

Eu quixera entón facer un cuestionamento en todo o que se ten dito ata este punto. ¿É necesario converter a lingua inglesa na lingua vehicular no ensino para ensinar matemáticas, educación física? ¿Por que o inglés é necesario para explicar bioloxía no noso país? ¿É iso unha prioridade? Non o parece que sexa para outros países, pero aquí si que o é.

Desde o meu punto de vista, este é o elemento fundamental que xustifica o fracaso dese chamado modelo plurilingüe aplicado en Galicia, que non ten un encaixe pedagóxico –si o ten desde o punto de vista económico, polo tanto, con criterios puramente economicistas– e que pon o sistema educa-

tivo ao servizo e para dar resposta ás demandas do mercado laboral. Aquí díxose en todo momento: é unha exigencia do mercado laboral saber inglés para España; evidentemente, para outros sitios, non.

E, polo tanto, eu quixera que se fixera unha reflexión. ¿Por que estamos sometendo os nenos desde os 3 anos a procesos de ensino en inglés utilizando o inglés como lingua vehicular, cando o resultado, ademais, é que empezan o inglés con 3 anos, remátano no ensino obrigatorio aos 16 e despois de trece anos non teñen competencia lingüística?, cando calquera estudo pode demostrar que unha persoa nun contexto de aprendizaxe axeitado e nun enfoque comunicativo tarda meses en aprender unha lingua, ¡meses en aprender unha lingua!, e nós non o conseguimos en trece anos. ¿Imos seguir con este discurso da etiquetaxe e do *framing* e de poñerlles marcas aos centros? Converteuse vostede nun centro plurilingüe, ¿pero iso de que serve? Analicemos o resultado, reflexionemos e pensemos en termos educativos e pedagóxicos cara a onde imos e que estamos a facer.

A porcentaxe de alumnos que ten como lingua estranxeira o inglés en España e en Galicia é case o 100 %, o 100 %; o francés, o alemán ou o ruso están entre o 0 e o 5 %. ¿Cara a onde imos? ¿Imos cara a un modelo unilingüe inglés? Porque o galego, desde logo, non segue ese sendeiro de aposta e prioridade por parte do Goberno galego. É unha falacia fundamentar a calidade dun ensino, dun sistema educativo na aprendizaxe dunha lingua estranxeira. Ese non pode ser o único sinal de identidade nin o único sinal para determinar a calidade.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: Pero hai algo peor, como é –xa digoesa política de marca, de etiqueta que ten “centro Abalar”, “centro plurilingüe”, e que non se sostén con contidos reais.

Polo tanto, nós non temos ningún problema en apoiar esta iniciativa. Cremos que hai que dar pasos cara a establecer un enfoque comunicativo nas aulas, fuxir desa aprendizaxe gramaticalizada, centrada na aprendizaxe de vocabulario, e camiñar cara a eses enfoques comunicativos. Cremos que hai que mellorar a formación do profesorado con estadias no estranxeiro, e non nos Peares. En todo iso estamos de acordo, non supón ningún problema.

Pero, ¡ollo!, eu só quixera aproveitar esta oportunidade para poñer tan sequera o aceno e advertir de que esta deriva que se nos impón, evidentemente, desde países anglófonos...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Ten que rematar, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: ...e desde os países de Centroeuropa, de que os españois somos uns fracasados porque non sabemos inglés, iso, desde logo, non o podemos asumir, porque temos unha lingua propia, porque temos vínculos con comunidades onde a nosa lingua –a lingua propia ademais– é unha lingua cunha gran potencialidade tamén desde o punto de vista comercial. Pero aquí iso non interesa. E temos o caso da iniciativa lexislativa popular...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: ...Paz Andrade, que está absolutamente estancada.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Vázquez.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Pombo Rodríguez.

O señor POMBO RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Moi bo día, señoras e señores deputados.

Bo día aos que nos visitan neste momento e están a escoitar o Parlamento.

Señor Docasar, estamos ante unha moción derivada dunha interpelación no Pleno pasado na que vostede afirmaba a importancia do impulso á aprendizaxe de idiomas no sistema educativo público galego. Afirmaba tamén o errado sistema da política educativa da Xunta no referente á aprendizaxe de linguas estranxeiras, no errado tamén do sistema plurilingüe promovido polo Partido Popular, e que cumpría repensar e mellorar as medidas para mellorar o impulso das políticas de aprendizaxe de linguas estranxeiras. Xa lle digo

que o Grupo Parlamentario do BNG apoia cada unha desta catro afirmacións que vostede fixo.

Para nós é moi importante o dominio das linguas estranxeiras e o impulso das mesmas no sistema público. O BNG sempre estivo a prol de mellorar as competencias lingüísticas, comezando polo noso amado idioma galego. Nós sempre estivemos a prol do plurilingüismo, mais non a conta de apartar a nosa lingua galega como lingua vehicular do ensino, non a conta de facer do galego un idioma estranxeiro na súa propia patria, non a conta de facelo desaparecer practicamente no ensino infantil.

En segundo lugar, o Grupo Parlamentario do BNG tamén coincide co Grupo Parlamentario dos Socialistas no errado sistema da política educativa da Xunta na aprendizaxe das linguas estranxeiras. Nós entendemos que esta política non está á altura das circunstancias e non é quen de superar un déficit histórico –segundo palabras do propio conselleiro no Pleno pasado–, que, a pesar dos números que aquí nos dixo, de centos de centros plurilingües, de 3.000 seccións bilíngües, de máis de 400 auxiliares de conversa e seica moitas estadias formativas no estranxeiro, aínda non somos quen de comunicarnos con fluidez ao final do ensino obrigatorio.

O BNG entende que, para potenciar as linguas, desde logo, se necesitan novas políticas educativas, modernas, eficaces e rigorosas no tema da aprendizaxe, mais tamén no tema da formación do profesorado e nos medios e recursos dos propios centros públicos.

Coincidimos co Grupo Socialista tamén no errado sistema de plurilingüismo promovido polo Goberno apoiado polo Partido Popular; sistema, por certo, sobre que o informe do comité de expertos da Unión Europea chama a atención dicindo que a introdución dunha terceira lingua non pode ser en detrimento da propia lingua, cal é o caso de Galicia. O galego é lamentablemente, señoras e señores deputados, o único idioma do Estado que perde falantes.

Coincidimos tamén co Grupo Socialista en que cómpre repensar e mellorar as medidas e que queda moito camiño por andar na mellora da competencia lingüística no dominio de linguas estranxeiras. Queda moito camiño, señor Docasar, para a propia normalización do noso idioma e para a expansión, a pesar dunha aprobación aquí dunha ILP que

fala do portugués como lingua irmá mais que a temos esquecida.

Seguramente o Grupo Parlamentario do BNG aportaría outras solucións distintas ás doce que vostede plantexa nesta moción. Mais nós, centrándonos no punto principal, imos apoiar esta moción, posto que entendemos que a Administración galega debe ser quen, en primeiro lugar, de garantir unha constante e necesaria formación continua do profesorado de linguas estranxeiras. Para nós a aprendizaxe de linguas, e que sexa de calidade, precisa, por suposto, profesorado especialista cun bo nivel de formación, actualización constante e reciclaxe permanente.

E a Xunta de Galicia vostede sabe que dedica á formación 1,8 millóns, o 44 % –case o 45 % – menos do que dedicaba no ano 2009 o Goberno bipartito. 1,8 millóns de formación, máis ou menos 5 euros por profesor. Desde logo, ese non é un modelo para facer un sistema educativo para a ensinanza de linguas estranxeiras de calidade.

E un segundo punto moi importante: cómpre reducir as ratios nas aulas de idiomas e facilitar desdobres. Toda a comunidade educativa o reclama. Con aulas de 30, con aulas de 25 e máis alumnos non é posíbel un estudo de linguas estranxeiras con parámetros de calidade. Nós apoiamos que nos estudos infantís non pasen as ratios de 15 alumnos, que en primaria non pasen de 20 e que no bacharelato non pasen de 25.

Cómpre, señorías, máis formación e as ratios máis reducidas.

Xa remato, dicindo que, efectivamente, hai outras medidas importantes, como reorientar o currículo para afondar na comprensión e expresión oral. Cómpre tamén incrementar as bolsas, corrixir –por suposto– a fenda dixital, apoio a inmersións lingüísticas, apoio a intercambios escolares. E por todas esas razóns nós imos votar a prol desta iniciativa do Grupo Socialista.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Pombo.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Fariñas Sobrino.

O señor FARIÑAS SOBRINO: Moitas grazas, señora presidenta.

Permítame a licenza: *¡quién te ha visto y quién te ve!* Agora estamos case que todos a favor do plurilingüismo, do Abalar, da dixitalización das aulas, do libro electrónico... Estamos a favor de todo, pero sempre estivemos en contra. Bueno, algo avanzamos.

Algo avanzamos, señor Docasar. Que, bueno, o Partido Socialista baile na criba en cuestións de educación non é ningunha noticia. Non é unha nova porque, evidentemente, teno demostrado ao longo de toda a súa historia de goberno deste país. Pero o que si xa é unha nova novidosa –valla a redundancia– é caer na contradición na mesma sesión plenaria, que foi o que sucedeu no último pleno. Pola mañá, máis horas para o galego, galego lingua preferencial, apoiando as iniciativas dos outros grupos políticos, presentando iniciativas para máis horario para o galego. Pola tarde, máis horario para o inglés, potenciar as linguas estranxeiras... *(Risos.)* Ben, 25 horas de clase imos ter máis á semana porque non sei de onde imos sacar horario. Pero, bueno, en calquera caso, benvidos ao concerto, *(Murmurios.)* benvidos ao concerto, a ver se entre todos somos quen de romper o que o señor Touriño chamaba “materia pendiente” materia pendiente, e que apoiaba precisamente un modelo plurilingüe, en base ao inglés, ao galego e ao castelán, e que aquí custou traballo. Eu ben sei que se vostede fose o voceiro do Grupo Parlamentario Socialista noutros momentos, non estaríamos como estamos, seguro; seguro, señor Docasar, porque vostede é mestre de idiomas estranxeiros e sabe perfectamente do que fala, como o son eu, mestre de idiomas estranxeiros, e sei do que estamos a falar.

O que si lle digo é que veña, por favor, un día con tempo e poña en contacto eses expertos que o asesoraron a vostede, e, por favor, póñaos en contacto co señor Vázquez, porque nos deu hoxe aquí unha lección, dificilmente cualificable, dificilmente cualificable, sobre o estudo de idiomas noutros países, dificilmente cualificable. Por certo, algún día repase os datos, porque nos propios datos que ten vostede tamén fallou. Pero, bueno, en calquera caso, señor... *(O señor Vázquez Díaz pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, si, tamén fallou, non teño tempo a perder máis con vostede, *(Risos.)* xa perdín abondo.

En calquera caso, señor Docasar, benvido ao concerto –como lle dicía antes–, benvido porque este plurilingüismo

que vostedes tanto censuraron, criticaron e abafaron ao Grupo Parlamentario Popular coa maldade e perversidade deste decreto agora resulta que é bárbaro. Pero, claro, é bárbaro porque a raíz da investidura errada do señor Sánchez a través dun convenio, concerto ou acordo... (*Murmurios.*) –papel á fin e ao cabo– asinado con Ciudadanos, di exactamente: “Propoñémonos establecer un modelo educativo bilingüe ou trilingüe, engadindo unha lingua estranxeira, de preferencia o inglés, á oficial ou oficiais de cada comunidade autónoma, respectando as competencias de cada autonomía para establecer o peso ponderado de cada lingua no horario escolar”.

Xa non estamos sós. Decía “a inmensa soidade” a señora Burgo que tiñamos no pasado pleno. Xa non estamos sós, xa estamos acompañados e ademais certificados por un acordo do que pretende ser presidente do Goberno. Non sei con que compañeiros vai contar, porque algún que ao mellor está nas Mareas aquí dixo hoxe que de plurilingüismo, nada.

En calquera caso, si, necesitamos seguir mellorando, señor Docasar, necesitamos seguir mellorando. (*Murmurios.*) Pero, en calquera caso, non esqueza que o que din os datos é outra cousa distinta ao que aquí se plantexou por algún grupo político: “Menos brecha histórica co inglés” –datos de febreiro deste ano–, “Galicia supera a media europea e a española en nivel de lingua inglesa”, “o informe sitúa Galicia entre as comunidades autónomas con mellor balance”. Pode que non lle guste a algún, pode que algún siga pensando que os mestres de inglés, de francés, de portugués, de ruso ou de chinés que se estuda nos nosos colexios (*Murmurios.*) pode que siga sendo o mestre que el coñeceu e que estudou quince anos inglés e aprendeu a dicir “we” e domina dous idiomas. Esa realidade non é a que forma parte hoxe, con profesores con formación continua, coas escolas oficiais de idiomas funcionando a tope para profesores e para alumnos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FARIÑAS SOBRINO: ...con educación de calidade, con formación de calidade para os mestres, con estadías, con intercambios. Non sei de que país estiveron vostedes a falar, pero de Galicia, dende logo, non.

E para rematar, señor presidente, dentro desa mellora quérolle facer un sinal ao señor Pombo, tamén benvido ao con-

certo. Xa o Bacharelato Internacional non é elite, xa non estamos no elitismo, vai votar vostede a favor do Bacharelato Internacional tamén. E quero dar un dato, ¿centros plurilingües cando nós chegamos ao Goberno? Cero (*Murmurios.*) Centros plurilingües hoxe, 252.

O señor PRESIDENTE: Perdoe un momento, por favor.

Prégolle, por favor, señora Adán; por favor, se poden esa negociación..., é que se oe moito ruído aquí, de verdade llo digo.

O señor FARIÑAS SOBRINO: A min non me estorban, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Pero non é por vostede, é pola Cámara en xeral, porque isto molesta moito. E vaia rematando, de paso, vaia rematando.

O señor FARIÑAS SOBRINO: En calquera caso, moitas grazas, señor presidente.

O señor Fajardo si, ás veces, incluso agora. Pero...

O señor PRESIDENTE: Remate, remate.

O señor FARIÑAS SOBRINO: ...as negociacións nunca molestan para chegar a acordos.

Seccións bilingües, estabamos, cando chegamos ao Goberno, 720. Hoxe, 3.630, total nada. Auxiliares de conversa, fundamentais, tiñamos 67; hoxe cos incorporados este ano,...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, señor.

O señor FARIÑAS SOBRINO: ... 454. Último dato, Galicia segunda comunidade con máis auxiliares de conversa. E, finalmente, Galicia primeira comunidade con máis alumnos estudando un segundo idioma estranxeiro.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fariñas.

O señor FARIÑAS SOBRINO: E seguiremos mellorando.

Moitas grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fariñas.

Grupo autor da moción, señor Docasar.

O señor DOCASAR DOCASAR: Moi ben.

Grazas, señor presidente.

En primeiro lugar, agradecer aos grupos da oposición, ao Grupo Mixto, ao señor Vázquez e tamén ao señor Pombo, o apoio a esta iniciativa socialista, evidentemente cos seus matices, pero o apoio que nos prestan. E o señor Fariñas non soamente non nos apoia, senón que intentou por todos os medios a ver se tampouco nos apoiaban o señor Vázquez e o señor Pombo. Intentouno, fixo todo o posible para que tamén eles votasen en contra desta moción.

Por certo, non sei o que vai votar vostede, ¿vai votar a favor?, que non mo dixó. Tiña que subir aí arriba para dicir que lle parecían as medidas, meteuse coa señora Burgo, meteuse co señor Vázquez, meteuse coa señora Fernández, co señor Pombo, meteuse vostede comigo, meteuse con Touriño, meteuse con Pedro Sánchez, pero (*Murmurios.*) vostede do que vimos falar, nada de nada (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*).

Porque –e permitídemolo todos– vou atender a diversidade do señor Fariñas, vou atender a diversidade das aulas e voume dirixir ao señor Fariñas.

Señor Fariñas, ¿que cousas non lles gustan das doce propostas socialistas? ¿Garantir a formación continua do profesorado de linguas estranxeiras en época estival para que poidan ter inmersión de verdade, e non nos Peares, e o mesmo para os alumnos? ¿Non lles gusta reducir a ratio nas aulas de idiomas para facilitar desdobres para clases de conversa? ¿Non lles gusta asegurar que o profesorado que imparte as clases de idiomas sexa especialista e non sexa de afines? ¿Non lles gusta que reorientemos o currículo das linguas estranxeiras para dar maior peso xustamente ao auditivo e á conversación? ¿Non lles gusta que propiciemos que as televisións públicas emitan programas en versión orixinal, como a Televisión Galega? ¿Non lles gusta que incrementemos a partida económica dedicada a facilitar estadias de inmersión lingüística no estranxeiro para profesores e alumnos en épocas estivais? ¿Tampouco lles gusta? ¿Non lles gusta ampliar a

partida económica dedicada a intercambios escolares e recoñecer o labor dos centros e profesores que o fan? ¿Non lles gusta ampliar o número de auxiliares de conversa e tamén que se chegue ata o ensino primario? ¿Non lles gusta, señor Fariñas, que impartan en Galicia, que nas provincias da Galicia interior teñamos tamén dereito a ter o Bacharelato Internacional? ¿Tampouco lles gusta incrementar as becas Erasmus? ¿Non lles gusta corrixir a fenda dixital para que os centros do rural...? Señor Fariñas, escóiteme, ¡escóiteme!, señor Fariñas, non, non, quero que me mire, mire para aquí, ¡míreme, míreme!, mire para aquí, (*Murmurios.*) quero que me mire, porque mirándome aos ollos creo que nos imos comunicar moito mellor, imos ter máis empatía (*Murmurios.*), si, si, imos ter máis empatía.

Porque hoxe subiu aí para intentar non soamente non apoiar a nosa medida dende o Grupo Socialista, senón para intentar convencer o resto de grupos da oposición de que me deixaran só. Vostede hoxe intentou iso, ¡menudo cariño que me ten! Tenme vostede un cariño que mata. (*Murmurios.*)

Xa remato, señorías do Grupo Popular, lamento que vostedes, unha vez máis, voten en contra de algo que trae o Grupo Socialista positivo. Xamais votan a favor de nada, vostedes son o grupo político do non, despois parécelles mal cando llelo dicimos, pero para os tempos que veñen agora mesmo, nestes tempos que veñen, veñen tempos de escoitar e de falar, e vostedes non están nada habituados. ¡Créanme, eh!

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Docasar.

Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Remedios Quintas Álvarez, sobre a política que debe levar a cabo o Goberno galego para reactivar o mercado laboral

O señor PRESIDENTE: A esta moción non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra a señora Quintas.

A señora QUINTAS ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Bos días, señoras e señores deputados.

No Grupo Socialista volvemos falar de emprego, de desemprego. Realmente, cando estaba preparando a intervención sentíame un pouco impotente, porque sempre que falamos desta lacra tan importante para Galicia, deste problema tan importante para a nosa comunidade, que nos está abocando a perder practicamente unha xeración e que nos está abocando a que os nosos niveis socioeconómicos en todos os ámbitos –no consumo, en todos os ámbitos– esteamos na cola; por tanto, pouco futuro.

E quero convidar os grupos parlamentarios, pero especialmente o Partido Popular, a que apoiem estas iniciativas, fundamentalmente porque máis alá de quen as propoña, son iniciativas necesarias para os homes e mulleres galegos. Por tanto –como digo–, o obxecto desta iniciativa é que o Partido Popular asuma un compromiso dunha maneira firme, eficaz e verídica, fundamentalmente verídica. Porque o Partido Popular tennos acostumados, fundamentalmente, á publicidade, á propaganda, e moitas veces se empregaran menos euros nesa publicidade e propaganda, e se os utilizaran con sentido común e con intención de solucionar o problema dos xóvenes, o problema das persoas maiores, o problema dos galegos e galegas, mellor nos iría.

Fundamentalmente, o Partido Popular en políticas de emprego o único que está facendo é desentenderse, privatizar os servizos públicos de emprego a través das ETT e celebrar con alborozo o presidente da Xunta de Galicia as sucesivas reformas laborais que aproba o Goberno do Partido Popular no Estado español e que fan que o futuro de Galicia e o futuro das mulleres e homes sexa todavía máis negro.

O presidente de Galicia en 2009 dicía que ía rematar co paro en corenta días. Dende logo, as mentiras do Partido Popular fan dano, á parte son constatables. A falta de respecto dos gobernantes do Partido Popular de Galicia en atender as necesidades das persoas que se encontran nesta situación é clamorosa, foi patente ao longo da historia, pero neste momento todavía se fai máis presente.

É necesario que a Xunta de Galicia reoriente as súas políticas de emprego. É necesario que as reoriente, fundamentalmente –e repito–, porque temos desgrazas nas familias cada día, porque temos xóvenes que se están marchando de Galicia despois de que as institucións galegas invistiran na edu-

cación deses xóvenes, nas carreiras deses xóvenes, nos másteres deses xóvenes.

Estes rapaces, estes mozos e mozas, están saíndo do país a desempeñar os labores que desempeñaron xa hai anos os seus país cando se foron para que eles puideran estudar. Eu creo que isto merece políticas reais, merece atención, pero, sobre todo, amosa que o Partido Popular é un desalmado.

O paro rexistrado é de 235.268 persoas no mes de febreiro, cerca de 25.000 persoas máis que no mes de abril de 2009, que foi cando Feijóo tomou posesión da Xunta de Galicia. Isto escenifica o esforzo e o traballo do Partido Popular para cos galegos e galegas. Os contratos rexistrados pasan de 62.688 persoas no mes de xaneiro a 61.614 persoas no mes de febreiro.

Bueno, destes contratos, o 90,45 % son contratos de carácter temporal. As persoas beneficiarias da prestación por desemprego subiron lixeiramente, pero hai unha cousa curiosa, é que a partida para estas persoas beneficiarias das prestacións por desemprego baixa en 6 millóns de euros. Non se entende o por que aumenta o desemprego e diminúe a partida para atender destas persoas.

Con respecto á afiliación á Seguridade Social en Galicia, hai cerca de 92.000 persoas menos afiliadas á Seguridade Social desde que o Goberno do Partido Popular, o señor Feijóo, tomou posesión na Xunta de Galicia.

O Grupo Socialista, así como os outros grupos da oposición, creo que en cada orzamento intentan colaborar activamente co Goberno galego para que as políticas de emprego sexan máis efectivas. Neste caso, o Grupo Socialista urxe do Goberno galego que dedique unha partida de 192 millóns de euros para activar as políticas de emprego.

É coñecido por todos que o Partido Popular, co rodillo absoluto, nin sequera tomou en conta nin tivo consideración con respecto ás propostas doutros grupos, ¡claro! Dificilmente se pode gobernar un país con menos da metade do país. Dificilmente se poden ter en conta e activar políticas de emprego eficaces para que os nosos xóvenes non teñan que fuxir e para que as nosas familias non estean en pobreza. Isto dío a Organización Internacional do Traballo, cando se ignora totalmente a metade do país. Foron propostas totalmente

desatendidas. Vostedes son obstinados na súa ineficacia, obstinados na publicidade e propaganda, obstinados na mentira, pero os datos están por riba da mesa. A ocupación, a taxa de emprego e a taxa de actividade en Galicia sitúannos en posicións imposibles.

O contrato por horas en Galicia dispara— tamén en España, pero de forma importante en Galicia— a desigualdade salarial. Como dicía, a Organización Internacional do Traballo di que o Estado Español e Galicia, en peor situación, está á cabeza de traballadores pobres. Xa non soamente temos unha realidade que nos trouxo a crise e a xestión da crise por parte do Partido Popular, que foi miles de familias en risco de pobreza, senón que a realidade do Partido Popular, as súas privatizacións, as súas mentiras, a súa obstinación, fan que os traballadores sexan pobres, e isto é algo que na historia non se recorda.

Todas as familias, todos os pais, urxen os seus xóvenes, urxen os seus fillos: estuda, busca un traballo, mellorarás a túa condición de vida. Ben, non soamente os que están parados están nunhas condicións lamentables, senón que os que están traballando —di a Organización Internacional do Traballo— son traballadores pobres.

Dende que o señor Feijóo accedeu ao Goberno galego, e en plena crise, o paro sufriu un aumento en Galicia de case o 50 %, situándonos á cabeza das comunidades autónomas con peores resultados. É polo que dende o Grupo Socialista entendemos que a inserción e a formación, e non apartar os empregados dos itinerarios formativos, son obxectivos prioritarios. Obxectivos prioritarios para ter un país digno. Non soamente temos que pelexar para que os traballadores do noso país teñan traballo, para que se acabe a crise, para que evolucionen, senón pola dignidade das persoas.

Ante o empobrecemento das persoas que traballan en Galicia, a Xunta de Galicia non se fai absolutamente responsable de nada. Claro, son as administracións, é o Goberno de Galicia quen é responsable de tomar decisións que poidan torcer este camiño que nos leva á crueldade e á pobreza. Ben, a institución da Xunta de Galicia e o Goberno galego desenténdense totalmente disto.

Máis de 300.000 persoas en Galicia, como xa dixen, son traballadores pobres, o 30 % dos traballadores son pobres, eles e as súas familias. Ademais, 131.000 galegos teñen un salario

inferior a 800 euros mensuais. Neste colectivo, como non podía ser doutra maneira, teñen especial prexuízo as mulleres.

Os socialistas propomos vincular, dar á caída da contratación indefinida, todos os incentivos para unha taxa de estabilidade. Propómoslo hoxe e xa o propuxemos, pero para o Partido Popular..

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora QUINTAS ÁLVAREZ: ...non é a considerar.

A precarización do mercado laboral aumentou á maior, é dicir, o 92,03 dos contratos totais son contratos que non son indefinidos, e a maioría deles precarios. A ocupación na industria cae un 25 %, case 50.000 persoas menos empregadas. Por tanto, entendemos que os incentivos deben traducirse en que as dificultades dos diferentes colectivos se corrixan.

¿E onde entendemos nós que hai que priorizar? Nos parados de longa duración, nas mulleres e nos xóvenes. 7 de cada 10 parados, é dicir, o 70 %, non teñen...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora QUINTAS ÁLVAREZ: ...axuda pública.

Remato, señor presidente, despois... Lamento moitísimo que cando esteamos falando de pobreza das familias galegas, lamento profundamente que cando esteamos falando de emigración dos xóvenes, lamento profundamente que cando esteamos falando de crueldade, fagamos como cando na televisión nos poñen unha noticia desagradable e cambiamos de canal. É algo que aos deputados do Partido Popular non lles interesa...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora QUINTAS ÁLVAREZ: ...e ao Goberno tampouco.

Moitas grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quintas.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Grazas, presidente.

Segundo o Partido Popular a economía medra, e segundo a realidade a situación da maioría social atópase en estado de alarma social, non mellora en absoluto; pola contra, si o fan a Banca e as grandes empresas, que incrementan cada vez máis as súas ganancias e os seus beneficios. E é que as políticas liberais que vostedes practican delimitan a grandeza do ser humano, a capacidade de xerar ingresos monetarios. E estas políticas e estratexias propias do capitalismo máis decimonónico menoscaban a democracia, favorecen a codicia e a corrupción e destrúen socialmente a comunidade.

Segundo datos de Comisións Obreiras dende a chegada do Partido Popular á Xunta de Galiza perdéronse no noso país 164.000 empregos; é dicir, 14 de cada 100 existentes no remate do ano 2008. Nestes sete anos, case oito, sumáronse ao desemprego 95.000 persoas. A taxa de paro subiu algo máis de oito puntos e o desemprego de longa duración un 300 %.

Ademais destes datos, 69.000 persoas abandonaron o mercado laboral galego. ¿Por que? Porque non atoparon na súa terra unha oportunidade de emprego e de futuro. ¿E que fixeron vostedes ante esta situación de alarma social? ¿Que fixeron vostedes? Reformar o mercado laboral, precarizar a contratación e aplicar durísimos recortes nos orzamentos para políticas sociais. ¿Por que? Porque están vostedes sometidos aos principios económicos da Troika e do Goberno do Partido Popular de Madrid. ¿Que consecuencias? Galiza ao furgón da cola da recuperación económica e do emprego de calidade tal e como poñen de manifesto os últimos datos da EPA.

Esta moción do PSdeG-PSOE, que vai contar co apoio do Grupo Mixto e desta deputada, insta a Xunta de Galicia a reorientar as súas políticas de emprego, e así o deberían de entender, señorías do Partido Popular. Deberían entender que teñen que reorientar as súas políticas laborais e económicas en beneficio da maioría social do noso país, poñendo a énfase no sector primario, creando e xerando emprego na nosa terra. ¿Para que? Para frear a emigración e mellorar a pirámide demográfica. ¿Pero como ten que ser ese emprego? ¿En precario? Non. Ten que ser emprego en igualdade de condicións para mulleres e homes. Emprego digno e con dereitos, reorientar as súas políticas cara á derogación da reforma laboral que foi aproveitada polo empresariado nas novas contratacións de traballo a tempo parcial, que é o xerme da explotación e da pobreza laboral.

A fenda social e a desigualdade medran coas políticas que vostedes, señorías do Partido Popular, levan practicando dende que ocupan a xestión e o poder.

Escoiten, señorías, escoiten con atención o sufrimento da clase traballadora; escoiten con atención as queixas das nenas e dos nenos malnutridos; escoiten con atención o sufrimento das familias nas que non entra ningún ingreso, e reorienten as súas políticas tal e como pide esta moción do PSdeG-PSOE.

Máis nada, moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Iglesias.

Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda, señor Fajardo.

O señor FAJARDO RECOUSO: Vaime permitir, compañeira María Quintas, que antes de expresar que imos apoiar a iniciativa, imos denunciar tamén a incoherencia da iniciativa ao respecto das políticas que pretende levar a adiante o Partido Socialista no conxunto do Estado.

Non se pode plantexar unha reorientación das políticas de emprego sen derrogar a reforma laboral. Non se pode plantexar unha reforma e unha mellor atención ás persoas desempregadas sen ser capaces de tamén reformar os recortes que sobre as prestacións e o desemprego fixo o Partido Popular. E, polo tanto, non se pode sacar a adiante esta iniciativa se o Partido Socialista insiste en apoiar un acordo con Cidadáns que vai en contra dos dereitos dos traballadores, sobre todo nunha cuestión que para nós é clave e vital, que é ese modelo de contrato único que supón unha puñalada ao contrato estable deste país, e que converte *de facto* a todos os traballadores deste país en contratados eventuais.

Porque, como vostedes saben, ese modelo de contrato único o que fai é descausalizar a contratación eventual e, polo tanto, a partir dese momento, no que non se lles exige ás empresas que os contratos eventuais teñan que ver con situacións eventuais de emprego, o que están facendo directamente é descausalizar o emprego eventual e converter todo o emprego en eventual. Esa é unha realidade que temos que denunciar.

Outra cousa é o que se plantexa na moción, e o que se plantexa na moción é algo que para nós é absolutamente fundamental. Algúns acusaron a outros gobernos de negar esa estafa que deron en chamar crise. Nós acusamos o actual Goberno de negar a realidade do desemprego deste país.

Trocear os empregos non é crear emprego, que se reduzan dunha maneira miserenta as cifras de parados rexistrados non ten nada que ver coa creación de emprego, senón coa destrución de emprego e a súa forma de trocealo, pero tamén coa emigración ou o desánimo de moitas persoas que xa non se apuntan á lista de desemprego porque é imposible dende aí atopar un traballo.

Pero quizais unha das cuestións peores que se ten feito neste país é como se teñen atacado as prestacións daquelas persoas que perden o seu posto de traballo. Primeiro faise unha política económica e unha reforma laboral que condena a milleiros de traballadores e traballadoras ás listas do paro, e logo atácanas nas súas prestacións. É tanto así o ataque que dende 2011 se teñen reducido 9.500 millóns de euros en prestacións por desemprego, é dicir, quitado dos petos dos traballadores e das traballadoras deste país 9.500 millóns de euros, que eran para manter as familias dos traballadores e das traballadoras, que daban subsistencia ás persoas que perdían o seu posto de traballo. Dende ese momento 9.500 millóns de euros menos.

Só en Galicia o ano pasado deixaron de ingresarse por parte dos nosos desempregados e das nosas desempregadas 248 millóns de euros, que servirían para fomentar non só a capacidade económica desas familias, senón tamén a economía deste país. 248 millóns de euros que deixaron de gastarse neste país porque simplemente o Partido Popular entende que non hai que protexer os desempregados.

E hoxe son máis os desempregados que non reciben nada que os que reciben algunha prestación. Vostedes fan filibusterismo coas cifras e quitan desas cifras algúns desempregados para que non conste a realidade. E é que hoxe o 51 % das persoas que non teñen emprego non teñen ningún tipo de ingreso, o que significa a miseria para este conxunto de persoas. E fronte a isto, ¿que fai o Partido Popular? Continuar recortando.

Temos que recordar que foi o Partido Popular quen reduciu a capacidade de meses de prestación por ano traballado,

quen tamén reduciu un 10 % a contía das prestacións a partir do sexto mes e, polo tanto, quen está atacando de forma continuada a aqueles que perderon o seu posto de traballo por mor dunha estafa que vostedes deron en chamar crise económica.

Nosotros cremos que é o momento de recuperar as prestacións para os desempregados, de axudar a aquelas persoas que neste país levan máis de dous anos no desemprego e que en moitos casos, con máis de 45 anos, teñen moitas dificultades para acadar un novo posto de traballo. E non os poden deixar na cuneta, o que hai que facer é recuperar as capacidades económicas desas persoas, activar os recursos que ten o Estado para atender as persoas que están pagando a crise provocada polos poderes financeiros que vostedes defenden e que, en moitos casos, financian o Partido Popular.

É absolutamente indecente que se continúe nesta xeira de deixar sen protección a xente que está pagando as políticas económicas do Partido Popular. Polo tanto, nós estamos de acordo en que hai que reorientar as políticas, estamos de acordo en que hai que buscar mecanismos de protección dos desempregados, pero non estaremos de acordo en que se poñan no papel unhas cousas e se acorden políticas que van no sentido contrario.

A primeira acción importante para recuperar o emprego neste país é eliminar unha reforma laboral lesiva e que condenou á miseria a milleiros de traballadores; polo tanto, esa reforma laboral criminal debe de ser o primeiro que ten que derrogar o futuro goberno do Estado.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fajardo.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

A estas alturas coidamos no Bloque Nacionalista Galego que xa se pode facer un balance do que supuxeron as sucesivas reformas laborais para a clase traballadora. Unhas reformas laborais que supuxeron o incremento do poder empresarial e o intento de debilitar a negociación colectiva, a capacidade

dos traballadores e traballadoras de defender os seus dereitos. E supuxeron a devaluación salarial e a moi importante destrución de emprego.

Supuxeron todas estas cuestións porque ese era o obxectivo real das reformas laborais. Nunca tiveron por obxectivo iso que poñían nas súas partes introdutorias de crear emprego, nin de facilitar a creación dese emprego, senón que o seu obxectivo realmente eran os datos que agora están enriba da mesa.

Unhas reformas ao servizo dos intereses dos poderes empresariais, ao servizo dos poderes financeiros, que converteron en lei multitude de reivindicacións históricas da patronal. O que fixeron as reformas laborais foi darlles rango de lei ás demandas empresariais en contra das demandas da clase traballadora, o que supuxeron foi a degradación, o empobrecemento da clase traballadora. Reformas que incrementaron o reparto desigual da riqueza e a liberalización das relacións laborais.

Pois reformas que serviron para desprotexer as persoas desempregadas, abaratar aínda máis o despedimento, ampliar os supostos nos que se consideran procedentes o despedimento, facilitar o despedimento colectivo, rebaixar salarios, incrementar sinistralidade. Bueno, poderíamos seguir enumerando as consecuencias negativas desas reformas laborais.

E consecuencia diso, atopámonos nun mercado cun mercado de traballo cada vez máis deteriorado e cunhas consecuencias tremendamente lesivas para os traballadores e traballadoras. Non só no descenso do número do emprego, senón tamén na cada vez peor calidade, maior precariedade, maior temporalidade, aumento das xornadas a tempo parcial e, desgraciadamente, non a petición propia, senón como a obriga como única opción.

Con todas as medidas que foron tomando, a protección ás persoas desempregadas non fixo máis que empeorar. Ao BNG séguenos resultando difícil de entender que diminuíran os recursos destinados á protección do desemprego, que diminuíran os destinados no Goberno central e os destinados no Goberno de Galiza, que diminuíran eses recursos destinados á protección do desemprego e á non execución, e tamén que aumentara a non execución xa dos minguantes orzamentos previstos para este fin.

Resultanos difícil de entender que no momento co maior número de persoas desempregadas da historia pois se faga ese tipo de políticas de destinar menos recursos, e parécenos indigno que se manteñan a miles de galegos e de galegas desprotexidas, persoas que van conformando unha bolsa de pobreza crónica que se aproxima ou xa está na exclusión.

Neste momento en Galiza máis do 43 % das persoas que están en situación de desemprego levan máis de dous anos nesa situación. Neste momento hai máis parados de longa duración en Galiza que parados existían cando se iniciou a crise, o cal nos parece un dato escalofriante. En Galiza hai máis de 20.000 persoas que levan dun ano a un ano e medio no desemprego, 22.000 persoas que levan dun ano e medio a dous anos no desemprego e 105.000 persoas que levan máis de dous anos. É dicir, case 150.000 persoas paradas de longa duración en Galiza.

Insisto, parécenos un dato escalofriante, porque con esta porcentaxe tan elevada de persoas paradas de longa duración significa que o número de persoas que non teñen ou que non cobran ningunha prestación é tamén moi elevado, porque as prestacións en Galiza, no Estado español, teñen un máximo de dous anos.

Reduciuse a porcentaxe de parados que perciben algunha prestación, sitúase por debaixo do 50 %, e tamén nos parece indigno no Bloque Nacionalista Galego que se teña precisamente canto máis falta facía un servizo público de colocación que permitira a todas as persoas desempregadas facilitarlles a inserción, a reinserción, facilitarlles itinerarios, ter un servizo de colocación público, digno, ao servizo destas persoas, e fora cando máis foi agredido e fora tamén cando máis se lexislou para favorecer as empresas de traballo temporal, cando máis se lexislou para impulsar a entregarlles a estas empresas volume de negocio á custa dos desempregados.

Por iso, imos apoiar esta iniciativa que presenta hoxe o Partido Socialista, porque, efectivamente, cremos que é necesario impulsar medidas en beneficio das persoas desempregadas, pero tamén impulsar medidas que estean dispostos, logo, a implementalas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Popular, señora Romero.

A señora ROMERO FERNÁNDEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi bos días a todas e a todos, señores deputados.

No pasado Pleno o Grupo Socialista interpelou o Goberno acerca das políticas previstas pola Xunta de Galicia para reactivar o mercado laboral, e a resposta do conselleiro –dando conta de todas as políticas económicas e de emprego que teñen posto a Galicia no camiño da recuperación– foi contundente e convincente, como todos os datos que amosan que estas políticas van na boa dirección.

Está claro que o conselleiro convenceuna, señora Quintas, porque non foi quen de aportar nesta moción nada relativo á reactivación do mercado laboral, nada, fala de reorientar políticas e logo fala de servizos públicos e de prestacións, é dicir, de políticas pasivas de emprego.

Interpela acerca das políticas activas de emprego e como consecuencia da resposta, como a convenceu, pois fai unha moción na que insta a Xunta a poñer en práctica políticas pasivas de emprego. Bueno, son destas contradicións pequenas e habituais ás que xa nos teñen acostumbrados os socialistas.

Contundente tamén foi a mensaxe que o conselleiro enviou a todas as galegas e galegos de que este Goberno non deixa de aplicar medidas concretas para abrir oportunidades, oportunidades para que aquelas persoas que queiran traballar atopen un posto de traballo e para que todas as familias dispoñan dos recursos suficientes para levar a cabo unha vida digna, e con esta prioridade naceu o Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, unha nova planificación para consolidar a recuperación económica e intensificar a creación de emprego a curto e longo prazo, e con esta prioridade a Xunta aprobou o pasado 3 de marzo a Axenda 20 para o emprego.

Por iso non imos votar a favor desta moción, señora Quintas, porque o Goberno ten estratexia e planificación neste eido, e esta estratexia e planificación está a funcionar e vai

na boa dirección, como amosan os 49.700 postos de traballo creados en Galicia dende o inicio de 2014 e os 21.400 fogares que deixaron de ter a todos os seus membros en paro.

O desalmado é aquel que destruíu 51.300 postos de traballo, que incrementou o paro ao 32 % no último ano de Goberno, a pesar de pór un plan de limpeza de cunetas o último ano antes, previo ás eleccións autonómicas.

No Bipartito as afiliacións caeron un 4,7 % e agora crecen un 2 %. (*Aplausos.*) Señora Quintas, leccións de creación de emprego, ¡ningunha!

Ao abeiro dos últimos datos de paro rexistrado o pasado mes de febreiro Galicia pechou con 22.281 desempregados menos que hai un ano, o que supón unha baixada do 8,65 %. Temos mellor comportamento que o Estado en termos interanuais en relación co mes anterior, xa que diminúe o paro en 1.179 persoas respecto ao mes de xaneiro.

As políticas de emprego amosan que se está a traballar intensamente para que o paro continúe baixando, e a realidade é que Galicia rexistra vinte e un meses de descenso consecutivos interanuais, colócanse niveis de paro inferiores a febreiro de 2011, encadea tres anos consecutivos onde o paro desce en febreiro e medra a afiliación nun ritmo superior ao resto de España.

E centrándose no que pide a nosa iniciativa –que vostede obviou–, respecto a reforzar o servizo público de emprego, é unha das prioridades que están recollidas na Axenda 20 para o emprego, que ten como obxectivo básico impulsar a calidade e a estabilidade do emprego en Galicia, cun investimento anual de 180 millóns de euros para reforzar a atención especial, que xa presta aos colectivos con maiores dificultades que atopan un posto de traballo.

E precisamente un dos seus retos é mellorar e orientar os servizos públicos na atención ás persoas demandantes de emprego, e xa se viña traballando nese sentido, reforzando este servizo público de emprego, incorporando 126 novos orientadores, dos cales 70 deles farán o seu labor dentro do Plan activa de emprego dirixido a parados de longa duración sen prestacións, e os restantes 50 dentro do Programa de garantía xuvenil.

A Axenda 20 do emprego tamén inclúe a posta en marcha do Programa Aprod con case 64 millóns de euros para promover a contratación, especialmente entre os colectivos máis desfavorecidos, persoas con discapacidade, desempregados de longa duración, a mocidade e tamén as mulleres, que a señora Quintas olvidouse, para as que se poñerá en marcha un plan de emprego e igualdade.

E como teño xa que rematar, señorías, en definitiva dicirlles que o obxectivo fundamental do Goberno do presidente Feijóo é o de crear emprego sen deixar de apoiar os máis vulnerables, e así a Xunta, a través da Risga, complementa os tres programas do Estado que dan cobertura ás persoas paradas en situación de risco de execución social: como son a Renta activa de inclusión, o Plan prepara e o Plan activa.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Romero.

Réplica, grupo autor da moción, señora Quintas.

A señora QUINTAS ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Verá, señora Fernández, seguramente vivimos en países diferentes, posiblemente en cidades diferentes tamén, porque a forma de activar o emprego en Ourense xa a sabemos todo o mundo, declaraba hoxe ás doce e media da mañá. (*Aplausos.*)

Imos ver, vostede fáleme dun plan estratéxico. Esta manía que ten o Partido Popular de pensar que *descienden de la pata del Cid, que seguramente sí de la pata del Cid, sí, y que se lo saben todo, y que los demás son unos ignorantes*, paréceme, por parte súa, señora Fernández. unha falta de respecto parlamentario, por non dicir así..., por ser correcta.

Con respecto a esas axendas tan maravillosas que vostedes fan, direilles: mire, a realidade do emprego no Estado español e en Galicia é que sería innecesario que o dixera nin sequera a oposición, porque é unha realidade que está aí, que cando a xente vén ao Pleno vostedes a botan fóra, e cando están esperando fóra para ver se lles arreglan algún problema non saen.

Polo tanto, se estiveramos en Galicia *en el país de las maravillas* seguramente que vostedes deixarían que a xente entrara para que viran o seu bo traballo, e recibiríannos na porta.

Con respecto ás estratexias e aos plans estratéxicos, que este é o Goberno do plan, eu recordo que desde que o señor Feijóo goberna é un plan, e outro plan, e un plan dentro dun plan, e 77 planes dentro do propio plan, que non valen para nada.

Na última axenda importante que fixo o seu Goberno, señora Fernández, equivocáronse en 4.000 millóns de euros. Eu téñolle que preguntar tres veces ao señor Losada, porque, claro, paréceme tanto que igual me equivoco, xa eu que non son economista.

Esas son as súas axendas.

Con respecto ao labor importantísimo do señor conselleiro de Emprego, é que o 50 % do presuposto está sen executar, iso indica tamén, pois, o que lles preocupa a realidade. Claro que se vostedes viven nunha burbulla onde todo está maravillosamente ben, pois igual tiramos co 50 %, porque total os desempregados galegos están ben atendidos.

A realidade, señora Fernández, é que o número de persoas paradas dende o ano 2009 aumentou en preto de 70.000. A realidade é que os beneficiarios por prestación descendieron en 10.243 e que o gasto para atender a eses máis desempregados, máis persoas en risco de pobreza, descendeu en preto de 25 millóns de euros, exactamente 24.170.000.

Polo tanto, señora Fernández, eu entendo que oia, pero cun pouco de respecto. Vostede ten que defender o que o Partido Popular e o que o Goberno Popular lle digan, pero cun pouquiño de respecto, porque as cifras son estas, e esas tenas vostede, téñoas eu e tenas o resto da oposición.

E a fame...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Remate.

A señora QUINTAS ÁLVAREZ: ...e a pobreza, e que a luz non se poida acender, e a falta de calefacción, e os fillos emigrados: iso téñeno os galegos e as galegas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Remate, señora Quintas.

Moitas grazas.

Suspendemos a sesión ata as dezaseis trinta.

Suspéndese a sesión ás dúas e quince minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Moción do G.P. Mixto, por iniciativa de D^a María Consuelo Martínez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa práctica da prostitución en Galicia e as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto

O señor PRESIDENTE: A esta moción presentáronse emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

(O G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada e portavoz María do Carme Adán Villamarín, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de adición.

Débase engadir na parte resolutiva da moción un novo punto:

“14. A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, recoñece no seu artigo 3 como forma de violencia o tráfico de mulleres e nenas con fins de explotación, calquera que fose a relación que una a vítima co agresor e o medio utilizado.

Polo tanto, o Parlamento galego insta o Goberno a incluír e desenvolver no ámbito das axudas económica, laboral e de acceso a vivenda programas que recollan esta forma de violencia de xénero.”).

(O G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa da súa deputada e viceportavoz Eva Solla Fernández, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de modificación.

No apartado I débense substituír os puntos 4, 5, 8, 11 e 12 da parte resolutiva da moción polos seguintes:

“4.- Regular a condición de residencia por motivos excepcionais para as mulleres e/ou nenas vítimas de trata e explotación sexual. De tal xeito que a regularización administrativa lles permita acceder a un Plan que contemple a incorporación efectiva aos seus dereitos básicos coma cidadás: dereito á saúde, educación, vivenda, acceso ao emprego e protección social, etc.

5.- Instar a Inspección de Traballo para que aumenten as actuacións nos locais de alterne existentes en Galiza que permitan asegurar que as contratacións legais existentes, se as houber, son as adecuadas.

5 bis.- Establecer unha colaboración efectiva cos colectivos onnds que axudan ás mulleres en situación de prostitución para ofrecer a información necesaria das axudas e dereitos para as persoas que abandonen o exercicio da prostitución.

8.- Realizar, dende unha perspectiva feminista, campañas de sensibilización sobre a situación das mulleres en prostitución, explotación sexual e trata e os seus dereitos.

11.- Requerir dos medios de comunicación con edicións e/ou distribución/emisión en Galiza o cumprimento da legalidade no relativo a igualdade, evitando esterotipos ou estigmas sobre as mulleres e nenas en prostitución.

12.- Requerir aos medios de comunicación con edicións e/ou distribución/emisión en Galiza a eliminación de publicidade ou anuncios breves de prostitución. Condicionando a este feito a recepción de axudas ou subvencións públicas.”

No apartado II débense substituír os puntos 4, 5, 6, 7, 8 e 11 da parte resolutiva da moción polos seguintes:

“4-5 (punto único).- Elaborar un Plan transversal e con recursos económicos contra a Explotación Sexual que abranga por unha banda ás mulleres en pobreza e risco de exclusión social, evitando a posibilidade de que se vexan abocadas á prostitución e por outro ás mulleres en situación

de prostitución na actualidade. O dito Plan terá coma finalidade a inserción social, laboral, e o cumprimento dos dereitos fundamentais de estas persoas.

Con este fin, establecerase:

a) A proporción de recursos e coordinación á Xustiza e Forzas e Corpos de Seguridade para poder actuar contra a trata e explotación sexual de mulleres e nenas.

b) A regulamentación da condición de residencia por causas excepcionais das mulleres explotadas.

c) A planificación de medidas para o acceso ao mercado laboral en condicións dignas para que as mulleres poidan abandonar a situación de prostitución.

d) A planificación das medidas que garantan o acceso á protección á saúde, formación, educación, vivenda e o resto de dereitos básicos.

6.- Regular a condición de residencia por motivos excepcionais para as mulleres e/ou nenas vítimas de trata e explotación sexual. De tal xeito que a regularización administrativa lles permita acceder a un Plan que contemple a incorporación efectiva aos seus dereitos básicos coma cidadás: dereito á saúde, educación, vivenda, acceso ao emprego e protección social, etc.

7.- Instar a Inspección de Traballo para que aumenten as actuacións nos locais de alterneexistentes en Galiza que permitan asegurar que as contratacións legais existentes, se as houber, son as adecuadas.

8.- Modificar o Código Penal para evitar a penalización ás mulleres en situación de prostitución e penalizar o proxenetismo.

11.- Realizar, dende unha perspectiva feminista, campañas de sensibilización sobre a situación das mulleres en prostitución, explotación sexual e trata e os seus dereitos.”).

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra a señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Imos tratar sobre a prostitución nesta moción que xorde da interpelación presentada no anterior pleno.

Como dicíamos con motivo da interpelación, aínda que a prostitución é exercida maioritariamente por mulleres e nenas e os consumidores son maioritariamente homes, tamén temos que recoñecer que a prostitución é exercida tamén por transexuais e homosexuais. Polo que esta moción fala de persoas e non fala de mulleres simplemente, porque consideramos a prostitución como un problema en si mesmo, independentemente de quen a exerza.

Importantes intereses económicos queren centrar o debate sobre a prostitución na conveniencia de legalizar ou regular os prostíbulos, na retirada das prostitutas das rúas ou no recoñecemento ou non da prostitución como un traballo máis.

Basicamente, os distintos tratamentos que se teñen dado en materia de prostitución nos distintos países pódense resumir en tres: o sistema regulamentarista, o sistema prohibicionista e o sistema abolicionista. Non vou definirme aquí nin propoñer que este Parlamento se defina por ningunha das tres posicións, posto que o debate non trata diso. Este debate plantéoo como unha defensa dos dereitos humanos e dos dereitos fundamentais para aquelas persoas que exercen a prostitución, moi lonxe de calquera das filosofías nomeadas.

Calcúlase que aproximadamente no Estado entre 300.000 e 400.000 mulleres se dedican á prostitución; o 90 % destas mulleres son estranxeiras e a inmensa maioría están en situación irregular.

Segundo o estudo, dende a experiencia e a mirada de Cáritas –que non é unha organización feminista nin unha organización revolucionaria– está aumentando o número de mulleres de nacionalidade española que exercen a prostitución para soste os seus fogares, sen que na maioría dos casos a familia teña coñecemento diso.

As enquisas indican que un 30 % dos españois practican sexo con prostitutas e que España é un dos países onde o consumo da prostitución está menos desprestixiado.

As enquisas revelan que aproximadamente tan só un 5 % das mulleres que exercen a prostitución afirman facelo libremente, o 95 % restante fano obrigadas.

No caso das estranxeiras, vítimas de trata en situación irregular, a lei do Estado permite a súa regularización se denuncian a rede ou denuncian o proxeneta, e colaboran na desarticulación da rede, pero segundo a Garda Civil só o 1 % das mulleres explotadas sexualmente denuncian a súa situación. (*Murmurios.*)

Presidente, por favor, é que me estou agobiando. Eu entendo que aos señores do Partido Popular non lles interese o problema da prostitución, pero eu pido respecto para as mulleres. (*Murmurios.*) Vale, pero eu, sobre todo, escoitaba deste lado.

Ben, só un 1 % denuncia a situación de trata e de explotación sexual porque non teñen garantías nin de ter un salario que lles permita sobrevivir se deixan a prostitución, nin de ter protección policial e dos corpos de seguridade para non ser agredidas polos proxenetas ou polas mafias que as trouxeron, e non teñen garantías tampouco de poder seguir mantendo as súas familias nos países de orixe. Polo tanto, son mulleres que non confían na administración para deixar a prostitución, porque teñen comprobado que a administración non lles ofrece absolutamente nada.

Informes da Garda Civil sinalan que cando se lles propón saír da prostitución perciben esta oferta como unha posibilidade pouco realista, que non lles asegura a supervivencia nin sequera a súa seguridade física.

A Fiscalía Xeral do Estado sinala que o tráfico de persoas é o fenómeno de delincuencia organizada que se produce con máis frecuencia no Estado español.

A prostitución forma parte do sector da economía somerxiada e xera en diñeiro negro entre 12.000 e 18.000 millóns euros ao ano, que son incluídos no PIB dos estados, coma se se tratara da venda dun produto, sen ter en conta que a mercancía é o corpo humano.

Pero si que a lei regula o dereito dos empresarios do sexo, dos proxenetas, e de feito dende o 2001 existe a patronal dos clubs de alterne. Polo tanto, se hai unha patronal de prostí-

bulos, ten que haber persoal que traballe para esa patronal. E non recoñecelo é unha simple hipocrisía social. Polo tanto, non podemos con base nesa hipocrisía negar a realidade e desprotexer estas mulleres.

O citado informe de Cáritas di: “Mentres exista a prostitución, a desigualdade entre sexos seguirá vixente, porque esta actividade é un dos alicerces fundamentais do sistema sexual patriarcal”. Eu creo que é todo o contrario, xa que mentres exista desigualdade entre sexos, a prostitución seguirá vixente, porque esta baséase na dominación dun sexo sobre o outro.

Por iso esta moción pretende abrir un debate necesario e acadar medidas que recoñezan dereitos das persoas que exercen a prostitución, os dereitos das persoas que queren abandonar o mundo da prostitución e as actuacións en relación co proxenetismo e a trata.

Nesta moción o que pedimos, primeiro, é que se entregue a este Parlamento no prazo dun mes un informe sobre a situación actual da prostitución en Galiza. O outro día foi vergoñento escoitar o vicepresidente dicir que non sabe cantos clubs de alterne hai en Galiza. Pois debería sabelo porque os usuarios deses clubs saben perfectamente onde están. Polo tanto, non hai ningún motivo para que o vicepresidente non saiba cantos clubs de alterne hai, nin cantas mulleres traballan neses clubs de alterne, nin cantas persoas forman parte desa patronal de clubs de alterne.

Tamén pedimos que se implementen todas as medidas necesarias para garantir que ningunha persoa implicada nun proceso de trata poida abrir un local en Galiza.

Incrementar os recursos económicos e materiais para que as persoas poidan abandonar a prostitución, incluídas dentro dos programas actuais. Non pode haber un programa exclusivo para persoas que exercen a prostitución, porque iso sería tanto como sinalalas; teñen que entrar dentro dos programas que xa existen.

O acceso automático ás axudas para inmigrantes en situación irregular e a súa regularización automática. Non é aceptable a vulnerabilidade á que quedan sometidas actualmente despois da decisión xudicial.

Tamén instamos a que a Inspección de Traballo actúe nos clubs de alterne e comprobe as condicións laborais das traballadoras destes clubs, e que ademais lles ofrezca tamén cales son as alternativas para deixar a prostitución.

Programas de formación e sensibilización para a atención á prostitución en toda a administración pública: xustiza, servizos sociais, sanidade, policía local e autonómica.

Tamén un programa de formación para os mestres e mestras, porque están e atenden nenos cuxas nais se dedican á prostitución. Polo tanto, deben ter coñecementos para que estes nenos non se miren discriminados.

Tamén pedimos realizar dende unha perspectiva feminista coa representación das persoas traballadoras do sexo campañas de sensibilización sobre os dereitos das persoas do sexo, dignificando o traballo sexual, pois só se se dignifica ese traballo podemos dar dereitos ás persoas que exerzan a prostitución.

Tamén realizar campañas de sensibilización, dedicadas aos usuarios da prostitución, campañas de saúde laboral...

E despois pedimos tamén outra serie de iniciativas que van romper o concepto moral da prostitución, para mellorar os dereitos das mulleres. Porque si hai unha cousa que é certa, e nós reclamamos, por exemplo, unha pensión de xubilación, porque consideramos que son traballadoras do sexo e traballadores do sexo, porque se non condenamos a xente que exerce a prostitución a ser pobres de novas e a ser pobres tamén cando chegue a súa vellez.

E eliminamos tamén do Código penal a prostitución voluntaria, porque cremos que todas as mulleres temos dereito a decidir sobre a nosa sexualidade, como utilizar o noso sexo. Porque como di un famoso lema feminista: “Se na miña cona non manda ninguén, non manda nin a Igrexa, nin o Estado, nin as feministas, mando eu soa. Polo tanto, o que faga co meu corpo é responsabilidade miña, e ninguén me pode prohibir utilizalo como mellor me pareza”. Polo tanto, eu persoalmente –e non é o debate– estou en contra da prohibición, e creo que está dentro da liberdade das mulleres decidir como utilizar o seu sexo, cando o utilizan e para que o utilizan, sen que ninguén poida establecer ningún tipo de moral ou ética sobre o mesmo.

Creo que neste debate hai moito tamén de moral relixiosa, hai moito de hipocrisía social e, sobre todo, hai un gran castigo para aquelas mulleres máis desprotexidas pola sociedade, aquelas mulleres que non teñen medios de subsistencia, e o único que se lles ofrece é: deixade a prostitución, que non se vos ofrecerá nada, quedades na rúa, quedades sen ingresos, quedades abandonadas.

Polo tanto, eu espero que con todas as dúbidas que se poidan ter se apoie esta moción.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Pois este é un tema complexo, que sempre representou dificultades nas organizacións políticas, sindicais e mesmo nas organizacións feministas. É un antigo debate, mais non por antigo, mais non por difícil hai que abandonalo, porque mentres aprazamos e non abordamos o tema milleiros de mulleres e nenas son obrigadas a prostituírse, son explotadas, son tratadas, son vítimas das mesmas mafias que agora ven computados os seus millónarios beneficios do produto interior bruto do Estado español.

A iniciativa é moi extensa, e dende este grupo quixemos emendar polo menos as partes que nos parecían máis importantes, porque temos profundas discrepancias co concepto de prostitución, con algúns aspectos da iniciativa:

Non consideramos que a prostitución sexa un traballo, non se vende a forza de traballo, véndese o corpo en si. Pero, con todo, oxalá estivésemos en disposición de estar dando nesta cámara ou en calquera outro sitio este debate. ¡Oxalá o debate fose tan só teórico! A realidade é que como mínimo, e como xa dixo a proponente, segundo os propios datos das oenegués e da propia policía, o 90 % das mulleres que exercen a prostitución no conxunto do Estado e en Galicia faíno de xeito obrigado, e case a totalidade, o 94 %, son vítimas de trata de persoas. Así que oxalá estivésemos nesoutro punto do debate. Nin sequera no caso das mulleres que presunta-

mente exercen a prostitución de forma voluntaria existe tal voluntariedade. E así o denuncian tamén os colectivos que están a comparecer na Comisión de Igualdade.

A crise, que ademais ten responsables –como xa se dixo aquí–, foi a que empurrou algunhas mulleres españolas e galegas a ter que prostituírse, non porque queiran, senón porque necesitan alimentar os seus fillos, as súas familias, ou subsistir. Non hai liberdade na prostitución, non é un emprego, senón que as mulleres se ven abocadas pola pobreza, primeiro, porque son mulleres e, segundo, porque son pobres. E no caso das mulleres explotadas tratadas nin sequera iso.

Entendemos imprescindible que estas mulleres poidan ter acceso á condición de residencia por motivos excepcionais, e así o poñemos na nosa emenda, porque se non será imposible que poidan acceder aos dereitos básicos e dereitos humanos. É imposible se administrativamente non son regularizadas.

Consideramos que non é exactamente adecuado instar a Inspección de Traballo a que revise as contratacións, non porque non existan algunhas, aínda que aí temos discrepancias, senón porque a meirande parte das mulleres en situación de prostitución non están contratadas, son explotadas, son tratadas, e habitualmente iso non se produce. É certo que hai algunhas persoas con certos contratos, por exemplo, de camareiras dalgúns clubs, pero non é o máis abondoso.

E entendemos que non é responsabilidade da Inspección de Traballo, probablemente si da Administración de servizos sociais, intentar interactuar con esas mulleres en prostitución para informalas dos seus dereitos e intentar traballar para que abandonen esa situación. Non existe agora mesmo neste instante unha representación das persoas traballadoras do sexo, como di a iniciativa.

Entendemos, como xa se plantexou nunha iniciativa, que por certo o Partido Popular votou en contra, que non se pode seguir financiando os anuncios de prostitución nos medios, que denigran, que facilitan o negocio dos proxenetas, das mafias, e que facilitan o tráfico de mulleres.

Entendemos, e así queda reflectido nas emendas, que non se pode penalizar as mulleres prostituídas, e si que se debe penalizar os tratantes e os proxenetas. E dotar, obviamente –tamén o poñemos aí por escrito–, a Fiscalía e forzas e cor-

pos de seguridade para que poidan actuar contra a trata e contra as mafias.

Ningunha muller –dicía ao principio– quere prostituírse de motu proprio. É simplemente –como dicíamos de entrada– que as mulleres son pobres ou que as mulleres se atopan nunha situación na que non teñen outra saída. E, polo tanto, solicitamos un plan integral real con opcións de emprego, con opcións de vivenda e con opcións de formación para que realmente as mulleres poidan abandonar esa situación, porque sen vivenda e sen emprego non teñen outra posibilidade, e, obviamente, acceso á sanidade pública.

Non me dá tempo para todas as medidas, así que vou rematando.

Segundo os estudos máis recentes, os que temos sobre a mesa, aquí falaban dun 30 %, un 40 % dos homes en todo o Estado, e tamén en Galicia, acudiron polo menos algunha vez a un servizo de prostitución, ¡un 40%! Hai 47 deputados nesta Cámara, extrapolen, fagan o cálculo e miren cara ao do lado.

E remato xa citando as declaracións dunha vítima de trata publicada primeiro en *El País* e logo recollido no libro das profesoras Águeda Gómez e Silvia Pérez, dirixido a ese 40 % –remato xa–: Parabéns, están enriquecendo as mafias. Grazas a vostedes milleiros de nenas e mulleres neste momento están secuestradas para que vostedes poidan ir disfrutar como queiran. As mafias conseguiran de todos os tamaños, altas, baixas, louras, brancas ou morenas. ¡Por Deus!, son seres humanos, son nenas iguais ás vosas fillas, son nais iguais ás vosas nais, irmás, tías e avoas, e, por suposto, son tratadas e explotadas.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, presidenta.

Boa tarde, señoras deputadas, señores deputados.

Efectivamente, hoxe o Grupo Mixto plantéxanos un debate difícil, un debate fundamental, un debate que durante décadas dividiu, enfrontou non soamente –como xa se dixo– a organizacións políticas, a sindicatos, senón ao propio movemento feminista, tanto na rúa como nas universidades, tanto na rúa como en todo o desenvolvemento teórico do mesmo. E permítaseme diferenciar, en primeiro lugar, prostitución de trata, aínda que na iniciativa e tamén en todo o traballo que temos desenvolvido na Comisión de Igualdade está moi vinculado. A prostitución, tal e como a definiu a señora Martínez, pon un enfoque sobre dúas posturas fundamentais: abolicionismo e –imos denominar as outras dúas posturas– entender a prostitución como unha actividade ou como un traballo.

Efectivamente, iso xera un debate importante e xera un debate sobre todo a respecto da sexualidade feminina, do control da sexualidade feminina por parte dos homes e da sociedade, e tamén está atravesado, sen lugar a dúbidas, por toda unha serie de consideracións morais que a nosa cultura arrastra durante séculos. Eu creo definirme como unha muller feminista que non son abolicionista, que non creo que ese sexa o camiño, mais entendo a profundidade e a dificultade do proceso no que estamos. E tamén entendo que as leis abolicionistas nos arrojan datos que nos deben obrigar a pensar sobre a situación na que vivimos.

Eu creo que a prostitución é un debate fundamental, importantísimo, que existe un mundo que non miramos pero que está aí todos os días e que hoxe chega á Cámara. E chega á Cámara porque é un mundo atravesado pola marxinalidade en moitas ocasións, pola pobreza, pola desigualdade. Pero –e eu tamén comparto con parte da proposta que se nos pon dende a propoñente– se miramos para outro lado, aquelas que máis sofren son as que estamos penalizando. E eu tampouco creo que ninguén de nós sexa quen de negarlles recursos, apoio, e realmente negarlles a condición que se reclama nalgún dos puntos desta iniciativa, de que é unha actividade que ao ser realizada e non ter posibilidades nin de paro nin de xubilación arrastra estas mulleres a aínda ser máis marxinais en todos os ámbitos da súa vida, incluída a vellez.

Por iso eu creo que non é un debate que poidamos, dende logo, arranxar aquí, pero que non é un debate fácil. E cando simplemente dicimos de prohibila, bueno, tamén estamos

obrigando dalgunha forma a que se exerza aínda de xeito máis escondido ou de xeito máis perseguido para esas mulleres, e poidan ser elas mesmas as que acaban sufrindo máis.

Pero o certo é que neste momento, tal e como vemos a prostitución, se trata fundamentalmente de trata. O 90 % –xa se falaba, é difícil– desas enquisas son mulleres que din exercer a prostitución, que o afirman, e que ademais así o corroboran os estudos, as oenegués que están a traballar con elas, os corpos de forzas de seguridade, de xeito forzado. E aí a obrigación sería xa ter unha lei que perseguira a trata e que dotara de recursos todas esas mulleres que poden abandonar esa trata ou que poden abandonar a prostitución.

Unha muller que abandona a prostitución, aínda que veña de ter sido unha muller obxecto de trata, ten moi poucas axudas públicas, e moi poucas axudas para poder saír desa situación, tanto económicas como de vivenda, como de acceso a un traballo, e xa non digo de recuperación psicolóxica ou de refacer o seu proxecto vital. Moitas delas son mulleres que teñen fillos, que teñen fillas, mulleres que teñen as súas familias en países de orixe, que están ademais sendo extorsionadas por parte desas mafias. Polo tanto, un problema serio que hoxe se trae en forma dunha moción moi extensa e á que o BNG presenta simplemente unha emenda.

Creo recordar que a Lei galega de violencia é a primeira lei de todo o Estado que incorpora o tráfico de persoas –así denominado no 2007– á violencia de xénero, hoxe a trata. Creo que foi un paso adiante importantísimo que fora recollido nesta lei, ademais en consenso, porque non se introduciu no artigo terceiro a definición de violencia de xénero aquí na Cámara, senón coas propias deputadas previamente no trámite de pensar como se podía facer esta lei. Nós o que propoñemos é que, xa que está na definición, todas as medidas que aparezan recollidas no articulado e que nese momento por omisión, porque realmente non chegamos a profundar o suficiente, polo que fora, non foran introducidas se introduzan, e que as axudas económicas, as axudas de vivenda, os plans, por exemplo, de inserción laboral, recollan as mulleres que deixan a prostitución ou que foron vítimas de trata. Eu creo que sería un paso adiante. E ademais, en todo caso, de non ser aceptado aquí, temos aínda varios meses desta legislatura para darlle unha volta a unha medida que podería ser tamén outra vez vangarda e novidosa no Estado.

Vou concluíndo porque a verdade é que este é un debate que eu creo de moito calado a respecto de como entendemos a sexualidade das mulleres. Para min hai unha autora, unha filósofa, Martha Nussbaum, que fai un libro publicado en 1999, *Sexualidade e xustiza social*, que eu creo que enfoca todos os debates aos que nos enfrontamos mulleres e homes a respecto da prostitución, toda esa moralidade que temos que nos impide ver en termos políticos, en termos de control social, en termos de liberdade, en termos da profundidade. É que cando dicimos ás veces as feministas que imos salvar as mulleres prostitutas, non é tanto iso, é: imos acompañar as mulleres na toma de decisións libres a respecto do seu corpo, incluso cando non entendamos algunhas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: ...decisións porque se contradín coa nosa moralidade.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Adán.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Acuña.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Pois ben, durante a interpelación desta moción sobre trata con fins de explotación sexual e prostitución tivemos a oportunidade de comprobar a actitude do Goberno Feijóo, que non a opinión que ten o Goberno Feijóo, sobre este grave problema. Actitude que dende o Grupo Socialista non compartimos en absoluto, pois o PP, aínda recoñecendo que a trata e a prostitución atentan contra os dereitos humanos e que son unha forma de violencia de xénero, o señor Rueda quedouse tan tranquilo afirmando que o Goberno non pode facer nada porque non ten unha variña máxica e que, ademais, é mellor non facer política con este tema. Bueno, eu non sei realmente que quere o señor Rueda que fagamos neste hemicycle, no Parlamento galego, non o sei, se encaixe de bolillos ou non sei o que pensa, porque son necesarias as políticas, sen dúbida, para acabar con esta lacra, e ademais, segundo as políticas que fagamos, as desigualdades e as violencias machistas medran ou diminúen.

Non é de recibo para nós que o responsable da igualdade e mais da seguridade da Xunta de Galicia non saiba cantos locais de alterne hai na nosa comunidade. Pero, ¡caramba!, se se anuncian cunhas luces de neón así de grandes. E ademais non pode desculpar a súa inacción coa ilegalidade ou coa ilegalidade. Eu téño dito moitas veces e vólvo repetir aquí: se de verdade houbera un pouquiño de compromiso non habería máis que poñer controis de alcoholemia, señorías, na porta dos puticlubs –porque é así como se chaman: “puticlubs”–. A Xunta non nos sabe dicir cantas mulleres nin cantas nenas temos en Galicia vítimas de trata, porque, señora deputada, a trata, sobre todo, é de mulleres e de nenas. Pero si soubo presumir aquí de que Galicia foi a primeira Comunidade Autónoma que firmou un protocolo de actuación institucional para previr, investigar e tratar as mulleres vítimas da trata con fins de explotación sexual. Por certo, ese protocolo, que foi firmado no ano 2010, sen embargo, seis anos máis tarde, no 2016, non nos serve, segundo dixo aquí o propio señor Rueda, nin sequera para cuantificar o problema. A min paréceme que moi exitoso non debe de ser ese protocolo.

En cambio, si coincidimos co texto da interpelación, pois, efectivamente, a trata con fins de explotación sexual e consecuentemente a prostitución, que é quen a alimenta, son violencia de xénero. E por suposto que no mundo da prostitución hai maltrato para a muller, tanto físico como psicolóxico. Sabemos, señorías, que o 90 % das mulleres que exercen a prostitución son inmigrantes en situación irregular e que se prostitúen baixo a ameaza de mafias e proxenetas. Sabemos que só un 5 % das prostitutas o fan voluntariamente, ou dito doutro modo: o 95 % das mulleres que se prostitúen fano obrigadas. E sabemos que a trata e a prostitución van da man; se non houbera prostitución non habería trata, pois ao desaparecer a demanda xa non interesa a trata, xa non sería negocio. Algo que, por certo, comprobaron en Suecia, pois ao perseguir a prostitución conseguiron practicamente rematar coa trata. Non se trata, señorías, de moral, non; non se trata de vulgar as mulleres, por suposto que non; trátase de perseguir o cliente para acabar co proxeneta.

Está moi claro, señorías, que a trata e a prostitución son unha forma de escravitude baseada no machismo, e por iso, señora deputada, o Grupo Parlamentario Socialista non pode apoiar a súa moción. Nós non consideramos a prostitución un traballo, senón unha escravitude; é unha mostra máis da

violencia machista e iso, señorías, é algo que non podemos nin debemos de regular. Nós queremos a sanción para o cliente, como, por certo, recollimos no noso programa electoral; queremos o apoio total para esas mulleres que están forzadas e obrigadas exercendo a prostitución; apoio total á vítima, á prostituta –si, á prostituta–, condena para o proxeneta, e, por suposto, concienciación social contra a prostitución. E así o temos plantexado nesta cámara en máis dunha ocasión, aínda que lamentablemente ata o de agora o grupo maioritario votou sempre en contra, pois prefire continuar coa hipocrísia de mirar cara a outro lado.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Acuña.

Grupo Parlamentario Popular, señora Oubiña.

A señora OUBIÑA SOLLÁ: Grazas, señor presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Hoxe vostede, señora deputada, trae aquí unha moción como consecuencia dunha interpelación no pasado pleno, e aínda que compartimos moitos dos temas que –digamos– plantea no seu texto, non nos parece serio, señora Martínez, que me presente hai unha hora un texto transaccionado, que teño aquí, de cinco folios, a última hora, incluíndo temas repetidos, que pretende que aprobemos nun debate de cinco minutos.

Volvendo ao tema, señora Martínez, a intervención do conselleiro creo que deixou clara a complexidade do tema, tanto polo seu carácter transnacional e tamén porque estamos a falar de accións que moitas veces se moven na legalidade e outras moitas na alegalidade. E isto supón que sexa especialmente difícil identificar e dispoñer de datos das vítimas, que é simplemente o que dixo o conselleiro.

Non se debe mesturar, como fai na súa iniciativa, señora Martínez, as vítimas dun delito como é a trata ou a prostitución coas traballadoras do sexo, como vostede di, cando en España a prostitución non está legalizada como profesión. Non queda claro, polo tanto, se vostede está a favor de legalizar a prostitución ou non. Entendín que está a favor, entendendo que os grupos que apoian este tema pois tamén o estarán.

Nas comparecencias na Comisión non Permanente de Igualdade deste Parlamento das distintas ONG que conforman a Rede Galega contra a Trata, que recibiron a Medalla Castelao 2015 polo labor que desempeñan, puidemos comprobar que todas as comparecentes se mostraron contrarias á legalización da prostitución.

En canto ás medidas de apoio postas en marcha pola Xunta de Galicia, xa no ano 2010 o presidente da Xunta e o fiscal superior de Xustiza asinaron o primeiro protocolo de actuación institucional sobre a adopción de medidas de prevención, investigación e tratamento ás mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual. Esta medida permitiu programas, permitiu asinar convenios de colaboración coas distintas ONG, levando a cabo programas de atención ás mulleres vítimas de explotación sexual, co fin de axudalas na súa integración social e tamén laboral, acompañándoas naquilo que precisen, para o que contan tanto co apoio da Xunta como da Fiscalía; en definitiva, protexer as vítimas.

No ano 2011 saben vostedes que se puxo en marcha o proxecto Itineris, coa participación dos gobernos de Brasil, Portugal e Galicia para a protección e loita contra a explotación sexual en temas de trata nos países de orixe. Potenciouse o labor dos CIM e tamén doutras entidades coa posta en marcha no ano 2011 do servizo de teletradución a cincuenta e un idiomas, xa que estamos a falar de que a súa maioría son mulleres estranxeiras inmigrantes.

A través de distintos convenios e entidades, desde o ano 2010 atendéronse máis de 27.000 persoas, na inmensa maioría mulleres inmigrantes en situación irregular, ao que temos que engadir que tamén o VI Plan de igualdade inclúe por primeira vez medidas contra a trata, medidas concretas, así como tamén campañas de sensibilización que todos os anos se levan a cabo, destinadas, señora Martínez, a concienciar a totalidade da sociedade.

En canto aos recursos económicos –dos que tamén aquí se falou–, as vítimas de explotación sexual e trata de persoas teñen dereito á renda de integración social de Galicia polo trámite de urxencia, quedando eximidas do requisito de residencia e empadramento, así como outros relacionados coas vítimas de violencia de xénero, sendo novamente Galicia a primeira comunidade autónoma que presta asistencia sanitaria ás mulleres en situación irregular vítimas de explotación

sexual. Se falamos de orzamento, este ano 2016 incrementáronse os orzamentos destinados a este fin en máis dun 30 %.

A nivel estatal –que tamén se falou aquí–, foi un goberno do Partido Popular o que levou a cabo tanto a reforma do Código penal que tipifica por primeira vez o delito de trata de seres humanos como outros instrumentos normativos que garanten a asistencia gratuíta tanto ás vítimas de trata como aos menores en situación de abuso e maltrato nos procesos xudiciais e administrativos, o que supón, señora Martínez, unha protección aínda máis ampla que a exixida pola directiva europea.

Polo tanto, non imos apoiar este texto que vostede nos presentou xa transaccionado, porque a Xunta de Galicia, dentro das súas competencias neste tema, seguirá traballando e seguirá colaborando con quen mellor leva a cabo este labor, que son, sen lugar a dúbidas, as distintas ONG que forman a Rede Galega contra a Trata de Persoas. Ademais, así quedou demostrado tamén, sobre todo, pola confianza...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando.

A señora OUBIÑA SOLLA: ...–remato, señor presidente– que depositan as mulleres vítimas, non na Administración, precisamente, senón nesas asociacións que están máis cerca das vítimas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Oubiña.

Grupo autor da moción, Grupo Mixto. Señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Si, ben, vou empezar pola última intervención.

Entreguei a transacción porque precisamente é un texto longo, pero vostede hai unha semana que coñece o texto, simplemente é en relación coas emendas, que tamén coñece con anterioridade, cales son acertadas ou non; tratábase de facilitar o traballo, pero vese que a vostede lle custa moito ler o texto que se lle entrega.

En canto ao de que as ONG son as que deben encargarse, pois moi ben, deixación das funcións do Goberno para que

as ONG se dediquen a, precisamente, defender os dereitos das persoas máis vulnerables.

Pero tamén quero dicir que o primeiro que hai que facer, antes de nada, é protexer as mulleres e despois xa miraremos, pero primeiro protexelas, garantirlles ingresos, garantirlles vivenda, garantirlles aos seus nenos e ás súas nenas unha vida digna, e despois podemos mirar outras cousas.

Porque din algunhas das intervinientes que a prostitución non é un traballo, que non existen as traballadoras do sexo, pero existe a patronal do sexo. Cando hai unha patronal é porque hai un caldo de persoal, porque, se non, non ten lugar a que exista patronal. O que si está claro é que aquí se protexe os proxenetas cunha patronal recoñecida pero non se recoñece as mulleres que traballan para eses proxenetas, que son explotadas cruelmente.

Por outro lado, reclamo total e absolutamente o dereito das mulleres a decidir a súa sexualidade, a decidir se queren ou non queren exercer a prostitución libremente sen que ninguén as explote. Porque o demais é un concepto moral sobre como a muller ten que utilizar a súa sexualidade, para que a debe de utilizar, cando está ben visto que unha muller teña relacións sexuais, cando está mal visto que unha muller teña relacións sexuais, cando pode ter relacións sexuais e cando non pode ter relacións sexuais. E iso ninguén llo pode dicir a unha muller.

Chama a atención que me diga que hai un servizo de teletradución. Non creo que ese sexa o maior problema que teñen as prostitutas do noso país.

E é certo: a prostitución exerceuse maioritariamente por necesidade, por necesidade económica, porque este goberno non cobre as necesidades das mulleres, porque este goberno vota en contra de que as mulleres iguallen os seus salarios cos dos homes, porque mantén a discriminación, e a discriminación leva, desde logo, á prostitución. Pero tamén é certo que se a maioría é por necesidade ou por trata, hai tamén mulleres que exercen a prostitución libremente. E paréceme alucinante que neste Parlamento se negue o dereito das mulleres a utilizar o seu sexo como queiran e se diga que non é certo, que hai mulleres que a exercen voluntariamente, porque é certo que hai, porque non me resigno a que se me negue o dereito a utilizar o meu corpo como queira.

E, ademais, en todas esas axudas que hai son tan boas que menos do 1 % das mulleres que exercen a prostitución acoden á Administración pedindo axuda, porque non confían na axuda da Administración, porque teñen comprobado que non vai a adiante e porque, ademais, non se sabe cantas dese menos do 1 %, realmente, coas axudas que lles ofrece a Administración...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: ...poden deixar o mundo da prostitución.

Polo tanto, eu creo que aquí se mesturan moitas cousas. Mestúrase sobre todo unha moral católica que levamos séculos rompendo a cabeza, séculos eliminando os dereitos da muller, séculos dirixindo a sexualidade da muller. E eu quero empezar por dicir que as mulleres temos que pedir que a nosa sexualidade é libre e na nosa sexualidade non manda ninguén.

Lamento terriblemente a posición do Partido Socialista, que está pola abolición, sen máis, e non admite mellorar a calidade de vida das mulleres que exercen a prostitución e das persoas que exercen a prostitución, que sería o fundamental. (*Murmurios.*)

Nada máis.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Silencio, por favor. Silencio, por favor.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Imos proceder á votación das mocións.

Comezamos coa votación da Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Ricardo Vicente Docasar Docasar, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a mellora na aprendizaxe das linguas estranxeiras no sistema educativo de Galicia.

Non se presentaron emendas. Votamos.

Votación da Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Ricardo Vicente Docasar Docasar, sobre as

actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a mellora na aprendizaxe das linguas estranxeiras no Sistema educativo de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos a continuación a Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Remedios Quintas Álvarez, sobre a política que debe levar a cabo o Goberno galego para reactivar o mercado laboral.

Non se presentaron emendas. Votamos, polo tanto.

Votación da Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Remedios Quintas Álvarez, sobre a política que debe levar a cabo o Goberno galego para reactivar o mercado laboral.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos, por último, a Moción do G.P. Mixto, por iniciativa de D^a María Consuelo Martínez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa práctica da prostitución en Galicia e as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto.

Fixeron chegar a esta presidencia un texto transaccionado que recolle as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e da Alternativa Galega de Esquerda. E foi solicitado polo Grupo da Alternativa Galega de Esquerda unha votación por puntos. En concreto, o que pide a Alternativa Galega de Esquerda é que no apartado 1 se vote por separado a emenda ao punto número 5 e se poidan votar conxuntamente os puntos 7, 8, 9 e 12 e no apartado 2 pide por separado que se vote o número 7 e conxuntamente os números 4, 11 e 12. Isto é o que piden...

Bueno... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Eu digo o que me pasou o Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, acábanme de pasar iso. (*Murmurios.*) Se esa transacción non está ben feita, será cuestión de que se poñan de acordo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Hai dous apartados, ou sexa, dous puntos; dentro de cada apartado hai distintos puntos. Entón, no punto 1 o Grupo da Alternativa Galega de Esquerda pide por separado o número 5, punto quinto, e despois o punto 7, 8, 9 e 12 pide que se voten conxuntamente. Entón, isto é no apartado 1. No apartado 2 pide que se vote por separado o punto 7, e os puntos 4, 11 e 12 que se poden votar conxuntamente.

Entón, polo tanto, comezamos a votación.

O primeiro é votar, dentro do apartado 1, o punto 5.

Votamos.

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) A ver, perdón, dentro do punto..., a ver, paramos a votación... É moi importante que se saiba o que se vai votar, fundamental. Os deputados teñen que saber o que se vai votar. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¿Estamos? Entón, comezamos.

Votamos, en primeiro lugar, o punto número 5 do apartado 1.

Votamos. (*Murmurios.*)

Votación do número 5 do punto 1 do texto transaccionado da Moción do G.P. Mixto, por iniciativa de D^a María Consuelo Martínez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa práctica da prostitución en Galicia e as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 47; abstencións, 23.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este número.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora conxuntamente... (*Murmurios.*) Se prestan atención, é máis fácil; se non, é un pouco complicado, jeh!

Votamos agora a continuación, dentro do apartado 1, os puntos 7, 8, 9 e 12.

Votamos.

Votación dos números 7, 8, 9 e 12 do punto 1 do texto transaccionado da Moción do G.P. Mixto, por iniciativa de D^a María Consuelo Martínez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa práctica da prostitución en Galicia e as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 10; votos en contra, 61.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitados estes números.

O señor PRESIDENTE: E agora votamos, dentro do apartado 2, en primeiro lugar, o punto número 7.

Votamos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Despois, tranquilo. (*Murmurios.*)

Votación do número 7 do punto 2 do texto transaccionado da Moción do G.P. Mixto, por iniciativa de D^a María Consuelo Martínez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa práctica da prostitución en Galicia e as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 48; abstencións, 22.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este número.

O señor PRESIDENTE: E agora votamos conxuntamente os puntos do apartado 2 números 4, 11 e 12.

Votamos.

Votación dos números 4, 11 e 12 do punto 2 do texto transaccionado da Moción do G.P. Mixto, por iniciativa de D^a María Consuelo Martínez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa práctica da prostitución en Galicia e as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 10; votos en contra, 61.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados estes números.

O señor PRESIDENTE: E agora votamos o resto dos puntos da moción.

Votamos.

Votación do resto dos puntos do texto transaccionado da Moción do G.P. Mixto, por iniciativa de D^a María Consuelo Martínez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa práctica da prostitución en Galicia e as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados estes puntos.

Declaración institucional

O señor PRESIDENTE: Fixéronme chegar os grupos unha declaración institucional que vou ler a continuación. Prego atención, por favor.

“O pasado 3 de marzo de 2016 era asasinada en Honduras Berta Cáceres, líder indíxena representante durante máis de vinte anos no Consello Cívico de Organizacións Populares e Indíxenas de Honduras. Berta era unha firme defensora e activista polos dereitos humanos, símbolo da loita indíxena

e campesiña e destacada loitadora polos dereitos ambientais, especialmente fronte aos proxectos megamineiros e hidroeléctricos.

A Comisión Interamericana de Dereitos Humanos tiña reclamado medidas de protección especial para a ambientalista polo risco de ser agredida ou asasinada, como finalmente ocorreu, sen que esas medidas fosen adoptadas, tal e como vén de denunciar a Organización das Nacións Unidas.

A morte de Berta enmárcase nunha tónica xeral de violencia no país hondureño, onde activistas e xornalistas son asasinados e asasinadas con total impunidade.

O Parlamento de Galicia, en aras da defensa dos dereitos humanos, da liberdade e da xustiza social, condena o vil asasinato da activista Berta Cáceres e reclama ao Goberno de Honduras unha investigación sobre estes feitos que respecte o marco da legalidade internacional e os estándares definidos para a investigación deste tipo de crimes.

Así mesmo, manifesta as súas condolencias á súa familia, compañeiros e compañeiras, e reclama para eles e elas protección, en amparo dos dereitos e liberdades contidos na Carta dos dereitos humanos”. *(Aprobada por asentimento.)*

Moitas grazas.

Pasamos a continuación ao punto 2º da orde do día, que se corresponde co de comparecencias en pleno.

Comparecencia da Sra. conselleira do Medio Rural, por petición propia, para informar do Plan de fortalecemento do sector lácteo

O señor PRESIDENTE: Para a primeira intervención ten a palabra a conselleira do Medio Rural.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Señor presidente, señorías, boa tarde.

Comparezo hoxe, a petición propia, para dar conta da constitución dos primeiros pasos do Plan de fortalecemento do sector lácteo que tivo lugar o día 2 deste mesmo mes. Penso que a problemática do sector debemos abordala dende unha perspectiva máis ampla do que o viñemos facendo ata o de

agora, dando cabida tamén, ademais de aos axentes directamente implicados, a outros que pola súa experiencia e especificidade poden achegar novos puntos de vista e tamén abrir novas vías de actuación.

Señorías, voules relatar polo miúdo en que consisten as nosas expectativas, pero, antes de nada, quero facer un pequeno resumo da situación que estamos vivindo agora mesmo.

Galicia conta con importantes fortalezas neste eido, como son as nosas condicións edafoclimáticas óptimas para a produción do leite. Estudos realizados polas institucións comunitarias sitúan as comarcas leiteiras de Galicia, a nosa rexión, entre as de mellores condicións para a produción láctea. A diferenza doutras zonas produtoras da Unión Europea, actualmente en Galicia non existen problemas medioambientais que poidan limitar a extensión da produción láctea. Temos un sector produtor profesionalizado e con boas instalacións. Especialmente no 30 % das explotacións aglutínase o 70 % da produción láctea de Galicia.

Dispoñemos dunha cabana leiteira de alto valor xenético e cun estatus sanitario moi elevado. Aglutinamos aproximadamente o 38 % da produción láctea en España. Esta concentración da produción en Galicia e as previsións dos produtores mellor dimensionados de aumentar a súa produción a curto-medio prazo esperta o interese de industrias de investir en Galicia. Só nesta convocatoria presentáronse proxectos para a transformación por importes superiores aos 155 millóns de euros.

En canto ás instalacións industriais e á infraestrutura de recollida, temos unha gran capacidade de tratamento de leite moi importante, aínda que fundamentalmente centrada na obtención de UHT. Asociada a ela, está operativa unha importante infraestrutura de recollida con empresas de transporte, compradores, centros de recollida, entre outros.

Industrias e grupos de produtores, é dicir, cooperativas, mostraron e mostran interese por realizar investimentos en Galicia para obter produtos lácteos de alto nivel engadido e de demanda crecente.

Aínda que todo isto nos permite ser optimistas, as nosas debilidades son tamén importantes, sobre todo porque non

estamos o suficientemente organizados. Aínda que, como dicía, hai interese en investir en transformación, seguimos a transformar ben pouco. Cómpre incrementar a base territorial tamén das nosas explotacións.

Señorías, todos estes motivos e tamén –como non podería ser doutro xeito– pola situación conxuntural de urxencia na que nos atopamos, tomei a decisión de crear un grupo de traballo no que abordar e decidir actuacións e estratexias a curto, medio e longo prazo. Trátase do Plan de fortalecemento do sector lácteo galego, que naceu co espírito de permanencia no tempo. Esta decisión veu motivada polas múltiples xuntanzas que vimos mantendo con todos os axentes implicados: organizacións agrarias, asociacións de gandeiros, industria, distribución..., tanto de xeito individual como conxuntamente, e tamén nas reunións internas que se realizaron con distintos técnicos da consellería. Faltaba, sen embargo, o nexo de unión onde toda a información se poña sobre a mesa, enriba da mesa, que é vital para a toma de decisións e tamén determinacións.

Ademais, mantivemos reunións a todos os niveis territoriais: a nivel local, comarcal, co Ministerio, así como con representantes da Unión Europea. E todo coa única finalidade de acadar para o sector un mínimo de estabilidade, facendo partícipes a todos os elos da cadea. O Consello Agrario Galego deu o seu visto e praxe, por unanimidade, á creación deste grupo de traballo e, sobre todo, porque a todos e cada un dos que o compoñen e dos que o van compoñer móvenos un único e común interese: fortalecer o noso sector lácteo. Só avanzaremos se somos capaces de manternos unidos.

Espero que, máis pronto que tarde, a conxuntura cambie e o plan poida dedicarse durante un tempo a deseñar o plan de futuro, alimentado por todos os axentes que o compoñen e aos que agora vou facer mención. Por un lado, a universidade, imprescindible polo seu coñecemento do escenario económico presente e futuro do sector lácteo. Os expertos, coñecedores da realidade e da situación dende hai moitos anos, coa memoria de frutíferas actuacións pasadas e doutras que non o foron tanto. A investigación, utilizando estudos científicos que avalen e poñan en valor o noso produto e, polo tanto, o seu consumo.

Señorías, teño que dicir que a presenza desta parte chamou moito a atención entre os membros do plan, pero asegúrolles

que o punto de vista que nos aportou na reunión vai ser imprescindible de cara a actuacións futuras. Os técnicos, que co seu seguimento diario do escenario a través da xestión e do manexo da lexislación son fundamentais neste grupo de traballo. As organizacións agrarias, como voceiras das inquiredanzas dos gandeiros do seu día a día. As cooperativas, como estrutura organizativa e de vertebración do sector. Os organismos de control e xestión, como vixías e garantes da calidade do noso leite e da viabilidade das explotacións. A industria, o segundo elo da cadea, sustento do valor engadido dos produtos lácteos. A distribución, que é o terceiro elo da cadea e verdadeiro nexos entre o gandeiro e o consumidor final. E, por último, a Administración, como promotores e garantes.

Na primeira reunión abordamos sobre todo establecer as medidas para propoñer a Bruxelas dende Galicia a través do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, as liñas a seguir de cara á xuntanza que se realizou no día de onte. Somos a primeira comunidade española e a novena rexión europea produtora de leite e, polo tanto, temos que ter un peso específico nas negociacións relacionadas co lácteo.

Precisamente era onte cando se celebrou o Consello de Ministros de Agricultura da Unión Europea onde se debateron as propostas dos países membros. O acordado na reunión do plan –e que así foi trasladado inmediatamente ao Magrama– foi o seguinte: transparencia en todos os elos da cadea, así como medidas para regular o mercado que eviten prácticas como a venda a perdas. A suba conxuntural dos prezos de intervención do leite en po e tamén da manteiga. A equiparación das condicións de comercialización de todos os países da Unión Europea, para que se nos ofrezan polo menos as mesmas garantías de calidade de leite. A potenciación do consumo nos mercados interiores e externos da Unión Europea. Incremento das competencias da Inlac, que lle permitan adoptar medidas temporais ou establecer ferramentas para conter a oferta ou autorregular o mercado sen menoscabar o correcto funcionamento do mercado interior, e que se contribúa deste xeito a estabilizar o sector.

Para iso cómpre dispoñer tamén dunha normativa europea e nacional específica para estas actuacións excepcionais que eviten os problemas de competencia. Estas medidas xa foran solicitadas anteriormente aos directores de Mercados e Desenvolvemento da Unión Europea na viaxe que dende a Con-

sellería de Medio Rural, xunto con técnicos, se realizou a Bruxelas, pero que foron despois validadas polo Plan de fortalecemento do sector lácteo galego, ademais de acordar solicitar unha medida máis tamén trasladada ao Ministerio.

No primeiro mes e medio do ano 2016 o volume de leite en po ofertado á intervención –44.600 toneladas– xa supera o do conxunto do ano 2015, 40.000 toneladas. O Observatorio Lácteo Europeo calcula que na segunda quincena de abril chegaremos ás 109.000 toneladas do tope establecido pola Comisión Europea para intervenir leite en po a prezo fixo, o cal ía ocasionar que, se non houbera cambios normativos, a intervención se faga a prezo variable por un sistema de subasta á baixa. Por este motivo era necesario solicitar o incremento dos topes de intervención establecidos. Cóntame que todas e cada unha das demandas foron debidamente trasladadas pola ministra a Bruxelas, ademais de ir aínda máis aló, traballando nun instrumento financeiro para garantir os investimentos nas explotacións agrarias para que así sigan a ser competitivas.

Pero isto é só o urxente, hai moito máis traballo por facer. Tras a firma do acordo lácteo no mes de setembro e aínda que hai xa algúns puntos que se están desenvolvendo e outros desenvolvidos, hai outros que toca abordar. Co Plan de fortalecemento do sector lácteo pretendemos facer un seguimento e unha análise exhaustiva do acordado, e por este motivo instamos dende ese grupo de traballo o Ministerio a sacar adiante, por un lado, o Decreto de primeiros compradores. A regulación do papel dos primeiros compradores de leite é de grande importancia e transcendental para Galicia. O borrador do decreto xa é público, e a súa importancia vén dada porque na nosa comunidade os primeiros compradores recollen arredor do 30 % do leite producido.

No segundo borrador, todos os primeiros compradores terán que comunicar á Administración os prezos e as cantidades que venden a outros compradores; ademais deberán cumprir cun volume mínimo de entregas, o que obrigará á redución do número dos primeiros compradores. Ademais, faise unha diferenza entre os primeiros compradores transformadores, aqueles que compran leite cru de vaca aos produtores para tratalo ou transformalo podendo comercializar-vender, e os outros compradores, que é unha parte do leite adquirido que sempre está á venda segundo a súa actividade principal. E despois están os primeiros compradores comercializadores,

que son os que compran leite aos gandeiros para comercializar e vender a outros compradores sen realizar ningunha transformación sobre o mesmo.

Outras novidades son que, ademais das declaracións obrigatorias do volume do prezo do leite comprado aos produtores, o borrador establece que o primeiro comprador estará obrigado a declarar ao Sistema unificado de información do sector lácteo, Infolac, as cantidades vendidas mensualmente a outros compradores, con indicación do prezo. Todos aqueles primeiros compradores que xa estiveran inscritos como tales e autorizados polo Ministerio quedarán automaticamente incorporados como compradores autorizados.

Outro dos puntos é a identificación da orixe. E outra liña na cal estamos traballando, incluída tamén no acordo, é a da inclusión nos envases dun selo distintivo que identifique a procedencia do leite e os seus derivados. Neste sentido, dende a Xunta tamén se está solicitando ao Ministerio un desenvolvemento normativo neste senso.

E xa está o Decreto de cesión de prezos. É fundamental para dotar de maior transparencia a cadea de valor do leite á hora de coñecer os que cumpren e non o establecido no acordo. O Real decreto de cesión de prezos aparece como unha das medidas previstas no dito acordo, e establece a obriga por parte da industria de facer públicos os datos sobre os prezos de compra e venda do leite. Deste xeito, coñeceremos o prezo ao que compra a industria, o prezo ao gandeiro e como vende tamén a distribución.

E aquí quero recoñecer o esforzo que está a realizar o Ministerio para que saia adiante este decreto, que, sen dúbida ningunha, chegará a bo fin e que neste momento se atopa no Consello de Estado. Hoxe todos puidemos comprobar de primeira man as novas que saían en canto ao Tribunal de Competencias. Aínda así, agardamos, e ademais estou segura de que esta vai ser unha realidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora conselleira.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Boa tarde, señora conselleira.

O primeiro que quero dicir é que hoxe eu vou falar dun plan que descoñezo. Vostede acaba de lanzarnos aquí un discurso, cóntanos unha versión, pero a min realmente o que me gusta é lelo, non que mo interpreten. Entón, eu só podoo falar dunha interpretación, dunha, a que vostede fixo agora aquí, e outra é a interpretación que aparece na páxina web da Consellería cunha nota de prensa triunfalista onde realmente non hai un plan, porque un plan ten que estar redactado cos puntos, cos prazos, cos orzamentos, co que vai levar adiante este plan. E vostede non presenta nada, veu hoxe aquí lanzarnos un mitin de propaganda sobre o sector lácteo, contounos como está a situación, pero non hai nada máis, absolutamente nada máis.

Agora comentábanos e dicíanos, por exemplo, por quen está formado o grupo de traballo. Eu é que, dentro de todas as entidades que forman parte deste grupo de traballo, boto en falta os sindicatos, porque na industria e na distribución traballan traballadores e traballadoras afectados polos acordos lácteos tamén, pero, como sempre, os traballadores e as traballadoras e os sindicatos quedan fóra sempre do alcance da Xunta de Galiza.

Polo tanto, ao non dispoñer dun texto, o posicionamento que tomaremos será sobre o mitin que acaba vostede de dar agora e sobre a nota de prensa que se trasladou aos medios.

A Unión Europea debe abordar dunha vez por todas os problemas derivados das súas propias políticas. Todo este problema é o gran fracaso das políticas da Unión Europea, das políticas do Estado en relación co sector lácteo e das políticas da Xunta en relación co sector lácteo galego. A eliminación das cotas provocou un aumento significativo da produción, e agora vén Europa dicirnos que se pode baixar a produción: poñémoslle unha pinza nas mamas ás vacas e que non dean leite, porque unha vez que tes as vacas o leite vai estar. Polo tanto, hai solucións que son así como un pouco estrañas.

No plano estatal, a situación evidencia o fracaso do acordo para a sostibilidade da cadea de valor. Os termos do acordo non están servindo para garantir o prezo; non valeu para nada, non ofrece seguridade xurídica aos produtores e produtoras, todo depende da boa vontade das industrias e das

cadeas de distribución. Estamos nun escenario no que todas as comunidades teñen aumentado a súa produción nos últimos anos e Galiza é das que menos aumentou, mentres que outras que non eran grandes produtoras empezaron agora a aumentar a produción; é dicir, non houbo unha planificación nin sequera dentro do Estado prevendo que podería haber estes excedentes.

Os datos sobre prezos pagados polos leite segundo os territorios tamén evolucionaron de maneiras distintas. O prezo pagado no conxunto do Estado baixou un 20,10 %, pero o prezo pagado en Galiza baixou un 26,412 %, ante a inacción, a falta de acción, de actividade, de toma de liderado, da propia Xunta de Galiza, que permitiu que se esnaquizara o sector lácteo galego mentres que no resto do Estado se pagaba máis.

Esta situación provocou un progresivo peche de explotacións no noso país que non cesou nos últimos anos. En Galiza actualmente hai 9.132 granxas que venden o leite dos seus animais ás industrias fronte ás 9.606 de hai un ano; é dicir, nun ano pecharon 474 granxas. O 68,6 % do total das explotacións que tiveron que pechar no conxunto do Estado pecharon en Galiza, case o 70 %. Dende logo, necesita un plan, pero non un plan como este, que vén pola porta de atrás e sen moito debate.

A evolución da cantidade de leite entregada no conxunto da Unión Europea tamén vai á alza. En dous anos o incremento foi do 7,34 %. Todos os estados membros, agás Malta e Bulgaria, aumentaron a súa produción nestes dous últimos anos, pero en distinta proporción; así, por exemplo, Irlanda aumentou un 30 %; Luxemburgo, Países Baixos e Bélxica, entre o 23 % e o 15 %; Polonia, case un 10 %; España, o 6,8 %; e Galiza é quen menos aumentou, o 4,8 %. E, aumentando menos, temos as peores condicións de todo Estado e de toda Europa; somos aos que menos se nos paga o leite. Polo tanto, creo que ten vostede moito traballo.

A evolución dos prezos pagados polo leite varía tamén dentro da Unión Europea, onde descendeu de media un 23,75 %; é dicir, tamén por debaixo do descenso que sufriu en Galiza. Nas explotacións galegas a baixada foi desde os 39 céntimos –que se pagaba no 2013– aos 28,7; máis de dez céntimos de diferenza en dous anos. Pero o máis dramático da situación está por chegar debido á estacionalidade das

curvas de lactación das vacas, que é onde maior incremento de produción se espera entre os meses de febreiro e de maio; é dicir, xa está aí o problema.

Hai urxencias no sector que non poden esperar por un plan estratéxico que se pense a medio prazo, aínda que é imprescindible ese plan estratéxico a medio e longo prazo para organizar o sector lácteo, como o caso das explotacións que están vendendo o leite a 18 céntimos ou que teñen enriba ameazas de que lles van pechar a recollida; un problema que xa teñen enriba, por exemplo, as granxas da cooperativa de Codegui, a quen Celta lles cancelou a recollida. Dicía vostede que hai un gran interese das industrias transformadoras por instalarse en Galiza e transformar o leite en Galiza, realmente o que non sabemos é que as granxas están asfixiadas porque a industria non lles recolle o leite, ou pretende recollelo a prezos por debaixo do custo de produción.

Polo tanto, a min gustárame que nos dixera, se pode, que industrias están interesadas, cal é a planificación, onde queren instalarse, cal é o proxecto, cantos postos de traballo se pensan crear..., todo iso, e non quedar en que hai industrias e en que hai interese. Explíquenos algo máis diso.

É preciso con urxencia que todas as granxas teñan garantías de entrega dun volume de leite a un prezo sostible, e, como reclama o Sindicato Labrego Galego, tamén é necesario un control do destino de todo o leite que se está vendendo a prezos de leite en po, de xeito que se poida comprobar que realmente ese leite é destinado a leite en po.

No Estado non sobra leite, xa que se están precisamente importando lácteos para baixarlles o prezo aos produtos das nosas granxas. As organizacións do sector instan a implementar o antes posible a identificación da orixe dos produtos lácteos, que, segundo aparece na nota de prensa e agora comentou vostede, é unha desas medidas que constan neste plan; ao etiquetado do leite e de todos os seus derivados, onde se diga a súa procedencia, e tamén se reclame por parte do sector lácteo galego un plan de choque con medias urxentes que vaian máis alá de fórmulas que non dan solución a estes problemas acuciantes que están condenando as granxas á pobreza e ao peche.

Advirte a Plataforma en Defensa do Sector Lácteo da necesidade dunha solución inmediata para as explotacións que

están ameazadas de non ter recollido o seu leite, e niso non houbo avances, polo menos que vostede agora comentara aquí; non hai ningún tipo de compromiso novo sobre esta situación. Polo tanto, dá a sensación de que estamos nunha campaña dilatoria: a ver se isto se vai dilatando e quedan abertas as granxas simplemente que son capaces de absorber as empresas, as industrias en Galiza, e as demais pechan.

Fóra do problema en si, resulta paradoxal que mentres falamos de excedentes lácteos, de que hai máis produción da que pode acaparar a empresa, temos gran parte da humanidade pasando fame e moitísimos nenos e nenas sen recibir leite, sen acceso a unha alimentación axeitada. Polo tanto, tamén hai organizacións que reclaman que eses excedentes sexan utilizados en axuda humanitaria, retirando o excedente para poder volver a empezar dende unha posición moito máis segura.

Vivimos nun sistema autodestrutivo, enfermizo, inhumano e insostible que se está mantendo con estas políticas que trae a Unión Europea. Pero, fóra destas reflexións, o certo é que a crise do sector lácteo galego se está enquistando, non hai unha solución visible. Hai que ter en conta que, desde que se asinou o acordo en setembro, só se incrementou en 0,5 céntimos o litro de leite que se lles paga aos gandeiros.

No Plan de fortalecemento do sector lácteo, segundo dicía vostede, as medidas urxentes que hai non van dar unha solución inmediata, posto que entendo eu que tería que constar tamén dun desenvolvemento dese plan, dunha normativa dese plan e dos pasos que se van dar para ese plan. O demais é só pura propaganda.

Polo tanto –remata o meu tempo–, eu creo que non hai nada. Se houbera algo, estaría publicado; se houbera un plan, estaría publicado, estaríamos debatendo sobre propostas concretas, orzadas, cun prazo no tempo estipulado. Agora o único que temos son propagandas dunhas iniciativas que se levarán a nivel estatal a Europa, pero que non defenden os intereses galegos, senón que simplemente van como unha proposta máis dentro do Ministerio que non diferenza a Galiza como unha comunidade, a maior produtora de leite e á que máis dano lle están facendo as políticas europeas e o trato que o Estado lle está dando ao sector.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Boas tardes.

Señora conselleira, agradecemoslle que veña dar conta vostede dos primeiros pasos do grupo para o fortalecemento do sector lácteo de Galicia. ¡Sen tempo non foi!

Vostedes non acaban de chegar ao Goberno, levan sete anos, e resulta que no último ano de lexislatura, da segunda lexislatura do señor Feijóo, xuntan as diferentes partes do sector para definir estratexias de futuro. ¡Pois está moi ben! Para vostede xa é demasiado tarde isto. Eu creo que as estratexias de futuro as tiñan que ter definido vostedes anos antes de que acabara o sistema de cotas e de que pasara o que pasou e o que está pasando.

Despois, empezou dicindo que ía falar dun resumo da situación actual e da problemática actual. Señora conselleira ¿hai algunha problemática? ¿Pasa algo? No anterior pleno, cando eu lle preguntei, vostede dixo que non pasaba nada, que as explotacións que estaban pechando era que tiñan que pechar porque eran pequenas, non tiñan dimensión suficiente e non eran competitivas, e que, polo tanto, o modelo era ir a explotacións grandes e competitivas, e que pecharan as que non son competitivas. *Esta es la ley del mercado.*

Señora conselleira, ¿pasa algo ou non pasa nada? Porque o que quero preguntarlle eu é: se vostedes apostan por un modelo no que se siga nesa reconversión silenciosa que se vén producindo no sector lácteo de peche de explotacións lácteas, porque cren que ese é o camiño que debe seguir este país, pois estano facendo moi ben; vostedes estano facendo moi ben. Ao ritmo que van, van ir a ese sector. Pero o que eu lle pregunto é: ¿de que quere que vivamos neste país? ¿De que quere que vivamos no rural deste país? Porque é evidente que podía ser que fôsemos ao modelo que vostede di: menos explotacións lácteas, pero que esa xente quedase no rural a traballar nun sector industrial que vostedes axudasen a construír, ou na diversificación das actividades agrarias ou económicas do rural que vostedes axudasen a construír. Pero non é iso. Vostedes están apostando por un modelo de peche de explotacións do sector lácteo, e esa xente ou vai para a

emigración ou vai para o eixo atlántico, para as cidades, para traballar no modelo de precariado que vostedes implantan coas súas políticas. Non están reducindo o sector primario para aumentar o sector industrial ou o sector de comercio no rural, vostedes están deixando sen futuro o sector primario, e non foron quen de crear un sector industrial da transformación do leite neste país. E non acaban de chegar, levan moitos anos no Goberno.

Fala vostedes das condicións edafoclimáticas de Galicia. Bueno, pois está moi ben como análise que teñamos boas condicións edafoclimáticas; iso supoño eu que non llo atribuirá ao señor Feijóo.

Temos un sector profesionalizado. Ben, temos unha cabana gandeira de alta calidade para un modelo determinado; ese modelo polo que vostedes apostan, seguramente non para outro tipo de modelos.

E falou de investimentos na industria. Señora conselleira, ¿ten vostede algún plan concreto que presentarnos aquí para a industria do leite? ¿Ten vostede algún plan estratéxico para sacar o sector do leite desta problemática a través da creación dalgún grupo lácteo de transformación, de calquera natureza que sexa? ¿Ten algo en concreto que ofrecernos nisto, señora conselleira? Sete anos despois de Goberno Feijóo, ¿teñen algo concreto que ofrecernos, máis que as subvencións ordinarias, axudas para a transformación que saen no DOG anualmente? ¿Teñen algún plan? Pois, se teñen algún plan, é o que ten que vir aquí dicir. Eu non o escoitei, pero, se quere dicirmo, estou encantadísimo de escoitalo.

Dicía vostede que o sector ten unha eiva, que están desorganizados, e citou a base territorial. E eu tamén engadiría o que lle acabamos de dicir: a industrialización.

E, neses aspectos, ¿que balance fai vostede da actuación do Goberno do Partido Popular nestes anos? ¿Axudaron vostedes a ter unha ordenación territorial que facilite a ocupación de terras e a produción con base na terra? ¿Poden facer un balance positivo na ordenación do territorio?

¿Está vostede satisfeita coa nova Lei do solo aprobada, que incidirá negativamente na ordenación do territorio no solo rústico, que rebaixa incluso a superficie mínima para construír en solo rústico? ¿Axudaron vostedes a vertebrar o sec-

tor, señora conselleira? ¿Axudaron vostedes con actuacións como Alimentos Lácteos para que houbera un grupo lácteo galego, señora conselleira? Iso é o que debería de vir aquí contar.

Despois tamén falou da xuntanza do Consello de Ministros da Unión Europea. Vostede prometeu pedir –supoño– a elevación dos prezos de intervención. ¿Conseguiu algo ao respecto? ¿Aceptou a Unión Europea –o Consello de Ministros– aumentar os prezos de intervención? Iso é o que debería de vir aquí dicir. Polas noticias que a min me chegan, non.

Tamén é un pouco contradictorio, señora conselleira, que vostedes nas negociacións da política agraria común viñesen aquí, un pleno tras outro, defender o modelo de desregulación e de maior liberalización, de eliminar os mecanismos de regulación da produción. ¡E agora van pedir que se restablezan mecanismos de regulación da produción! É que están dando paus de cegos; parece que só se moven polo posible desgaste electoral que isto teña no seu partido, pero non é nada coherente a súa posición.

Vostedes viñeron aquí vendernos a moto de que a liberalización do mercado ía ser positiva para Galicia, porque iamos poder exportar a México e a China moito leite líquido. E nós cansámonos de dicirlles que Galicia estaba nas peores condicións para afrontar un horizonte de liberalización, porque tiñamos as eivas –que se reflexaron agora na situación actual– de que non tiñamos un marco normativo que garante o que vostede acaba de volver dicir aquí outra vez: que existise o abuso da posición de dominio da distribución. Non o tiñamos antes e non o temos agora.

Houbo tres acordos nesta lexislatura que prometeron mellorar o equilibrio da cadea do leite. Efectividade, cero, ¡cero! O acordo de setembro, efectividade, cero; non tiñamos un sector organizado, artellado, un marco normativo que garante un equilibrio na cadea do leite. Non tiñamos a industrialización do leite solucionada, como a teñen en Asturias, como a teñen en Euskadi e como teñen en Francia. Non o tiñamos, e xa se nota nos prezos que percibe cada un. E tam pouco tiñamos garantido poder competir en igualdade de condicións en canto á base territorial. E, a pesar de todo iso, vostedes non se prepararon para o final do sistema de cotas. Vostede mesma nunha recente entrevista dixo que non esta-

ban preparados para o final do sistema de cotas. Houbo unha falta de previsión evidente. Vostedes non estiveron os anos previos preparando este horizonte, e, claro, as que perden son as persoas.

Eu antes dícialle: ¿de que vai vivir este país, señora conselleira? ¿De que vai vivir este país se se seguen pechando a este ritmo as explotacións do sector lácteo, cando vostedes tampouco están facendo políticas para desenvolver outro tipo de sectores agrarios do rural? ¿De que vai vivir este país?

E hai unha cousa: que cando vostede fala das bondades da purificación do mercado, de que sobreviven os máis fortes, do darwinismo agrario, olvídase de que son persoas, e de que hai persoas que o están pasando moi mal neste momento cando ven que o que lles pagan non lles dá para cubrir custos. E, entón, vostedes teñen que estar para que este país poida vivir de algo, teña actividades económicas que lle permitan vivir de algo e non emigrar, e abandonar o rural, como está acontecendo. Por moito que vostede o negue, os datos están aí: a idade media no rural medra, o despoboamento do rural medra e o abandono de terras neste país medra. ¿De que vai vivir este país? E despois vostedes teñen que mirar por esas persoas.

E, por último, ¿que van facer vostedes coas leis da competencia e coa Comisión Nacional do Mercado da Competencia? Iso non é nomeado por dereito divino ¿verdade? A Comisión Nacional do Mercado da Competencia é nomeada por alguén, e as leis da competencia están aprobadas por alguén. ¿Segue vostede pensando que o mellor camiño para Galicia é a desregularización e a liberalización? ¿Ou pensa que en cambio hai que introducir mecanismos de regulación para protexer os gandeiros e os agricultores deste país? Desregularización e liberalización son contraditorios coa conservación da pequena agricultura, e en Galicia, sobre todo, temos pequena agricultura e hai que poñer mecanismos de protección.

Non venda motos, o mal chamado “libre mercado” non é libre mercado para os gandeiros, é libre mercado, evidentemente, para as distribuidoras, que ademais teñen organismos como a Comisión Nacional do Mercado da Competencia que traballan para eles.

¿Que van facer vostedes con este organismo que di que non se pode poñer a indicación de orixe xeográfica, acordada no

acordo de setembro, porque iso distorsiona o bo funcionamento do mercado? Aquí enriba de todo da pirámide está “*el buen funcionamiento del mercado*”. É unha relixión, e nós queremos poñer arriba da pirámide...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...os labregos e os gandeiros deste país, e que non estea por riba de todo o bo funcionamento do mercado.

E tamén lle acaban de dicir que incluso ese decreto de cesión de prezos, ¡que tamén tardaron en elaboralo, eh!... Porque xa redactar un decreto... ¡Home!, non sei cantos meses levamos desde setembro. ¿Cinco meses? ¡Tamén está ben só para redactar un decreto! Pero acaba de emitir un informe a Comisión Nacional do Mercado da Competencia que tamén alerta de que iso... Claro, dar información de canto paga a distribución, a industria, e de todos eses prezos, demasiada transparencia para o bo funcionamento do mercado.

A ver que van facer vostedes, porque se seguen abrazando —e xa remato, señor presidente— a relixión do libre mercado, o horizonte témolo claro: poucas explotacións, moi grandes, despoboamento do rural e ningunha alternativa para a xente do rural.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señoras e señores deputados.

Señora conselleira do Medio Rural, vostede solicitou comparecer neste Parlamento para falarnos do Plan de fortalecemento do sector lácteo. Nós, desde logo, agradecemoslle que por fin se digne a vir a este Parlamento a falarnos deste plan, pero eu teño que recoñecerlle que teño unha tremenda frustración, porque, efectivamente, primeiro, nin nos envía un rascuño do plan. Limitase práctica e unicamente a dicirnos quen son as persoas que están convocadas a ese foro. Non

nos dá ningún tipo de información acerca de cales son as liñas estratéxicas dese plan. Vostede falou no corto, no medio e no largo prazo, pero ata agora, desde logo, non se coñecen cales son esas medidas.

Nós, desde o Bloque Nacionalista Galego, non cuestionamos que Galiza deba de ter un plan de fortalecemento do sector lácteo no que se contemplan as medidas estratéxicas que se deben establecer. ¿Pero ten vostede algún para mañá, para pasadomañá, para a semana que vén, para o mes de abril? ¿Ten vostede algún plan para entón?

Outra cuestión que lle quería formular. A min gustárame señora conselleira, se vostede pode, que nos dixese se se pode acometer a elaboración dun plan sen ter avaliado previamente as medidas que teoricamente puxeron en marcha con actuacións anteriores, como o Plan estratéxico do señor Juárez famoso, ou as medidas dos sucesivos acordos que vostedes asinaron para fortalecer e regular o sector lácteo no noso país.

Gustaríanos tamén –e iso debería ser o primeiro que debería facer, señora conselleira–, xa que non tiveron a capacidade de anticipación ou a vontade máis ben de anticipación previa para elaborar un plan para que Galiza e o seu sector lácteo abordasen en condicións polo menos non tan desvantaxosas o escenario após o 1 de abril de 2015, de desaparición de cotas, que polo menos vostede fixera unha análise. Se van facer un plan, polo menos deberían facer unha análise de cal é a situación actual do sector lácteo e de como impactou esa situación no sector tanto en Galiza, no Estado, como a nivel europeo.

Porque mire, señora conselleira, hai varios feitos incontestables. Un deles é que en Galiza durante o ano 2015, entre xaneiro de 2015 e xaneiro de 2016, desapareceron 527 explotacións lácteas das 770 que desapareceron no Estado, máis do 70 %. E iso a vostede parece que non a preocupa; simplemente, límitase a dicir que no Bipartito tamén desaparecían. Pois moi ben, para vostede *la perra gorda*, señora conselleira. Pero o certo é que xa estamos por debaixo, os últimos datos oficiais son do mes de xaneiro e estabamos en 9.079 explotacións; hoxe estamos por baixo das 9.000 explotacións no sector lácteo galego. ¿E vostede ten algunha estratexia para iso, señora conselleira?

Señora conselleira, cada semana, cada día que pasa son máis as explotacións lácteas do noso país que, en primeiro lugar,

teñen unha ameaza de deixarlles de recoller o leite por parte de primeiros compradores ou das industrias, e que, a continuación, acaban tendo que vender a prezo de intervención, a menos de 20 céntimos o litro. ¿Ten vostede algunha estratexia para iso? Incluso hai unha cooperativa, señora conselleira, que di que antes de que se producira esa situación, días antes ou semanas antes, se puxeron en contacto con vostedes para ver se lles ofrecían ou se lles axudaban a buscar unha solución. E di o responsable desa cooperativa: “A Consellería nin estaba nin se lle espera”. E, por certo, tamén di algo semellante en relación coa Inlac, que é a onde vostedes cifran a resolución de todos os problemas. ¿Ten vostede algunha estratexia no inmediato –sobre todo agora que vai empezar a primavera e que, polo tanto, se produce un incremento da produción– en relación cos prezos e coa garantía de recollida de leite, máis alá do que vostede nos dixo de que tiña a garantía das industrias de que ían recoller cantidades idénticas ás producidas no 2015, que iso que o garantían?

Pero tampouco nos dixo vostede a que prezo se garantía iso. ¿A prezo de mercado? ¿A prezo de mercado ao 60 %, ao 70, ao 80, e o resto da porcentaxe a prezo de intervención, de leite en po? Non nos aclarou vostede iso, señora conselleira.

Tampouco nos aclarou se ten pensado facer algo, porque a última vez que falou disto a súa directora xeral dixo que en Galiza había aproximadamente un 4 e pico por cento de gandeiros que estaban vendendo por debaixo de 20 céntimos, é dicir, a prezo de intervención. As organizacións profesionais agrarias din que son máis, e din que ademais cada día, cada semana, hai máis, que se ven obrigados a vender a ese prezo. ¿Están facendo vostedes algún seguimento tanto de primeiros compradores como dalgunha industria que é especializada en comprar para leite en po pero que tamén se dedica a envasar leite para marcas brancas, leite líquido? ¿Están facendo vostedes algún tipo de seguimento, algún tipo de control, para verificar que non estea habendo unha fraude por parte das industrias e dos primeiros compradores á hora de utilizar o recurso a leite en po?

Señora conselleira, gustaríanos que vostede nos dese algunha explicación, porque nós estamos moi desconcertados a ese respecto. Vostede fixo aquí unha afirmación –deuna aquí como unha verdade científica– que creo que todos e todas as que estamos aquí damos por descontado que iso é así. Dixo vostede que tiña moitas fortalezas o noso sector lácteo por-

que tiñamos unhas condicións edafolóxicas e climatolóxicas ideais que nos situaban entre as mellores rexións para a produción láctea. Se isto é así –que é así, eu acredito en que é así–, gustaríame que nos explicara por que, se somos das rexións europeas con mellores condicións para a produción láctea, somos a rexión do Estado español practicamente que menos incrementou a súa produción láctea nos últimos anos, xa non só no último ano, senón desde o ano 2013. E podería explicarnos por que Andalucía –que creo que non ten esas boas condicións– ou Estremadura están incrementando a súa produción, por que que Galiza incrementa a súa produción á metade da media do Estado español e catro veces menos que Andalucía.

E, curiosamente, tamén nos gustaría que buscarse unha explicación de por que, sendo Galiza onde menos se está incrementando a produción, é onde máis baixan os prezos. E curiosamente onde máis soben os prezos é onde máis sobe a produción. E a min isto tenme louca. Xa lles pedín a todos os economistas desta Cámara que mo explicaran, porque eu sempre pensei que a cousa era distinta –o da oferta e da demanda– e resulta que agora estou trastocada. Eu son de letras, pero ata aí chegara na cousa esta de entender o mercado.

Estase producindo un fenómeno que denunciámos aquí hai máis dun ano todos os grupos da oposición de deslocalización da produción láctea do noso país, e vostedes, como quen ve chover, señora conselleira.

Pero hai outra cuestión. O sector lácteo galego perde peso na produción do Estado, estamos xa por debaixo do 38 %; pero tamén perde peso político. Desde logo, a posición da Xunta de Galiza xa non pinta nada, porque vostedes renunciaron a que Galiza fose quen liderase as demandas e as posicións políticas do sector lácteo no Estado. Pero é que hai outro dato. Que vostedes desmantelasen todos os instrumentos que había para actuar no sector lácteo en Galiza provocou tamén que se desmantelasen algúns dos instrumentos que había no sector, como a Asociación Galega de Industrias, o cal provoca que vostede, como non pinta nada no sector lácteo, nin sequera a Fenil a considera interlocutora, porque non dixo vostede aquí nin sequera que viñeran á reunión esa que convocou as industrias, porque a Fenil, igual que a súa antecesora, a vostede non a considera interlocutora. Do cal, señora conselleira, asegúrolle que non me alegro, porque me parece que é dramático para o sector lácteo galego.

As medidas do Ministerio as que non son descualificadas polo sector sono –como xa se dixo e non me vou meter moito niso porque non teño tempo– pola Comisión Nacional da Competencia, que, efectivamente, pon no seu frontispicio que se respecten as normas do mercado en lugar do dereito dos e das gandeiras.

E, finalmente, os acordos adoptados en Bruxelas. Desde logo, o seu éxito e o do Magrama podemos cualificalo de que obteñen un suspenso rotundo. Non se conseguiu que se incrementasen os prezos de intervención nin de leite en po nin de manteiga; o que si que se conseguiu foi aumentar a cantidade sometida a esa intervención pública; pero nin un céntimo, nin medio céntimo sen incrementou o prezo de intervención. Nin sequera foron capaces de sacar vostedes a adiante unha medida tan de sentido común como que houbera unha intervención pública por parte da Unión Europea para sacar excedentes de mercado e destinalos a axuda humanitaria para eses centos e miles de persoas que estamos contribuíndo desde esta Unión Europea infame...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PAZ FRANCO: ...a enterrar nos lodos da Europa oriental. E vostedes nin sequera conseguiron iso. Non conseguiron ningunha medida máis que que a Unión Europea nos diga que o que temos que facer é controlarnos e deixar de producir leite, pero sen ningún instrumento público. A min gustaríame, señora conselleira, saber que ten vostede pensado facer ao respecto. ¿Volver saír aquí e dicirlles aos gandeiros que teñen que organizarse e que sexan os gandeiros galegos quen deixe de producir? ¿Ou vai promover un acordo a nivel de Estado para decidir en que lugares do Estado se produce, como e canto, onde se reduce a produción...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PAZ FRANCO: ...e, sobre todo, sobre quen recae ter que pagar que haxa excedentes? ¿Sempre sobre algúns gandeiros ou vaise repartir o pago do que lle vai custar ao conxunto dos sectores eses excedentes? ¿Ou van exixir –o que sería lóxico– que iso se faga a nivel da Unión Europea? ¿Ou vai vostede seguir tragando...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: ...que aquí teñamos que deixar de producir leite para seguir sendo o sumidoiro do leite que lles sobra aos franceses?

Señora conselleira, se de verdade quere que lle creamos que vostede está disposta a facer algo polo sector lácteo, non nos veña contar rolos do que vai pasar dentro de tres anos. Véñanos dicir que ten pensado facer mañá, pasadomañá...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PAZ FRANCO: ...dentro de quince días, para salvar as 9.000 explotacións que aínda quedan neste país.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PAZ FRANCO: Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Paz.

Grupo Parlamentario Socialista. Señor García.

O señor GARCÍA GARCÍA: Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías. Boas tardes, conselleira.

Era broma, ¿non? Isto é unha argucia parlamentaria e vostede na segunda intervención realmente é cando vai expoñer o plan, para pillarnos por despiste; se non, chamarlle plan...; é un planiño moi pequeno, ¡eh!, moi cativo. Eu creo que nin aínda que o presidente acaba de desollar a margarita e decida se adianta as eleccións e, polo tanto, esteamos en eleccións en dous ou tres meses, non lle chega nin para iso, ¡eh!, conselleira. O plan ese que vostede esbozou non lle dá nin para eses dous meses para termos entretidos.

Nin é plan, nin é de fortalecemento, nin ten, por suposto, ningún tipo de credibilidade. E non a ten, primeiro, porque vostedes rexeitaron –e a señora Pacín é fiel testemuña– máis de cincuenta iniciativas onde se pedía precisamente que se crease ese foro. Pero claro, señora conselleira, tarde, *piano*. Isto era hai catro ou cinco anos, seis anos, sete anos. (*Murmurios.*) Cando pediamos isto, era hai cinco, seis, sete anos..., e que si que tiña sentido; e non quere dicir que agora non o teña; outra cousa é a utilidade. (*Murmurios.*)

E, polo tanto –para que o entendamos–, en termos médicos –e tamén xa llo teño exposto aquí noutras ocasións–, o de facer exercicio físico, o de coidar a dieta, o de deixar de fumar é a longo prazo; cando nos entra o infartado no quirófano, primeiro estabilizámolo, evitamos que morra e despois prescribímolle cando vaia para a casa que faga o exercicio, que coma ben, que deixe de fumar e que todas esas cousas. Pero aí nese momento de entrada no quirófano non lle podemos receitar dieta, non está no momento. E nese momento é no que estamos no sector lácteo.

Polo tanto, nin é plan nin moito menos é de fortalecemento. Os nosos gandeiros nin están para plans nin están para fortalecerse –créame–, polo menos un 20 % que está cobrando hoxe 18 céntimos por litro. ¿Que lles vai falar a esas granxas que están cobrando 18 céntimos por litro? ¿Que teñen que fortalecerse? ¿Que teñen que fortalecerse de que? Tereamos que lles estar falando de se poden seguir aguantando un mes máis, ou se dan aguantado quince días máis ou se dan aguantado unha semana máis antes de pechar. E esa é a situación que ten vostede encima da mesa.

E, señora conselleira, despois de sete anos, é inconcibible –e incluso despois de case seis meses que leva vostede de conselleira– que veña hoxe aquí con isto. Xa perderon vostedes todo o tempo de verdade que había que perder, xa marearon absolutamente todas as perlices que había que marear, xa fracasaron vostedes en toda a lexislación que sacaron e que nos prometían solucións cada vez que sacaban unha nova lexislación. Aínda que nós lles dicíamos que estaba mal porque faltaban aspectos fundamentais para que funcionase, viñan aquí dicindo que eramos uns catastrofistas e uns negativistas e que nunca criamos no país e que estabamos en contra de todo.

Xa fracasaron absolutamente en todos e cada un dos pasos que deron. O último, efectivamente –como aquí se falou–, o de onte. Xa tiveron non sei cantas reunións, e sempre as reunións aprazamos en cada declaración que vai haber unha reunión, e cumpren esa norma básica de toda reunión que é que o primeiro punto da reunión –que xa sabemos con antelación– é que ao acabar esa reunión temos que ter outra reunión para a semana que vén. Esas fases todas xa as queimaron, e os resultados non os houbo ata agora.

Iso si, teñen unha cara para facer declaracións que é absolutamente envidiable, en termos políticos. ¿Como pode dicir o

señor Feijóo, como pode dicir vostede, como pode dicir a señora Tejerina antes de onte: “Efectivamente, as medidas que puxemos encima da mesa non están funcionando”? ¡E tan tranquila! E vostede o dixo, e o señor Feijóo, e a súa antecesora. ¿Facía falta chegar a esa situación para saber que esas medidas non ían funcionar? Se o levamos dicindo nós desde o principio, nós e todo o mundo; eran vostedes os únicos que dicían que ían funcionar.

¿Facía falta que pecharan as explotacións que pecharon durante estes tres anos? ¿Facía falta as mobilizacións? ¿Facía falta que en Galicia, onde temos os prezos máis baixos do Estado, os nosos gandeiros sigan tendo a día de hoxe a ameaza de deixar...? –efectivamente, xa o temos falado, a señora Paz e mais eu coincidimos–. ¡Bendito mercado! ¿Que mercado é este onde o leite está máis barato e, polo tanto, o comprador debía ser onde primeiro quere comprar e onde lle di que o deixa sen recoller como paso previo para despois comprarlo a 18 céntimos, dicir que vai para po e despois resulta que non vai para po senón que volve ao mercado?

E vostede vén cun plan de fortalecemento dicindo que imos sentar nunha mesa e que imos ser *todos buenos y a llevarnos bien*. ¿Canto tempo necesitan vostedes para entender, señora conselleira? Iso de sentar nunha mesa e levarnos todos ben é de hai xa trinta anos. Non facía falta que a nomearan a vostede conselleira nin que o señor Feijóo fose presidente para chegar a esa conclusión. O problema é que non nos levamos ben e que os intereses son contrapostos. O problema é que os intereses son contrapostos, e o problema é que eu, industria, se teñen unha posición dominante, e, polo tanto, teño a única estratexia comercial, como moitas industrias deste país, baseada en comprar leite barato ao produtor, non vou perder esa posición dominante e de beneficio porque unha conselleira do Medio Rural mo diga. Señora conselleira, sobrevalórase vostede. Quen toma esas decisións seguramente non sabe nin quen é a conselleira do Medio Rural de Galicia, nin lle importa.

Polo tanto, iso de que imos sentar nunha mesa e de que nos imos levar ben..., levarémonos ben na medida en que haxa medidas efectivas, obrigatoriedade e sancións para que *llevarnos mal nos cueste dinero, si no, no nos vamos a llevar bien*, porque eu son o que teño a posición dominante.

En definitiva, a xeito de balance: a lexislación que desenvolveu todo o paquete lácteo é un auténtico fracaso, e dixé-

molo no seu momento, que a súa lexislación ía fracasar. Non é que a oposición sexamos listísimos e que o sector sexa listísimo; non, é que era obvio, era totalmente razoable, e vistos os precedentes, a lexislación, ao non ter un carácter de obrigatoriedade lexislativa, ao non ter un carácter sancionador e ao non haber mediadores que o apliquen e non ter ningún deses elementos que, dalgún xeito, coaccionan a industria, non ía funcionar. Polo tanto, fracaso absoluto.

Política industrial. Vén vostede coa política industrial. ¡Home!, dende Alimentos Lácteos –que, ¿para que imos xa falar de todo o que temos falado?– e pasando e terminando, por último, co de Lasurgal, que vai o conselleiro alí –o do 4.0–, di que van multiplicar por cinco a súa capacidade de produción e resulta que seis meses despois non son capaces nin de absorber o leite de 50 gandeiros da Cooperativa Codegui nesa 4.0, coa que ían multiplicar por catro a produción cos 4 millóns de euros que iamos investir.

Polo tanto, industrialización, ¿de que industrialización me fala? Non existe ningún proxecto de industrialización neste país máis alá de determinadas cousas pequenas de queixos. Efectivamente, ¿sabe canto son os queixos deste país? O 2 % do noso leite. É dicir, pretender solucionar ese problema vains levar uns cantos anos, e vostede non os ten, ten uns meses. Eu díxenlle o primeiro día que vostede tiña poucos meses, señora conselleira, e, polo tanto, que se centrara en dúas ou tres cousas. Se quere facer o do plan para saír no periódico, paréceme perfecto, pero esperemos, polo menos, a que agora nos diga a actividade paralela máis ou menos ambiciosa que vai facer nos meses que lle quedan.

Bueno, o acordo do sector lácteo. Efectivamente, absoluto fracaso. ¿Cantas veces o dixemos aquí? Nin sequera tampouco... Aínda non están publicados os decretos. ¡Cinco meses! ¿Cinco meses para facer uns decretos? Xa llo dixen o outro día no pleno, o de Ence fíxose rapidamente e autorizouse para 50 anos. ¡Cinco meses para elaborar uns decretos nos que en teoría estabamos todos de acordo e non había problema! E aínda non están nin publicados.

Polo tanto, ¿que carácter vai ter de obrigatoriedade moral para cumprir ningún tipo de pacto cando a Administración, que debía ser a primeira en velar por ese acordo, nin sequera cumpre o que está pactado?

E as negociacións con Europa, a última do día de onte: non houbo absolutamente ningún resultado, máis alá de que se dobrara, incluso se triplicara, a capacidade de comprar, pero, efectivamente, sen aumentar o prezo; co cal, vai ser pouco operativo.

A reiteración do veto ruso. Repase –xa llo dixen algún día– o que me dixo aquí a conselleira que a precedeu cando eu dixen aquí que o veto ruso era o principal problema, ou un dos principais problemas, que ía ter o sector lácteo galego, e dixo que non tiña nin idea, ¿que que tiña que ver Rusia con Galicia? Que non nos ía afectar para nada. (*Murmurios.*) Está aí recollido. Pero non unha vez nin dúas, catro ou cinco. É dicir, isto foi o que tivemos durante estes sete anos.

E seguen absolutamente fiando a algo que é que... E vostede díxoo na intervención, é sintomático, creo que é o subconsciente. Esperemos que haxa conxunturas melloras.

Señora conselleira, non vai vir ninguén arreglar o problema. España non pode esperar que Europa veña arreglar o problema, porque Europa, certos países de Europa, están moi beneficiados de que España estea nesta situación. Polo tanto, non lle podemos pedir a aquel que en certa forma se está beneficiando –e aí déronse antes os datos, mentres Irlanda medra un 20 %, aquí medramos un 2 % e mentres teñen uns niveis de prezo que pasan dos 35 céntimos, nós aquí os temos a 18 ou a 20– que nos veñan axudar a solucionar o problema. Señora conselleira, que non, que non vai vir ninguén. Do Estado non vai vir ninguén arreglalo. Mentres en Galicia temos a 18 céntimos, no resto de comunidades están medrando a produción e están mantendo un prezo moito máis por riba do noso. Polo tanto, non espere por ninguén, señora conselleira, non vai haber conxuntura mellor. Isto ou nos poñemos e o arreglamos ou, se non, non ten saída.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor GARCÍA GARCÍA: E non pode esperar que o veña arreglar ninguén.

Eu espero que agora, na segunda intervención, nos diga o plan. Porque o plan, efectivamente, será para sentarse, que non está mal de por si. Nos pedíámolo –repito– hai sete anos, e creo que sería moi útil. Estar, pero cunhas premisas e cara a un horizonte, e cara a un camiño. Vostedes terán en

mente algún tipo de accións a tomar, decisións políticas, decisións lexislativas, orzamentos, estratexia industrial, estratexia de produción, que se marque nese plan. ¿Ou fian ese plan e o funcionamento dese plan a que os axentes se poñan de acordo? O comisario europeo onte o que lle dixo, señora conselleira, aos estados membros é: *búsquese la vida...*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor GARCÍA GARCÍA: ...arreglen o problema en cada estado. E nós deberíamos ser dos que o temos fácil de arreglar porque seguimos sendo deficitarios na nosa produción.

Polo tanto, mentres non teñamos unha estratexia nacional, e non a imos ter a nivel de Estado, mentres Galicia non queira que a teñamos, non temos solución para o sector lácteo, señora conselleira. E isto vímoloo reiterando tamén aquí nos últimos dous anos.

O señor PRESIDENTE: Remate, señor García; remate xa, por favor.

O señor GARCÍA GARCÍA: E vostede non será conselleira, e non sei se eu deputado tampouco, pero dentro de sete anos haberá alguén aquí do Goberno que diga que, efectivamente, iso era o que había que facer. Pois pasará igual que o que pasou absolutamente con todas e cada unha...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Señor García, remate xa, xa pasou o seu tempo.

O señor GARCÍA GARCÍA: ...das cousas que lle dicíamos e ás que non nos fixo ningún caso.

Esperaremos agora a ver se nos di algo dese plan. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor García, xa acabou o seu tempo.

Grupo Parlamentario Popular, señora García Pacín.

A señora GARCÍA PACÍN: Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señorías.

Señora conselleira, dámoslle a benvinda, e tamén ao público que nos acompaña dende as súas casas, porque vemos que as tribunas agora mesmo están baleiras, aínda que durante o debate estiveron presentes responsables de Unións Agrarias, responsables dunha organización agraria; responsables, señora voceira do Grupo Mixto, non de sindicatos, porque se temos que empezar por aí, pois mal imos, cando queremos facer unha diagnose acertada.

Señora conselleira, vostede viu que realmente os grupos da oposición non lle deixaron nin amabilidade nin ningún respecto polo traballo da súa consellería; un traballo que hoxe valoramos porque é moi necesario, un traballo que se traduce nun plan. Creo que a señora Paz si fixo referencia ao Plan estratéxico do señor Juárez, pero o resto dos grupos a memoria que teñen ou é porque non estaban aquí ou é porque daquela non lles interesaba moito o lácteo. Esquecen que en 2009, nunha crise que herdamos do leite, había prezos de leite en orixe –recordemos– de en torno aos 25 céntimos, cando agora, por moi febles incrementos que se teñan dado nos últimos meses, si estamos falando de prezos cercanos aos 29 céntimos, de 28,8, que se manteñen dende decembro e xaneiro.

Pois daquela, nunha situación difícil, gobernos do Partido Popular herdaron moitas tarefas que facer, moitas cuestións que atallar. Unha delas era –como dicía a señora Paz– atallar o peche de explotación. Si, daquela era un ritmo crecente, porque agora pechan explotacións pero non ao mesmo ritmo. Daquela eran 1.770/ano; é dicir, é un número considerable de explotacións. Se seguirmos con esas políticas, con esas alternativas, agora non estaríamos falando do peche.

Cada explotación que pecha, señor Sánchez, dende AGE, realmente ao grupo que represento e ao Goberno lles doe, porque é un esforzo dunha familia, é un esforzo das explotacións, que están a pechar porque non son rendibles, porque non é atractivo vivir no rural. ¡Ah, claro!, pero é que vostede non sabe que as explotacións que vostede demanda son explotacións de supervivencia. ¿Ou ten morriña daquelas 100.000 explotacións que había na década dos noventa, cando si había moita xente traballando no agro, pero a competitividade, os resultados, as marxes de beneficios non se facían como hoxe –explotacións rendibles, ao mesmo nivel que outras rexións e ao mesmo nivel que outros estados membros–?

Falaron aquí da reunión de onte do Consello de Ministros a nivel de Europa. E dicía o señor García, socialista, que non a recoñecen a vostede en Europa, señora conselleira. Realmente, nin caso, porque non pode ofender quen realmente levaba delegacións das comunidades de Estremadura para defender os intereses marítimos; aqueles si eran gobernos socialistas. E mesmo gobernos socialistas non tiveron previsións acertadas de cara á desaparición do sistema de cotas, porque daquela as responsabilidades non existían. Claro, agora é cando se precisan medidas de intervención para regular os mercados, señor Sánchez, porque parece que os mercados son o seu inimigo, e nós queremos seguir sendo líderes da produción leiteira a nivel nacional e poder falar galego a nivel nacional, porque tanto a súa predecesora, señora conselleira, coma vostede, acompañan realmente o Ministerio e realmente trasládanlle todos os problemas. Pero, señora conselleira, cos plans estratéxicos que viñeron demandando os grupos da oposición nos últimos meses, chamándolles –como dicían eles– comisións de estudo, comisións de seguimento dos acordos lácteos, marcos estables, realmente o que se pretendía é o que vostede anunciou en novembro, o 20 de novembro, que presentou ao Consello Agrario e do que hoxe trae xa os primeiros acordos, as primeiras conclusións, as primeiras propostas que trasladan axentes implicados no sector e moitos colectivos que teñen moito que dicir.

Pero, señora conselleira, non espere que a oposición faga propostas, poña encima da mesa alternativas que veñan axudarlle a buscar a solución que o sector lácteo demanda, porque non vai ser así. O único que pretenden, como dicía o señor socialista, é acordarse de citas electorais –e non o digo eu, díxoo vostede–, que evidenciou a referencia ás posibles datas electorais coa presentación deste plan. Eu quería saber, señor García, se realmente esa data electoral lle preocupa porque non teñen candidato ou lle preocupa porque desde o socialismo galego non son quen de defender o sector lácteo alí onde interesa, que é na Unión Europea, como o están defendendo hoxe e agora. Porque afirma vostede que é un gran fracaso para Galicia e para os intereses do noso país que non se superaran ou que non se modificaran os prezos de intervención da manteiga e do leite en po. ¡Pero se esas eran tamén as reivindicacións de países veciños como Francia! Entón, tamén fracasamos todos.

Realmente eu creo que aquí chega con amosar cuestións importantes, porque, señora conselleira, vostede sabe coma

min que estivemos arredor do lácteo, vinculados ao lácteo case dende que nacemos e que o lácteo superou moitas crises. E a señora voceira nacionalista, cando tiña responsabilidades de goberno, daquela afirmaba que o problema do lácteo era nacional, que o contexto galego tiña unhas competencias moi limitadas. Daquela si que parafraseaba a outros insignes voceiros nesta Cámara, e, claro, a súa credibilidade era a correcta. Agora intente tamén, polo menos, respectar a credibilidade que teñen as mobilizacións de gandeiros doutros países. Porque, señora Paz, en Portugal hai mobilizacións, en Francia hai mobilizacións; estamos ante unha dificultade, ante unha crise no sector lácteo. E tanto o Ministerio como a Consellería están, dende que empezou a minorar o prezo do leite en orixe, poñendo atallos, poñendo solucións... (*Murmurios.*) Realmente poden corrixirme porque esta humilde voceira non é quen de solucionar o problema lácteo, pero eu asegúrolle que entre todos e unidos o imos conseguir.

Porque, señorías, o que aquí se evidenciou —e nos últimos meses evidenciouse— é que existe unha desorganización da produción, e mesmo normativas promulgadas por gobernos do Partido Popular que viñeron dar o sustento lexislativo ás organizacións de produtores non foron dabondo. Porque aquí o gran fracaso, a grande eiva, son as organizacións de produtores lácteos. E non me digan, como me din moitas veces, que lles estou botando a culpa aos produtores por non unirse; non, señorías, porque realmente os produtores o que me trasladan día a día é que necesitan unirse, porque nesas pequenas explotacións a 18 céntimos falaban primeiro de que non llelo recollen e despois de que llelo van pagar a 18 céntimos e que vai ser o prezo para o leite en po. Vostede sabe que existen inspeccións e que se vai controlar que iso non se traduza en venda de cartóns de leite líquido, porque as normativas van sempre acompañadas de controis, de inspeccións e de sancións. E agora mesmo estanse aplicando e corrixindo, primeiro con distintas actividades de inspección que se fixeron ao longo dos últimos meses en materia do Plan de control de sostibilidade, mesmo da AICA, en coordinación coas comunidades, dende a consellería e dende a nosa autonomía, controlando a orixe do leite e dos camións cisterna, e agora tamén controlando —e aos medios me remito, e a vostede e ás súas declaracións— que vai ser en leite en po e non en leite líquido.

Porque aquí quérese facer crer que as actuacións do Goberno non van dar froito ou non dan solucións ás demandas. E

os produtores saben que para onde teñen que mirar é exclusivamente para o Goberno, é exclusivamente para o grupo parlamentario ao que pertenzo, porque non hai outras alternativas, non hai propostas que veñan evidenciar... Durante todos estes meses si se debateu moito sobre o leite, si se debateron cuestións como o tema da base territorial, cuestións como as medias, os incrementos de produción. Realmente, señora conselleira, Galicia segue liderando, Galicia ten uns diferenciais de prezos do leite con outras rexións... Señora Paz, como cando vostedes gobernaban, porque en escasos momentos puntuais ese diferencial non existiu ou foi positivo. Pero saben vostedes que Galicia ten unhas condicións...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Vaia rematando, por favor.

A señora GARCÍA PACÍN: ...endóxenas que dificultan realmente, como zona produtora periférica, a dependencia da produción ou da comercialización do leite líquido e, como se dicía aquí, a transformación.

Señorías, acordámonos sempre dos fracasos, pero tamén temos que acordarnos dos impulsos, dende os investimentos públicos, dende o apoio da Administración en materia de transformación. Son moitas as industrias que se asentaron en Galicia que durante estes últimos meses e durante estes últimos anos incrementaron, aumentaron, as súas instalacións...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora GARCÍA PACÍN: ...para poder dar cabida a todo o leite que aquí se produce.

Pero non nos esquezamos, señor Sánchez, das D.O., que temos catro D.O. de producións de queixos, nin de que temos unha agricultura ecolóxica onde o leite ecolóxico ten uns prezos moi competitivos.

Señorías, miremos cara adiante, e este plan de fortalecemento agora vai ser parte da solución. Pero, repito, teremos que unirmos. As organizacións de produtores lácteos terán que funcionar, igual que fan noutras comunidades, coas mesmas normativas, terán que unirse as cooperativas, porque tamén seguen sendo pequenas e moitas...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora GARCÍA PACÍN: Realmente, señora conselleira, qué-dalle ardua tarefa por facer, pero os gandeiros só poden mirar cara a vostede porque as alternativas de políticas dos grupos da oposición non se coñecen, non se sabe o que pretenden, soamente criticar o Goberno do que vostede é responsable.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Moitas grazas, señora García Pacín.

Réplica da conselleira do Medio Rural.

Ten a palabra.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Señora presidenta, señorías.

Espero dar resposta a algunha das preguntas que me formularon ao longo desta tarde.

Primeiro, dicirlle á señora Martínez que igual eu antes saltei algunha das liñas que lin, pero as organizacións agrarias claro que están no Plan de fortalecemento do lácteo, dentro dese grupo de traballo, ¡faltaría máis! Aí está Unións Agrarias, está o Sindicato Labrego Galego e está Asaja. Son outras moitas organizacións as que pediron estar, pero entendemos que estas son as máis representativas, son as que están dentro do Consello Agrario e, polo tanto, forman parte deste grupo de traballo.

Gustárame ter avanzado moito máis, por suposto, pero, sen embargo, creo que nos podemos dar por satisfeitos. Pódese dar por satisfeita Galicia porque é a primeira vez que nunha mesa somos capaces de que estean universidade, investigadores, organizacións agrarias e os propios gandeiros a través desas organizacións agrarias, a industria, a distribución, a Administración, sentados nunha mesma mesa para dialogar, sentados nunha mesma mesa para proxectar plans. E os resultados están á vista. Os primeiros xa foron todas as premissas que lle trasladamos ao Ministerio, cunha voz única, a voz dese grupo de traballo que forma parte do Plan de fortalecemento lácteo de cara a un futuro.

Por outro lado, eu alégrome de que a señora Paz e o señor García coincidiran; eu creo que non é a primeira vez que coinciden. Gobernou un bipartito, e naquel momento non tiña por que haber problemas. Naquel momento había cotas lácteas, naquel momento tiña que estar regulado o mercado e naquel momento aqueles, que somos fillos de gandeiros, sabemos a como se estaba cobrando o leite: uns tamén a 18 céntimos, pero non superaba ningún os 25 céntimos. A isto temos que engadir, señor García e señora Paz, que, efectivamente, tal e como dicía a señora Pacín, cada pouco, e a un ritmo estrepitoso —é dicir, por ano—, desaparecían 1.770 explotacións. Ese ritmo freouse nos últimos seis anos, onde se perderon, efectivamente —claro que se perderon—, 3.000 explotacións. Pero é un 70 % menos que cando gobernaba o Bipartito. E non se daba a tormenta perfecta, a tormenta de agora mesmo, onde primeiro foron as cotas, onde, efectivamente, houbo información sesgada e interesada ou simplemente se descoñecía por parte de distintos grupos políticos, pero tamén de organizacións, que ao final fixeron que os gandeiros tiveran que facer grandes investimentos para que agora desaparezan as cotas e, efectivamente, sen un plan. Porque o plan que tiña enriba da mesa a Comisión Europea non deu os seus froitos e, polo tanto, non nos doen prendas dende aquí en dicilo e en reclamar distintas estratexias.

Quero dicir, por outro lado, que non me acordo quen era, pero creo que era tamén a señora Paz que dicía que non nos respectaban e, polo tanto, que a Fenil nin estivo nin se lle agardaba. Pois teño que dicir que estivo representada a industria, pero tamén que a través dun comunicado e por escrito será o director da Fenil o que represente a industria na vindeira xuntanza que vai ter lugar na primeira semana do mes de abril, porque van ser xuntanzas mensuais, e non é para pasar o trámite, senón para traballar.

E, ademais, estou moi orgullosa, porque todos aqueles que están sentados nesa mesa perseguen un obxectivo único, que é o meu e que é acabar o máximo posible coa volatilidade do que é o mercado e, polo tanto, do noso sector, e dar un mínimo de estabilidade, tal e como se merecen os nosos gandeiros e as nosas explotacións.

Falaban de datos e dos 18 céntimos. É un drama, efectivamente, cobrar o leite a 18 céntimos, e non o oculto, claro que é un drama; é o 4,4 % das explotacións. Iso está aí, e ademais pódese consultar, señor García —e non dea coa cabeza que

Pero non por iso temos que deixar de abordar por que pechan esas explotacións, e non por iso temos que deixar de incentivar as grandes explotacións. Se facemos distintos estudos, observamos que houbo moitas comunidades autónomas que tiveron unha porcentaxe de desaparición de explotacións superior a Galicia. Galicia está nun 4,9 %; Cataluña está nun 5,3 %; Castela e León nun 5,7 % e en Asturias, coa que sempre nos comparan –a verdade é que a min me gustaría que deixaran de facelo porque non ten nada que ver Galicia con Asturias, dende logo, nas explotacións, o futuro de Galicia é moito mellor que o de Asturias, e oxalá que o de Asturias sexa bo–, o número de explotacións diminuíu nun 4,3 %.

Analizando a evolución do número de explotacións leiteiras galegas por tramos de produción nos últimos oito anos, observamos un descenso, descenso sobre todo naquelas de menos de 100.000 quilos; diminuíron un 55 %. De 100.000 a 200.000 quilos, diminuíron un 41 %. As explotacións entre 200.000 e 300.000 quilos un 32 %. Pero paralelamente con isto gañouse en dimensión, e as explotacións que están en tramos de entre 400 e 700.000 quilos incrementaron un 54 %, e nas explotacións de tramos de produción de máis de 700.000 quilos esa porcentaxe alcanza o 205 %.

España é un dos países da Unión Europea que porcentualmente máis incrementou a súa produción de leite nos últimos anos, exceptuando no último ano o caso de Irlanda. Dende o 2010 ata o 2015, a produción de España increméntase nun 13,1 %, e tan só foi superada nestes anos por Polonia, nun 17,77 %. E se observamos a evolución máis recente, é dicir, se só collemos dous anos, 2012-2014, segundo Eurostat, España é o país da Unión Europea que máis incrementou a súa produción, nun 9,17 %.

Este aumento da produción nacional débese principalmente á evolución de Galicia, seguimos nese 38 %. Ben é certo que, en función do mes, podemos estar no 38,5 %, no 38,9 % ou no 37,9 %, xa que nos últimos cinco anos, do 2010 ao 2015, a nosa produción, a de Galicia, incrementouse nun 15,8 %, superando a outras comunidades que foron aquí nomeadas por vostedes, caso de Andalucía, que incrementou nun 9,7 %, Castela e León un 7,5 %, Cantabria un 4,8 % ou Asturias un 4,6 %; Galicia, un 15,8 %.

Polo tanto, contrariamente á evolución do número de explotacións de leite, a produción en Galicia medrou, e fíxoo de xeito significativo, o que indica que as explotacións que quedan activas adquiren unha maior dimensión produtiva. E aí entran en xogo os xóvenes, eses xóvenes formados que optan a coller a explotación que xeralmente procede dos seus pais e que lle dá un xiro importante de cara a ter calidade de vida no rural. Non podemos pretender que a xente viva no rural sen ter uns ingresos mínimos, sen ter uns servizos dignos e, polo tanto, sen poder vivir como se merecen.

E aí están os prezos. Efectivamente falabamos de prezos, e Galicia neste momento está en 28,8 céntimos. Levamos así varios meses consecutivos, e ogallá fora doutro xeito. E agardamos, por suposto, que co aumento que agora vai haber durante a primavera non vaíamos a menos. Intentamos frealo, e facémolo dende a Administración, pero facémolo tamén tendéndolle a man á industria e que tenda a man a distribución.

Nesa liña, urxe a publicación do real decreto sobre declaracións obrigatorias dos fabricantes de leite líquido envasado de vaca para os novos entrantes e operadores industriais. Sabemos que o ministerio tivo atrancos, e sabemos que foron varios os ministerios que tiveron que informar. Pero sabemos, ademais, que vai ser unha realidade.

Recollida de leite. Preocúpame a min, tennos que preocupar a todos e preocúpalle, sobre todo, ao gandeiro. Non creo que haxa algo que produza maior ansiedade que pensar que ao día seguinte alguén non che recolla o leite. Podo dicir que no día de hoxe iso non ocorre con ninguén. Pode dicir alguén que a conselleira non está ou non se lle agarda. Entendo que poden ser moi poucas as persoas que poidan dicir iso. Podo arranxar ou non o problema, empéñome en facelo; agora, que non estea e que non se me espere, entendo que non é así. Primeiro, porque conectan comigo cada día varias persoas a título individual que non me coñecen de nada. Segundo, porque estou en contacto directo coas cooperativas. E terceiro, porque cando vexo que aínda así non funciona, xa non estou cos representantes das cooperativas, senón que o que fago é reunilas a elas en conxunto, tal e como fixen o venres pasado ás cinco da tarde. Iso si, cunha mensaxe, unha mensaxe de fortaleza, que é a unión do cooperativismo en Galicia.

non-, é o 0,067 % da produción. Aínda así, efectivamente, é moito. Agárdannos meses duros, e, dentro deses meses duros que nos agardan, efectivamente que se están poñendo atrancos. E, aínda poñendo eses atrancos, penso que é a primeira vez que se reúne a industria e que somos capaces de chegar a un pacto, e ese pacto chámase recoller as mesmas cantidades que polo menos e no mesmo volume no ano 2015, e cun control de prezos. Xa me gustaría que puidera chegar ao acordo de que estivera garantida ao 100 %, pero, efectivamente, as industrias que operan neste territorio recollen o 90 % da produción, pero non o 100 % da produción.

¿Temos un plan? ¿Como non imos ter un plan se ademais se expuxo? Temos o PDR, son 1.186 millóns de euros, dos cales 500 millóns van integramente destinados ao sector lácteo.

E non hai que ocultar aquí, por suposto, que seguen pechando as explotacións. Menos mal que quedan levantadas as actas e, polo tanto, despois cada un non pode dicir o que lle dea a gana. Porque a iso de que estamos encantados da vida de que desaparezan, eu o que digo é que o que non podemos pretender é que sigan aguantando esas explotacións que non son rendibles, que queiramos condenar os fillos deses gandeiros a que continúen con explotacións que non son rendibles, que se está redimensionando o sector, que se leva facendo isto durante anos e que hai que ser competitivos. E para ser competitivos é o gandeiro quen opta por que liña ha de seguir.

Efectivamente que estamos nas 9.000 explotacións, nun 56 % das explotacións lácteas españolas. En xaneiro, efectivamente, estabamos en 9.606. É certo que o número de explotacións está a diminuír, pero tamén é certo que se segue incrementando a produción, e así se reflicte nos distintos datos, aos cales vostedes tamén poden ter acceso.

¿E por que pechan as explotacións? Unhas porque non son rendibles, pero a gran maioría por xubilacións. ¿Que se veu facendo ao longo destes meses? Falábase do fracaso do acordo lácteo. Miren, señorías, é a primeira vez que se fai un acordo lácteo destas características. O que eu agardo é que se cumpra ese acordo lácteo. Efectivamente que vai saír para adiante o decreto de cesión de prezos, e niso empéñome ao máximo. Ben é certo que me gustaría que fora nun número de meses menor do que o levamos posto en marcha, pero agardo que non pase dos vindeiros quince días.

E sabe, ademais, señor García –e, se non, infórmoo eu–, que está no Consello de Estado neste momento. Efectivamente, hoxe filtrase ou dáse a coñecer o informe da Comisión de Competencias, pero, a pesar de todo isto, a ministra e o Ministerio van continuar para diante, e así llo exige o Goberno da Xunta de Galicia.

E ese acordo lácteo tamén leva consigo a regulación dos primeiros compradores. Ninguén o abordou en Galicia. Recollen un 30 % da produción e cada pouco dannos un desgusto, temos que regulalo. E nesa liña é na que estamos.

E, por outro lado, está a orixe dos produtos. Saben vostedes que certas comunidades autónomas non están polo labor, pero Galicia coa súa tesitura e ademais porque así o merecen os galegos e as galegas, os gandeiros e as gandeiras, opta por que en cada envase se poña a orixe dos produtos, e ímolo conseguir e así o estamos exixindo.

A produción do leite en Galicia, señorías, segue aumentando. Aumentou nun 15 % nos últimos cinco anos. Falamos de 335.000 toneladas. A media de produción por explotación, que ascende ata os 210.000 quilos, supón un incremento do 213 % nos últimos dez anos. O número medio de gando por explotación pasou nos últimos seis anos de 18 a 28 cabezas; é dicir, un 55 % máis. Se vemos o censo de animais en explotacións da produción leiteira de Galicia, hai que dicirlles que do 2013 ao 2015 só en reproductoras se incrementaron en 9.552. Se falamos xa do que é a totalidade de animais, en 17.790 cabezas. Isto dános unha imaxe de cara a onde vai Galicia, e ese cara a onde é o sector quen o decide. Non podemos nós pretender seguir coa Galiza romántica de seis vacas, doce vacas e unha explotación máis. Non temos por que ter temor a que se diga que pechan esas explotacións, porque en realidade, aínda que o son, non son rendibles para o que está traballando nelas.

Nos últimos tempos, estase a producir en Galicia e no conxunto de España unha reestruturación do sector. Diminúe, por suposto, o número de explotacións, pero segue aumentando a produción. Efectivamente que Irlanda, no último ano, aumentou un 20 %, e efectivamente que España aumentou un 6 %. Pero a mesma problemática que temos nós tena Irlanda, independentemente de que pida outro tipo de medidas a través da Comisión da Unión Europea, tal e como fixo no día de onte.

Esa unión das 39 cooperativas primeiras compradoras que non poden seguir nesa liña, e a Consellería do Medio Rural vailles tender a man para seguir outros cauces, e ese cauce ten que ser o de fortalecemento a través da transformación.

Das miñas reunións coas principais industrias lácteas que operan en Galicia –díxeno agora–, acadei un compromiso, e é o compromiso da recollida nos mesmos termos e no mesmo volume que no ano 2015. Son distintas, dende Queixería Entrepinares, Grupo Leite Río, Lactalis, Nestlé, Grupo Danone, Celega, Renny Picot, Agrupación Alimentaria Peñasanta, Feiraco, Iparlac, Logística Alimentaria, Leite Celta, entre outras. Trátase das industrias que recollen o 90 % da nosa produción, sobre todo a nivel individual; é dicir, gandeiro a gandeiro.

E despois está o noso papel, o papel que facemos coas inspeccións. E a Consellería de Medio Rural, en colaboración, por suposto, con outros departamento da Xunta, pero tamén do ministerio, ten en marcha unha campaña de control de transportes de leite e derivados procedentes doutros países, en concreto Portugal, con destino ás industrias lácteas da comunidade.

Estamos nun mercado único, non podemos prohibir que entre leite, pero si temos que esixir que nas mesmas condicións nas cales lles estamos exixindo aos nosos gandeiros. E téñolle que dicir, señora Paz, que das inspeccións realizadas, e dos datos que temos, entra bastante menos leite agora mesmo do que viña entrando na época do Bipartito.

O obxectivo é comprobar a trazabilidade do leite que chega nos camións-cisterna lusos, para que tanto na orixe como no proceso de transporte e chegada ao destino cumpran con todos os requisitos legais, evitándose prácticas inadmisibles.

No que vai deste ano, no ano 2016, efectuáronse 95 dispositivos, onde as infraccións máis frecuentes son a carencia de recollida de gandeiros, a falta de documentación que permita comprobar o tipo de transporte, ou alteracións na carta de porte internacional.

Ademais, tamén se levaron a cabo inspeccións en colaboración coa Consellería de Economía e Industria, a través da Dirección Xeral de Comercio, por vendas a perdas. Dende

o último trimestre de 2015, lévanse feito 64 inspección de venda a perda, das que 39 lle corresponden ao sector lácteo. Estas inspeccións realizáronse en distintos establecementos das cadeas de distribución nas catro provincias galegas. Ata o de agora, resolvéronse varios expedientes, outros están en curso e están en proceso de poder facer alegacións, con sancións de entre 6.000 e 10.000 euros cada unha delas. A través do Instituto Galego de Consumo tamén, e por enganar o consumidor, por información non veraz ao respecto, sobre todo no que se refire á Galega cen por cento, abríronse varios expedientes; hoxe 3 deles xa son realidade, os outros están en curso. E estas sancións propostas, que ademais xa son realidade, son de 10.000 euros cada unha.

Este é o traballo que se realiza a través da Consellería de Medio Rural, o traballo que impulsa e o que estou segura de que se seguirá impulsando. E daremos esa información de primeira man non só a vostedes, senón á xente que forma parte do Plan de fortalecemento do lácteo galego.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora conselleira.

Rolda especial de aclaracións.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, ten a palabra a señora Martínez García.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Vou empezar por aclararlle que eu non falei de organizacións agrarias, falei de organizacións sindicais, porque dentro das empresas da industria e da distribución hai traballadores e traballadoras asalariadas desas industrias que tamén están afectadas por este problema. Polo tanto, digo que faltan os sindicatos, non falo das organizacións agrarias.

Despois, en canto á súa intervención, non sei se entendín ben, eu non estaba aquí cando foi do Bipartito, pero vostede dixo –se entendín ben– que pechaban 1.700 explotacións ao ano. Eu dixen, Galicia era como a India, todo cheo de vacas por todas partes, porque, ¡Dios mío!, en catro anos estamos falando de que pecharon 6.000. ¡Debía haber unha auténtica loucura de vacas neste país!

Despois dixo vostede que se viron obrigadas as explotacións a vender o leite a 18 céntimos, que é un drama. Non é un drama, señora conselleira, é un roubo amparado pola Administración. É un delito pagar menos do prezo de produción, e a Administración ampárao, lévao protexendo todo este tempo. Non se enfronta porque nunca se enfronta ás grandes corporacións, nunca se enfronta ao poder económico. Vostedes enfróntanse aos gandeiros, déixanos estar, que vaian esmorecendo, seguen pechando explotacións. Bueno, seguen pechando, porque claro, aquí estamos noutra fase. Mentres que noutros sitios aumentan e abren explotacións, en Galiza pechan explotacións. Mentres noutros sitios son rendibles, en Galicia non son rendibles. Mentres noutros sitios o leite se paga a 30 céntimos, aquí hai xente á que lle pagan 18 e é un drama para vostede; ¡para vostede é un drama!

E despois o colmo é que veña aquí dicindo que a maioría das explotacións pechan por xubilación. ¡Ala! Aplausos, xa está. ¿Esa é a solución? ¿Pechan por xubilación e vostede queda tan tranquila, cando estamos cun despoboamento do medio rural inmenso, cando non hai alternativa de futuro no medio rural? ¿Estame dicindo que vostede non é quen, nin a súa consellería, de atraer mocidade ao medio rural nun momento en que hai un desemprego bestial na industria? ¿Por que pechan? ¿Por que non hai unha continuidade da explotación? ¿Está facendo algo nese sentido? ¿Hai algún plan que non coñezamos para que esas explotacións non pechen por xubilación, senón que atraian precisamente mocidade? O primeiro sería protexer os gandeiros dos abusos da industria de distribución. Non dixo como os vai protexer, que medidas inmediatas de protección. A min, tal como vai a cousa, xa dende que eu estou neste Parlamento, e cos acordos anteriores e as medidas postas, dáme a impresión de que a Xunta é coma un polo sen cabeza, vai dun lado para outro a ver se distrae, e, mentres tanto, son os propios gandeiros e gandeiras os que se teñen que buscar a vida, os que se levan mobilizando meses, reclamando unha actuación da Xunta que defenda os seus intereses.

En canto á comprobación de que o leite en po se dedique realmente a leite en po, gustaríame que me dixera cantas inspeccións se fixeron e cantas sancións se puxeron en relación coa comprobación do leite en po.

Tamén me parece bastante especial que se diga que as explotacións galegas que había antes era unha Galicia romántica e

unha Galicia insostible, que non é rendible esa Galiza romántica. Para vostedes a Galicia romántica que non é sostible son estas explotacións gandeiras, o comercio de proximidade ou a pesca artesanal. Iso non é sostible, aquí todo é ao grande. Queremos grandes empresas de acuicultura, grandes centros comerciais e, dende logo, grandes produtores. Aquí todo ao grande o que é o tecido produtivo. Non teñen en conta a nosa propia estrutura social e a nosa cohesión social.

Non falou nada de que os excedentes que hai hoxe no mercado sexan destinados a axuda humanitaria, unha proposta que podía ir a Europa perfectamente. E a redución da produción que propón Europa, que sen embargo non toca o prezo de intervención. É dicir, unha política que beneficia única e exclusivamente a gran industria.

Polo tanto, eu creo que hai razóns máis que suficientes para que vostede volva a comparecer pero, realmente cun plan de verdade, con medidas inmediatas, concretas, avaliáveis e que dean resposta aos problemas que ten hoxe o sector lácteo galego.

Estaba buscando, realmente, unha frase da señora García Pacín que anotei. ¡Ah, si!, dicía vostede que o PP é a única solución porque a oposición non aporta ningunha idea, ningunha alternativa. Señora García Pacín, non sei se é un problema de que teña que ir ao otorrino ou non sei cal é o problema, eu o que lle digo é que alternativas presentáronse...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: ...moitas por parte da oposición, pero sempre foron rexeitada polo Partido Popular, na súa soberbia de que só el ten a solución.

Nada máis e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Martínez García.

Polo Grupo Parlamentario de AGE, ten a palabra o señor Sánchez García.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Ben, pois aquí se nos presenta como o modelo do sumum da modernidade o que está acon-

tecendo neste país. Iso lémbreme cando era o máis moderno ir aos grandes centros comerciais, e o resto era atraso.

Eu non sei se pretenden caricaturizar a nosa posición, pero en tal caso recoméndolles que viaxen a Austria ou a Suíza para ver se alí compatibilizan a pequena, mediana e a gran explotación ou non. Viaxen un pouco e vexan que é o moderno e que non é o moderno.

Pero a min o adxectivo do que vostedes definen como el sumum de la modernidad significa un modelo –tanto no leite como noutros sectores– baseado na exportación de materias primas de baixo valor, sen transformar, pouco creador de emprego e de baixo valor engadido. Ese é o modelo que hai no leite galego e ese é o modelo que hai no sector forestal.

E claro, se vostedes iso nolo venden como o sumum da modernidade, o descenso da poboación agraria, e mo comparan con Cataluña, eu entón lles direi que eu quero a poboación agraria de Cataluña, pero tamén quero a poboación que traballa no sector industrial da transformación da alimentación de Cataluña. ¿Verdade? E quero o valor engadido que aportan os alimentos en Cataluña, e non quero o valor engadido que aportan en Galiza. E quero que, tendo o 50 % das cortas de madeira do Estado, teñamos tamén o 50 % da creación de emprego e o 50 % do valor engadido, e non o 13 % como temos agora.

E no leite o mesmo. Vostede, señora conselleira, é un gran baleiro. Se a vostede se lle quita o que ten de demagogia e o que ten de Bipartito, non queda nada, e o que non queda é exactamente o que debería de ter un gobernante que forma parte dun goberno que leva sete anos, que son solucións, solucións concretas.

Eu xa sei que vostede é filla dun gandeiro, non o repita en todas as comparecencias. Paréceme ridículo. Non aporta ningunha cualidade como conselleira que sexa vostede filla dun gandeiro, señora conselleira. Xa o sabemos. Xa o sabemos.

Deixe a demagogia, díganos que plan ten para a industria de transformación (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non estou insultando a ninguén, lle estou dicindo que iso sobra, o que ten que vir dicir aquí son as medidas concretas para axudar ao sector.

É difícil de xustificar que, despois de sete anos, vostede teña que vir aquí a dicir que co Bipartito estabamos peor. ¿Que aporta iso señora conselleira? ¿Que aporta iso, se iso fora certo? Eu creo que non aporta nada. E claro, vostede escapa exactamente do que sería exixible a un gobernante, que viñera aquí e dixera: estas son as nosas medidas e este é o noso modelo.

E sigo preguntando, se vostede intenta xustificar por un lado que hai unha crise, e por outro que non pasa nada porque pechen explotacións, porque unhas que pechan son pequenas e outras porque se xubilan, entón, vólvolle reiterar, ¿de que vai vivir este país? ¿de que vai vivir o rural deste país se seguen pechando as explotacións?

Porque vostede fala das xubilacións, e, evidentemente, claro que si, xa llo repetín moitas veces, finais do 2013, o 4,68 % dos titulares de explotacións agrarias teñen menos de 40 anos. O 4,68 %, era a finais do 2013. O 59 % tiñan 60 ou máis anos. Esa é a situación do nosos sector. Se cadra, a vostede isto parécelle algo normal e algo que poida ser bo para un país. A nós non, a nós non. A nós que pechen explotacións, sexan pequenas, medianas ou grandes, non nos parece positivo, sobre todo cando non hai alternativas, alternativas para as que vostedes non traballaron.

Pero vostede ao que veu aquí e non dixo foron os resultados das súas políticas; cales foron os resultados dos sucesivos acordos que venderon vostedes aquí como solucións; cal foi o resultado e o balance do último acordo de setembro. Vostede aquí non veu explicar que política industrial ten para o leite, non veu. ¿Non sabe ou é que non quere explicarse? ¿Que é o que teñen para isto? ¿Que plan teñen para un dos grandes problemas deste país?

E en vez de tanta demagogia e tanto Bipartito, tamén podería falar de canto van incrementar os recursos para facer certas as boas intencións de incrementar a base territorial e de mellorar a ordenación do territorio. Que é o que vai a facer concretamente para mellorar nese aspecto, que é un dos aspectos que dependen só de vostedes. Porque vostedes son moi dados a poñerlles deberes aos gandeiros, pero eu creo que, mentres vostedes non fagan os seus, non deberían de poñerlle deberes ao sector.

Cando se di: é que o sector ten que estar máis organizado. ¿Que fixeron vostedes para que o sector estivera organiza-

do? ¿Que fixeron vostedes para que o sector estivese organizado, máis que boicotear cando se intentou organizar?

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Vaia rematando, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ¿Que fixeron vostedes para que houbera un grupo industrial de base cooperativa neste país? ¿Que fixeron? ¿Que fixeron?

Iso é o que teñen que dicir vostedes, e non poñerlles deberes aos gandeiros, que son os primeiros interesados en que ás súas explotacións lles vaia ben.

E o liderazgo de Galicia demostrábase cos feitos, señora Pacín. Demóstrase cos feitos. Foi a Europa cunhas propostas, non lle fixeron caso e volveu aquí e ten que vendelas como pode. Ese é o liderazgo de Galicia no sector lácteo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Sánchez.

Polo Grupo Parlamentario do BNG ten a palabra a señora Paz Franco.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señora presidenta.

Señora conselleira, eu non vou perder moito tempo falando do Bipartito, e non porque pense... Non, non ría vostede. Non porque pense que os datos do Bipartito son incontrastables cos seus, ¡en absoluto!, senón porque creo que o importante é falar de futuro. Pero eu o que si lles recomendaría é que, cando veñan aquí, procuren non mentirnos cos datos, porque falou vostede de 1.700 explotacións cada ano durante o Bipartito e iso é mentira. O único dato que conseguín agora do IGE é o do ano 2008. A principios do 2008 había 13.546 explotacións, e o 1 de xaneiro de 2009 había 1.359. Creo que se se resta unha cantidade da outra dá 479 explotacións, e creo que non chega a esas 1.700 das que vostede falou. É moito, demasiado, efectivamente, demasiado, o Bipartito non conseguiu evitar que pecharan explotacións lácteas neste país ¡por desgraza!

Mire, falando do peche de explotacións, para min vostede fixo unha afirmación na súa intervención que é bastante pre-

ocupante, porque falou de que o que desaparecían eran explotacións que non eran sostibles, e falou vostede de explotacións de 6, 7, 8 vacas. A min, de verdade, por curiosidade intelectual, gustárame saber se vostede é capaz de dicirme cantas desas 527 explotacións que desapareceron durante o ano 2015 eran desas características.

Pídolle por favor que a través dos instrumentos regulamentarios nos mande os datos de cantas eran desas características, porque teño as miñas dúbidas de que no ano 2015 aínda quedasen en Galiza explotacións desas características.

O segundo, é que xente se xubila. Entón, tamén me gustaría que nos explicara para que están os plans de mellora, para que están os plans de incorporación da mocidade á actividade agraria, se non é para intentar que esas explotacións das persoas que se xubilan, que teñen todo o dereito do mundo, teñan continuidade.

Cada vez que se pecha unha explotación láctea, todos e todas sabemos que non se volve abrir nunca máis, sexa cal sexa a razón pola que se pecha, dá igual que sexa por xubilación que por calquera outra circunstancia. Polo tanto, vostede vén aquí e di cunha tranquilidade que se xubilaron e ninguén se fixo cargo da explotación, que debería preocuparlle esa tranquilidade, porque o seu cometido debería ser que non pechasen máis explotacións.

En segundo lugar, claro, é que vostede ás veces... Os números cada un pervérteos como quere, pero o certo é que aquí se lles vendeu aos gandeiros deste país, despois de que se lles vendeu durante moitos anos que tiñan que investir en cota, finalmente, a partir do acordo de desaparición das cotas, vendéuselles que ían poder producir máis. E, efectivamente, intentaron producir máis, pero de repente atopáronse con que non daban vendido ese leite que producían a maiores.

O certo é que Galicia vai perdendo peso. Vai perdendo peso a respecto do Estado e vai perdendo peso a respecto desas outras dez rexións europeas que, xunto con Galiza, constitúen as dez rexións europeas con mellores aptitudes e máis competitivas para producir leite. Pero mire, vostede aínda non os dixo, a respecto das medidas da Comisión Europea, ou máis ben das non medidas da Comisión Europea para facer fronte á situación do sector lácteo, o que ía facer.

¿Que van facer vostedes a respecto de que se decidira non modificar o prezo de intervención?

¿Que van facer vostedes a respecto de que se decida que cada Estado regule pola súa conta? Nese contexto, ¿van vostede propoñerlle ao ministerio algún tipo de plan? ´

Eu fíxenlle unha pregunta moi concreta. Aquí, ao contrario do que pasaba noutras ocasións, cando se regulaba o mercado, está recaendo a carga deses excedentes unicamente sobre unha porción concreta de explotacións. ¿Teñen pensado vostedes facer algo para redistribuír esa carga, non só entre o conxunto das explotacións, senón tamén entre a industria, que moita dela se beneficiou de moitos cartos públicos? ¿Ten vostede pensado propoñer algo diso? ¿Hai que reducir a produción? ¿Vai vostede asumir que sexan as industrias, a través das compras ou dos prezos, as que decidan que son os produtores galegos os que teñen que reducir a produción, ou vai propoñer algún tipo de plan para que iso non aconteza? ¿Ou incluso dicirlle ao ministerio que faga o propio respecto da Unión Europea? Esas son preguntas moi concretas que eu lle fixen.

E mire, falando do Bipartito, no ano 2008, despois de que os prezos, por primeira vez en toda a historia, en Galiza superaran a media estatal, a media europea...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PAZ FRANCO: ...e mesmo os prezos de Francia, por primeira e única vez na historia, empezou a haber unha crise que despois se prolongou durante o 2009, e ¿sabe o que fixo o bipartito? Había excedente, había un problema de produción excedentaria de leite, e o Bipartito fixo unha cousa que posiblemente a algúns lles pareza que vai en contra da competencia –pódelles parecer moitas cousas–, que foi intervir o mercado. ¿E como interveu o mercado, algo que está prohibido? Comprando leite para axuda humanitaria a Haití e a Cuba porque acababa de haber un desastre natural. Nós temos na nosa casa un desastre non natural, senón provocado por esta política...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PAZ FRANCO: ...inmunda que hai na Unión Europea. E vostede –díganos, señora conselleira– ¿vai utilizar

cartos públicos?, ¿vai promover que o Estado o faga?, ¿vai promover que alguén o faga ou facelo vostede mesma?, ¿comprar leite para sacalo do mercado e de paso darlles de comer aos miles de refuxiados que hai na Unión Europea?

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Paz. Remate xa, por favor.

A señora PAZ FRANCO: Son preguntas moi concretas que vostede non nos contestou.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Paz.

Grupo Parlamentario Socialista. Señor García.

O señor GARCÍA GARCÍA: Grazas, presidente.

O debate do número de explotacións que ten que haber neste país é un debate moi vello; eu non vou entrar nas cifras. Vostede non é moito máis xoven ca min, creo eu, por aí andamos, polo tanto, imos falar de cando eramos 60.000. Cando eramos 60.000, dicíannos que cando fôsemos 30.000 iamos vivir ben. Cando eramos 30.000, dicíanos o señor Fraga que tiñamos que ser 15.000. E hoxe somos 9.000 e estamos peor ca nunca. Polo tanto, o debate da redución é un debate que... Efectivamente, 60.000 eran demasiadas explotacións para este país, pero creo que 9.000 xa non son demasiadas explotacións para este país. Pero é un debate no que non imos entrar nas cifras, senón na viabilidade desas explotacións. Eu creo que xa estamos tocando unha cifra na que non debemos tender cara a máis redución.

Señora conselleira, no fondo o problema é ese, que vostede e mais o señor Feijóo teñen todo o tempo do mundo, e incluso todos os parlamentarios que estamos aquí temos todo o tempo do mundo, ¡todo o tempo! Polo tanto, temos tempo para discutir, para falar, para analizar, para poñer reunións, para facer plans... O problema é que os gandeiros non teñen ese tempo, e mentres nós falamos aquí e discutimos, e vostede fai plans e convoca reunións e vai ás reunións e fala nas reunións, día a día hai gandeiros que non dan soportado máis o prezo do leite. Polo tanto, eu o que lle plantexaba ao final, ese acordo de fortalecemento, se hai un plan de fortalecemento, debemos partir da situación que temos e decidir que

podemos facer. Eu entendo que non era nada novo o que ía pasar, pero despois de coñecido publicamente o que pasou onte en Bruxelas, obviamente é o único camiño que lle deixan. É dicir, dos plans de Bruxelas non podemos esperar nada. Polo tanto, se estamos falando dun plan de fortalecemento, teremos que facer un plan de fortalecemento por nós mesmos. E o Plan de fortalecemento por nós mesmos –volvo por onde acabei– é, se somos un país deficitario e temos un mercado, temos que ter unha estratexia propia, e non esperar que outros que están colocando os seus excedentes no noso mercado nolo veñan solucionar e nos elaboren a estratexia. Sobre todo porque é absurdo, señora conselleira. Non é que sexa nin bo nin malo, é absurdo, porque non o van facer nunca. Porque parte da súa subsistencia, dos seus beneficios e de que eles aguanten mellor ca nós está baseada en que nós non fagamos ese plan. O plan é ese. Pero do que vostede me enumerou e do que vostede me falou eu non logro adiviñar absolutamente nada de se hai algo dese plan e de que manei- ra se vai falar.

Por favor, neste último turno, aínda que sexa brevemente, explíquenos algo. Pero –repito– só lle queda esa marxe. Porque Europa xa lle dixo –¡que manda narices!– que os produtores e a industria se poñan de acordo para reducir a súa produción. Home, aquí en Galicia non teremos que poñernos de acordo porque xa o está facendo a industria desde o principio, xa nos está reducindo. E que se poñan de acordo os produtores e as industrias, tanto os españois e os galegos, que estamos incrementando nun 2 %, como os irlandeses, que están no incremento do 20 %. Cada un que se poña de acordo como poida. Home, señora conselleira, ¡non é moi razoable, digo eu! Se cadra, equivocámonos no momento de aplicar o sistema... Por certo, a ver, ¿vostede estaba a favor da supresión do sistema de cotas?, ¿si ou non? Parece como que non sabía, que non tomara vostede a decisión. Foi unha decisión que se tomou a nivel europeo. Foi unha decisión que contaba coa expansión duns mercados que despois non se cumpríu e que entón se articularon medidas para contrarrestar e para protexer igualmente, dunha maneira similar, a súa produción. E esas medidas non se puxeron en marcha no caso español, sen ningunha dúbida. Todos nos acordamos aquí de que esas medidas foron aprobadas hai catro anos, e estabamos discutindo aquí o decreto onde se desenvolvía o paquete lácteo hai uns meses, cando xa desaparecía o sistema de cotas ao mes seguinte. Nin se fixo a tempo nin se fixo ben, polo tanto, haberá que establecer outro tipo de medidas.

Bueno, a señora do PP ao voceiro socialista –que son eu– sempre lle fala disto dos sindicatos. Non sei, a min sempre me di o dos sindicatos; non sen se mo di só a min, porque sempre ten esa manía de dicirme... Eu xa lle teño dito que estou encantado cos sindicatos, que eu me manifestei sempre cos sindicatos e ela cos bispos, e que cada un está onde ten que estar. Polo tanto, non sei que... Ademais, non debería renegar dos sindicatos cando o presidente do Goberno foi un dos máximos sindicalistas que houbo neste país. É verdade que ao que aprobou a praza dissolveu o sindicato. *(Aplausos.)* Quero dicir que non ten nada de malo ser sindicalista, *(Aplausos.)* ¡non hai ningún problema!

Falou da base territorial. Señora conselleira, despois de sete anos, para facer unha lei que a aprobaron hai agora un ano, despois de que Feijóo dixo no primeiro discurso de investidura que era o gran problema deste país. E desde hai un ano que aprobaron a lei, ¿que resultados ten esa lei?, ¿que se fixo durante este ano con esa lei? Absolutamente nada, señora conselleira. Ese é o problema.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor GARCÍA GARCÍA: Polo tanto, señora conselleira, está ben o das inspeccións. Por certo, moito mellor a da distribución que as da fronteira, porque as da fronteira o único que miramos é se traen as guías ou non; e, bueno, máis alá de que as traian ou non xa as aportarán. Non creo que hoxe ninguén traía leite dalgunha maneira sen guía. O problema está na distribución. Efectivamente, ¿que pasa? Vostede mesma o di, que teñen unha sanción de 6.000 euros. ¿Vostede cre que nunha gran superficie unha sanción de 6.000 euros polos produtos vendidos lle repercute en algo ou lle doe a cabeza por esa sanción? ¡Non, home, non! Ese é o problema, señora conselleira. E iso é máis fácil que andar detrás dos camións. Dígollo eu que andei detrás de moitos. É ir aos supermercados e mirar os prezos. E se hai unha lei que prohibe esas prácticas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor GARCÍA GARCÍA: ...teremos que exercelas con toda contundencia.

Señora conselleira, remato co que lle dixen antes. Coa marxe que lle deixou Europa, que xa era a marxe que había, e vos-

tede quixo retrasalo –digamos– ao sabelo e ser consciente ata onte. Pero onte xa lle dixo que se ten que vostede buscar a vida, porque España depende tamén de vostede. Eu entendo que o Estado español vai defender o que defenda Galicia. Entón, vostede ten que se buscar a vida, e se vostede di que hai un plan de fortalecemento do sector lácteo, digo eu que ese Plan de fortalecemento terá...

O señor PRESIDENTE: Remate. Remate, señor García.

O señor GARCÍA GARCÍA: ...unha estratexia propia de produción, comercialización e industrialización. Díganos algo diso, por favor.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor García.

O señor GARCÍA GARCÍA: Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular. Señora García Pacín.

A señora GARCÍA PACÍN: Grazas, señor presidente.

Señora conselleira, ben pinta que a consellería e o Plan de fortalecemento do sector lácteo, con todos os axentes implicados, están a traballar e están a dar resultados, porque o que é os grupos políticos á vista está, porque utilizaron hoxe a demagogia en todos os sentidos. A cuestión é que a que lles fala pode ser amiga dos bispos e amiga dos sindicatos, non son incompatibles ambas as dúas cousas. Como tampouco son incompatibles os modelos produtivos intensivos cos modelos produtivos máis modernos –como di o señor Sánchez–. Porque, claro, hai que saír de Galicia para ver as virtudes doutros países e os modelos produtivos.

Pero, señorías, ¿acórdanse vostedes de cando o señor Sánchez traía a este Pleno e a este Parlamento iniciativas como aquelas –¿como eran?– propostas de resolución dalgún Debate do estado da autonomía? Téño interpretado mal porque tamén eu son moi limitada, o de subdesarrollo –¿como era?– sustentábel, ou algo así. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Eu dígolles a verdade, ao primeiro pensei que era un erro, e tiveron que ir buscar o que significaba o de subdesarrollo, porque é un sistema ben defendible, si, señor Sánchez. Pero ese sistema non se pode

defender ao mesmo tempo, porque eu creo que non son moi compatibles... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Desarrollo? Heillo traer. Subdesarrollo sustentable. Senón, as súas señorías busquen e verán como aparece unha definición que era a que vostede defendía. E di vostede que ese non é un sistema compatible cos sistemas intensivos, como o porcino en Cataluña; e aquí tamén temos granxas moi vigorosas de gando porcino ou de gando vacún de carne. A señora nacionalista dicía que desaparecían explotacións... *(Protestas.)* Perdón, é que é para diferenciarlos, porque se nos poñemos cos nomes, *(Interrupcións.)* realmente...

O señor PRESIDENTE: Silencio. *(Murmurios.)*

Silencio, por favor.

A señora GARCÍA PACÍN: Como a voceira é nacionalista, eu creo que non é un insulto, que é unha definición. *(Murmurios.)* Parécemo a min.

Pero dicía ela que ao longo dun ano pois desaparecían case 400-500 explotacións de leite. *(Murmurios.)* Eu quero darlles referencias distintas, porque ou é que miramos datos distintos ou estatísticas distintas, porque as explotacións gandeiras de vacún... *(Murmurios.)* e todas dan leite, as nodrizas dan leite. E foron moitas as explotacións de vacún que desapareceron durante o bipartito, máis de 5.000, señora Paz. *(A señora Paz Franco pronuncia palabras que non se perciben.)* Ai, por favor, non, élle certo. Vostede daquela dicía que no 2007 e no 2008 non había crise no lácteo grazas á intervención do nacionalismo en Galicia. *(Murmurios.)* ¡Claro! Porque cando a crise do 2009, que, mire por onde, resulta que o señor presidente Feijóo tomou posesión paréceme que foi o 17 de abril e xa estaba a crise aí. Porque somos os culpables de que aparezan as crises nos mercados do leite, pero o nacionalismo é o culpable de que os mercados por primeira vez, señorías, superaran as marxes de prezos en orixe con respecto a outras comunidades. Señora Paz, mire vostede no 2014 e no 2015, que algunha vez tamén se superou a marxe de prezos en orixe de Galicia con respecto ao resto das comunidades de España.

E, señorías, demagogia é a que utiliza a señora voceira do Grupo Mixto, porque mire que pular aquí e defender os circuitos de comercialización curtos, de proximidade, cando ela *(Murmurios.)* nalgunha das comisións, reunións... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora GARCÍA PACÍN: ...da Comisión 7ª foi quen de presumir de ir comprar a Portugal a froita ecolóxica que non atopaba en Vigo, *(Aplausos.)* ¡é que manda truco!, *(Aplausos.)* ¡manda truco! *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Bueno, pero falando do leite, señorías, señora conselleira, o que realmente interesa é *(Murmurios.)* que os nosos produtores... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. Non interrompan.

A señora GARCÍA PACÍN: ...estean asociados en cooperativas, nesas 39 que vostede dixo.

O señor PRESIDENTE: O mesmo respecto que piden vostedes para as súas intervencións tamén é conveniente... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, silencio, por favor. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Silencio e respecto para todos, sobre todo para quen está no uso da palabra. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Para todos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Para todos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Que non haxa queixas por iso. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Todos e todas, si, ¡ben falado!

Prosiga, por favor.

A señora GARCÍA PACÍN: Realmente non importa, porque non ofende quen quere senón quen pode. *(Aplausos.)* E moitas das cuestións que aquí se dixeron non veñen a conto. *(Aplausos.)*

O señor voceiro de AGE afirmaba nas súas primeiras intervencións neste Parlamento que ningún dos compañeiros do Partido Popular e do Grupo Parlamentario do Partido Popular eran quen de pisar unha explotación. E eu creo que o Grupo do Partido Popular, moitos deles, e mesmo o propio partido, somos gandeiros... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, somos gandeiros, ¡mal que lles pese a vostedes! *(Murmurios.)*

Bueno, realmente, cando ve moi razoable... Señor voceiro socialista, señor García, *(Pronúncianse palabras que non se*

perciben.) a min aínda non me queda claro se o Grupo Parlamentario Socialista e o Partido Socialista –ao que vostede pertence– defendeu a desaparición das cotas ou non, porque se o defendeu, vostede non fixo nada. Mire, ¿vostede acórdase de cando publicaban decretos preventivos? E ¿sabe porque eran decretos preventivos? Porque non se podían aplicar. Tiñan que estar a expensas de regulamentos europeos que permitiran a aplicación de contratos obrigatorios.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora GARCÍA PACÍN: Daquela, cando se facían reais decretos a nivel do Estado a instancias de Galicia, da Comunidade de Galicia, porque dende Galicia levábanse propostas de lei ao Congreso dos deputados e falábase en galego, e fálase en galego.

Señora conselleira, siga porque fixo os seus deberes. E, mal que lles pese aos grupos da oposición, son a única alternativa para dar solucións ás demandas dos gandeiros galegos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora García Pacín.

Peche desta comparecencia. Señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Señor presidente. Grazas, señorías.

Moderno non, rendible. ¿Que é o que se fixo para reorganizar a propiedade? Pois simplemente 22 millóns de euros para poñer en activo *(Murmurios.)* 137 zonas de concentración parcelaria, que, xa presupostado durante tres anos máis, suporán o remate das mesmas e afectarán a miles de hectáreas e tamén a miles de gandeiros.

E falamos de Bruxelas. Efectivamente, eu fixen unha viaxe a Bruxelas e alí trasladéi o que me trasladan os gandeiros. Porque ser filla de gandeiro dáche a bagaxe de estar no medio deles. Vivir no rural, nunha aldea, dáche a bagaxe de estar falando cada día con eles. Pero tamén lles dá a impresión de que tomamos o Parlamento de broma, e iso dóelles e dóelles moito. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Oxalá tiveramos a varíña máxica para poder solventar o drama *(Murmurios.)*, que é un drama, o dos gandeiros,

pero non é así. Pero, efectivamente, tal e como dicía a señora Pacín, eu téndolles a man para que vostedes nos fagan as achegas pertinentes, achegas reais, que non sexa un discurso fácil, porque dese discurso fácil están farto del os gandeiros e as gandeiras. E díllelo quen vive nunha aldea.

En relación con Bruxelas, pois dicirlles que o resultado do Consello de Ministros do día de onte non satisfixo, por suposto que non satisfixo, porque Galicia, ao igual que outros países, como Francia, Portugal, República Checa, Austria, Polonia ou Hungría, pediamos que se incrementara o prezo de intervención, e non foi así. É dicir, non todos os obxectivos foron cumpridos. Pero, aínda que non todos foron cumpridos, si que houbo unha parte que a min me trasladaron as organizacións, que me trasladou o sector e, ademais, do que se falou no grupo de traballo do Plan de fortalecemento lácteo, que era a suba conxuntural do volume tanto do leite en po como da manteiga. E auméntase, por un lado, a 218.000 e, por outro lado, a 100.000 toneladas respectivamente.

Aínda así, hai partes que teño que valorar, e a maiores algún dos acordos acadados. Entre eles está instar as organizacións de produtores interprofesionais e cooperativas a establecer acordos para regular a produción de leite líquido no momento en que hai un forte desequilibrio entre a oferta e a demanda.

E é dende aquí onde eu chamo unha vez máis á unidade, esa unidade que vostedes se empeñan en dicir que rachou o Partido Popular, o Grupo Popular, e que non é entendible, esa unidade que é o único que nos pode levar a fortalecernos, en Galicia, e, polo tanto, falar de Galicia é falar de España.

Por outro lado, acordos aos que se chegaron é autorizar os Estados membros a triplicar as axudas ata os 15.000 euros por gandeiro e ano, sen que isto supoña a distorsión da competencia no mercado. Apoiar os investimentos no sector agrícola a través do Banco Europeo e o Fondo Europeo de Investimentos, para desenvolver instrumentos financeiros dirixidos a mellorar a competitividade dos produtores e industriais, a establecer axudas á promoción dos produtos gandeiros e á apertura dos mercados en terceiros países, caso, por suposto, de Rusia e tamén de China. Estudiar a concesión de créditos á exportación de lácteos. Estes logros, por suposto, servirán para dotar de estabilidade o sector a medio

prazo, se ben insisto en que considero que para o momento actual as medidas adoptadas son insuficientes.

Con isto, dende a Xunta e no ámbito das nosas competencias, seguiremos a traballar para dotar o sector de transparencia e de estabilidade. E por iso, indo da man do Ministerio, indo da man das organizacións agrarias, de produtores, xuntos, estou seguro de que imos conseguir que o sector lácteo sexa forte en España e rendible.

Pois agora toca traballar no desenvolvemento de medidas e das medidas adoptadas no día de onte en Bruxelas, utilizando as ferramentas normativas que ten á súa disposición, por un lado, para concretar a oferta e negociar conxuntamente en nome dos seus produtores socios todas as cláusulas dos contratos e da venda do leite, garantir a produción e que se planifique e axuste con arranxo á demanda, sobre todo no referente á calidade e á cantidade, e optimizar os custos de produción e estabilizar os prezos desa produción.

E aí estará a Xunta de Galicia e aí estará a Consellería de Medio Rural, defendendo os intereses dos produtores. Nesta liña, e para o vindeiro xoves, o Ministerio vén de convocar a primeira xuntanza, ás 11 da mañá, coa Interprofesional, onde están representadas a industria e as organizacións agrarias, de cara a que, facendo uso do artigo 222, se habiliten as fórmulas de como articular o mercado.

E quero facer aquí un breve inciso tamén no referente á carne e, polo tanto, tamén ao sector da gandería, pero noutro ámbito, e no que se levou a cabo, é dicir, ámbito porcino e tamén o ámbito ovino. E nesa liña está o estudo dun novo sistema de axudas ao almacenamento privado de carne de porcino e á creación dun Observatorio Europeo da Carne, que fará un seguimento dos mercados de carne de vacún e carne de porcino.

Señorías, eu vin hoxe comparecer a petición propia para falar do sector lácteo galego e da súa problemática, sabendo de antemán que onte se tomarían en Europa importantes decisións para el, sen coñecer o resultado destas decisións, que, efectivamente, poderían ter sido mellores, xa que unha das demandas era o incremento do prezo da produción.

Tanto o traballo desenvolvido polo Ministerio como o que desenvolvemos dende a Xunta de Galicia pode non acadar

todo o resultado esperado. Eu non son das que me boto flores; outros din ou dedícanse a dicir que todo ten arranxo; se tivera arranxo, non entendo como estamos nesta situación, porque foron varios os gobernos que pasaron a nivel nacional, pero tamén a nivel autonómico.

E digo isto sen rubor, porque moitas veces utilízase o sector simplemente con fins electoralistas. Non hai máis que ver a recente visita do señor Sánchez a unha explotación de Mesía, onde lle preguntou ao gandeiro cal era o seu problema. Nós coñecemos o problema (*Murmurios.*), hai que darlle a solución; outros veñen a Galicia e non coñecen o problema, pero outros tiñanlle que ter trasladado cal era ese problema. (*Aplausos.*)

E outro exemplo tivémolo nesa teórica repartición de ministerios, onde aquí se rifaron todo tipo de ministerios, pero o de Agricultura aínda non o pediu ninguén. Agardo que estea o Partido Popular para pedilo e, polo tanto, traballar por ese sector.

A realidade, por suposto, non é sinxela. Pero a nós preocupápanos, preocupápanos a gandería e preocupápanos a agricultura, e preocupápanos a poboación do rural e preocupápanos a redimensión das explotacións. E nesa liña é na que estamos traballando. E apostamos polo sector lácteo. E dicíao anteriormente: dos 1.186 millóns de euros destinados dentro do PDR, 500 van integramente para o que é o ámbito lácteo.

E o lácteo en Galicia créanme que ten futuro, e ten futuro dende o momento en que, efectivamente, se presentaron proxectos por unha contía de 155 millóns de euros para investir en Galicia.

Sábeno tamén os gandeiros e as gandeiras, os mozos e as mozas e, de feito, tivemos que ampliar ata o día 2 de abril a convocatoria que ía dirixida para a incorporación de mozos no rural. Destinamos para este ano 14 millóns de euros.

Sábeno tamén aqueles gandeiros e gandeiras que optaron por ir pola liña das pequenas explotacións para remodelar as mesmas. Son 2 millóns de euros para este ano.

E tamén o saben as explotacións que optan pola modernización. E esas explotacións para este ano terán 20 millóns de euros.

Nesa liña é na que estamos traballando, nesa liña é na que seguiremos, e eu dende aquí quero darlle as grazas á xente que se puxo a traballar dende o día 2 no Plan de fortalecemento do lácteo galego e que o fai cunha soa ansia, que é mellorar o noso sector.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Antes de pasar ao punto cuarto da orde do día, que se corresponde co de proposicións non de lei, comunicar –como xa falei cos portavoces o outro día, e, en concreto, hoxe tamén falei cos interesados– que hai unha alteración na orde do día, que, despois de debater a proposición non de lei que imos debater agora, imos debater dúas preguntas que corresponden ao señor vicepresidente.

Proposición non de lei, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en relación co proceso de regularización catastral que está a desenvolver en Galicia, así como as actuacións que debe levar a cabo ao respecto

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G.P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz, e por iniciativa da deputada Isabel García Pacín, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei en Pleno, 46932 (09/PNP-003403).

Emenda de substitución.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación: “O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1- Solicitar unha moratoria do Ministerio de Facenda para que este proceso non se desenvolva sen ter suficientemente valoradas as peculiaridades e a idiosincrasia dos diferentes Concello de Galicia.

2- *Dirixirse ao Goberno Central para que aprobe unha bonificación potestativa no IBI do 95% para as construcións indispensables para o desenvolvemento de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais situadas en solo rústico.*

3- *A que estableza fórmulas de colaboración a través da FEGAMP para prestarlles o asesoramento preciso aos Concellos de Galicia que o soliciten en relación as súas competencias normativas no IBI e a repercusión que estas poidan ter no seu ámbito financeiro e de equilibrio orzamentario.*

4- *A dirixirse ao Goberno Central a que aprobe unha exención da taxa prevista no proceso de regularización catastral 2013-2016 a futuro e que devolva as xa ingresadas nos supostos que afecten ás construcións indispensable para o desenvolvemento de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais situadas en solo rústico.”)*

O señor PRESIDENTE: Para a defensa da proposición non de lei ten a palabra o señor García. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Hai un pequeno problema... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non era ao revés, diso nada. Non, non, non era ao revés. Está falado cos portavoces. Non era ao revés. Non, non, non era ao revés. Non, están os portavoces que están aí, pódeno dicir. Non era ao revés. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

Tócalle a vostede, señor García, pero se quere descansar un momento... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* Non, non, era primeiro a proposición e despois as preguntas. Hai un fallo de comunicación aí. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

Proposición non de lei. Xa expliquei cal era. Pode empezar cando queira.

O señor GARCÍA GARCÍA: Creo que se equivocou tamén o vicepresidente. Eu entendín así, pero non pasa nada.

O señor PRESIDENTE: Non, non, non era así.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Non, non, empece cando queira. *(Risos.)*

O señor GARCÍA GARCÍA: Bueno, pois moitas grazas, presidente.

Imos seguir falando do rural, tamén os fillos dos gandeiros e os que non o son. O próximo día voulle dicir á conselleira que é mellor que veña o pai, que seguro que me entende mellor. *(Aplausos.)*

Estamos falando dun problema terriblemente importante nestes próximos meses para todo o rural, que afecta moitos concellos deste país, pero fundamentalmente no rural, e eu centrareime fundamentalmente nese problema, independentemente de que afecte outros aspectos, que é o tema da renovación e da reformulación e da renovación catastral que se está acometendo.

Para dalgunha maneira inhabilitar o argumentario do Partido Popular, efectivamente, xa digo eu de entrada que a Xunta de Galicia non ten competencias para solucionar este problema nas súas competencias propias. Polo tanto, xa o dou eu por descontado. Pero entendo que si lle atinxe igualmente, posto que é un problema que están padecendo moitos concellos e polo tanto que lle atinxe e que debe articular medidas de interlocución e medidas políticas para intentar arreglalo, posto que lle incumbe enormemente.

Todo este problema xorde fundamentalmente por dúas decisións. Unha, que tomou hai anos o señor Aznar –creo recordar–: que as instalacións agrarias, as construcións, que estaban, aínda que estiveran en solo rústico, ata entón o solo rústico tributaba; se tiña unha construción, tiña un valor; se non tiña, tiña outro valor, pero tributaba por parcela –digamos– e non polas construcións, e, polo tanto, estaban exentas de pagar eses impostos e agora téñeno que facer.

A verdade é que esa amnistía que se vendeu, que tamén é unha amnistía e non deixa de ser unha amnistía, a segunda amnistía do señor Montoro –da primeira xa temos falado aquí moitas veces, que foi á que se acolleron altos persoeiros, case todos vinculados ao Partido Popular– e esta tamén en certa forma é unha amnistía, posto que permite regularizar situacións irregulares de construcións irregulares, a cambio de 60 euros. Iso, claro, custa os mesmos 60 euros regular a granxa en Chandrexa de Queixa que o chalé en Marbella, custa exactamente igual, 60 euros regularizala. E, claro, iso é un tanto, ou nós non estamos de acordo, e evítase, é

verdade, unha sanción que podería chegar ata os 6.000 euros.

Polo tanto, a revisión vai en dous aspectos fundamentais. Primeiro, establecer que saian –digamos–, que afloren todas esas construcións ilegais que pode haber neste país. Cando falo deste país, neste Estado, é dicir, que é a nivel estatal. Pero en Galicia pois non estabamos exentos nin podemos dicir que esteamos exentos deste fenómeno. E, por outro, a revisión dos valores, que tamén se está facendo, baixo o noso punto de vista, dunha forma totalmente alonxada da realidade e que parte dunha fraude da propia definición, que eu creo que é por onde temos que empezar, e é o que nós queriamos ou queremos deixar claro, que é que na definición do propio imposto que despois se aplica sobre esta valoración, no IBI, bueno, pois a propia definición di claramente que non pode superar, en todo caso, o 50 % do valor do mercado sobre o valor catastral que se lle aplique.

Cousa que baixo o meu punto de vista, baixo o noso punto de vista, falla de por si. Porque eu considero que en moitas das construcións do noso rural e moitas aldeas deste país o seu valor de mercado é absolutamente cero, absolutamente cero, máis ben son unha carga. E, polo tanto, a propia definición para min é un erro, porque –repito–, se estamos de acordo en que non pode superar o valor catastral o 50 % do valor do mercado, creo que o valor do mercado en moitas zonas das nosas aldeas é absolutamente cero.

Este é un plan de regularización extraordinario que comprendía entre o 2013 e o 2016 e que no fondo pois o Ministerio de Facenda o que pretende facer é que os concellos poidan recadar máis –cousa na que de por si non estamos en contra– e, sobre todo, que tras a caída do sector da construción, efectivamente, as arcas municipais se viron tremendamente mermadas, e así como o IBI noutros momentos era un imposto ao que non se lle daba importancia, pois hoxe sostén ou, dalgunha maneira, é un imposto que é máis fundamental para a supervivencia dos concellos. O que se fai é que Facenda identifica e valora eses bens que estaban sen regularizar ou simplemente non constaban e despois son os propios concellos os que determinan sobre o imposto e os tipos a aplicar.

Aí faise referencia na nosa iniciativa, aínda que de forma non se determina, bueno, pois é verdade que os concellos

teñen determinada holgura, poden establecer o tipo de gravame que aplicar sobre o valor catastral en explotacións agrarias e en solo rústico entre o 0,3 e o 0,9, e teñen tamén outras facultades doutro tipo de mecanismos, como son as exencións, algunhas delas obrigatorias, ata o 90 % da cota íntegra en zonas singularizadas ou con nivel de infraestruturas e equipamentos inferior existente a outras zonas, que entendo que por aquí é por onde van ir a maioría dos concellos: as exencións a organismos públicos, a familias numerosas, que teñan un sistema de aproveitamento térmico, interese cultural, o 95 % para aqueles inmobles que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese, que tamén entendo que vai ser outro dos mecanismos que utilicen eses concellos, ou que utilicen os nosos concellos, para que as explotacións agrarias e as construcións dedicadas ás explotacións agrarias, bueno, pois non supoñan un problema e un incremento tan desmesurado do seu recibo de IBI.

Pero quixera poñer o acento, posto que nisto seguramente estamos todos de acordo, ou entendo eu que estamos todos de acordo, digo eu, e, en todo caso, se non, os concellos si que teñen a facultade de facelo e polo tanto sobre o que teñen a facultade os concellos, o que tería que facer a Xunta é dalgún xeito que os concellos estean o suficientemente informados, teñan a información e se impulsen ese tipo de medidas, pero, se non, habería que reclamarllas a cada concello, e ninguén mellor que cada concello debe coñecer a súa realidade local e, polo tanto, actuar en consecuencia.

Pero eu parto da raíz de que as valoracións e o proceso están mal feitos, polo que dixen antes, fundamentalmente porque as valoracións que se fan, e partindo desa base por parte de Catastro, son totalmente desproporcionadas e fóra da realidade, e, polo tanto, creo que é onde está e onde radica o problema. Porque, efectivamente, aplicando bonificacións e aplicando exencións, podemos arreglar ou podemos subsanar que para o ano seguinte esa persoa pague menos de IBI, pero, sen embargo, non imos dar arreglado que o seu valor catastral, se non se axusta á súa realidade ou se está dalgunha maneira sobrevalorado, iso séguelle repercutindo.

E falabamos na comisión, por exemplo, para os fillos dos habitantes do medio rural que teñan construcións e lles está influíndo directamente por exemplo á hora de solicitar as becas de estudos, para outros tipos de impostos onde o valor

catastral dalgún xeito vai quedar prexudicando esas persoas en moitos casos.

Polo tanto, o principal problema que atinxe –entendo eu– ao traballo da Xunta de Galicia é que ese traballo se está a facer eu creo que dunha forma chapucera, dunha forma apresurada, posto que agobia ese prazo de cumprir eses tres anos para facelo. É dicir, líanse este día noticias que na provincia da Coruña se estaban acometendo de golpe pois trinta e cinco concellos, corenta concellos. Polo tanto, faise de forma chapucera, rápida, a través de fotografías aéreas e de planos que non reflexan a realidade.

E é verdade que sempre sería a cuestión tamén se vai o argumento do Partido Popular por aí. Polo tanto, xa poño o carro antes que os bois; é dicir, claro que si, claro que os interesados poden reclamar, claro que os interesados poden recorrer, claro que os interesados poden demostrar que todo iso que di Catastro nesa primeira información non é verdade, e teñen os mecanismos para facelo. Pero claro que estamos falando de moitos pensionistas, de moitos xubilados, de moita xente maior que non ten ao mellor o acceso, nin sequera entende moi ben; moita xente maior pensa que cando lle cobran a taxa dos 60 euros xa está pagando o IBI e que se ten que olvidar de todo. E, polo tanto, estamos falando dese tipo de casos. E esa é moita da poboación deste país rural.

E, polo tanto, deberíamos ter a iniciativa e a preocupación política para que iso non sucedese. E, polo tanto, se o problema é o prazo deses tres anos, é un prazo absurdo. Deámonos máis tempo de tal maneira que se faga nas mellores condicións. Que ao mellor isto é absurdo baixo o meu punto de vista que o acometa Catastro, e ao mellor os concellos son os que teñen que recibir unha axuda porque non teñen fondos, se non teñen fondos para facer iso, pero que o fagan os propios concellos, que sempre vai ser máis adecuado á realidade, máis axeitado á realidade e, dalgún xeito, mellor feito, e con xente no terreo, non desde arriba, onde non diferenciamos se unha casa é casa, se é unha corte, se é un garaxe, se que é, de tal maneira que na propia foto en moitas das nosas aldeas –e aí están os recibos que están chegando–, onde todo o que está pegado á vivenda, bueno, pois vén, en principio, como casa.

E, efectivamente, volvo incidir –para que non me vaian por aí– en que a persoa pode demostrar despois que iso non é así,

e ten os prazos para facelo, pero eu creo que esa non é a forma de arreglalo.

E, despois, temos outro dos problemas fundamentais –e tamén xa me adianto, por se quere xa tal–. Vostede faime unha emenda que practicamente é a miña emenda, só que me exclúe o problema e quere circunscribir...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor GARCÍA GARCÍA: ...as solucións que eu plantexo na resolución a solo rústico. E non. É dicir, neste país temos unha realidade, temos unha realidade da que todos somos cómplices, e non son os gandeiros, os agricultores, os que viven no mundo rural –xa llo dixen o outro día na comisión– os grandes defraudadores. Os grandes pelotazos urbanísticos non están aí, os grandes problemas de enriquecemento a través do urbanismo non están aí. Polo tanto, non debemos perseguir iso.

E aí é verdade que en solos do núcleo rural hoxe temos moitas construcións...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor GARCÍA GARCÍA: ...agrarias e, polo tanto, a súa emenda non lles daría cabida. Se vostede o que quere é na filosofía de intentar arreglar...

O señor PRESIDENTE: Ten un turno para as emendas despois.

O señor GARCÍA GARCÍA: ...podemos incluso mirar outra redacción, pero para nós eran...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor GARCÍA GARCÍA: ...todas as construcións, non só as de núcleo rural.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor García.

Grupo Parlamentario Popular. Señora García Pacín.

A señora GARCÍA PACÍN: Grazas, señor presidente.

oa tarde de novo.

Señor García, eu creo que realmente me entendería mellor co pai da señora conselleira que con vostede. Porque eu creo que aquí acaba de expoñer un mix, unha mestura de procesos que eu creo que unha que lles fala, de verdade, non acabo aínda de entender moito, porque realmente estamos tratando un tema moi complexo que en cinco minutos é difícil de explicar e de expoñer.

Pero, señor García, vostede di que van ter que pagar as construcións das explotacións galegas por unha decisión do señor Aznar. ¿E logo en dúas lexislaturas do señor socialista, do señor Zapatero, non puido modificar ou corrixir esa cousa tan grave que fixo? ¿É que en oito anos non tivo tempo? *(Aplausos.)* Bueno. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

E despois fala vostede da segunda amnistía do señor Montoro, porque resulta que Catastro, agora, entérome que legaliza construcións irregulares. Iso si que, de verdade, é un argumento pois ben acaído. Eu creo que non, señor García, que vostede está un pouquiño errado.

Mire, existen dous procesos na actualidade distintos. Un de regularización de catastro, que é ben certo que atinxe ao plan este de varias anualidades, no que vostede, por certo, pide unha moratoria –punto número 1 da súa iniciativa e punto literal da nosa iniciativa que copiamos–, porque, así como a señora voceira nacionalista en comisión pedía a paralización do proceso, eu creo que podemos afirmar que todos os grupos estamos a favor dunha regularización catastral dun xeito racional e que fai moita falla, porque realmente o catastro ten moitos erros.

Pero estamos falando dunha cousa ben distinta. Estamos falando das construcións das obras, das naves, dos pendellos, de todas aquelas construcións que afectan a actividade dunha explotación gandeira, que pasarán a cotizar como rústica, que se engadirá o seu valor ao chan, ao rústico. Aí é onde temos que incidir, aí é onde todas as forzas políticas debemos, como ben dixo vostede, aínda que non é competencia da Xunta, si é un problema de todos e todas, porque na nosa comunidade existen moitos pequenos propietarios e, sobre todo, no rural. Pois aí é onde temos que incidir para que non repercuta esta regularización, este recoñecemento

das explotacións ligadas ás actividades agrogandeiras, primeiro, na actividade, na propia actividade, e, segundo, para que se faga, non como dicía vostede, con bos e con sistemas informáticos e utilizando as novas tecnoloxías, senón *in situ*, con empresas.

Señor García, mire, igual que vostede di que se pretende, como dixo, legalizar construcións irregulares, o que tampouco se pretende é, como di vostede na súa iniciativa, no punto número 4, que non se lles imputen aos propietarios multas das que non son responsables, na maioría dos casos polos atrasos dos catro exercicios anteriores.

Mire, a ver se son capaz de explicarllo. As modificacións de construcións, ou ampliación dunha casa, ampliación dun garaxe ou de calquera tipo de edificación, como a relevancia que lles deron ás piscinas nos medios de comunicación, eu entendo que eses teñen que darse de alta se non están, revalorizarse o valor catastral e a maiores pagar os atrasos dos últimos catro anos.

Pero un caso distinto, señor García, son as explotacións gandeiras e as súas edificacións adosadas a elas e ligadas á propia actividade. Porque nesas é onde todos intentaremos, coas propostas que se expoñen na emenda, que teñan a menor repercusión, o menor IBI, primeiro, rústico, despois utilizando as competencias dos concellos.

E dicía vostede moi ben dito que se debe coordinar e que dende a Xunta se debe instar, sobre todo –e coincidimos– no seo da Fegamp, para que os concellos teñan pois a maior información e as posibles repercusións nos seus orzamentos. Porque, señor García, vostede afirma que estas medidas son exclusivas para a recadación, para encher as arcas. E, como moi ben se dixo en comisión, eu creo que o financiamento dos concellos –que, por certo, é unha das entidades ou das administracións públicas que menos problemas teñen no financiamento, digamos entre todas esas administracións–, os concellos teñen outros xeitos, o financiamento sobre todo distinto que este, non están a que se descubran os pendellos, non. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora GARCÍA PACÍN: O que os concellos teñen é as competencias en aras de bonificar. Por iso nosoutros na nosa

emenda pasamos ou intentamos incrementar as bonificacións do 90 ao 95, tamén que se graven cos tipos menores de en rústica, que serían os 0,3.

Señor García, eu creo que se vostede afirma que o do solo rústico que aparece como coletilla nas miñas propostas, nos meus puntos, é o problema, tamén o podemos estudar e ver. Porque o que realmente se necesita e se precisa é (*Murmurios*.) axudar á actividade gandeira...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora GARCÍA PACÍN: ...e que isto sexa realmente unha regularización, que vén marcada pola normativa, pola aplicación estrita da normativa, pero en ningún momento, como se dixo noutros debates, que sexa un escollo, un atranco e, por exemplo...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora GARCÍA PACÍN: ...intentar entre todos pois como AGE tamén propuxo, na vindeira...

O señor PRESIDENTE: Un minuto, un minuto.

A señora GARCÍA PACÍN: ...comisión...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Un minuto, igual que o señor García. Remate.

A señora GARCÍA PACÍN: ...atopar un consenso e unha postura común.

O señor PRESIDENTE: Remate, señora García Pacín.

A señora GARCÍA PACÍN: Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos*.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora García Pacín.

Grupo Parlamentario Mixto. Señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Ben, imos apoiar esta proposición non de lei do Partido Socialista, porque entendemos que hai que poñer todos os medios necesarios para evitar o abuso de poder da Administración, que pon en risco os derei-

tos da cidadanía. Non só afecta a cuestión catastral ás explotacións gandeiras e agrarias, senón que afecta toda a cidadanía, fundamentalmente do medio rural, porque afecta moi claramente o solo rústico.

Abusos relacionados co catastro que se están dando en todo o noso país e dos que eu vou falar. Poñer como exemplo un caso paradigmático como é o caso de Sanxenxo, onde veranea o presidente en funcións, o cal crea un auténtico problema para os veciños e as veciñas de Sanxenxo. (*Murmurios*.)

A mediados do 2012... –voulles explicar por que agora– o Concello de Sanxenxo solicita á Xerencia Territorial do Catastro en Pontevedra a actualización dos valores catastrais. En xuño de 2014 anúnciase no boletín provincial e nalgún diario de Arousa que se está promovendo a revisión do catastro cun novo relatorio de valores. Non se informa a cidadanía das consecuencias da dita revisión nin dos seus dereitos. O día 23 de xuño publícase a aprobación da ponencia de valores e os prazos de reclamación e alegación, pero o Concello tampouco informa a cidadanía. O 27 de xuño, xa fóra de prazo para reclamar nada, o Concello dispón de traballadores para informar a cidadanía, pero non é ata agosto en que os veciños e veciñas empezan a recibir as notificacións e non teñen información personalizada ata o 7 de outubro. Todo, dende logo, un logro da Administración para roubar sen que se note moito.

Así foi aprobada unha ponencia de valores que responde a estudos de valores con prezos de mercado do ano 2008, xusto no cumio da burbulla inmobiliaria. A ponencia de valores, ademais, carece de memoria de cálculo, co cal non se pode saber se está ben ou está mal feita. A cartografía catastral non representa a realidade urbanística do concello. A ponencia de valores non vai acompañada dun estudo socioeconómico que reflecta a capacidade económica, a carga fiscal para os veciños, as zonas onde se concentran as rendas máis altas e máis baixas, a situación das infraestruturas, servizos, etc. Ademais, incumpre o Real decreto 1020/93 ao presentar un estudo de mercado de ámbito supramunicipal sen ter realizado o estudo obrigatorio previo do mercado local.

Isto o que levou é a que en Sanxenxo a subida dos prezos fora un auténtico escándalo, a subida dos valores. Na ponencia do ano 95 o valor do solo estaba a 170,08 euros metro

cadrado e o valor da construción a 335,36. Na nova valoración do ano 2014 o valor do solo sofre un incremento do 470 % e o valor de construción do 193 %. Polo tanto, ademais, aplícaselle os módulos máis altos, o terceiro e segundo máis altos que pode haber no Estado, e non se redacta ningunha xustificación de tal cálculo.

A ponencia de valores sofre a subida máis alta, considera parcelas urbanas parcelas que son de solo rústico, considera urbanizables parcelas que non teñen ningún tipo de traballo feito para urbanizalas –non teñen viais, non teñen auga, non teñen electricidade–, é dicir, xa rústico de uso agrario, pero aparece como chan urbanizable, e, para colmo, como Sanxenxo é unha zona vip, onde veñen o presidente en funcións, aplícanlle os módulos máis altos. Pero, desgrazadamente, inda que teñan veraneantes vip, os veciños e veciñas de Sanxenxo non son vip, teñen salarios míseros, porque teñen salarios galegos, e polo tanto é unha indecencia que teñan que pagar os chalés, compensar cos seus pobres ingresos a cantidade de chalés e de segundas vivendas que teñen xente que non vive en Sanxenxo, que non vive nin sequera en Galiza.

Polo tanto, hai unha vulneración clara dos dereitos da cidadanía, un abuso de poder da Administración local e dende logo un auténtico descontrol do que é toda a cuestión do catastro e do prezo do chan en Galiza.

Así, por exemplo, vemos –e remato xa– que na provincia de Pontevedra a maior presión fiscal a sofre Sanxenxo, con 829 euros por habitante, 829 euros anuais por habitante de media, mentres que, por exemplo, Mondariz, que tamén é das máis altas, 562; Pontevedra, 580; O Grove, 544; e Vigo, 535.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Sanxenxo paga máis que ningunha outra cidade de Pontevedra.

Polo tanto, entendemos que o problema de catastro vai moito máis alá do que son as explotacións, afecta directamente todas as persoas deste país e afecta moi directamente todas as persoas que son propietarias do chan rústico. Polo tanto, apoiaremos esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.
Señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Ben, pois nós imos apoiar esta iniciativa, e albiscamos tamén un cambio de posición no Partido Popular, que na comisión simplemente votou que non e agora presenta unha emenda; xa é un paso. Recoñecen que hai unha cuestión que ten un impacto bastante grande no rural sobre todo. Moitas das cousas explicounas moi ben Chelo Martínez. É dicir, pola propia natureza do imposto é especialmente inxusto ou non ten en conta factores como a renda das persoas ou non se fai unha valoración específica das vivendas nin das edificacións. Non é que haxa unha empresa que faga a valoración de cada unha das edificacións e as valore, senón que se fai unha notificación do concello e, polo tanto, dentro das zonas máis caras, pode haber vivendas que non teñan ese valor e que se lle aplique o valor desa zona.

E, polo tanto, é parte dunha política fiscal impulsada polo Partido Popular, que priorizou recadar en determinados impostos e non recadar noutros. Priorizou recadar en impostos como o IVE, e o IVE como xeito de estabilizar as contas dos concellos, e priorizar o imposto de bens inmoables como xeito de cadrar as contas dos concellos parécenos especialmente inxusto, porque, como xa dixen, neste imposto non se ten en conta a renda das persoas.

O impacto no rural é evidente, non o pode negar nin o Partido Popular; se non, non tería sentido presentar unha emenda como presenta hoxe, moi semellante á proposición do Partido Socialista, con matices, pero o impacto é innegable. Quere dicir: nós o que vemos é que se centra a cuestión nas explotacións agrarias e gandeiras, e non nos parece mal iso, pero xa explicamos na comisión o caso de persoas que viven en casas, vivendas que foron explotacións gandeiras ou agrarias que teñen as edificacións que quedaron de cando había actividade na casa, que cobran unha pensión e que teñen que pagar por esas instalacións unhas cantidades que son moi importantes en termos porcentuais. Xa expliquei: a unhas edificacións con valoracións sobre 50.000 euros, xa nada máis, aplícaselles un coeficiente, o mínimo, 0,3, pois veñen ser 150 euros anuais. Bueno, pois aplíquenllo a unha pensión mínima dun xubilado que cotizara na agraria e vexan cal é a porcentaxe. Polo tanto, claro que ten moito impacto. Estou poñendo un caso non dos máis graves.

Polo tanto, nós coincidimos en que hai que pedir a paralización momentánea do proceso, estudar os mecanismos que se adapten ás peculiaridades do país, que reduzan o impacto e sobre todo que reduzan a inxustiza na súa aplicación, que é unha aplicación, pola característica do imposto, moi lineal e que non ten en conta as características de cada contribuínte.

E nós cremos –non sabemos a decisión do Partido Socialista– que podería haber espazo para un acordo, se hai vontade, como parece que vai haber, e ademais sería desexable o acordo e medidas inmediatas; podemos ter medidas mellores ou peores, pero neste caso necesítase actuar xa, porque, se non, podemos chegar tarde.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señor presidente.

Boa tarde novamente, señoras e señores deputados.

Nós tamén temos que parabenizarnos de que desde hai pouco máis dunha semana o Partido Popular evolucionase tanto na súa posición a respecto deste asunto, porque na última sesión da Comisión 7ª que se celebrou neste Parlamento senllas iniciativas do Grupo Socialista e do propio Grupo do Bloque Nacionalista Galego foron non só votadas en contra polo Grupo Popular, senón que mesmo a señora García Pacín tivo unha intervención na que fundamentalmente o que se dedicou foi a minimizar o asunto, a dicir que pouco menos que o que se estaba facendo a través deste proceso de revalorización era detectar piscinas ilegais e cuestións dese tipo –mesmo chegou a cifrar en 3.000 as piscinas que se teñen detectado grazas a este proceso–, cando creo que todos e todas, tanto na exposición escrita como na exposición oral, coincidíamos en que o que se estaba demandando era ese proceso de regularización non que non se detectasen e se regularizasen aquelas cuestións pois sobrevidas que constituísen algún tipo de irregularidades, senón que se adecuase ás circunstancias sociais, económicas, demográficas do noso país e que, en consecuencia, non se utilizase esta medida unicamente para incrementar a recadación fiscal a través de

gravar precisamente aquelas ou impoñerlles un maior rigor fiscal a aquelas persoas de rendas medias e baixas, ao mesmo tempo que estamos vendo a lasitude que ten o Goberno do Partido Popular en relación coas rendas máis altas, con retribucións procedentes doutros ámbitos diferentes ás rendas do traballo.

Nós tamén cremos que é un avance no caso de que hoxe se poida chegar a algún tipo de acordo en relación coa iniciativa do Grupo Socialista e coa emenda que presenta o Grupo Popular, pero a min gustárame insistir nunha cuestión da que xa falou o señor García, que ten que ver coa valoración que se fai dos bens inmobles no medio rural, tanto dos urbanos como dos rústicos.

Desgrazadamente, a falta de dinamismo económico, a falta de dinamismo social, de dinamismo demográfico provoca que en moitas ocasións o valor real de mercado dun inmovible no medio rural sexa tendente a cero, e puxemos un exemplo na Comisión 7ª –poderíamos poñer outro calquera–, pero posiblemente unha antiga granxa de vacas ou de porcos ou de calquera tipo de instalación nunha aldea do concello da Fonsagrada ou de Chandrexa de Queixa, aínda que teña 200 metros cadrados, teña acceso rodado, etc., que son circunstancias que se teñen en conta á hora de establecer o valor catastral dun inmovible, é probable que o valor de mercado desa instalación sexa cero ou pouco máis de cero, porque non hai ninguén que hoxe vaia mercar unha granxa para poñer unha explotación do que sexa nin en Chandrexa de Queixa nin nesa aldea da Fonsagrada á que me referín.

E, polo tanto, nós seguimos insistindo en que, efectivamente, hai que paralizar este proceso en Galiza para adecuar –vostede, señor García, pono aquí– ás peculiaridades e á idiosincrasia, pero tamén podíamos traducir iso por adaptalo á situación real do mercado inmobiliario, tanto urbano como rústico, no noso país, fundamentalmente no medio rural.

E nós tamén dicimos que, desde logo, excepto no caso das irregularidades –que tamén as hai e que nós niso non entramos–, no caso en que a situación non sexa motivada porque as persoas cometeron algún tipo de irregularidade, que nin se lles impoñan as taxas de regularización, que son 50 ou 60 euros, nin se lles cobre con carácter retroactivo os últimos catro exercicios anteriores, porque, efectivamente, non é

consecuencia da súa actuación e, polo tanto, non é da súa responsabilidade.

Polo demais, a nós, bueno, pois, aínda que hoxe non se acabe fraguando nun acordo concreto, desde logo parécenos positivo que o Partido Popular se vaia movendo, vaia avanzando e de ridiculizar a iniciativa hai pois uns días...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PAZ FRANCO: ...pois hoxe xa se aveñan a achegar posicións cos grupos da oposición.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Paz.

Grupo autor –desde o escano, por favor, desde o escano– da proposición non de lei. Señor García.

O señor GARCÍA GARCÍA: Grazas, presidente.

Señora Paz, non se fíe, tanto lles din a uns unha cousa como outra.

Imos ver, para empezar polo principio, eu entendo que a redacción da emenda do Partido Popular o que vén dicir é que concorda coa nosa redacción, porque practicamente é similar, salvo dous aspectos que para nós son determinantes. É o caso do tema do solo rústico, polo tanto, excluía aquelas que están en solo rural e deixariamos metade fóra do país. Polo tanto, se ese é o tema, só facer esas medidas en solo rústico non ten sentido. E despois fala e incide, é verdade que engade o 95 % como medida potestativa, pero as potestativas son dos concellos, tería que ser obrigatoria. Pero bueno, quero dicir que se a filosofía é chegar a un acordo non vai haber problema. Se coincidimos na filosofía, pola redacción non vai haber problema. Se non coincidimos na filosofía, loxicamente non imos chegar a un acordo.

Señora Pacín, mire, eu non pretendía en cinco minutos explicarlle o tema catastral, nin vin a iso; ademais xa estaba case fóra e como que me pillou descolocado. Eu entendo que aquí hai que vir xa co tema lido. Vostede isto léao na casa, se quere, e despois veña aquí; non lle vou explicar eu de que vai a regularización catastral.

É un feito obxectivo que foi o señor Aznar o que dixo que cambiou o modelo, que eu non dixen nin sequera que estivera ben nin mal. Antes, as explotacións que estaban en solo rústico, e que estaban dedicadas a explotacións agrarias, non tributaba a explotación, tributaba o solo; e ese solo tiña un valor máis alto se tiña construción ou non, pero non pagaban de por si as construcións, e iso foi así.

Legalizar as construcións. Co catastro non legaliza, señora Pacín, pero iso vostede xa o debía traer lido tamén. Regularízase a situación co catastro, e polo tanto evita... Eu falei da regularización, de que podería haber unha multa de ata 6.000 euros se alguén non comunica ao catastro esas construcións; pode ter ata unha sanción de 6.000 euros. Así evita tanto un chalet de Marbella, como a granxa de Chandrexa de Queixa. Con pagar os 60 euros regulariza a súa situación co catastro; non falo nin de legalización nin doutra cousa, que é outro ámbito.

O problema radica en que este país –e aquí se puxo de manifesto– é bastante distinto, polo tanto, facer o catastro en Galiza, co noso rural, coas construcións que temos no noso rural, coas construción agrarias que temos no noso rural, é bastante distinto de Albacete, onde as casas están nun lado, todo son casas, e noutro lado están os galpóns e están as granxas e tal. Aquí é bastante distinto, polo tanto, facelo co mesmo modelo aquí xera moitísimos máis desaxustes á realidade, e creo que niso coincidimos todos: coinciden vostedes, coinciden sobre todo os seus alcaldes e coincidimos todos.

Polo tanto, do que se trata, máis alá da visión que teña cadaquén, é : paremos, se o problema de agobio é do prazo, replanteemos, que se pode facer mellor. Porque é obvio que hai desaxustes; é obvio que unhas primeiras comunicacións veñen mal; é obvio que se cataloga como vivenda moito que non é vivenda, e é obvio que as explotacións agrarias... Pero eu o que quixera, ou o que intentei, centrándome nos meus dez minutos, é que o problema non está nas bonificacións que se establezan, que son potestativas –se non terían que ser obrigatorias–, polo tanto, as potestativas de cada concello xa en cada concello os nosos concelleiros, se o alcalde é do Partido Popular, llas pedirán, e *vicerversa*, como di o meu veciño. Pero o problema de raíz parte desa valoración catastral, que se está facendo mal e que se está facendo fóra de toda realidade. Ese é un problema de catastro, e é onde creo eu

que ten que estar fundamentalmente o papel deste Parlamento, de instar a Xunta de facer ese papel. O papel dos concellos sa xe fará en cada concello. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor García.

Se chegan a un acordo, xa nolo fará chegar.

Tal como comunicamos anteriormente, substanciamos agora dúas preguntas ao Goberno.

Pregunta de D. Miguel Ángel Tellado Figueira e sete deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre a valoración do proceso de fusión iniciado polos concellos de Cotobade e Cerdedo

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Señor vicepresidente, señorías, boa tarde a todos.

Nesta Cámara escoitamos todos os días á oposición falar do mal que funciona a xustiza no noso país. Hoxe mesmo foi un dos argumentos esgrimidos por parte do Grupo Parlamentario Socialista. Eu por iso quixera comezar, señor vicepresidente, felicitando ou parabenizando o seu departamento, a Consellería de Presidencia e Administracións Públicas e Xustiza, *(Murmurios.)* por ese galardón outorgado polo Consejo General del Poder Judicial, co premio “Calidade de la Justicia 2015”, na modalidade de Xustiza máis accesible. Tan mal non o debe estar facendo o seu departamento cando o Consejo General do Poder Judicial outorga este recoñecemento, que parece ser que molesta aos grupos da oposición.

En calquera caso, indo á cuestión, e logo de ter parabenizado o Goberno galego, eu quixera referirme á noticia que todos coñecemos o pasado 23 de febreiro, cando os alcaldes de Cerdedo e Cotobade anunciaban a súa decisión de iniciar os trámites para a fusión de ambos concellos.

Trátase da segunda fusión de concellos que se vai desenvolver en Galicia nos últimos corenta anos, logo da fusión dos concellos coruñeses de Oza e Cesuras.

Para este grupo, a fusión de concellos constitúe unha aposta clara, unha aposta decidida, pola colaboración municipal e pola simplificación administrativa, que pon de manifesto, sen lugar a dúbidas, a valentía política dos alcaldes –neste caso do alcalde de Cotobade e do alcalde de Cerdedo–. Unha fusión que lles vai permitir converterse nunha realidade municipal de maior entidade, nunha realidade municipal que vai ter máis poboación, máis orzamento, que vai poder acceder a máis subvencións e que vai poder acceder a máis apoios por parte das administracións públicas.

Dada a importancia que dende o Grupo Parlamentario Popular outorgamos á fusión dos concellos, nós queremos solicitar do Goberno galego a súa valoración sobre o inicio deste proceso de fusión dos concellos de Cerdedo e Cotobade.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Tellado.

Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Grazas, presidente.

Quero darlle as grazas ao señor Tellado por esa felicitación polo premio que mañá se lle vai conceder á Xunta de Galicia e eu entendo que a todo o funcionamento da Administración de Xustiza en Galicia, ese premio da calidade do Consello do Poder Xudicial por un proxecto pioneiro de expurgo. Efectivamente, xa é a segunda vez en tres anos que o Consello do Poder Xudicial lle outorga un premio da calidade da xustiza á Xustiza en Galicia.

Respecto da pregunta que me fai, a Xunta de Galicia nunca ocultou que favorece, promociona e está a favor das fusións, a proba é que é a segunda que se ten producido en apenas catro anos, e estamos seguros de que, conforme vaian avanzando estes concellos fusionados e conforme o fagan outros que agora están falando da posibilidade –mesmo na provincia de Lugo falaban de estudar a posible fusión de concellos–, iranse vendo os beneficios evidentes que, por outra parte, noutros países se acordaron dun día para outro, sen

consultar e sen contar coa voluntariedade dos concellos en ningún caso.

Nós non o queremos facer así aquí, polo menos non o queremos facer en Galicia. Polo tanto, queremos que os concellos se aproveiten das evidentes vantaxes dende todos os puntos e vista, o primeiro económico, que é no que máis se vai notar e o que agora mesmo máis están reclamando os concellos, máis cartos para poder seguir prestando servizos. Cremos que é o efecto inmediato. Por certo, a sentenza do Tribunal Constitucional que se coñeceu a semana pasada todo o relativo á promoción das fusións déixao tal cal, polo tanto, non teñen ningún problema de legalidade, senón todo o contrario.

Acolléndose a iso, hai que dicir que na fusión de Cerdedo e de Cotobade, dous concellos que viñan perdendo poboación nos últimos trinta anos –igual que moitísimos concellos do rural galego– a unha velocidade moito máis alta do desexable –en Cerdedo chegábase case ao 50 % da poboación, e en Cotobade non tanto pola súa proximidade a un núcleo urbano como Pontevedra, pero estaba rozando o 30 %–, os alcaldes acordaron iniciar ese proceso de fusión. Por darlles datos nesta primeira intervención rápida, hai que dicir que lles vai supoñer que en moito pouco tempo, na participación dos ingresos do Estado, inmediatamente despois de estar fusionados, pasan a ter un 17 % máis de participación, e iso unido ao 10 % de bonificación que prevé a Lei de bases de réxime local, que –insisto– non foi afectada pola sentenza do Tribunal Constitucional, quere dicir que nos cinco primeiros anos de existencia este novo concello, Cerdedo- Cotobade, vai ter case 2 millóns de euros a maiores, 1.765.000 euros, que son 350.000 euros ao ano.

A partir deses 2 millóns de euros, terán entre 200.000 e 250.000 euros máis do que terían se foran por separado, aparte do que perciban do Fondo de fusións que se creou de acordo coa Fegamp este ano, que é de 2 millóns, e que unha parte moi importante irá tocar, loxicamente, ás fusións que se acorden, e agora mesmo a fusión que coñecemos este ano, aparte da que xa tivo lugar, é a de Cerdedo-Cotobade.

Polo tanto, aumento económico importante, aparte doutras vantaxes que lle detallarei na segunda parte da intervención.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Réplica, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, presidente.

Grazas , vicepresidente.

Dende o Grupo Popular, a verdade é que coincidimos con esa visión positiva deste proceso de fusión iniciado entre (*Murmurios.*) os concellos de Cerdedo e Cotobade. Iso si, a nós o que nos molesta é o cinismo que ben expresaban agora dende a Alternativa Galega de Esquerda. Efectivamente, é un cinismo que demostran porque, claro, se lles enche a boca falando de municipalismo, falando de colaboración entre concellos e falando incluso das fusións, pero á hora da verdade, cando chega o momento de falar dun caso concreto, o que fan é utilizar todos os mecanismos para poñer os paus nas rodas para frear todos os procesos.

Fixérono sempre que puideron os partidos da esquerda, e da esquerda máis radical, no caso de Oza-Cesuras, e nós, lamentablemente, estamos seguro de que, se poden facelo agora, tamén o farán. En calquera caso, os galegos saberán valorar e saberán recoñecer os esforzos dos alcaldes valentes que apostan pola colaboración, e os esforzos e o respaldo da Xunta de Galicia, que traballa man con man con todos os concellos. Eu agardo que dende o Partido Socialista se anime tamén aos alcaldes socialistas a avanzar nesta liña. Estou seguro de que así o farán.

Nós, nesta rolda de repreguntas, queremos coñecer a opinión do vicepresidente sobre os efectos positivos que a fusión vai supor para os veciños e veciñas dese novo concello resultante da fusión.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

Turno de peche. Señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor Tellado.

Pois non só coincide vostede nesa valoración positiva, coincide o Partido Socialista –iso si, a nivel estatal– no pacto asinado con Ciudadanos e que presentou a sesión de investidura. Decía exactamente: promover a fusión voluntaria de concellos, que deberan ser apoiados dende as administracións autonómicas, exactamente o que está facendo a Xunta de Galicia. Isto é o que cualifica o Partido Socialista en Madrid e o que aquí din que é unha patochada. (*Aplausos.*) Exactamente o contrario. Esa é a coherencia do Partido Socialista. Ou non se enteraron do que asinan en Madrid, ou non lle dan ningunha importancia. Ou aquí vao por libre todo o mundo, que máis ben me parece a min que é o que lle pasa ao Partido Socialista. Máis ben me parece que iso é o que pasa. (*Murmurios.*)

Por non falar da posición do BNG, que se opón radicalmente á fusión, por suposto, sen querer escoitar para nada. Tampouco o quere facer a presidenta da Deputación, que xa recibirá a estes alcaldes cando toque, porque este asunto nin é importante nin ten por que escoitalo.

O BNG, dicindo que se opón á fusión completamente, non quere escoitar ningunha das vantaxes da fusión. Iso si, tampouco explicou nin chegou á Administración da Xunta de Galicia ningunha das vantaxes de que estes concellos sigan sen fusionarse, nin dende o punto de vista económico nin dende o punto de vista de prestación de servizos. Evidentemente o plantexamento entendo que ten que ser que é moito máis fácil manter todos os servizos públicos en funcionamento por separado, que xuntándose e tendo 2 millóns de euros máis en 5 anos e 250.000 euros a partir do quinto ano a maiores, máis todos os incentivos á fusión dende a Xunta de Galicia.

Polo tanto, estas son as posturas. A Xunta de Galicia vai seguir, sen ningunha dúbida, promocionando as fusións, apoiando –como vostede dixo– os alcaldes valentes, cunha maioría dabondo para non tomar –se non estiveran pensando nos seus pobos e no futuro dos seus concellos– este tipo de decisións, pero as tomaron con todas as consecuencias, e estamos seguros de que as vantaxes –como lles decía na primeira intervención– se iran vendo, conforme avance o proceso e conforme avancen os anos, nestes concellos fusionados, tanto en Oza-Cesuras, que, por certo, xa tivo a ratificación dos veciños do concello fusionado –que creo que é a mellor enquisa que se pode facer– nas eleccións municipais,

augmentando os apoios, e estou seguro de que en Cerdedo-Cotobade e noutros se poderán ver.

Aparte dos incentivos económicos, dispensa de servizos, apoio desde as administracións, fomento e vantaxes á hora de acceder ás subvencións, mantemento de centros que sería moi difícil manter abertos se non teñen o aumento de poboación e os cartos necesarios para poder facelo. En definitiva, vantaxes evidentes que apoia en Madrid o Partido Socialista nun pacto con Ciudadanos e que aquí o Partido Socialista non cualifica senón de *patochadas*, faltándolles ao respecto a moitos veciños de Cerdedo e de Cotobade, faltándolles ao respecto aos alcaldes e faltándolle ao respecto á inmensa maioría da xente, que pensa que este é o camiño, por moito que vostedes se empeñen en poñer paus nas rodas, como dixo Miguel Tellado.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Pregunta de D^a Carmen Iglesias Sueiro, do G.P. Mixto, sobre a demora na aprobación dun protocolo de actuación fronte ao acoso laboral na Administración autonómica galega

A señora IGLESIAS SUEIRO: Grazas, presidente.

Boa tarde, señor Rueda.

O 3 de xuño do ano 2014, a Comisión 1^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior do Parlamento da Galiza, aprobaba por unanimidade instar a Xunta de Galiza a promover, elaborar e aprobar, coa colaboración dos representantes das traballadoras públicas da Administración galega un protocolo de actuación fronte ao acoso laboral na Administración autonómica galega.

En pregunta realizada por esta deputada na Comisión 1^a, o 5 de novembro do ano 2014, a directora xeral de Avaliación e Reforma Administrativa informou de que o borrador xa estaba entregado aos sindicatos, e que tiñan ata o día 10 dese mesmo mes para realizar as achegas ao texto que consideraran oportunas, sinalando como probable que o texto fora aprobado antes de rematar o ano 2014. A finais do ano 2015, e ante a dilación na aprobación do devandito protocolo, con data 30

de novembro do 2015 presentouse unha proposición non de lei, debatida na Comisión 1ª novamente, onde se instaba a Xunta de Galiza a realizar os trámites oportunos que permitiran axilizar a aprobación do protocolo de actuación fronte ao acoso laboral na Administración autonómica galega, que, en todo caso, non deberían demorarse máis alá da finalización do presente período de sesións salvo causa xustificada, que deberá ser comunicada a este Parlamento. A pesar do posicionamento favorable no debate de todas as presentes dos grupos parlamentarios, a votación resultou rexeitada cos votos en contra do Partido Popular, e, posteriormente, deuse a explicación de que ese voto fora un erro, o cal me sorprende moitísimo. E así chegamos ao día de hoxe, señor Rueda, vinte e un meses despois, o protocolo aínda non foi aprobado.

Por todo isto, preséntolle esta pregunta: ¿que explicacións ofrece a Xunta de Galiza a este Parlamento pola demora no cumprimento do acordo da Comisión 1ª do 3 de xuño do ano 2014, que instaba a Xunta a aprobar o protocolo de actuación fronte ao acoso laboral na Administración autonómica galega?

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Iglesias.

Responde o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Iglesias, o primeiro que lle digo é que ten razón, recoñézolle que o protocolo tiña que estar aprobado, xa vai con retraso a súa aprobación. Efectivamente, acordouse nesta Cámara que a Xunta de Galicia elaborara ese protocolo, mais é lóxico, o acoso laboral está agora mesmo tipificado no Código penal, na Lei do empregado público, e tamén está castigado no V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia.

Precisamente a intención foi –ademais estaba nesa iniciativa que se aprobou– elaboralo co máximo consenso posible. Houbo tres prazos de alegacións que se abriron, por iniciativa da Xunta de Galicia e por iniciativa dos sindicatos, duran-

te estes vinte e un meses. Houbo dez reunións para elaborar ou intentar chegar a un acordo de consenso sobre as propostas que presentaban os sindicatos.

Xa lle digo, lentitude nesta aprobación, é certo, pero para intentar chegar a ese consenso. O que lle podo dicir é que eu agardo a que durante... Só hai un punto... Supoño que vostede estará tamén informada da derradeira discrepancia que hai no último punto a acordar entre a Xunta de Galicia e os sindicatos. E eu o que agardo é que –xa lle digo, recoñecéndolle o retraso na aprobación– unha vez solventado ou chegados a un acordo neste punto, se poida aprobar por consenso, porque creo que a todos nos interesa que un protocolo con esta transcendencia teña a aprobación dos representantes sindicais e da Xunta de Galicia. Polo tanto, será a mellor garantía para a súa axeitada aplicación unha vez que estea aprobado.

Eu o que agardo é que, despois deste último punto, en moi pouco tempo –e cando lle falo de moi pouco tempo eu creo que á volta do remate deste mes– ese protocolo poida estar aprobado e entrado en vigor. E insisto, recoñecéndolle –porque sería absurdo negalo– que se demorou máis tempo o proceso do desexable.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Réplica. Señora Iglesias.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Grazas, presidente.

Agradezo a resposta do señor Rueda e espero que esta vez si se cumpra o que anuncia vostede, de que antes de finais deste mes estea aprobado o protocolo, porque se non estamos evidenciando desde este Parlamento o que moita xente mantén –que eu non comparto–, que isto é un teatro e que non vale para nada, e que o que se aproba aquí é papel mollado.

Entón –repito–, agradezo a súa resposta. Alégrome de que a recibira co talante co que me contestou. E agardo e espero que antes de finais de mes estea este protocolo aprobado no DOG.

Máis nada. Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Iglesias.

Señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):

Insisto, falta un punto, e precisamente do que se trata é de acadar o consenso, porque se non era moi sinxelo aprobalo sen o consentimento dos representantes sindicais. A ver se somos capaces de que este último punto tamén se aprobe, igual que fomos quen de consensuar cousas tan importantes.

Aproveito a ocasión moi brevemente, este protocolo vai servir, primeiro, para que cada unidade de persoal de cada consellería poida facer un tratamento homoxéneo á hora de tratar ou reaccionar fronte a situacións de acoso laboral. Hai que definir —e vanse definir neste protocolo— as situacións que se deben considerar como acoso laboral, para saber exactamente cando estamos ante un caso de acoso laboral e actuar con homoxeneidade. O procedemento a seguir perante unha denuncia. Tratar de resolver situacións de discriminación por outros motivos, non só por motivos laborais. Por desgraza pódense dar outras moitas situacións de discriminación, polo tanto, é unha boa ocasión aproveitar este protocolo tamén para reaccionar fronte a elas.

Traballar na prevención e na concienciación, que creo que será a mellor ferramenta para non ter que reaccionar despois fronte a situacións de acoso laboral. E determinar as actuacións e responsabilidades dos funcionarios públicos á hora de reaccionar fronte a situacións de acoso laboral: dicir que órganos deben intervir, cales son as accións, cal é, en definitiva, todo o procedemento completo para intentar que non se dean situacións de acoso laboral e, se se deran, por reaccionar de xeito axeitado, eficaz e, sobre todo, homoxéneo e rápido.

Xa lle digo que todo isto, evidentemente, leva un período longo para acadar o consenso, pero penso que estamos ao final do procedemento. Pódolle dicir que, solventado este último asunto, este mes tería que pechase co acordo definitivo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá.

Boa noite.

Suspéndese a sesión ás oito e trinta minutos do serán.



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25